



TERRA e XENTE

IRIMIA nº 85 (Xullo 1983)



REFLEXIONS PRA UNHA OPINION

pasada semana falamos en Irimia da lei recién aprobada polas Cortes españolas pola que se despenalizaba, en certos casos, a práctica do aborto. O pouco espacio da Peneira, remataba que tratásemos o tema con máis extensión. Tema delicado e conflictivo que encheu libros e provocou grandes discusións e que nos toca no mais fondo da sensibilidade. Non podemos en Terra e Xente tratalo coa extensión que quixeramos.

Realidade do aborto

Aparte do aborto natural, provocado pola mesma natureza, que é moi corrente, tanto que se calcula que se producen oitos **mais abortos naturais que nacementos**, cando se fala do aborto normalmente enténdese a interrupción do embarazo cando o feto aínda non é viable, ou sexa, cando non pode substituír fóra do seo da nai.

O aborto provocado, adoita catalogarse según varias causas e razóns que se lle chaman "indicacións":

Aborto terapéutico: É provocado cando a continuación do embarazo, porrá en perigo a vida da nai. En tempos pasados eran moi frecuentes (tuberculose pulmonar, enfermidades do corazón, etc.) pero actualmente esta situación é moito máis rara.

Aborto eugenésico: Chámanlle así ó aborto que se fai cando existe a certeza ou un risco moi grave de que de nacer o nenho non sería ben.

Aborto humanitario: Provocado cando o embarazo foi consecuencia dunha acción forzada, como pode ser unha violación, situación dramática pero pouco corrente.

Aborto psicosocial: Trátase do aborto provocado cando o embarazo non é desexado por diversas razóns de carácter social ou psíquico: problemas económicos, de vivenda, mulleres solteiras, problemas psíquicos na muller, etc.

Un pouco de bioloxía

A aparición dun novo ser humano sigue, polo breve, estes pasos:

Tras da unión sexual do home e a muller, se un dos 100 ou 200 millóns de espermatozoides masculinos fecundan un óvulo, fórmase unha especie de ovo humano que se chama **cigoto**.

Este cigoto é unha célula que se vai dividindo e medrando. Aos catro días da fertilización chámase **mórula** (pois é como unha amorela).

O ABORTO

◆ As dúas semanas do embarazo o cigoto xa é unha cousa máis complexa que se chama **embrión**.

◆ A partir da octava semana xa se chama **feto**, que no terceiro mes ten xa forma humana e mide 7,5 cm., dos que pasará a 50 cm. ó noveno mes, no que sairá á luz en circunstancias normais.

Moitos condenan o aborto porque din que desde o momento da fecundación hai vida humana. Certo que coa fecundación comenza unha nova vida, pero parece que a maioría dos óvulos fecundados son evacuados antes de fixarse no útero, e mesmo moitos dos óvulos que chegaron a anixar no útero tamén son expulsados dun xeito **natural**. ¿Trátase de seres humanos mortos? ¿Considérao así a Igrexa ou o sentido xeneralizado da xente? ¿Morreume un fillo cando se malogrou un embrión de poucas semanas? ¿É igual que se morrera un neno xa criado ou un pai de familia? Incluso moitos biólogos consederan que desde un punto de vista biolóxico a fecundación do óvulo e o anixamento no útero non abonda para que poida farse de seres humanos. ¿Pódese afirmar logo que toda expulsión voluntaria do feto nas primeiras semanas é un **asesinato** dunha vida humana?

¿É igual legal que moral?

A lei que aprobaron os socialistas faise tolerante co aborto en certos casos, pero con iso nin afirma que sexa bon, nin o recomenda nin obriga a ninguén a abortar. Cómpre que distinguamos entre:

■ **Despenalización:** non se castiga o aborto en determinados casos como se facía ata agora pero tampouco goza de protección legal.

■ **Legalización:** cando se trata dun dereito que goza de protección legal: poderíase abortar pola Seguridade Social. As Cortes, despenalizaron, pero non legalizaron o aborto. Que unha cousa estea despenalizada pola lei non quer dicir que sexa boa moralmente. Emborracharse non é bon, e a lei non castiga a ninguén por facelo. O papel da lei é dicir o que está ben ou mal ou buscar un equilibrio que permita a cada un vivir según a súa convicción ética? O mesmo Santo Tomás de Aquino, teólogo católico por excelencia, recoñece que non se pode condenar por lei todo o que se xuzgue mal, pois eso pode traer maiores males. Un pode estar en contra do aborto e non obstante estar tamén en contra de que se castigue ós que abortan. O Papa e os bispos españois pronunciáronse claramente en contra da práctica do aborto en calquera caso. Hai non obstante bastantes cristiáns que aínda defendendo o amor á vida non ousan condenar moralmente a quen decide abortar por moi serias e graves razóns. Neste sentido a opinión do pobo de Deus non é, nin foi nunca, unánime, pois as circunstancias modifican a moralidade dun acto e ninguén está obrigado o que é imposible pra él.

¿Aborto asesinato?

Pra rematar, queremos dicir que a politización que se fixo sobre o tema do aborto no debate dos meses pasados levou a afirmacións que consideramos esaxeradas, como é o feito de calificar o aborto como un **asesinato** a sangue fría que fai ou consinte unha muller depravada. Certamente —como dixemos a semana pasada no editorial— tampouco aprobamos o tratamento frívolo e egoísta que outros sectores fixeron.


A nós parécenos que cando é unha cuestión debatida pola ciencia e polos teólogos a realidade humana de esa vida recién concebida, a lei debe respetar a decisión das mulleres que —nos casos extremos sinalados— deciden en conciencia que esa vida non siga o seu curso; e a Igrexa ser máis comprensiva con elas.

Estamos pola vida. Pro loitar pola vida é algo máis que loitar pola reprodución, pois a vida é moito máis que bioloxía.



TERRA e XENTE

OS ORGANISMOS DA ONU



IRINIA, nº 102 (outubro 1983)

Falábase hai unhas semanas (nº 95) da historia e estrutura da ONU e prometíamos unha continuación. Hoxe imos falar dos seus obxetivos e de unha serie de organizacións vencelladas a ela, anque con autonomía propia, que quizaves sexan as que levan unha acción internacional máis importante. De moitas delas temos ouvido falar máis dunha vez, outras serán para nós descoñecidas, ou non as recoñecemos cando aparecen nos periódicos ou boletíns de noticias coas iniciais. Imos dar unha lixeira noticia desas organizacións da ONU, sobre algunha volveremos outro día con máis acougo.

Organizacións da ONU:

- OIT** — Organización Internacional do Traballo organismo especializado en problemas laborais e sociais, con sede en Xinebra (Suiza). Ten elaborados diversos informes moi interesantes, moi concretamente un sobre España.
- OMS** — Organización Mundial da Saúde, que ten a finalidade de promover o desenvolvemento sanitario en tódalas rexións do mundo e a loita contra a enfermidade. A súa sé está tamén en Xinebra.
- FAO** — Organización Internacional para a Alimentación e a Agricultura, organismo creado para elevar o nivel de vida da poboación, millorar a alimentación e aumentar o rendemento da agricultura a as explotacións forestais e pesqueiras. Ten a súa sede en Roma.
- UNESCO** — Organización das Nacións Unidas para a educación, a Ciencia e a Cultura. Con sé en París, ten a finalidade de contribuir a paz e a seguridade ó promover a colaboración entre as nacións a traveso da educación e a cultura.
E un dos organismos máis coñecidos e que millor funcionan da ONU. A súa estrutura está formada pola Conferencia Xeral (composta polos representantes dos países membros), o Consello executivo (34 membros escollidos e o Secretario).
- OIR** — Organización Internacional para os refuxiados. Que en 1952 foi substituída polo Alto Comisariado das Nacións Unidas para os Refuxiados.
- FMI** — Fondo Monetario Internacional, que ten como función asegurar a estabilidade dos cambios e fomentar a cooperación monetaria e comercial internacional. Aparece a miúdo nos xornais como garante da situación económica de países en malas condicións monetarias. Para lograr o equilibrio das monedas ó cambio, ó FMI actúa como fondo de estabilización dos cambios a base de reservas aportadas polos países membros. Pero na práctica, o FMI é un instrumento dos países ricos que dominan a economía

mundial, para dirixir a economía dos pobres: co gallo de asegurar a estabilidade nos cambios monetarios e a devolución dos préstamos do Banco Mundial, imponen ós países pobres a súa política económica.

B.M.

— Banco Internacional de Comercio (BIRC). Xeneralmente chamado Banco Mundial, serve de complemento ó FMI. A súa finalidade é promover as inversións estranxeiras a longo prazo, cousa que non podía facer o FMI (creado antes) por falla de liquidez. A súa función está hoxe especialmente en financiar a países subdesenvolvidos; tamén fai estudos económicos e recomendacións ós estados. Na práctica, cobra moi caros os préstamos que fai, e non acaba de ser axuda para os países pobres cada vez máis endebedados.

OUTROS: — Outros organismos da ONU son tamén: a Organización Internacional do Comercio (OIC), a Unión Internacional de Telecomunicacións, a Organización Meteorolóxica Mundial, a Axencia Internacional de Enerxía Atómica, O Banco Asiático do Desenvolvemento e o UNIDO (organismo para o desenvolvemento industrial).

Obxetivos da ONU

A ONU ten como obxetivos de acción fundamentalmente:

- **Arreglo pacífico das diferencias** que conleven desacordos entre os estados. Analiza as situacións e invita ás partes ao conflito a arranxar as súas diferencias por medios pacíficos: negociación, mediación, conciliación, arbitraje; e en cuestións xurídicas o sometimento á decisión do Tribunal Internacional de Xusticia.
- **Acción en caso de grave ameaza para a paz**, de ruptura desta ou de agresión. Con presións xurídicas, políticas e económicas; así como —en casos especialmente graves— co envío das súas forzas de emerxencia (UNEF), os famosos “cascos azules”, pequeno exército formado por soldados de varias nacións da organización.

• **Acción económica e social.** A ONU impúxose como obxectivo tan importante como os anteriores favorecer o progreso económico e social dos pobos, por medio da cooperación internacional; intervindo sobretudo en materia de asistencia técnica ós países subdesenvolvidos, a traveso dos organismos dos que falamos antes.

• **Acción ó servizo do home.** Primeiramente a traveso da súa “Declaración Internacional dos Dereitos Humanos” (feita en 1948), e a súa aplicación; esa Declaración da que tanto se fala e que tanto se infrinxe día a día. E ademais por medio dos seus organismos económicos, sociais e culturais (especialmente a UNESCO).

• **Acción xurídica**, facendo progresar o Dereito por medio da súa Comisión de Dereito internacional.

Balance

¡Por cousa de organización e de organismos non queda mal a cousa!. E certamente que a ONU cumpriu e segue a cumprir un papel importante no mundo a pesares do que moitos din de que non val para nada. Pero non é menos certo que toda a súa actividade pode pouco ante a agresión imperialista das grandes potencias, indo moitas veces a remol que dos seus intereses. Isto estámolos vendo nos xornais por novas que nos chegan de América Latina, Medio e Extremo Oriente, etc. EEUU e a URSS rematan sempre por facer o que queren diga o que diga a ONU.

Porén, o proceso descolonizador dos últimos 10 ou 15 anos sinalou unha nova etapa no papel político da ONU, transformándose de ser unha especie de brazo executor dos intereses político económicos das grandes potencias (especialmente EEUU) en tribuna de denuncia sociopolítica, onde os países pobres poden facer ouvir a súa voz. Pero paralelamente a isto produciuse tamén un progresivo distanciamento dos países occidentais, e as diferencias entre os grandes véñense arreglando por outras canles.

Deste xeito a ONU convertiuse, aparte o seu carácter de tribuna de opinións, nunha organización que non atopa o seu lugar político e tende a ocuparse de problemas como os dereitos humanos, a ecoloxía, o desenvolvemento económico, etc... que xa non é pouco.



TERA E XENTE

IRIMIA nº 105
(Dec. 1983)



"SOLIDARIDAD HUMANA": "TODOS APRENDEN E TODOS ENSINAN"

Hai uns meses IRIMIA tivo ocasión de falar con Dino Pacio, sobre a súa andadura e sobre *Solidaridad Humana*, un Centro de Educación de Adultos que da ata títulos universitarios, do que é director. O Centro está en Nova York, aberto gratuitamente a tódolos emigrantes de fala hispana.

Un galego en Nova York

DINO PACIO LINDIN. Xenil - Pastoriza (Lugo) 1930, unha aldea aillada, esquencida das institucións: "naces e medras aloumiñando". Facendo mapas mudos e viaxes imaxinarios vai se abrindo á realidade, e, tras facer os estudos medios no Seminario de Mondoñedo, fai estudos superiores en Comillas e Roma. Volta a Mondoñedo en 1961 para dar clases de Filosofía no Seminario. Pero pronto descata de que non é polos camiños da filosofía escolástica, como se desperta as conciencias dos rapaces. Contacta en Madrid con profesores de Socioloxía, e volta a Mondoñedo con ese bagaxe. No entretanto, comenza a atender simultaneamente as parroquias de Galgao e Cadavedo, denunciando na primeira a corrupción do santuario de S. Cosme, e iniciando un labor de promoción da mocidade, facendo que algúns fillos de labregos cheguen a acadar títulos universitarios. Isto crea problemas e deixa o Seminario. Xa bulían por dentro as ideas de *Solidaridad humana*.



DINO PACIO LINDIN, DIRECTOR DE
SOLIDARIDAD HUMANA

Solidaridad Humana

En 1967 vai a EE UU a completar os seus estudos de Socioloxía (Harvard). E volve a Madrid, onde da clases e traballa con xóvenes. No curso 1970-71 vai dar unhas clases a EE UU (Rochester), e comenza a acudir a Nova York cos seus estudantes e traballa coa comunidade hispana. "No vran de 1971 eramos un grupo dunhas 15 persoas que nos xuntabamos nas casas polas noites para aprender e ensinar —comenta Metzinger, un norteamericano que seguiu de cedo os seus pasos—. Os nosos instrumentos eran unhas cancións e unha guitarra. As nosas leccións facíanse con "Guantanamera", "Adesalambrar", "Blowing in the Wind",... Eran tempos de espontaneidade con un fondo senso interno, unha mestura de inxenuidade e ousadía. Era un exercicio da liberdade con senso da disciplina e moita adicación".

Un ensino diferente: popular e que non descata.

A orixe de *SOLIDARIDAD HUMANA* —que así lle puxeron a ese traballo que escomenzou con 15 persoas e hoxe pasa das 1500— é, en palabras de Dino, "Respostar ós berros do pobo que di: queremos estudar e ser máis". Partindo duns plantexamentos claros: non se trata de descartar ou colonizar ós hispanos, inseguros na súa lingua materna, co idioma inglés. "Dixémoslles claramente dende o comenzo que só estudarían inglés os que tiveran un coñecemento medio na súa lingua a cultura, para que a aprendizaxe do idioma inglés non fose unha renuncia colonizadora á propia cultura hispana. Decidimos facer o contrario do que se fai normalmente: "no canto de ter que ir a xente en busca da cultura, a cultura foi a

eles; no canto de impoñer formas alleas, partimos da realidade da xente para que esta descubra a cultura".

"Ensinabamos nas súas mesmas casas, na mesa onde comían, no fogar cheo do calor familiar. Ensinabamos e aprendíamos. Queríamos sentir a educación dende dentro do pobo. Nacimos sen fondos, sen edificio, sen respaldo de persoas e institucións importantes... sen esixir xamais nada, sen cobrar, sen impoñer... Partiamos da mesma experiencia do pobo emigrante... Sabíamos dos seus problemas sociais, dos seus problemas de idioma, de conservar a cultura... para manter a identidade latino-americana... Foi un encontro entre traballadores e universitarios".

A primeira organización

Dous anos despois teñen 15 grupos, cada un co seu monitor, e créase a primeira organización. Até que en 1974, tiñan xa un grupo de xente con unha educación básica e un coñecemento do inglés axeitado a uns estudos superiores; compría dar un paso máis: Créase "*Solidaridad Humana Incorporated*", acadando do Estado a posibilidade de dar un diploma semellante o título de Bacharelato Superior. Búscanse mestres para dar clases gratis e calificar, e pouco tempo despois xa teñen 30 alumnos co vendito diploma. "¿E agora qué?", esa foi a frase desafiante que fixo avanzar ó longo dos anos a *Solidaridad Humana*. Coséguese pouco a pouco poder impartir estudos universitarios e técnicos. É así, *Solidaridad Humana* convértese en Universidade en colaboración coa Universidade Estatal. Nunha Universidade popular, con un local propio, (un vello edificio escolar no baixo Manhattan de máis de 30.000

metros cadrados) ó que se trasladaron en 1977.

Analfabetos e universitarios

Deste xeito, aquela aventura de Dino convertiuse nun Centro de Educación de Adultos, que imparte dende os niveis máis básicos, até os niveis universitarios. Así "Un traballador analfabeto pode entrar no noso programa, e se desexa acadar en oito anos, sen saír do Centro, un título técnico, un Bacharelato universitario ou unha Licenciatura". Recibindo Dino en 1982 o Premio Nacional de Universidades Comunais.


En Solidaridad hai tres programas principais:

- **Educación Básica.** Ensínase español básico e inglés samente como segundo idioma. A meta é acadar coñecementos básicos de lectura, escritura e conversación en español e inglés.


- **Educación técnica.** Que ofrece instrución laboral e títulos en tres áreas: a) Contabilidade e Informática; b) Instrución laboral bilingüe, c) Mecanografía e Inglés comercial (Administración).

- **Educación Avanzada.** Por medio de programas preuniversitarios e universitarios tenta formar profesionais que poidan traballar na comunidade. Consta de tres áreas: Equivalente á Escola Superior, Preuniversitario, e Programa Universitario.

A pesares dos cambios, das dificultades e da hostilidade do goberno Reagan, que non ve con bos ollos a concientización social e política da minoría de fala hispana, marxinalizada do "país da liberdade", *Solidaridad Humana* segue adiante. "Non temos medo, porque *Solidaridad Humana* non naceu para ser un produto do mercado senon un proceso de vida".



TERRA e XENTE



IRIMIA nº 95 (Agosto 1983)

Para coñecer a ONU

Sentimos falar moitas veces da ONU: na TV, na radio, nos xornais (que se polo das Malvinas, que se no Ourente Medio, que se en Centroamérica ... onde hai conflitos alí está ela). Con seguridade que todos sabemos, mais ou menos, de qué se trata, pero quizabes non saibamos moito dela. Pois ben, a Organización das Nacións Unidas (ONU) é un organismo internacional, constituído polos estados que aceptaron cumprir as obrigacións previstas na súa Carta; e que ten como fin unha cooperación política, económica, social e cultural internacional, encamiñada a lograr a paz e o progreso en todo o mundo.

Un pouco de historia.

A ONU é a heredeira da **Sociedade de Nacións** (S.D.N.), organismo similar, anque menor, anterior a Segunda Guerra Mundial —creado en 1919 polo Tratado de Versalles (Francia)— cuas institucións inspiraron o nacemento da ONU, tras do seu fracaso e a Segunda Guerra Mundial.

A súa orixe está na alianza dos grandes estados, que se uniran na loita contra do Eixe (Roma-Berlín, o fascismo), na Segunda Guerra Mundial. Esta alianza preparou o camiño da organización mediante a “Carta Atlántica” —firmada en Agosto de 1941 polos presidentes de EE.UU. e Gran Bretaña— e pola “**Declaración das Nacións Unidas**” —firmada un ano despois por EE.UU, Gran Bretaña, URSS, e un ano despois por China—. Foi madurando a idea nos anos seguintes e na primavera-verán do 1945 firmouse a “**Carta das Nacións Unidas**” en San Francisco, e o estatuto do “**Tribunal Internacional de Xusticia**”; cousa que fixeron xa daquela 50 países, e moitos máis nos anos seguintes.

Composición.

Anque se chama “unión de nacións” e a Carta fala de “unión de pobos”, de feito é máis ben unha “unión de estados soberanos”, é dicir, unión de gobernos de estados independentes.

Son **membros orixinarios** os 50 países que participaron na Conferencia de San Francisco e foron os primeiros en firmar a Carta. Deles os “**Catro gran-**

des” (EE.UU., URSS, Inglaterra e Francia) teñen o privilexio do dereito a vetar, ou sexa, a invalidar calquer resolución, o que diminúe a eficacia da organización. Tamén tiña este privilexio a China Nacionalista (Taiwan) ata que en 1971 foi excluída da ONU o entrar nela a China Popular (China).

Estructura

A ONU está estruturada e organizada desta maneira:

- **Asamblea Xeral** (con sede en New York), que é o órgano deliberativo (onde se falan as cousas e se toman as decisións). Está formado por tódolos membros da organización, con un voto por país. Decide sobre custións importantes: mantemento da paz e a seguridade internacionais, eleccións de membros do Consello de Seguridade, admisión e exclusión de membros da Organización, presupostos, etc. Reúnese ordinariamente en sesión anual e extraordinariamente cando faga falla.

- **Consello de Seguridade**, órgano executivo en materia política. Composto, dende 1965, por 15 membros: os “catro grandes” e outros 11, elixidos por dous anos pola Asamblea Xeral. Cada quen co seu voto, anque “os catro” co seu privilexio do veto, que poden tumbar calquera decisión...

- **Consello de Tutela**, composto polas potencias encargadas de administrar os territorios sometidos a tutela polos membros do Consello de Seguridade

ou pola **Asamblea Xeral**. Ten pouca importancia e autoridade.

- **Consello económico e social (CNUCED)**, composto por 27 membros elixidos pola Asamblea Xeral, que interveñen no campo económico, social e asistencial. Ten constituído comisións para Europa, Asia, África e Hispanoamérica (CEPAL).

- **Tribuna Internacional de Xusticia**, órgano de xusticia composto por 15 membros, que elabora e codifica o dereito (fai leis) e resolve os problemas de xusticia internacional a el sometidos. Só poden comparecer ante el os estados, non as persoas.

- **O secretariado** é un órgano administrativo, tamén, con sé en New York. É o máis alto funcionario da ONU, e ten cumprido papeis moi importantes ó longo da súa historia. O secretario é nomeado pola Asamblea Xeral, a proposta do Consello de Seguridade.

Dende a súa formación a ONU tivo ata hoxe 5 secretarios:

- Trigue Lie (noruego), de 1946 a 1952.
- Dag Hammarskjöld (sueco), dende 1953 a 1961
- U Thant (birmano), de 1961 a 1971.
- Kurt Waldheim (austriaco), de 1971 a 1981.
- Pérez de Cuellar (mexicano), dende 1982.

(A próxima semana habemos continuar falando da ONU e das suas posibilidades)



TERA E XENTE

O CAMPO E A PRENSA



IRIMIA, n.º 148
(Setembro 1984)

"O ANIMAL NON LE, NON O IMITES", dixo alguén unha vez e dixo ben: porque sen información non hai opinión válida, só cabe dicir tonterías. Ademais, ler é pensar con outras persoas, e sempre atinarán mellor coa solución a un problema varias persoas que unha soa.

¿Len os labregos?

No campo lese moito menos aínda. Claro que a culpa non é só dos labregos; tamén ten a culpa o produto, que non pensa neles. As causas da pouquísima lectura que se fai no noso agro poden ser:

- Baixo nivel cultural (non hai moito analfabetismo total, pero si unha moi baixa comprensión de lectura).
- Baixo poder adquisitivo (non hai moitos cartos para mercar xornais e revistas).
- Pouco tempo libre (aunque máis do que se di, sobre todo á noite).
- Pouca motivación (non hai ganas! Esta coido que é das máis graves).

- Tamén porque non atopan prensa que responda ás súas necesidades e intereses. Se ben máis do 60 por cento da poboación galega vive no agro, os medios de comunicación ocúpanse pouco deles. A prensa naceu con vocación urbana, pois urbanos son só os destinatarios da súa publicidade. Mesmo cando se fala de agricultura, dáse a palabra ás vilegas e non ós labregos.

¿Que prensa chega ó campo galego?

a) *Xornais*.- Según sexa a provincia, chegan ó campo algúns dos sete xornais que enumerabamos, aunque raramente á casa dun labrego; máis ben á do médico, do veterinario ou do cura. O que lle adican á información agraria é mínimo e dunha gran pobreza. Salvo excepcións "El Progreso" adícalle unha pequena porción os domingos; "La Región" os venres; e "La Voz de Galicia" e "El Ideal Gallego" algún extra de cando en vez, e algunha páxina informativa sen periodicidade. Moi pouca cousa.

b) *Revistas estatais do campo*: "Actualidad Agraria" (semanal), publicada polas Cámaras Agrarias; a mellor, a xuício dos especialistas. "Tria" (mensual) e "Agricultura" son outras dúas bastante boas. Despois hai unha chea delas verdadeiramente malas e moi dependentes das marcas industriais: "Tempero" (Elbro), "Campo y Me-

A PRENSA ESCRITA EN GALICIA

En Galicia, como en tódolos países en subdesenvolvemento lése moi pouco, e concretamente a prensa diaria menos aínda, loitando entre a frustración e a esperanza. Son sete os xornais diarios publicados en Galicia:

"La Voz de Galicia", "El Faro de Vigo", "El Ideal Gallego", "La Región", "El Progreso", "El Correo Gallego" e "Diario de Pontevedra". Postos por orden de importancia (tirada e audición) véñense lendo un promedio de OITO XORNAIS DIARIOS CADA CEN HABITANTES, menos que a media de España (10 xornais por cen habitantes).

cánica" (Jhon Deere), "Boletín Verde", "Laboreo", "Nuestra Cabaña", ... En calquer caso de fóra e que descoñecen a realidade do campo galego.

c) *Revistas galegas*: "Moa", editada polo ISCAR desde 1980, bastante boa, pero non ven toda no idioma dos labregos, e leva tempo sen saír por causas económicas. "Revista galega de estudos agrarios", ven sendo editada pola Xunta de Galicia, moi especializada e difícil de ler para os labregos. IRIMIA, a revista que tes nas mans, editada semanalmente desde 1981 pola Asociación do mesmo nome, dirixida principalmente á xente do campo. "A Nosa Terra", semanario galego que por temas e por linguaxe non ten demasiado en conta ós labregos á hora de escribir. Tamén unha revista de maior nivel cultural como "Encrucillada" (bimensual desde 1977) lle adica espazo a temas labregos de cando en vez.

d) *Boletíns de Sindicatos galegos e outros grupos*: "Fouca", das Comisións Labregas, do que saeu poucos números, aunque parece que quere iniciar nova etapa. "Sulco" de Unións Agrarias. "Xóvenes Agricultores", do sindicato de dereitas do mesmo nome.

Como debe ser unha prensa agraria galega.

Os labregos precisan dunha prensa que informe e forme, que lles axude a saír da súa situación de subdesenvolvemento. A prensa allea a Galicia non pode cumprir esta función pois descoñece as súas necesidades e a súa lingua, e ademais ten en xogo outros intereses que non son do labrego. Unha verdadeira prensa agraria galega ten que ser:

1) *De ámeto galego*, que parta da realidade concreta e das necesidades do labrego-gandeiro galego.

2) *Escrita en galego*, pois esa é a lingua dos labregos sen distinción. "En galego" na forma e no fondo; non se trata de pensar en castelán e "traducir" ó galego; e falar no idioma do labrego, pois tamén se pode escribir en galego de maneira incomprensible para o labrego. Evitar o bilingüismo.

3) *Que toque temas de Interés xeral*, non exclusivamente de especialización agrario-gandeira, e ó mesmo tempo que proporcione unha información técnica obxectiva e axeitada a cada momento, ademais dunha información económica, comercial e sindical. Cómpre saber máis do campo e do gando, pero tamén das axudas, do apoio sindical, da política, da educación,...

4) *Estar do lado dos labregos*; obxectividade si, pero tomar partido claramente. Pois na realidade de cada día funcionan uns intereses que condicionan necesariamente a visión de tal ou cal problema. Nengunha persoa, grupo ou sociedade é apolítica; todos teñen uns intereses. Os dunha prensa verdadeiramente para os labregos teñen que ser o amor a Galicia e a opción polos labregos, estar claramente da súa parte.

5) *Feita por técnicos no agro*, ou coa colaboración deles. Non técnicos de teoría, senón da práctica, que traballen no campo e o coñezan ben.

6) *Que sexa realista, pero tamén optimista*, que lle dea ánimo ó labrego, ilusión e alegría de vivir no agro iniciando así transformación e mellora.



TERRA E XENTE

I Xornadas de Formación Popular

EN LAGOA PASTORIZA



IRIMIA no 163
(Decembro 1984)

O longo de todo o mes de Novembro celebráronse en Lagoa, Pastoriza, (Lugo) unhas XORNADAS DE FORMACION POPULAR coa participación de técnicos en gandería e agricultura, veterinaria, sanidade e educación. A asistencia de xente da parroquia e de parroquias limítrofes foi realmente notable, de 100 a 150, o que animou o traballo das xornadas.

¿Como naceron?

A organización destas xornadas correu a cargo dun pequeno grupo de veciños desta e doutras parroquias próximas (Ubeda e Xemil), co seu párroco ó fronte. Desenroláronse ó longo do mes a un ritmo de dúas por semana, de oito a once da noite, no local parroquial. O artellamento de cada unha era moi sinxelo: unha pequena charla de tres cuartos de hora ou máis, e logo un diálogo-debate entre os asistentes, que en ocasións chegou a se-lo máis enriquecedor da xornada.

Desde IRIMIA animamos a multiplicar este tipo de experiencias, sempre fructíferas porque informan e forman desde a acción. Os veciños da parroquia e do concello xúntanse e debaten os seus problemas de cada día. Tampouco resultan difíceis de organizar, pois hai técnicos nas diversas ramas que aceptan gustosos propostas deste tipo.

A produción do leite na gandería galega

Foi o tema co que se inauguraron as xornadas, posto que era de gran interés para os veciños da bisbarra, eminentemente leiteira. A charla correu a cargo do enxeñeiro técnico agrícola Eloi Villada. Comenzou dando datos coma estes: en Galicia hai 136.000 explotacións leiteiras con 575.000 vacas de leite; que veñen dando unha produción anual de 1.500 millóns de litros de leite. O que significa unha porcentaxe de 2.500 l. de leite por vaca e ano, media baixa con relación ós 3.500 l. de media española, e moito menos que os 4.500 l. de media na CEE. Con ela teremos pronto que competir en condicións de inferioridade.

Abondou na necesidade de alimenta-las vacas con herba, máis que con pienso, a fin de acadar niveis de competitividade. Para iso cómpre mellorar as praderías, os sistemas de ensilado, et

Enfermedades do gando vacuno

Tema da segunda xornada a cargo da veterinaria María Teresa Fernández, que centrou a súa exposición na tuberculose, brucelose e mamites.

A *tuberculose* é unha enfermidade desgraciadamente moi corrente no gando da bisbarra; o seu contaxio realízase polo leite, ouriños, feces e alimentos contaminados, así como pola respiración que contamina todo o establo. A *brucelose* produce abortos, infeccións de matriz, etc. As perdas por esta enfermidade son cuantiosas (baixa produción, abortos, etc.); cómpre sanea-las explotacións, vacuna-las xatas e queima-las reses mortas.

A *mamites* ocasiona baixos rendimentos no leite e mesmo faino perderse; é ocasionada fundamentalmente pola falla de hixiene. O cooperativismo e a comercialización gandeira

Correu a cargo do perito agrícola Antonio Fernández Oca. Comenzou precisando os principios que rixen o cooperativismo: xestión democrática ("cada socio un voto"), capital social e interés limitado e pactado. E logo destacou como as cooperativas teñen que ter como punto de partida a solución a problemas concretos, e non poden ir adiante sen un traballo de formación cooperativista entre os socios.

O campo galego ante o ingreso no mercado común

Xornada que acadou gran expectación animada por un vello colaborador de IRIMIA, o enxeñeiro agrónomo Eliseo Miguélez; os lectores cofiecen amplamente a súa opinión sobre do tema polas nosas páxinas.

A medicina no agro

O Dr. Paulino Pérez-Mendaña apostou rotundamente por unha sanidade pública, gratuita e competente, en contra do exercicio privado,

que normalmente vai en detrimento da sanidade pública. Preciso que a saúde era non só non ter enfermidades, senon "un estado de benestar físico, mental e social". Polo que insistiu na necesidade dunha medicina preventiva, cara ó que afirmou que a maior parte da clase médica non comparte estes plantexamentos.

Respecto do "Plan Sanitario de Galicia" elaborado pola Xunta, dixo que non tiña pés nin cabeza, por facerse enriba do mapa, e non desde diagnósticos de saúde da poboación.

A educación dos nosos nenos

Correu a cargo de Ana Vila. Tras sinalar os atrancos que ocasionan o subdesenrolo da educación no noso país (medios cativos, malos programas e libros de texto, mestres individualistas e desclasados, idioma alleo, ...) afirmou que as alternativas tiñan que vir de maneira colectiva a traveso de "consellos escolares" efectivos e "escolas de veciños". Abogando por unha educación persoalizador e liberadora que xenere persoas solidarias.

Unha ollada á historia de Galicia

Fermosa xornada animada polo noso gran poeta Manuel María, quen foi facendo un recorrido pola Historia de Galicia, desde os nosos máis remotos devanceiros (un pobo chamado os "oestrinios" ata o nacionalismo galego nos nosos días. Pasando polo labor dos *celtas*, os romanos e os *suevos*, ós que tanto lles debe o noso pobo; todo o labor de Xelmírez, a revolución dos *Irmandiños*, as revolucións rexionalistas do século pasado e o Rexurdimento.

Non nos queda espazo para falar da xornada de clausura, que houbo que facer na igrexa pola gran afluencia de xente, e que xirou arredor dunha táboa redonda onde foron saíndo os problemas da bisbarra e albiscándose camiños de solución.

!QUE PASCOA CONTIGO, TIO!

As Pascoas da Mocidade

“¡Que Páscoa contigo, tío!”, “Non esperes milagres... ¡abre camiños!”, “Unidos podemos cambialo, ¡decídetel!”, “Cremos, por iso loitamos”, ... Son algúns dos lemas que veñen proclamando mozos dos máis diversos puntos por estas datas desde hai uns anos. É o “boom” da Páscoa. Concretamente destas que se veñen chamando dun tempo a esta parte PASCOAS DA MOCIDADE.

¿De que vai o rolo? ¿É unha “comedura de coco” máis? ¿Outro invento dos curas para que os poucos mozos que seguen indo a igrexa non se lles vaian? Unha revista española contra-poñía hai uns anos “Páscoa inútil”(a de tantas das nosas parroquias) con “Páscoa da mocidade” sinalando este fenómeno como un dos máis significativos da Igrexa nos últimos anos.

TAIZÉ NAS RAÍCES

A cousa ven desde hai máis de 10 anos, no estado español, sen dúbida como un froito dos mozos e dos sectores pastorales inquedaos da igrexa española, pero moi especialmente como un froito de Taizé.

¿Que é isto de Taizé? Taizé unha aldeña do centro de Francia, a 80 quilómetros de Lyon, que seguería sendo descoñecida se non fose por unha comunidade de monxes instalada nese outeiriño aló polo ano 1949. Esta comunidade de monxes ten como característica orixinal, e a bon seguro única no mundo, ser unha *comunidade ecuménica*, é dicir, formada por cristianos de diferentes confesións: protestantes, católicos e ortodoxos.

Un “Concilio dos Mozos”


A vitalidade desta comunidade foi atraendo pouco a pouco a mozos de tódalas partes, que empezaron a achegarse aló polo ano 1960, para atopar paz e senso ás súas vidas (algúns lembra-

rán a importancia de 1968 para a mocidade, “maio do 68”, morte de “che”,...). Aló foron chegando mozos cristianos e non cristianos, mesmo non crentes. E pouco a pouco foi madurando a idea dun CONCILIO DE MOZOS, que tras debates e preparacións proclamouse aberto na Páscoa de 1970, escomenzándose oficialmente o 30 de agosto de 1974, acto no que participaron 40.000 mozos.

No fondo a Páscoa

A *experiencia pascoal* é a raíz de todo este movemento según rezan constantemente os seus manifestos:

Cristo resucitado vén animar unha festa no máis fondo do home. El prepáranos unha primavera da Igrexa; unha Igrexa desprovista dos medios de poder, disposta a compartir con todos, lugar de comunión visible para toda a humanidade” (Páscoa 1970).





Esta experiencia pascoal significa pasar da morte á vida, buscar canles de resurrección no noso mundo tocado de morte. Non é só cousa de rezar. O lema de Taizé é LOITA E CONTEMP-PLACION, un compromiso na liberación do home na loita de cada día, compromiso alimentado precisamente pola experiencia pascoal, a experiencia de que a salvación de Xesús non é un conto doutra época, senón unha realidade viva a aínda eficaz hoxe.

AS PASCOAS DA MOCIDADE

O ano pasado máis de 20.000 mozos en toda a xeografía do estado participaron nunhas 200 páscoas da mocidade, certamente unha pinga de auga nos perto de 9 millóns de mozos. Pero é unha realidade abondo esperanzadora con tódalas súas contradicións, acertos e erros. O feito de que un grupo significativo de mozos entre 15 e 25 anos, desafiando ó mal tempo destas datas, e vencendo a tentación da comodidade das "vacacións de Semana Santa", se *enrollen* con Xesús e celebren o acontecemento central da experiencia cristiá, é algo certamente esperanzador.

As celebracións veñen sendo preparadas desde meses atrás por grupos e comunidades. A oración, reunión e celebración son os seus elementos claves, buscando formas de compromiso concreto na loita por cambiar o mundo que os rodea e manter acesa a esperanza, poñendo a Xesús e os seus valores como centro das súas vidas.

1 En *Andalucía e Extremadura* xa levan case 10 anos facendo a Páscoa dos Mozos. Foron convocados nos últimos anos por lemas como: "¿Indiferentes? Non. Ti es necesario". "Xesús morreu libre por ser libre". "Unidos podemos cambialo".

2. Os mozos de *Valencia e Aragón* convocados por frases tan occurrentes como aquela de hai dous anos: "¿Que Páscoa contigo, tío!", din que a súa Páscoa non é la parada dun momento, como as fallas valencianas.

3. En *Asturias e Cantabria* as chamadas foron: "Ama, comparte, loita e ri: Cristo vive", "un vive o que ama"... O mosteiro cisterciense de Cobreces leva varios anos xuntando os mozos por estas datas, unidos no mesmo espírito e creando alí unha boa canle de encontro.

3. En *Euskadi e Cataluña* ... Téñenas feito nalgunha ocasión en marcos tan pouco usuais como hospitais e centros psiquiátricos, coa participación dos enfermos.

5. Os mozos de *Castilla-León*, veteranos nestas cousas, véñenas facendo ultimamente non eles sós, senón xuntándose cada ano en pobos rurais, convivindo cos veciños.

6. En fin, na *nosa Terra*, a Páscoa da Mocidade vense celebrando desde hai uns dez anos en Vilagarcía de Arousa, cunha participación ultimamente de perto de 500 mozos de toda Galicia, de parroquias e colexios. A preparación comenza no mes de novembro afondando na fe e programando as celebracións e encontros.



¿QUE DICIR DE TODO ISTO?

En primeiro lugar cómpre dicir que, anque cada unha ten o seu peculiar —cousa boa polo creativo e por responder ós obxectivos de cada grupo—, todas teñen unha serie de características comúns:

- son grupos de xente nova, entre 16 e 25 anos,
- a liturxia ou celebración está feita con aires de mocidade, ricos en símbolos e xestos,
- a convivencia é sumamente rica en tódolos casos. Cómpre destacar o tono festivo e o aspecto de apertura a outros mozos, escoitar, compartir e dialogar,
- créase un clima de intimidade e convivencia, que é bo se non cae nun intimismo evasivo,
- outro dato común é que de ordinario realízanse fóra dos lugares de residencia habitual.

Prevención dos accidentes nos nenos

Para evitar queimaduras

A) Non colla cazos ou tixolas que teñan líquidos quentes, coas mans molladas, pois poden esbararlle, e queimarse vostede ou os nenos que estean perto de vostede.

B) Faga que os nenos non estean sós na cociña mentres estea acesa, e mantéñaos o máis posible alonxados do lume.

C) Traballe na cociña con cazos e potas que non volquen facilmente.

D) Faga que os mangos dos cazos e tixelas e as asas das potas non saian fóra da superficie da cociña, para evitar que os poidan coller os nenos ou empuxalos e así volcar o contido dos recipientes.

E) Cando prepare as comidas ou bebidas quentes dos pequenos, teña oído coa temperatura das mesmas, non sexa que estean moi quentes e poidan producir queimaduras na boca, lingua, etc.



F) Nunca deixe ó alcance dos pequenos recipientes que teñan auga ou outros líquidos quentes.

G) Protexa ben as estufas e braseiros, para evitar que os nenos poidan caer neles ou tocálos e dise xeito sufrir queimaduras ou tamén para evitar que poidan meter neles obxectos que poidan arder.

H) Evitar sempre facer lumes en sitios baixos, onde poidan chegar facilmente os pequenos.

I) Impida que o neno xogue con obxectos que poidan facer lume, como sós mistos, mecheiros, etc.

J) Non deixe pitillos sen apagar sobre as mesas ou sobre obxectos susceptibles de arder e apague sempre as colillas, pois pódese provocar o incendio do obxecto, ou o pequeno, ó ver o pitillo, pode intentar collelo e queimarse.

K) Teña oído de que o neno non colla a plancha da roupa cando está encendida, pois pode producirse queimaduras importantes.

L) Nunca deixe líquidos que poidan arder coma gasolina, petróleo, etc. ó alcance dos nenos.

En caso de producirse unha queimadura o máis importante a facer é botar auga sobre a zona afectada e cubrir a mesma cun pano o máis limpo posible que teñamos a man e acudir de contado ó persoal sanitario. ■

Pauliño

(Ven da Páx. 5)

¿Demostran que non tódolos mozos de hoxe son uns pasotas, cómodos desganados? ¿Demuestra que hai unha mocidade inqueda que segue a buscar algo mellor? ¿Demuestra que Xesús segue interesando hoxe, e que é posible interesar á mocidade cando a oferta é leda, festeira e positiva? ¿Demuestra que unha festa pode ser algo máis cá esmorga discotequeira e verbeneira, converténdose en reflexión fonda e compromiso serio? Algúns así pensan.

Pero non se pode esquece-lo pelidro de crear un mundo aparte, que a Páscoa sexa unha evasión máis da realidade, que se quede nas nubes. Caer nun "idealismo" que non se concrete despois en nada real. Caer nun falso universalismo que esqueza a realidade do propio pobo, no noso caso o da nosa Terra e o da nosa xente: ¿como celebra-la liberación de Xesús esquecendo o pro-



pio pobo coa súa lingua e a súa cultura? En fin que todo isto quede en algo moi bonito, pero aillado, como dixo un mozo "unha esmorga con Eucaristía final" ■

Victorino Pérez Prieto

Xoan Sebastián Bach e o ano internacional da música

Hai douscentos anos, nacia nun pobo da Alemaña o meirande músico de tódolos tempos: Xoan Sebastián Bach. A súa grandiosa música, capaz de eleva-los espíritos máis mornos, é coñecida e querida en todo o mundo, por vellos e mozos, brancos e mouros. Poucos haberá que non teñan escoitado algunha vez -senon directamente, xa en disco e cassette, ou na radio e televisión- a súa famosa obra para órgano "Tocata e fuga en Re menor".

Pois ben, con ocasión deste aniversario, foi declarado o ano 85 "Ano internacional da música" en honor a este verdadeiro "pai da música". Xa falamos nas páxinas de IRIMIA de outro "ano internacional", o da mocidade; e ó mesmo que aquel, non é que esperemos demasiado deste, pero sería xa un froito abundoso se nos axudase a achegarnos un pouco á boa música, e máis concretamente á obra deste gran home, que non debiera ser descoñecido para ninguén. Como ben dixo outro gran músico, Schuman: "a música débelle tanto a Bach como unha relixión ó seu fundador".

A boa música non pode ser só para uns poucos.

Hai unhas semanas, falando cun amigo de que ía escribir sobre Bach para IRIMIA, díxome algo así como: "¿Que lle importa Bach ós lectores de IRIMIA?", pensando indubidablemente no seu público labrego mariñeiro e obreiro. Certamente pode ocorrer que moitos, nada mais ve-lo título, pasen de contado á páxina seguinte, porque non lles interesa o tema.

Pode... Pero un pensa que a boa música non pode ser só patrimonio das clases privilexiadas e da xente de estudos, senon de todo o pobo, pois Deus deu nos a todos a mesma alma e o mesmo espírito. E un pensa tamén que eso de que a chamada "música clásica", que outros chaman "música culta", é só para xente "cult" e entendida, ou para os que non o son tanto, pero teñen a "clase" que lle dan os cartos, é unha verdadeira patraña; ou peor aínda, unha argucia para seguir diferenciándose tamen na música das "clases baixas" ¡Como ían escoitar labregos e obreiros a mesma música ca eles! ¡Ata aí podíamos chegar!.

¡Non, e non! A boa música, como tódalas cousas boas que nos rodean, é patrimonio de tódolos homes. E se a ela non chegaron máis os obreiros e labregos, foi porque non se lles fixo chegar. Non hai mais ca ollar a outros países como Alemaña, onde ós concertos de música clásica, acuden homes de tódalas condicións sociais.

Coa boa música ocorre coma cos bos libros. Cómpre ler para ama-la lectura. E compre que a un lle ensinen a ler e que lle poñan os libros nas mans para que goste deles. ¿Ensínase a escoitar e amar a música de homes tan grandes como Bach, Beethoven, Mozart, Haendel, Vivaldi, Chopin, ...? ¿Reciben os nosos nenos na escola o necesario achegamento e



J. S. Bach

X. S. Bach nun debuxo da época e a súa firma

explicación á obra e música destes homes?.

¿Que é unha música distante e intelectual, difícil e lonxe do pobo, como pode argumentar algún? Falso, os grandes compositores estiveron sempre moi pertos do pobo, mais aínda, foron maioritariamente xente do pobo. E senón que lle pregunten a Mozart, a Beethoven ou ó noso homenaxeado Bach. De feito, moitos colleiron os seus temas de melodías populares. Por outra banda, tamen nela hai moi diferentes estilos, como ocorre coa "música popular"; haina mais sinxela e mais intelectual. E, en suma, tódolos homes teñen un espírito que lles leva a gostar das cousas fermosas; na música dos grandes maestros, como na pintura e escultura dos grandes artistas, e nas obras dos grandes escritores, está a meirande beleza saída das mans humanas.

Bach, "deus da música"


O que foi chamado con razón "pai da música", naceu un 21 de marzo de 1685 en Eisenach, pobo da Alemaña. Desde neno iniciouse na música da

man do seu pai, tamén músico. Pero pronto se quedou orfo de pai e mái, polo que houbo de gañarse duramente a vida. Non tardou en facer grandes progresos na música, anque non tan rapidamente como outros grandes como Mozart -que tocaba o piano perfectamente ós catro anos, e xa compoñía música os seis- e Beethoven. Gran violinista e cantor, as súas preferencias vanse logo cara ó órgano; polo que traballou de organista en varias cidades. Era tal a súa paixón pola música que ten recorrido quilómetros e quilómetros para escoitar un concerto; unha ocasión destas, tras escoitar unha obra, á volta foi capaz de transcribila ó papel con tódalas súas notas sen trabucarse na primeira.

Comenza a compoñer música cara a 1700, traballo que fará case sen parar deica a súa morte; a música xurdía no seu interior armoniosamente, como xorde a auga dunha fonte. A súa obra é enorme como podeades apreciar no recadro do lado. Esco-menzou facendo cantatas, composicións musicais para varias voces con acompañamento instrumental. Logo

viñeron as súas primeiras composicións para órgano. E a súa produción foise acelerando ano tras ano: mais **cantatas**, **sonatas**, obras para **clave** (instrumento precursor de piano), **órgano**, ... Cara a 1720 compón os seus famosos "Concertos de Brandeburgo", seis concertos para varios instrumentos, que pasaron desapercibidos no seu tempo -como ocorreu con moitas das súas obras- e hoxe son do máis apreciado da súa obra, pola súa inspiración e perfección.

Dous anos despois vai traballar a Leipzig, importante cidade alemana, onde compón a meirande parte da súa obra, e onde morrerá trinta anos despois. Compón numerosas cantatas para tódolos domingos e festas do ano, **corales**, etc. E en 1724 estrena a súa magnífica "Paixón según San Mateu". Logo virán máis obras para clave (moitas recollidas no seu importante libro "O clave ben temperado") e órgano (as súas **tocatas e fugas**, moitas mundialmente coñecidas, así como o seu libro "O arte da fuga").



Órgano que utilizou Bach.

No solpor da súa vida quedouse cego e morreu na pobreza o 28 de xullo de 1750. Este home fundamentalmente humano e case divino, que adicou a súa vida a servir a Deus coas dotes que él lle deu, e a servir tamén con

elas ós homes, escomenzando pola súa familia (casou dúas veces e tivo 19 fillos, ós que educou na arte musical, e varios deles chegaron a ser grandes músicos). A beleza e a armonía foron as súas directrices nese camiño.

A obra de Xoan Sebastián Bach

É inmensa en cantidade e calidade, o que fai de Bach peza fundamental da música; ata o punto que non se esaxera o máis mínimo si se dí que a historia da música divídese en **antes** e **despois** de Bach, non só pola grandeza da súa obra, senón porque sen él non podería existir toda a música que se fizo despois, tal foi a súa importancia e o seu influxo. "Foi él quen labrou os sillares definitivos da música", dixo un músico e crítico. Outro gran músico, Schuman, chamouno "o deus da música" e "mestre de mestres".

Cando un escoita a súa música, queda extasiado e non comprende como pode ser obra de home esa grandiosidade e perfección; un tende a pensar que o seu creador tiña que estar necesariamente moi perto de Deus. É unha obra plena de sentimentos e pensamentos, pero entretecidos e fundidos con suma armonía e perfección. Liberdade e orde, fantasía e regras.

É unha música que tén ás veces carácter cósmico; a súa armonía, como dixo o gran escritor Goethe, semella "a eterna armonía que debía atoparse en Deus no comenzo da creación". É unha música, en fin que une o máis puro do espírito co máis perfecto da materia, a liberdade da beleza coa perfección das matemáticas; á

vez grandiosa e íntima, sobrecolledora e acolledora. Unha música **chea**, completa, rebotante, á que non lle falla nin lle sobra nada.

a) Música vocal

- "Cantatas". Escribiu perto das 300, das que apenas quedan 200.
- "Corales", unhas 20, do máis fermoso de Bach.
- "Paixón según San Mateu" e "Paixón según San Xoan".
- Catro misas.

b) Música instrumental

- Para **órgano**: 145 corales, 6 sonatas, 6 concertos e 50 "tocatas e fugas" (algunhas supercoñecidas, obra cume do órgano).
- Para **clave**: Unhas 200 obras, entre "tocatas", "fugas", "concertos"...
- **Concertos**: 17 concertos para violín e para clave, sós e conxuntamente. 4 "suites". Os 6 famosos "Concertos de Brandeburgo", para varios instrumentos.

A traxedia dos Reigosa: 27 vacas mortas, e segue o andacio

A situación

Lagoa é unha pequena parroquia rural no concello de Pastoriza (Lugo). Só 60 veciños, pero con varias explotacións familiares florecentes e competitivas, xa sexa de leite (con modernas cortes e sistemas de muxido e refrixerado do leite), xa de carne (maiormente estabulacións libres de gando nos montes de A Corda). Foi nunha destas explotacións de gando de carne, na que prendeu o andacio vai agora xa case un ano. Trátase da explotación en réxime de estabulación libre que a familia Reigosa ten en A Corda, na finca de "Rego Salgueiro" (unhas 45 Has.). En un ano escaso Xosé Antonio e Ricardo Río Lorenzo viron como quedaba reducida a menos da metade a súa explotación de perto de 50 vacas co seu touro, que foi un dos primeiros en caer.

Os feitos

A desgracia principiou en outubro do pasado ano, cando Ricardo subiu ó monte e atopou no prazo de 15 días 4 vacas mortas. Informouse ó veterinario municipal, que fixo o que puido -pouca cousa-, e á Sanidade Animal de Lugo -que tardou en meterlle man o asunto-, mandáronse mostras ó laboratorio de Lugo, e deronse mil e unha voltas, pero as vacas seguiron morrendo e a razón das mortes seguiu sen se aclarar.

A estas alturas, con vinte e sete vacas mortas, a case un ano da primeira, con perdas de máis de 3 millóns de pesetas, e unha familia desfeita pola tensión constante de se deitar á noite cavilando en cantas vacas atoparán mortas á mañán seguinte, aínda non se lle deu solución ó caso. O máis gordo é que moitas probas enviadas para o seu análise "perderonse" no camiño dun laboratorio a outro, outras "chegaron en mal estado", dalgúns tardou en se recibir resposta medio ano, e doutras non se soubo nada.

A causa das mortes

O comenzo barallouse a posibilidade de que o pasto estivese en mal estado por causa dos abonos químicos, cousa que se descartou posto que a explotación dos Rei-



Así de boas eran as vacas dos Reigosa, aínda que estas da foto xa estaban tocadas do mal



Un dos últimos casos mortais

gosa era a única afectada. Logo falouse de se a enfermidade era orixinada por un xerme coñecido co nome de "escherichia coli", que só en determinadas circunstancias é capaz de producir a morte. Por esas datas xa se descartara o carbunco, do que se falara nos comenzos. Máis adiante falouse dunha posible intoxicación producida por unha sustancia dos fieitos, moi abundosos na zona.

Pero todas estas hipóteses fóronse descartando unha tras outra, e últimamente falábase cada vez máis insistencia da posibilidade de unha intoxicación provocada por axentes externos, concretamente algún veneno botado intencionadamente. Pois aparte de se descarta-las teorías anteriores, nos últimos análexes atopáronse indicios de varios venenos, por parte dos laboratorios de León e dun laboratorio particular de Barcelona. Mais todo segue no aire, e as vacas seguen morrendo, Ricardo e Xosé Antonio xa non esperan que se salve ningunha.

¿E a Administración?

Como case sempre lenta e ineficaz, sen dar respostas claras nin da causa da mortandade nin respecto da petición dunha xusta axuda económica para esta auténtica traxedia familiar. A familia pediu axuda ó Axuntamento, á Diputación Provincial de Lugo e á Xunta de Galicia, e ata chegou a escribir ó Defensor do Pobo, pero non houbo resposta algunha, só a Diputación se interesou un pouco polo caso, enviando repetidas veces ó seu veterinario e a algun técnico máis.

Económicamente os Reigosa seguen sen recibirla máis mínima resposta de axuda, a pesares da gravidade do seu perxuício económico, gravidade que se fai máis dramática no seu caso por ter que facer fronte a un crédito de 4 millóns de pesetas, crédito invertido en facer melloras no monte onde a familia tiña a devandita estabulación libre.

Esto é inxusto de todo, como ben denunciaron algúns veciños e un Sindicato Labrego, pois cómpre que o Estado lle bote unha man ós cidadáns nestes casos graves, que para eso se pagan os impostos.

Victorino Pérez

O Sínodo ¿volta atrás da Igrexa?

Xa vai alo un mes que rematou o **Sínodo extraordinario**, que convocou o Papa Xoan Paulo II para celebrar e revisar os **vinde anos do Concilio Vaticano II** -entre os días 24 de Novembro e 8 de Nadal-, tal como informamos daquela en IRIMIA (nos. 209 e 210), prometendo unha mais extensa informacion e reflexion cos documentos finais na man para non falar no ar. O Sínodo foi noticia en todos os medios informativos, anque nalguns non con toda a fidelidade que era de desexar, e noutros cunha tremenda pobreza informativa. Que o Sínodo foi un feito importante probao non so o feito dos 460 cardeais e bispos, os 240 sacerdotes, os auditores, teólogos e invitados especiais, así como o grupo de observadores doutras confesions cristiás que participaron nos seus traballos, senon tamen os 650 periodistas de todo o mundo que testimoniaban as expectativas creadas. Expectativas estas reflexadas en editoriais como "O Sínodo do receto a esperanza" (Ya), "Un Sínodo destinado a relanzar o Concilio" (La Vanguardia), ou o mais crítico de "El País": "O Sínodo fronte o Concilio".

Un rotundo si o Concilio

¿Que foi destas expectativas? ¿Unha volta atrás como se temía? ¿Un sepultar asintencions renovadoras do Concilio? ¿Trunfaron as teses dos mais conservadores, encabezadas polo Cardeal Ratzinger, que querían un "restauracionismo" ou volta atrás? Sinceramente coidamos que non.

Ben é certo que un Sínodo non é un Concilio e non ten a súa capacidade decisoria polo que non podían eliminar sen



A súa súa aplicación de... Pedro...
O Sínodo

mais o Vaticano II, anque quixera. Ben é certo igualmente que -como era de supoñer- non trunfaron as teses progresistas de certos sectores do episcopado, e respirouse ese ar "involucionista" (volta atrás), que se esta a vivir hoxe na Igrexa e no mundo enteiro. Pero tamen é certo que se respirou un reconfortante pluralismo de opinións, e se rematou con un rotundo si o Concilio (o seu espírito aberto e dialogante), e con un canto de esperanza no presente e o futuro, tal como quedo reflexado no documento final. Como veremos logo, non é certo que desaparecera a concepción da Igrexa como "pobo de Deus", tal como se dixo en algúns medios informativos, anque o acento se puxera mais en outras categorías. ¿Contrapostas a esta, ou mais evasivas? Non estamos moi seguros. Anque ponemos en entredito moitas das súas bonitas conclusións, conscentes da praxe que levan moitos dos que as aceptaron.

¿Como foi o Sínodo?

Abriu Xoan Paulo II o 24 de Novembro cunha homilía na eucaristía da ambigua festa de Cristo Rei, destacando que "O camiño da Igrexa e o home, pois Cristo manifesta plenamente o home ao propio home". E respecto da contraposición entre a primacía de Deus e a primacía do home, o Papa recurriu o Concilio cando di que "o reino do home pode atopar a súa realización no 'Reino de Deus'. Ata ahí imos ben, outra cousa é dicir que so no Reino de Deus, identificado coa igrexa, atopa o home a súa realización".

Tras unha invitación do vello cardeal francés Garrone (que xa fora relator no Vaticano II) a "entrar no espírito do Concilio", comunión, apertura e diálogo, e logo do saúdo do presidente da Asamble, o cardeal Kroll, precisando que "non se ía celebrar un mini-concilio, nin cambiar ou corrixir o Vaticano II". O primeiro gran acto da Asamble foi a relación do cardeal Godfried Daneels (relator ou persoa encargada de contar os asuntos que trata a asamble). Tras rexeitar a pretendida "restauración", e que o Sínodo fora sobre o libro de Ratzinger (Informe sobre a fe), do que xa se ten falado en IRIMIA, sintetizou as respostas dos episcopados con afirmacións valentes a favor do diálogo sobre os problemas xurdidos despois do Concilio, declarando que estes non se poden resolver con medidas preconciliares. Sinalou logo como puntos positivos a reforma litúrxica (ceremonias da Igrexa), a participación do pobo a volta a Escritura e o diálogo cos cristiáns non

O Concilio e o Sínodo

Un Concilio Ecuménico é unha asamblea de bispos de toda a Igrexa, reunidos baixo a presidencia do papa e convocados por el, para tratar de materias de fe ou costumes, con carácter deliberativo e decisivo, unha reunión na que esta representado todo o episcopado universal. O Concilio Vaticano II (1962 - 1965) foi o número 21, e o primeiro foi o Concilio de Nicea no ano 325.

Entroques o Sínodo, algo moito mais recente, creado polo Papa Paulo VI en 1965, anque tamén é unha asamblea de bispos de todo o mundo, e so un órgano consultivo do Papa, non ten carácter decisivo. Desde a súa creación van alo seis "sínodos ordinarios" e dous "sínodos extraordinarios". Este foi un sínodo ordinario, o próximo sínodo ordinario será para 1987 co tema de "A misión dos leigos na Igrexa e no mundo".

Desta maneira, un Sínodo a diferenza dun Concilio Ecuménico, non decide nin cambia nada, salvo se o pide expresamente o Papa. De todas maneiras suponse que o Papa debe tomar boa nota do que ali se di. Pero son cousas da organización rixidamente xerarquizada da Igrexa.

católicos e todos os homes de boa vontade. E como negativos as dificultades da reforma litúrxica e os enfrontamentos na Igrexa por cuestións de teoloxía e moral. Afirmando que non se lle poden voltar o Concilio as culpas das cousas que logo non foron ben. Os bispos tamen arremeteron contra a curia (órgano de goberno vaticano) por "non ter unha estrutura evanxélica", e ser un "antissigno" de Xesús.

O segundo momento veu da man das intervencións dos bispos, nas que destacou a liberdade de expresión e a pluralidade de opinións e acentos nuns problemas ou noutros, segun a súa procedencia. Foi o que Pepe Chao chamou "a boa música dun desconcerto", cousa positiva ante as presións do centralismo vaticano. Compre destacar que mentras os bispos europeos e norteamericanos lles preocupaban mais os problemas xurídicos, os bispos latinoamericanos puxeron o acento na necesaria opción polos pobres, que lle compre facer a Igrexa, e os africanos no respecto a súa cultura e tradicións.

O terceiro momento veu marcado pola segunda relación de Daneels que abogaba por profundizar no Concilio con un reforzamento da comunión e o misterio da Igrexa, así como un entendemento co mundo nesta situación de crise. O cuarto constituírono o traballo nos círculos menores (grupos por linguas semellantes), onde as diferentes posturas notáronse.
(Segue na pax. 6)

(Ven da px. 5)

máis: desde as mais abertas (os americanos e mesmo algúns bispos españois) ata as mais conservadoras (os alemáns encabezados polo cardeal Ratzinger).

O momento máis importante veu cando, simultaneamente a discusión dos temas do Sinodo, preparouse a mensaxe final deste. Unha comisión encabezada polo conservador bispo de París, o cardeal Lustiger, elaborou un primeiro comunicado que foi rexeitado pola asamblea; a súa tese era que o mundo está nunha situación catastrófica e so Deus o pode salvar. Na segunda redacción, xa definitiva, o tono foi, polo contrario, animoso e optimista.

As conclusións

A relación final do Sinodo comenza cunha valoración positiva do Concilio, para pasar a sinalar as "luzes e sombras" da súa acollida; no negativo destaca o rechazo da Igrexa e o "consumismo" que ocasiona unha "cegueira respecto dos valores espirituais", destacando como a Igrexa é mais aceptada onde ergue a súa voz contra da inxusticia.

Logo apunta os grandes argumentos do Sinodo:

a) Frente a un mundo que nós últimos anos foi prescindindo cada vez máis de Deus, presenta o misterio de Deus en Xesús Cristo e o Espírito. E o misterio da Igrexa como signo e instrumento da comunión entre os homes e con Deus. Unha Igrexa que non so é presentada como "misterio", senón tamén como "pobo de Deus", "familia"... superando unha visión so xerárquica ou puramente sociolóxica (un grupo social mais).

Insistese na vocación de tódolos homes á santidad, ou plenitude human na participación da vida de Deus. Unha Igrexa que



De "Vida Nueva"

QUIQUE

vive da Palabra de Deus, a evangelización, ou transmisión dos valores que veñen do Evanxelio, e a liturxia. Neste apartado apuntouse como suxerencia a polémica elaboración dun catecismo para toda a Igrexa.

b) A Igrexa como comunión con Deus, e entre tódolos cristiáns, por riba das diversas maneiras de entender e actuar, destacando a importancia das Conferencias Episcopais e a boa relación entre bispos e teólogos, así como a participación dos leigos, incluídas as mulleres, na vida da Igrexa ("corresponsabilidade"). E de destacar a valoración positiva das "comunidades cristiáns de base", e a revaloración do ecumenismo.

c) Finalmente, a misión da Igrexa no mundo, como instrumento da salvación de Deus. Destacando a necesidade dunha "teoloxía da cruz" que asuma a situación de "opresión" inxusticia e guerra torturas e terrorismo". Unha teoloxía que non exclue outra de compromiso na liberación dos homes. O que esixe unha adaptación á situación actual do mundo ("aggiornamento") sin pecharse ó mundo, pero sen amoldarse a el sen máis. Esixe tamén un

respeto das culturas de cada pobo ("inculturación") iluminándoas coa fe. E tamén un diálogo coas relixións non cristiánas e mesmo cos que non cren en Deus, "quen non nega a posibilidade de salvación a todo home de boa vontade". Finalmente fala da necesaria "opción preferencial polos pobres" (da que tanto fala a "Teoloxía da Liberación"), "nesta opción dí-brila o verdadeiro espírito do Evanxelio"; e unha opción pola tamén necesaria promoción humana, pois a salvación do home é integral, non so espiritual.

¿Que vai quedar do Sinodo?

Temémonos que non moito, fora dese discutibel "catecismo universal", que algúñ dí que xa esta feito, nunha línea ben pouco conciliar, e quizaves tamen un meirande coñecemento do Concilio. Estamos dacordo co seu berro de que o home de hoxe segue necesitando a Deus, e precisa abrirse ó misterio e a acción do Espírito, e a Igrexa pode ser un bo guía neste camiño. Pero ¿vai ir parello a isto unha acción e un compromiso decidido na liberación e promoción dos homes, facendo súas as loitas e as esperanzas dos asoballados? ¿Ou mais ben vai seguir defendendo os seus intereses de "sociedade perfecta", ó marxe das arelas dos homes?

Falando en prata ¿Vai tomar partido decididamente pola paz (contra os países que defenden a carreira armamentista e o negocio da guerra) e pola xusticia e os dereitos dos pobos e clases asoballadas (contra os pobos opresores e as clases explotadoras)? ¿Van ser efectivas as críticas contra o centralismo e autoritarismo da "antievangelica" curia vaticana, e as esixencias dunha meirande colexialidade e democratización da Igrexa, coa posibilidade de participación real dos fieis nas decisións?

Queremos ser optimistas e non ver so os aspectos negativos, pero parécenos que "aínda hai moito que roer"

Victorino Pérez

SE QUERES LER IRIMIA ¡SUSCRÍBETE!

Quero suscribirme ó Semanario IRIMIA:

Por un ano ☐

Ata nova orde ☐

Precio da suscripción

- Suscripción por un ano — 1.300 pts.
- Suscripción real 1.800
- Suscripción de apoio — 2.000 pts.

Pagarei por:

☐ Transferencia á Caixa de Aforros de Galicia: Vilalba, Conta n. 04950/0

☐ Correo contra Reembolso (máis caro e molesto ca transferencia)

Nome.....

Rúa ou Parroquia.....

Vila ou Axuntamento.....Provincia.....

Recorta e envíanos a: IRIMIA, Apdo. 5, Vilalba (Lugo)

Siro, moito máis que un debuxante de humor

Como Castelao e tódolos bós humoristas galegos, Siro é moito mais que un debuxante de humor, e máis aínda que un artista de pés a cabeza. Pepe Chao dixo del que Siro, facendo humor, non so "exerce de galego" -un pobo "especialmente dotado para o exercicio do humor"- senon que convértese ademais en "menciñeiro para sandar as feridas dun pobo...", a loitar contra ese mal colectivo da inxusticia estrutural que deixa a un pobo frustrado". E non esaxerou miga, estamos ante un gran debuxante e un gran galego, deses "bós e xenerosos", como poden afirmar tódolos que o coñecen; herdeiro da mais xenuína vea do humor galego, fiel a ricaz tradición humorística da nosa Terra, anque haxa quen vexa "carca" o seu debuxo, crendo que a delicadeza, o virtuo-

sismo e a elegancia dun bon debuxo son cousas do pasado. En realidade a morte do debuxo é a morte do humor gráfico, pois é renunciar ó que ten de mais xenuino e orixinal.

O HUMOR DE SIRO

Coa maestría dun artista e o oficio dun bon profesional, o humor de Siro non anda á percura da comicidade fácil que só val para un intre. E un humor que, ó mesmo tempo que nos saca un sorriso dos beizos, invita a pensar, a "profundar", como diría Castelao. Mais aínda, invita á solidariedade cos marxidados e ó compromiso coa nosa Terra. Ten unha gran carga de sátira político-social, pero non aceda, senon ó mesmo tempo retran-



Probes homes... Os que semellan "moi agudos", cando, de certo, son "moi obtusos"

A OBRA DE SIRO

— Numerosos debuxos de humor e caricaturas en xornais e revistas.

— **Corenta e catro galegos ilustres** caricaturas publicadas por **El Ideal Gallego**.

— **Os álbunes:**

• "Humor 71" (1971), prólogo de Xabier Alcalá.

• "Probes homes" (1975), prólogo de Ramón Piñeiro.

• "Os pecados capitales", prólogo de García-Sabell e epílogo de Andrés Torres Queiruga.

• "Homes e mulleres" (1980), prólogo de Xosé Chao Rego.

• "Coas raíces na terra" (1980), prólogo de Carlos Casares.

• "Historia gráfica de dous anos", con prólogo do autor.

• "Xente na brétama", prólogo de Carballo Calero.

• "In saecula saeculorum. Amén", con prólogo do autor.

• "Debuxos de humor", en colaboración co seu amigo Xaquín Marín.

• "Dezaoito espidos de muller" (1983).

Tamén fixo o prólogo en debuxos para o libro "Eu Renozo Galego" do noso compañeiro Pepe Chao; e ilustracións para libros de Xavier Alcalá, Gayoso Veiga, Carlos Durán, Alvaro Paradela, Cristina Amenedo, Rábade Parades, Helena Villar, Moisés Fernández Formoso, Vicente Aráguas e Neira Vilas.

queira e esperanzada, coma o bisturi dun ciruxano que vai abrindo e poñendo á vista as partes enfermas do corpo para sanda-la doenza.

Ramón Piñeiro chamoulle "agudo moralista", que sabe expresar non so a súa persoal concepción do debuxo, senon tamén o sentir do pobo, denunciando as deformidades da sociedade e o individuo. O pobo, especialmente o pobo galego, é o protagonista do seu humor, tanto no seu aspecto social e colectivo, como no seu aspecto persoal e individual. Siro é consciente de que o lápiz do humorista é tamén unha boa arma -pacífica- para loitar por unha sociedade mellor.

(ven da páx. anterior)

SIRO, HOME POLIFACÉTICO

Siro López Lorenzo é de Ferrol, onde naceu tal día coma hoxe, 19 de Xaneiro, hai 43 anos. Esco-menzou a publica-los seus debuxos na desaparecida revista **Chan** en 1970 con **Os nenos de Siro**, e deseguida pasou a publicalos a oito nos xornais e revistas: **Ferrol Diario**, **El Ideal Gallego**, **La Voz de Galicia**, **La Región**, **El Norte de Galicia**, **Teima**, **Outeiro**, **Arte Galicia**, **Grial**, **Encrucillada**, **Can sen dono** e **IRIMIA**.

A pouco de escomenza-lo seu labor, no ano 1975 xa pasou por dous xuicios civís e unha causa militar por debuxos publicados en **El Ideal Gallego**.

Como debuxante, ademais dos debuxos dos que falábamos, publicou varios álbumes e cultivou o retrato, sendo un consumado caricaturista, como terán apreciado os lectores de **IRIMIA**. Actualmente traballa en **La Voz de Galicia**, xornal ó que os seus agudos debuxos fixeron subí-la lectura, especialmente dos artigos de fondo. Ten acadado diversos premios en Concursos de Humor Gráfico.

Pero Siro é tamen escritor, conferenciante, locutor de radio..., e mesmo tivo unha activa militancia política nacionalista. Como **escritor** publicou varios contos en **Grial** e participou no concurso de contos de **O Facho**, acadando en 1982 o segundo premio; ademais publicou tamén en **Grial** varios estudos sobre Celso Emilio Ferreiro, Dieste e Blanco Amor, e igualmente ten escrito sobre o humor en varias ocasións. Como locutor de radio traballou para Radio Popular de Ferrol, Radio Nacional de España en Galicia e Antena 3.



— Siro, ¿como ves o humor gráfico hoxe en Galicia?

— Véxoo perdido, como que perdeu o rumbo, pois non segue a rica tradición do humor gráfico galego. Salvo excepcións, non hai bós debuxantes. A maioría fan como calquer humorista gráfico de fora de Galicia. E máis doado face-los **cartoon**, eses chistes nos que o debuxo é o que menos conta, e faise de calquer maneira, sen coidalo grafismo. Eu penso que se os humoristas gráficos deixan de preocuparse do debuxo, o que está en perigo é a mesma estinción do humor gráfico.

— ¿E que pensas do **comic**, tan de moda nestes tempos?

— Sinto decirche que non gusto do **comic**. Nin me gusta, nin son capaz de lellos, cánsome de contado. Nen sequera os de creadores da talla de Gímenez ou Moebius. Teño discutido longamente sobre este particular con algúns bos amigos. Quizaves sexa

esta unha das razóns polas que dixeron de min que por unha banda son politicamente "progre" e artisticamente "carca". Eu leo moito e amo os libros, mesmo na súa feitura material; gústanme os libros "ben feitos". E ó **comic** fáltalle o "pouso cultural". A min arrepiame a tecnoloxía.

— Para rematar, coido que tiveches algún problema coa Xusticia por culpa dos teus debuxos...

— Pois si. En 1975 pasei por dous xuicios civís e unha causa militar por debuxos publicados en "El Ideal Gallego". No primeiro xuicio civil saín absolto e no segundo o Fiscal retiroume os cárregos. En troques no Consello de guerra fun amnistiado polo Rei antes que chegara a celebrarse; pero estaba acusado de "intento de sedición e incitación a la misma", polo que se pedían seis anos e un día de cadea.

TORI

II Xornadas de formación popular de Lagoa

Por segundo ano, un grupo de veciños de Lagoa e outras parroquias do axuntamento de Pastoriza, na provincia de Lugo, organizaron o longo do pasado mes de Decembro unhas "Xornadas de Formación Popular"; animados pola boa acollida que tiveran as primeiras o ano anterior, acollida que se veu moi superada nesta segunda edición. A cotío adoita dicirse que o labrego non mostra interese por formarse e aprender; a acollida que recibiron estas xornadas é a proba de que non é tan así, se se lles ofrece algo que suscite o seu interese e responda as súas necesidades.

Para tódolos lectores que traballan na animación socio-cultural recomendámoslles esta "fórmula" das **Xornadas**, que tan bo resultado deu neste caso e noutros, dos que falamos en anteriores números de IRI-MIA. Non son moi difíciles de organizar, sobre todo se se conta co apoio dun grupo entusiasta que lles serve de soporte e lles dea espallamento (cómpre salientar que neste caso contouse cun rotundo apoio da prensa e a radio, o cal resulta de gran axuda). Ó ser un "bombardeo" informativo intenso nun período curto, serve máis para mobilizar a un colectivo, e a afluencia é meirande que tratándose de algo máis "de pasadita", sendo máis rentable o esforzo de atraer á xente, pois de seguida convértese en noticia para propios e alleos.

A afluencia de veciños foi este ano entre cento dez - cento trinta, chegando en dúas ocasións a supera-los cento sesenta, o que desbordou as posibilidades do local. Elo significa un rotundo éxito, como se decatarán de contado os que teñan algunha experiencia en charlas e cousas desas.

Os créditos e o saneamento

Comenzaron as **Xornadas** o 3 de Decembro coa información e debate sobre **Créditos para o campo galego hoxe**, a cargo de Fernando Coduras, perito da axencia de Extensión Agraria de Mondoñedo, quen tras unha aclaración de conceptos como inversión, interese, amortización, carencia, etc. falou dos créditos vixentes neste momento: "Créditos para agricultores xóvenes", "C. para tarefas de aprendizaxe", "C. para a vivenda rural", Programa VERO, etc. Dos que o lector atopará máis información no



As xornadas convocaron este ano a moita xente

pasado n.º 206 desta revista.

O día 6 Uxio Rei, veterinario do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo conduciu a xornada sobre o tema **Sanidade e Saneamento do Gando Vacuno**. Partindo de que o saneamento do gando, realmente necesario se se queren ter explotacións rentables, está sendo moi mal levado, ata o punto de afirmar que en moitos casos son cartos tirados. Cómpre facer un saneamento en primeiro lugar preventivo das enfermidades e un acompañamento das explotacións por parte dos veterinarios estruturados en equipos comarcais, cada un cun laboratorio de diagnóstico, control estadístico das explotacións, inspección ben levada, etc. Pero, en todo caso, a responsabilidade dos gandeiros é irrenunciable, pois o saneamento é máis cousa dos propios gandeiros que dos funcionarios de sanidade. E cómpre espabilarse pois hoxe en Galicia pérdense nada menos que 4 pts. por cada litro de leite, por estas causas.

O manexo e a boa produción do gando. O leite.

Na terceira das xornadas, Lorenzo Molejón falou de **¿Pastoreo ou sega?** Tras apunta-las ventaxas e inconvenientes dun e outro respecto da produción do gando vacuno, avogou polo **pastoreo rotativo**, que significa

bota-las vacas tódolos días a pastar, pero de maneira rotativa no prado, parcelando este en pequenos anacos separados pola alambrada do pastor eléctrico, o que obriga á vaca a pastar só nun determinado lugar non estragando o prado e aproveitando o máximo os seus recursos.

Pola súa banda, Eloi Villada falou na xornada seguinte sobre o **Manexo e construcións para gando vacuno**, cunha clara opción polas **estabulacións libres** do gando, sistema xa adoptado maioritariamente polos gandeiros de tódolos países da CEE. E por riba, máis barato cás estabulacións pechadas que tan ó tolo se fixeron nos últimos anos no campo galego, por culpa dunha mala información por parte da Administración e o absurdo medo de que as vacas "pasen frío", que seguen tendo moitos gandeiros; cando en realidade o que ocasionaron en moitos casos foi o aumento das enfermidades no gando.

Como era de esperar, a xornada que acadou un meirande interese, ata o punto de que a xente desbordou as posibilidades do local, foi a que tratou unha vez máis do **problema do leite**, verdadeiro "pan de cada día" nesta bisbarra. Antonio Fernandez Oca, perito de Extensión Agraria, e dous veciños de Ribadeo falan de "**Mondigo-leite**", unha recén creada cooperativa de comercialización do leite, que asocia a máis de 50 produtores dispostos a comercializar en común un leite

de calidade con baixo nivel bacteriolóxico. Aproveitou tamén Fernández Oca, colaborador desta revista, para falar da frustrada compra de MA-FRIESA por UNIGALCO, cooperativa de segundo grado que agrupa a outras dezaioito de Lugo e Coruña, e asimismo de FRIGSA, máis recentemente; e asimismo a esperanza posta na posible comercialización conxunta do leite de cooperativas e colectivos da provincia de Lugo. E falou finalmente das O.P.A. (Organizacións de Productores Agrarios), dándolle-lo seu apoio.

A saúde e a cultura

As últimas **xornadas** pasaron dos temas agrícolas-gandeiros a temas de saúde e cultura. No primeiro caso, o Doctor Bernardino Pardo Teijeiro, médico especialista en medicina familiar e comunitaria falou de **Saúde e Seguridade Social en Galicia**. A pesares de se-lo director do Ambulatorio da Seguridade Social de Lugo, afirmou que habería que gastar menos en hospitais e máis na atención as necesidades primarias da saúde, desde as mesmas casas e nas parroquias, con Centros de Saúde eficaces en cada municipio. De feito os hospitais só atenden o 20% da poboación enferma, e son os médicos de cabeceira os que realmente poden saber

Eloi Villada, que utilizou as diapositivas para falar das **construccions para o gando** coa indispensable axuda das imaxes

mellor das doenzas dos veciños que coñecen e tratan.

Na penúltima xornada, ante a obli-gada ausencia por enfermidade de Manuel Maria, o noso gran poeta, falou Xosé Antón Miguelez, compañeiro e vello coñecido dos lectores de IRIMIA, que houbo de improvisala conversa, pouco antes desta. Falou sobre a **Cultura Galega**, que definiu como "a sabiduría galega". Desta maneira, ademais da "cultura oficialmente recoñecida", hai tamén unha "cultura da terra", a que posee o la-

brego galego, e que tamén é dunha gran riqueza, anque a cotío fora despreciada. Pois **cultura**, en definitiva, é todo aquilo que axuda ó home a humanizarse, a desenvolverse, avanzar e medrar en comunidade. Esta cultura, maiormente unha "cultura da la-reira", quedou reflexada nos refrans, as tradicións, a lingua, etc. que foron conformando a maneira de ser do pobo galego.

As **Xornadas** remataron cun debate **municipal e parroquial**, no que se contou, ademais da imprescindible presenza dos veciños da maioría das parroquias do concello, coa participación do alcalde e concellais da Corporación municipal, o veterinario municipal, unha doutora do equipo médico do Centro de Saúde e a directora do grupo escolar. E fíxose un repaso en primeiro lugar os temas máis quentes de índole municipal, logo veu o turno do veterinario, presentándolle os veciños os seus problemas. O veterinario seguiu a doutora, e o debate rematou cos problemas escolares.

Dada a boa acollida que tiveron, os organizadores comprometéronse a facer neste ano 1986 as **III Xornadas**, e esperamos que así sexa, pois coidamos que é moi boa cousa para o desenvolvemento do noso agro, a cotío tan esquecido de todos.

Victorino Pérez Prieto



As autoridades do Concello clausuraron as Xornadas cun debate municipal

A postura da Igrexa española ante o Referendum

Unha nota ^{inoportuna} importante

No intre de botar este número de IRIMIA á imprenta, agardamos aínda a publicación do documento da **Conferencia Episcopal Española** "Os cristiáns e a paz", que posiblemente teña saído xa cando este exemplar chegue as mans do lector. Pero si temos diante a inútil e inoportuna nota feita pública o pasado 14 de Febreiro, ó parecer de factura e responsabilidade exclusiva do Secretario da Confederación Episcopal Fernando Sebastián. Desta compre salientar a súa ambigüidade, que levou a un coñecido periodista madrileño a escribir: "Se os cristiáns temos algunha posibilidade de sacar conclusións de esta nota, que veña Deus e o vexa". Non lle faltaba razón, pois tras començar afirmando que "os católicos debemos apostar seriamente pola paz" e falar -para "compensar"- de que "tamén compre ter en conta... as necesidades dunha xusta defensa nacional". Remata por concluir que "As consideracións de orden moral... dificilmente poden dar lugar a unha determinada posición"; co que non sabe ou non quere sacar as conclusións lóxicas do primeiro enunciado.

"Os cristiáns e a paz"

Mais claro parece ser o documento da Conferencia aludido. Nel tómasse unha postura máis valente contra a **falsa paz que conleva unha política de diuasión baseada no poderío bélico** (como afirman Reagan, Fraga e agora González). Hai igualmente unha dura crítica **contra a carreira armamentista** e máis concretamente contra a tolemia nuclear,

que tan valentemente denunciáran tamen, hai uns meses, os bispos norteamericanos. E, en fin, parece tomarse unha postura máis clara pola neutralidade, única alternativa que nos parece realmente válida para a paz en Europa e o mundo enteiro.

"Obxectivo: a paz". O documento dos bispos bascos.

Clara e decidido resulta sen dúbida un documento publicado hai dous meses polos bispos bascos, como axuda para unha toma de postura no Referendum, custionando as verdadeiras razóns do goberno para dicir agora sí OTAN, renegando da súa postura de hai ben pouco tempo.


Partindo de que "O Evanxelio da paz urxe ó crente a ir humanizando este mundo violento e belicista". Partindo igualmente de que a Palabra de Deus esixe os cristiáns "a afirmación da vida e a paz fronte os señores da guerra". os bispos non dúbidan en apostar claramente pola **neutralidade**, máis necesaria que nunca neste

tempo en que **queren impoñer-nos como inevitable a que chaman acertadamente "retórica da guerra fría"**, que enfrenta á humanidade en dous bloques que se presupoñen absolutamente irreconciliables.

"A neutralidade -din os bispos- non só é desexable e necesaria, senon tamén posible... Cómpre ofrecer unha alternativa global. Esta pode ser un neutralismo activo... **A opción da neutralidade supón a única actitude realmente pacífica...** Podemos ser neutrais e así contribuir máis e mellor á causa da paz".

Esta é tamén a nosa postura, como cidadáns e como cristiáns, a que nos leva a dicir con toda rotundidade un **NON** á participación en bloques militares que no canto de "unirse para defendela paz" -como queren engaiolarnos- o único que fan é **enfrentar os pobos**. Esta é, en fin, a postura que nos parece máis consecuente aquí e agora co mandato de Xesús: **Benaventurados os que loitan pola paz**".

Victorino Pérez



De "Noticias obreras"

OS PROBLEMAS DA ENERXIA NUCLEAR. O ACCIDENTE DE CHERNOBYL

Hai unhas semanas tódolos medios de comunicación facíanse eco dun accidente que houbo na central nuclear de Chernobyl, a 130 km. de Kiev, capital da rexión rusa de Ucraína. O accidente foi moi importante, pois este tipo de accidentes sempre o son; pero entre os 2.000 mortos que dixeron os americanos que houbera, e os dous mortos que dixeron os rusos, aínda hai unha boa diferenza de apreciación... Ben é certo que estes últimos recoñeceran tamen outros 200 feridos, 20 deles moi graves.

O accidente produciuse pola explosión dun dos reactores ou caldeiras onde se produce a enerxía na central nuclear, explosión ó parecer debida a un excesivo calor. A enerxía nuclear prodúcese pola reacción en cadea que ocasiona a fisión nuclear do Uranio 225 (o elemento mais rico para este fin).

Un accidente nuclear é sempre un feito moi grave pois libera **radiactividade**, produto altamente perxudicial para todo ser vivo, e especialmente para o home (é peor que o mais forte veneno, se a radiactividade alcanza niveis altos). E por eso que moitos grupos de persoas loitan hoxe por todo o mundo adiante contra da aplicación desta enerxía, buscando enerxías alternativas que non sexan tan perigosas. ("Nucleares non. Gracias").

Neste caso as consecuencias son especialmente graves para Rusia, pois a rexión de Ucraína, onde foi o accidente, é considerada coma "o graneiro da Unión Soviética"; co que a alimentación básica dos cidadáns soviéticos vai sufrir un duro golpe se, como parece lóxico, as colleitas e o gando quedaron **contaminados** nunha ampla zona. ¿Que quere dicir isto? A contaminación significa que os produtos quedan inservíbeis e moi perigosos para o consumo, pois as partículas radiactivas que veñen na nube radiactiva e can sobre deles son como si se lles botara un veneno.



O cadro mostra as consecuencias que pode ter sobre do organismo humano a radiactividade, consecuencias que se notan sobre todo co paso do tempo.

Victorino Pérez

LOITA CONTRA AS ENFERMIDADES CARDIOVASCULARES (2)

Factores de risco da cardiopatía isquémica

Hai unha serie de alteracións nas persoas que poden ir asociadas a un risco elevado de padecer dita enfermidade no decurso da vida.

Estes factores son, entre outros:

- Elevación dos lípidos (graxas) no sangue, tanto do **colesterol** coma doutros tipos de graxas.
- **Hipertensión** ou tensión alta.
- Consumo de **tabaco**.
- **Obesidade** (gordura).
- Dieta con moitas graxas, colesterol, azúcar e sal.
- Tensión psíquica (o que os modernos chaman **stress**).

Alimentos que reducen o colesterol no sangue

- Alimentos con contido en fibras, como: Chícharos (guisantes), lentellas, xudías, mazás, cítricos (limón, laranxa), plátano, zanahoria e avea.
- Ácidos graxos polinsaturados, que se conteñen en peixes como: xarda, salmón, peixes azuis, sardiñas, troitas,... O peixe debe de cocinarse fervido, asado no forno ou ó vapor.
- Vitamina E, trigo e xerme de trigo.
- Coles, soxa, cacahuètes, arroz, cebada, aguacates.
- Allo e cebola.

As dietas con estes produtos deben ser feitas polos médicos respectivos, de maneira individualizada para cada un dos pacientes.

É importantísimo para controla-la suba do colesterol regular ben os tipos de alimentación.

Pauliño



A frota reduce o colesterol

Entrevista a Mini e Mero

"Quenlla", o espírito de "Voces ceibes"

Mini e Mero foron hai anos os principais líderes de **Fuxan os ventos**, posiblemente o mellor grupo de música popular galega que ten existido, e desde logo o que máis calou na xente ¿Quén non coñeceu a "Fuxan os ventos"? "O tequeletequele", "Sementeira", "Quen a soubera cantar",... convertíronse caseque en lugar común, da música galega, sobre todo nos anos da transición

Problemas que non merece a pena comentar agora dividiron o grupo. Pero cinco anos despois da derradeira gravación de **Fuxan**, Mini e Mero, con novos compañeiros e cun novo grupo chamado **Quenlla**, sorpréndenos cun novo disco -o primeiro deste grupo-, na mellor liña de **Fuxan**, co xenuino espírito que animara aquel grupo. Con eles tivemos unha conversa o mes pasado en Lagoa (Lugo).



"Quenlla" nunha actuación

— **QUENLLA** vén sendo en galego un canle para conducir auga, para vós siñifica tamén sen dúbida un canle para expresar o que levades dentro, ese fondo sentimento galego e popular, do que déstedes mostras ó longo de tantos anos. ¿Por qué logo este novo disco?

— (Mini). "Os tempos aínda non son chegados", que así se chama o disco, sal á rúa porque todo grupo ten que facer un traballo, e o obxectivo é que se materialice nun disco. ¿Por qué este disco? A nós moveunos sempre o intento de cantar para a nosa xente, canta-las alegrías, tristuras e problemas que padece o noso pobo. O disco vai cargado desa problemática porque tras cerca de cinco

anos de silencio, neste momento non se berran as verdades, anque hai moitos grupos galegos. Desde que temos "Autonosuya" e chegou a democracia todo parece ir sobre rosas, pero os problemas seguen estando aí: seguimos tendo os mesmos problemas e os mesmos enemigos do pobo que tiñamos no franquismo.

— Entón ¿pensades que a música galega de hoxe esqueceu a palabra de alento e de denuncia, e vós querédelas recuperar?

— (Mero). Se seguiran os cegos polas feiras, seguro que criticarían tantas burradas como seguen facendo. Hoxe hai un silencio moi grande en Galicia, non hai cegos que canten as

cousas, e nós queremos asumi-lo seu papel como cantantes, titiriteiros e todo o que faga falta. Deste xeito, neste disco collimos textos de xente que soubo falar verbas de denuncia e puxémoslle unha música que tivese que ver coa música galega, empregando romances vellos ou músicas novas. Acudimos a Dario Xohan Cabana, Manuel María, Celso Emilio; e recurriremos a todos aqueles poetas que coidamos contan a verdade de Galicia que está tan calada e acochada, ata o punto que mesmo moitos galegos non a coñecen. A pesares de ser unha materia obrigatoria o ensino do galego, non se cumpre e séguense poñendo "peros" á xente que se expresa na nosa lingua; o medio


(Pasa a pág. seguinte)

O GATO GAIADO E A ANDORIÑA SEÑÁ
Jorge Amado
Traducción: Xela Arias

SEMPRE CRISTINA
Ursula Heinze
Ilustracións: Dánae Barral

edicións xerais de galicia

Doctor Maraño, 10 VIGO-11 (Pontevedra)



rural segue asoballado e mesmo con perigo de perde-la súa cultura. Nós hoxe coidamos que polo menos temos "o dereito ó pataleo", e queremos exercelo.

— Veño de oi-la vosa nova gravación e quedei tremendamente impresionado sobre todo por esa cara que é un canto a Galicia, con texto de Manuel María. Parece excelente, pero quizais un pouco duro. ¿Como coidades que vai acolle-lo público o voso disco, sobre todo os mozos que son os que os mercan, esa mocidade "post-moderna" a quen estas cousas lles sonan a rollos que non van con eles?.

— (Mini). Nós vivímo-la época dos Beatles, Elvis..., e asimilamos esa realidade, pero asimilamos tamén outras coma un espírito de utopía, de crer que podían cambiarse as cousas, as estruturas, a sociedade. Négome a crer que a sociedade actual sexa tan tonta como para entender só o post-modernismo que renega de todo iso; esta mocidade, coma a de tódolos tempos, está aberta. Non sabemos como acollerá este disco un pouco "carroza" - "de carrozas galeguistas". Será ben acollido por aqueles que aren por ese camiño e será rexeitado por outros. Pero a min non me preocupa nada. Este disco expresa o que nós pensamos e queríamos dicir con liberdade hoxe en Galicia.

— O escoita-lo disco eu volvíñ sentir no meu corazón os sentimentos daqueles anos de loita e ilusión que non esmoreceron; pero un sente morriña daqueles poemas e aquelas cancións e escoita unha e outra vez os discos de Voces Ceibes. Oímos dicir que tivéstedes algunha fala con nosos sobre estas cousas e douvos a impresión de que non se aburriron moito.

— (Mera). Certo, fixemos recentemente unhas charlas sobre a música tradicional e a problemática de Galicia, temas recollidos nas nosas cancións; e a acollida que tivemos déunos mostras claras do interese de moitos mozos por isto. Nalgún lugar íamos para unha fala dunha hora e botamos dúas, o cal quere dicir que ese día priváronse de ir de discoteca ou de "ligue" e quedáronse con nós; o que significa que os mozos tamén teñen sensibilidade para estas cousas.

— Unha última pregunta ¿a música galega traicionou a súa razón de ser?.

— (Mini). En principio, penso que neste país calquera pode crear cando



Foto que preside a portada do disco

queira como queira e o que queira: A liberdade ante todo. Pero hai certamente poucos grupos que fan música tradicional; son os xornalistas e "certos entendidiños" que temos neste país os que poñen carteis a tal ou cal grupo ou cantante. A música galega está saíndo da música tradicional; hai unha música tradicional bastante ben delimitada e hai outra por facer que está tateando, a que pasa pola música celta, polo falso rock galego..., pero en realidade a música galega que se fai hoxe non ten moitas raíces. Temos de todo, desde corais que desvirtúan a música tradicional mistificando e sofisticando esa música, facendo unhas polifonías extrañas, ata a música da "movida viguesa" que eu claramente vexo como reflexo dunha mocidade marxinal que se expresa como sabe e como pode, pero que está manexada pola publicidade, a prensa, as casas de discos, etc. que teñen a pluma na man e deberían ter outras cousas.

Nós imos facendo o que podemos nun país onde se nos negou o entendemento da nosa propia música, porque estamos nun país xordo e coxo e medio cego de moitas cousas. Nunca se nos ensinou música galega, o que sabemos aprendímolos polos camiños, de xeito autodidáctico e chea de erros. Os que si podían facer música galega en condicións non a fan, adicanse a outros estudos de rata de biblioteca, e... que sigan facendo por moitos anos

Ogallá que o disco de *Quenlla* sexa a alborada dun novo menceir para a música galega. Ogallá voltemos vibrar coma nos vellos tempos o facíamos con "Compañeira", "Irmáns" e tantos outros títulos

Victorino Pérez Prieto

O medo da droga

Non hai moitos días que me atopei con Lucas tomando unha copa nun dos abundantes bares das rúas dos nosos pobos. Encerellámonos nunha longa conversa e os temas ían mudando coa mesma facilidade con que se volvían enche-los vasos de viño ata que á última hora aparecemos falando da droga:

— Se algo hai hoxe -resumo a Lucas- verdadeiramente malo é a droga. Caer nela é o peor que lle pode pasar a unha persoa. É o cancro da mocidade.

Lucas é un rapaz de 17 anos, portugués, que emigrou de Portugal porque, ademais de non aguantar a escola, aló non tiña onde gañar cartos para "situarse ben na vida" e poder poñer ben a súa nai, que traballa de camareiro 10 horas diarias sen ningún día libre e sen Seguridade Social, que cobra 20.000 pesetas, que estivo un longo tempo da conversa laiándose do que botaba de menos a súa nai, de que era un desgraciado que nacera con mala estrela, que se sentía só..., e que na súa cabeza o gran problema é a droga.

Cando estaba de noite cavilando na cama sobre o acontecido, tiven por un momento a sensación, ó millor incerta, de que o pensamento de Lucas esta bastante xeralizado (escóitense as conversas da rúa e véxanse as grandes cantidades de artigos e programas encol da droga) e non puideron evitar preguntarme: ¿cál será o proceso polo que un problema se converte no gran problema a pesar de estar vendo ou vivindo problemas que nos afectan ou afectan obxetivamente a humanidade en meirande número e intensidade? ¿Quen estará tan interesado en que a droga sexa o PROBLEMA? Non pretendo agora responder estas cuestións nin analiza-lo mundo da droga nestas liñas; límitome a plantear un problema e cada quen que dea a resposta que lle pareza.

Volvendo con Lucas, supoño que sería moi descabellado que alguen interpretara a súa insistencia en deixar claro que el nunca probaría a droga, que sería o peor que lle podía pasar, como unha maneira inconsciente de dicir:

— Axudame; por favor drogáme, faime alucinar cun mundo onde non me explotan, onde non teña que andar desesperadamente tras dos cartos para poder ser "alguén" e "poñer ben" a miña nai, onde non teña que estar so días e días sen ningún que me bote unha man, onde non enganen á meirande parte da mocidade con promesas de felicidade que logo se volven paos e frustración, onde as leis se fagan desde as primeiras necesidades das persoas e non desde os negocios nin desde os sillóns, comidas de traballo ou "eleccións" de narcisos xenocidas que se arrogan o poder de dar premios e castigos según lle fagamos a venia ou non á súa moral, á súa escala de valores e a súa filosofía, un mundo onde...

Ramiro

"O CAXIGO", unha nova cooperativa agraria

En LAGOA, concello de PASTORIZA (Lugo), agroma un novo xeito de facer campo en Galicia. Tense dito, e con razón, que o cooperativismo é a única alternativa válida para o campo. Desde o prematuro ingreso na CEE aumentaron as voces que reclaman solucións deste tipo se é que se quere libra-la batalla cun mínimo de garantías. Na Comunidade Europea o 85% dos produtores agrarios están cooperativizados fronte ó 15% que hai en Galicia. Por iso resulta unha feliz boa nova o nacemento de "O CAXIGO" con ámbito en todo o concello e aberta a posibles socios de tódolos concellos viciños.



A idea da cooperativa recibiu un gran impulso nas "Xornadas de Formación Popular"

Algo de historia

A cooperativa non se fixo onte. Viña funcionando desde hai un ano. Primeiro como grupo informal pero xa con algún tipo de acción en común. Nos últimos meses formalizou xuridicamente a súa existencia, sendo rexida por un consello rector provisional. No principio, un reducido grupo de viciños foi matinando na idea. Sucesivas xuntas axudaron a que

aquela luceciña tomase corpo e forma definitiva. Decidiuse así que a cooperativa se definira fundamentalmente como: **Democrática** (tódolos socios terán voz e voto en igualdade de condicións), **de base** (a iniciativa das cousas que se fan e o control das mesmas corren a cargo dos socios. Non é un home de empresa quen dirixe a cooperativa en tanto que

os socios colaboran nesa iniciativa incluso con compra de accións), **solidaria** (unida a outras cooperativas luguesas formando xunto con elas unha unión de cooperativas galegas).

O CAXIGO en dados

Actualmente conta con 58 socios, cifra que contan duplicar antes de que remate o ano. Entre os seus obxectivos figuran: o abastecemento de insumos (abonos, piensos, sementes...) e a comercialización do leite e a carne, con posibilidades de ampliar a súa acción a outros sectores. Dentro da cooperativa, unha boa maioría de socios agrúpanse na "sección do leite". Comercializan diariamente preto dos 10.000 litros, que se venden a unha empresa do sector. Empresa coa que se firmou un contrato colectivo por un ano.

Son os primeiros pasos dun esforzo imprescindible para o noso agro e que sería merecente dunha atención oficial máis seria e consistente.

Victorino Pérez Prieto

IV XORNADAS AGRARIAS GALEGAS

24, 25, 26 de Outubro de 1986

Centro de Ensinanzas Integradas
(Anterga Universidade Laboral)

OURENSE

Este é o cuarto ano consecutivo que se celebran estas Xornadas que veñen xuntando un importante número de técnicos agrarios, animadores rurais e labregos. Dende o venres 24 ás cinco da tarde e ata o domingo 26 haberá ponencias encol de cinco temas:

- Gandaría extensiva
- A Pataca
- Sanidade animal. Campañas oficiais.
- O Viño.
- A muller na sociedade agraria galega.

O remate das comunicacións darase un tempo para o debate. Tamén, a última hora do sábado, está previsto un tema panel "na procura dun modelo de desenvolvemento agrario propio".

Desde aquí animamos, a cantos estean interesados no desenrolo do noso campo, a participar nestes encontros que xa se veñen significando pola súa contribución á realidade do agro galego.

Hortoflor : unha cooperativa ourensán competitiva

O cooperativismo é unha das realidades do campo que máis vén apoiando IRIMIA desde que saíu á rúa; por esta razón, a realidade cooperativa ten saído numerosas veces nas nosas páxinas: Teoría, plantexamentos xerais, realidade xurídica e técnica, e sobre todo experiencias concretas. Hoxe imos falar doutra realidade cooperativa máis, entre as moitas que foron xurdindo na nosa terra nos últimos anos: "Hortoflor",

a meirande cooperativa do sector horticultor por invernadeiro que existe na nosa terra. Nada menos que 200.000 metros cuadrados de invernadeiros son o seu campo de traballo.

Hortoflor é unha idea e unha realidade dun grupo de animosos labregos da comarca do Ribeiro, na provincia de Ourense. Falamos con **Carlos Gómez Díez**, o seu presidente.

— ¿Qué é "Hortoflor"?

— Hortoflor é unha cooperativa de comercialización de produtos do campo en invernadeiros; con 200.000 metros cuadrados cubertos, dos que 70.000 adicanse a cultivo de flores e 130.000 a produtos de horta (tomates, leitugas, pementos,...); aínda que con perspectivas a curto prazo de ampliarse a 300.000 m². Somos 110 asociados adicados de maneira práctica-mente exclusiva a eso. Deles 60 son mozos menores de 35 anos.

— ¿Cando naceu Hortoflor?

— A idea de Hortoflor naceu hai máis de tres anos, constituíndose como cooperativa a finais do ano 84. Daquela eramos 27 socios con 20.000 m² de invernadeiro, que en menos dun ano convertéronse en 70.000, e a comenzos do ano 86 eran 200.000.

— ¿Cómo naceu a cooperativa?

— A cooperativa naceu como froito dunha necesidade sentida entre os labregos do sector sobre todo polo problema de comercialización do produto, para evita-la competencia, acadar unha situación rentable de precios e ofrecer unha cantidade mínima ó almacenista. A idea saíu dun pequeno grupo de 5 ou 6 labregos que o tiñan moi claro e fóronllo planteando a máis veciños. Dábase o caso, por exemplo, de que producindo moitos menos tomates dos que producimos agora, había que ir vendelos fóra, pola mala situación do mercado; o ano pasado, con máis do dobre da produción, vendeuse todo en Ourense pola garantía de suministro que dabamos ós vendedores, pois fai falla un mínimo de produción para cumpli-los compromisos.

— A meirande parte das cooperativas teñen fallado pola escasa rentabilidade ¿cómo andan as vosas cifras?

— O primeiro ano fixemos 21 millóns de pesetas, que pasaron a ser 70 millóns ó ano seguinte, e no 86 duplicáronse converténdose en 150 millóns. Ben é certo que houbo unha



O problema da comercialización foi un factor decisivo

forte inversión: invernadeiros, abonos, distribución,... No primeiro ano foi preciso alquilar un almacén en Ourense, pero agora dispoñemos xa dunha nave de 800 m² e outros 200 m² de cámaras frigoríficas cunha capacidade de 300 m³.

— ¿Cómo funciona Hortoflor?

— A produción é familiar, esixíndose para ser socio 1000 m² de invernadeiro como mínimo. A cuota de ingreso é de 20.000 pesetas máis outras 10 pesetas por m² de aportación ó capital social (10.000 pesetas como mínimo); aínda que actualmente estas 10 pesetas por m² convertéronse en 160 pts./m², para a necesaria capitalización da cooperativa. Houbo algúns socios que abandonaron ás primeiras de cambio, perdendo os cartos da súa aportación, pero de contado foron substituídos por outros que tiñan as cousas máis claras. Actual-

mente a cooperativa ten 52 millóns de pesetas de inversión, e unha inversión total dos socios ó redor de 500 millóns de pesetas, cunha media de 2.000 m² por socio.


A cooperativa é a que impón o tipo de cultivo que debe facer cada socio (variedades que debe producir), e o modo de cultivo. Cousa que é decidida pola Xunta Rectora. Isto é imprescindible, pois a produción depende da demanda. Desgraciadamente non tódolos socios son verdadeiros "cooperativistas" pois algúns só van á Cooperativa buscando a solución ó seu problema e non unha solución conxunta e boa para todos.

— ¿Son socios tódolos que traballan na Cooperativa?

— Non todos. Temos un técnico que non é socio pero está moi identificado coa Cooperativa e sobre todo moi ben preparado. Veu de Cataluña

(Pasa a pág. seguinte)

(Ven da páx. anterior)



A cooperativa ten actualmente mais de 200.000 m2 de invernadeiros

ainda que é galego e fala galego. Temos tamén un inxeñeiro agrónomo para leva-la programación dos cultivos. E tamén varios asalariados que traballan no almacén.

— ¿Que problemas máis importantes tedes na Cooperativa?

— O problema número un é o dos técnicos. Necesitamos técnicos bos e estes son moi caros. Por outra banda desgraciadamente case que non temos axudas oficiais pois estas cooperativas están moi marxinadas pola Administración.

— ¿Queres engadir algunha cousa máis?

— Si, a finais do pasado ano construímos un invernadeiro de cristal moi moderno que trouxemos de Holanda

e do que estamos moi orgullosos. Aínda que foi caro é unha obra importante pois gracias a el podemos produci-las sementes para a Cooperativa sen ter que importalas e mesmo podemos face-los nosos propios experimentos. Outro adianto técnico moi importante para nós de cara a boa xestión da Cooperativa foi a adquisición dun ordenador, que por outra banda permitelle tamén a calquera socio poder mirar sempre que queira a súa contabilidade.

Outro dato interesante que cómpre salientar é o sistema de pago ós socios. No primeiro de ano facemos un presuposto e en base del retribúese o produtor que non ten que estar pendente das oscilacións do mercado.

E quero rematar dicindo que esta parécenos a verdadeira solución válida para este tipo de produción, e na nosa zona resultou se-la única alternativa rentable para os malos viñedos, recorda que estamos na zona do viño do ribeiro.

Nosoutros queremos rematar tamén con algunhas preguntas que nos daron no tinteiro: ¿Cal é a inversión real dos socios para poñer en funcionamento eses 1000 metros cuadrados que esixe como mínimo a Cooperativa?... Temos oído que a inversión calcúlase en 2.000 pts como mínimo por metro cadrado de invernadeiro... ¿Que supón esta forte inversión para un labrego normal? ¿Esta dentro das súas posibilidades?... ¿Que porcentaxe de axuda ten o socio con respecto da súa inversión? ¿A que prezo percibe as axudas? En base a este ¿é un cooperativismo elitista ou popular?... ¿Como conxugar a rentabilidade económica coa promoción dos labregos menos favorecidos?... En fin, ¿como axudar a que os labregos se integren no movemento cooperativo?

Victorino Pérez Prieto

Manifesto en Defensa do sector leiteiro galego

Constituíse en Santiago a Plataforma para a defensa do sector leiteiro de Galicia, na que están integradas a case totalidade das organizacións agrarias e gandeiras da nosa comunidade, tales como sindicatos, industria, cooperativas, asociacións profesionais e Cámaras Agrarias, co apoio dos partidos políticos.

Nesta Plataforma, tal e como se pode apreciar pola variedade política e social que representan as diferentes organizacións que a compoñen, vaise defender un dos sectores máis importantes da economía galega, para evitar deste xeito os recortes que se pretenden impor á produción de leite, con todo o que isto supón para o desenvolvemento económico de unha das zoas con mais clara vocación leiteira do Estado Español.

As razóns máis importantes que motivan as nosas accións unitarias contra o establecemento das limitacións á produción leiteira son as seguintes:

1.- Conquerir liberdade para producir leite ata que academos uns niveis de desenvolvemento que nos permiten vivir dignamente.

2.- En Galicia non coñecemos alternativas reais á produción de leite, e se as houbera deberían aplicarse antes de establece-las cuotas.

3.- Non é posible mante-los niveis de vida dos gandeiros facendo unha mellor xestión na explotación. En Galicia é imprescindible aumenta-los niveis de produción actuais, agás que renunciemos ó futuro.

4.- Limita-la produción de leite en Galicia sería algo así como aceptalo atraso, eliminando a única alternativa que posibilita a mellora do nivel de renda do campo galego.

E necesario que Madrid e Bruselas cheguen a comprender que os dereitos de Galicia deben ser respetados, especialmente o de se desenvolver economicamente, como condición indispensable para saír do atraso en que estamos sumidos. Por iso, non podemos acepta-la implantación de limitacións á produción leiteira.

Para conqueri-lo noso obxectivo precisamos o maior apoio posible do sector. Contamos cá túa solidariedade.

HORTOFLOR, S.C.L.

Superficie cuberta:

1984.....	20.000 m2
1985.....	80.000 m2
1986.....	200.000 m2
Ampliación prevista para 1987.....	60.000 m2

Número de Socios Actual 110

Inversións

da Cooperativa	52.000.000 pts.
Subvencións:	
Xunta de Galicia	5.000.000 pts.
Diput. Prov. Ourense	1.400.000 pts.

Inversións

dos Socios	500.000.000 pts.
Subvencións:	
A socios: Plan VERO ..	40.000.000 pts.
A socios: Dip. Ourense.	20.000.000 pts.
A xóvenes agricultores	
(menores de 35 anos) ...	5.000.000 pts.
Pendientes	20.000.000 pts.

YUGOSLAVIA: A outra cara dun país socialista

"Non é tan fero o lobo como o pintan"

A idea que temos en xeral das repúblicas socialistas ou países comunistas é habitualmente tristeira e tosca. De tanto escoitar aquel do "telón de aceiro", a "bota comunista", as alambradas e a xente uniformada, foise formando en nós a idea duns países sen liberdade onde un ten que pedir permiso ata para facer as necesidades -dispensando-: onde non hai alegría, nin confianza, nin relixión, pois Deus foi suprimido e a relixión perseguida.

O que esto escribe tivo ocasión de viaxar no pasado mes de xullo por varios destes países do leste europeo (Yugoslavia, Bulgaria e Rumania) e puido decatarse de que "non é tan fero o lobo como o pintan". No canto de atopar alambradas, metralletas e controles, caras tristeiras e o ollo do "gran irmán" que todo o vixila, atopou países abertos (cos seus mais e seus menos, con diferencias entre uns e outros) que viven en paz, e onde os traballadores teñen cada un o seu traballo e soldo digno, a súa semana de cinco días co tempo de traballo e de lecer, e ata un nivel de consumo que, sen ser o dos americanos (algúns americanos...), dista moito de ser o que nos din por aquí de que se pelexan por uns pantalóns vaqueiros

(Pasa a pax. seguinte)



Yugoslavia é un país situado o sueste de Europa. O seu nome (en eslavo **Yugoslavija**) significa "país dos eslavos do sur". É unha democracia popular, ou república socialista, non alineada, é dicir, que non pertence a ningún dos bloques político-militares. Como todos os países socialistas-comunistas, ten un réxime político de partido único (a "Liga de comunistas de Yugoslavia") e economía centralizada; pero desde a súa orixe en 1943, Yugoslavia, da man do seu indiscutible líder, o mariscal Tito (morto en 1980) buscou unha "vía diferente cara ó socialismo", sendo o elemento distintivo desta, a **autoxestión** por medio de comités populares.

O país está composto de seis repúblicas autónomas (Serbia, Croacia, Eslovenia,

Macedonia, Bosnia, Herzegovina y Montenegro), que falan varios idiomas (fundamentalmente servio, croata e macedonio) e teñen dous alfabetos (o latino e o cirílico ou eslavo). Actualmente ten unha poboación de 23 millóns e medio de habitantes. De país subdesenvolvido pasou a acadar nos anos 70 o nivel medio de renta "per capita" (por persoa) mundial (1250 \$), grazas a un veloz ritmo de crecemento económico imposto polo socialismo autoxestionario de Tito e os seus plans quinquenais. Aínda que nos primeiros anos oitenta experimentou unha importante crise de crecemento da que se vai recuperando, e hoxe nótase no país un elevado índice de consumo.


ou calqueira chilindrada da nosa civilización do consumo, como facían os indios das películas do oeste americano.

Certamente hai os seus mais e os seus menos. E fixámonos sobre todo en Yugoslavia, un país comunista, aínda que non alineado, que ten as súas portas abertas de par en par, ata o punto de que nin tan siquiera se precisa visado especial para visitalo, abondando co pasaporte normal. Si, sen dúbida o visitante atopa en Yugoslavia un rostro diferente do socialismo.

Impresións dun visitante

Yugoslavia aparece hoxe ante o que a visita non so como un fermosísimo país cheo de beleza naturais e obras do home (non en van o **Patrimonio Mundial** contén na súa Lista das maravillas do mundo, nada menos que oito lugares que destacan pola súa excepcional beleza ou valor cultural, mais dos que conta España ou Italia, aínda que lle pareza insólito a algún lector) senon que tamén ofrece unha sociedade aberta, moi acolledora cos visitantes, que dispón dunha gran infraestrutura non so para o turismo de diñeiro (hoteis, restaurantes...), senon tamén para o turismo de menos recursos, moi especialmente para os xóvenes (cunha enorme rede de campings, albergues, etc.).

Aparte do acolledora que é a xente,



Un país moderno e industrializado, pero tamén agrícola, en gran medida.



A realidade relixiosa de Yugoslavia, semella ser a dunha Igrexa florecente.

a maioría entende e aínda fala outro idioma aparte do seu propio, respírase un ar de liberdade; e aínda, ceais, demasiado occidentalizado e aínda consumista para o visitante mais purista que pensa atopar ali un réxime de vida mais austero. Indudablemente a impronta turística déixase ver no país. Mesmo non están presentes as inevitables colas que hai para todo no resto dos veciños países socialistas (especialmente Bulgaria, onde tómanas con moita tranquilidade e mesmo semella que se non son precisas, fanas porque lles gusta).

¿E a relixión?

Cecais algún lector avisado xa cavilara malevolamente que íamos esquecer ou silenciar esta cuestión, sempre espiñenta nos países do Leste, a pesares do carácter da revista. Pois non. O que isto escribe constatou felizmente que a realidade relixiosa de Yugoslavia semella ser a dunha Igrexa florecente, e non precisamente de catacumba. A maioría do país é crente, e das fondas raíces da súa relixiosidade dan idea as numerosas igrexas e mosteiros que xorden airosos e en perfecto estado de conservación por todos os currunchos e cidades do país. Estes crentes están distribuídos entre unha maioría católica e ortodoxa (cáseque parella, aínda que predominante a primeira na zona croata e a segunda na zona

serbia) cunha importante porcentaxe musulmana, e unha minoría protestante.

Tivemos ocasión de ir a unha eucaristía dominical -na cidade de Split- e puidemos decatarnos do alto índice de participación -e non so de asistencia-, o que reflicta unhas comunidades vivas e fortes. Xa no concilio Vaticano II, o episcopado yugoslavo aportou a testemuña dunha Igrexa viva.

A tal respecto, as relacións da Igrexa co goberno laico socialista, son de absoluta normalidade e liberdade, en absoluto de acoso e moito menos de persecución. Certo que a condición para esta normalidade está en que a Igrexa non se inmiscua en cuestións de orde político. Lonxe quedaron xa os problemas entre Tito e o Vaticano polas décadas 40 e 50, a causa do suposto ou real "colaboracionismo" de certos sectores da Igrexa co réxime nazi, e a cerril postura de Pío XII, que levou á ruptura de relacións diplomáticas entre o estado yugoslavo e Santa Se; relacións restablecidas logo polos anos 60.

Si, certamente Yugoslavia ofrece unha cara do socialismo, moi diferente á que nos temos formado desde aquí. Cecais sexa por aquilo que dixo dela un periodista, precisamente americano: "Yugoslavia é o Oeste do Leste e o Leste do Oeste". Pero tamén porque "non é tan fero o lobo como o pintan", pois nos países veciños tam pouco roen.

Victorino Pérez

HOTEL SAN MARCUS

NOVO, ACOGEDOR, FAMILIAR

NO CENTRO DE SOBRADO DOS MONXES



- * Habitaciones dobles a todo confort (con camas isabelinas)
- * Piscina
- * Restaurante. Cocina galega e internacional
- * Salón de bodas e bautizos para 130 comensales
- * Pensión completa: 2000 pts.



981- 78 94 27

"CHE" GUEVARA, O SIMBOLO DA REVOLUCION

A 20 anos da súa morte en Bolivia

Estandarte dos revolucionarios

A efíxie do "Che", en carteis coma o que ilustra esta páxina, converteuse nos anos 60-70 en estandarte da loita contra toda opresión, entre os asoballados de América Latina, os negros e marxinalizados de Norteamérica, os revolucionarios de Asia e África, e os estudantes progresistas da vella Europa. Particularmente, nos pobos de España, aínda baixo a dictadura franquista, e logo na "transición democrática", a súa face, vigorosa e tenra á vez, tocada cunha boina ca inevitable estrela de cinco puntas, presidía a cotío as habitacións de tódolos mozos que sentían ferver no seu sangue a paixón revolucionaria; o cartel compartía habitualmente honores co "Guernica" de Picasso e outro de Xesús de Nazaret, no que adoitaba lerse o rótulo "Wanted" ("Búscase"), seguido das razóns de tal "búscas".

O "Che" converteuse en berro de loita, bandeira contestataria e modelo de home. O gran filósofo J.P. Sartre chamouno "o home máis completo do seu tempo", pola súa categoría de intelectual e activista. Para moitos de nós -aínda dende unha perspectiva diferente- foi máis ca un mito, un amigo -sen coñecelo- e un mestre na entrega pola causa da liberación. Ollade, senón, os versos garimosos do bispo Casaldáliga. O **guevarismo** chegou a ser unha doutrina política, que inspirou desde grupos europeos de guerrillá urbana, ata movementos revolucionarios argentinos e chilenos, e mesmo grupos guerrilleiros na Indochina; unha doutrina que falaba fundamentalmente da ética do revolucionario.

Ata a victoria ou a morte

O pensamento revolucionario do Che Guevara quedou reflexado nos seus escritos e mensaxes. Dende aquel folleto do ano 1961 titulado **Guerra de Guerrillas**, que lle deu fama internacional como subversivo perigoso, e **Relatos de la guerra revolucionaria**, no mesmo ano, ata **Crear dos, tres, muchos Vietnam...** e o **Diario de campaña**, publicado tra-la súa morte.

Para o Che, a decisión, a ousadía e

hasta la victoria siempre



Yo, Che, sigo creyendo en la violencia del Amor: tú mismo decías que "es preciso endurecerse sin perder nunca la ternura"...

Escucho, al transistor, como te canta la juventud rebelde, mientras el Araguaia late a mis pies...

Somos amigos y hablo contigo ahora a través de la muerte que nos une; alargándote un ramo de esperanza, ¡todo un bosque florecido de iberoamericanos jacarandás, querido Che Guevara!

(P. Casaldáliga, "Clamor elemental")

a firmeza dun fato de revolucionarios resoltos a loitar ata a victoria ou a morte, son capaces de crear as condicións para a revolución, para a transformación social. É a chamada **teoría do foco**, que se aplicou con éxito en Cuba; ese grupo será a "pequena engrenaxe que poñerá en marcha o motor grande da revolución", dí. O avance da revolución terá que basearse, dí o Che, na creación dun **home novo**, capaz de sacrificarse por uns ideais, máis ca polo seu propio benestar material.

Un Quixote do século XX

Ernesto "Che" Guevara nacera na Arxentina, nunha vila da provincia de Santa Fe chamada Rosario, un 15 de xuño do ano 1928. Xa desde neno sufriu unha tos asmática que non o abandonaría ata a súa morte, pero que o revolucionario superaría nos camiños da guerrilla con autodisciplina e forza. Estudiu Medicina en Buenos Aires, onde acadou o Doctorado en 1953, mais nunca exerceu esta profesión; o seu era outra cousa: loitar, face-la revolución, entrega-la súa vida pola causa dos oprimidos.

O seu ideal levouno a Bolivia, México, Cuba e ata o Congo, en África. En México coñeceu a Fidel Castro e uniuse ó seu grupo para combatala dictadura de Batista en Cuba. Tras do camiño da guerrilla desde Sierra Maestra, e o triunfo da Industria. Viaxa por diversos países europeos, asiáticos e africanos. De volta a Cuba, deixa tódolos seus cargos en 1965 e vaise de novo á guerrilla, para instaurar-lo poder revolucionario do pobo, pois "é un dereito e un deber dos pobos de América Latina escribir- facer a revolución". "Unha vez máis sinto o costelar de Rocinante -escribe nunha carta ós seus pais-. Volvo ó camiño coa miña lanza baixo o brazo. Coido que a loita armada é a única solución para os pobos que loitan por liberarse".

Con estes planteamentos vaise a Bolivia, onde organiza un pequeno grupo guerrilleiro. "Debe ser atacado o imperialismo en calqueira parte onde se atope", proclama en 1967. Alí é asasinado un 8 de outubro dese ano, no pobo de Higuera, por tropas gubernamentais, en complot coa CIA (Central de Intelixencia Americana), que viña seguindo os seus pasos dende había tempo. Alí seguen venerando os campesiños -aínda que parece ser que foi queimado o seu corpo- a "San Ernesto de la Higuera", na escoliña onde caeu. Morreu case á mesma idade que o cura guerrilleiro colombiano Camilo Torres (este un ano antes), o mítico revolucionario mexicano Emiliano Zapata e o caudillo nicaragüense Augusto C. Sandino. Non fracasou, pois "Morreu sempre é vencer dende que un día alguén morreu por todos, matado, como moitos" (Casaldáliga)

Victorino Pérez

— Vai continua-lo incremento regulado da produción leiteira en Galicia —

Falamos co Conselleiro de Agricultura

No pasado mes de xaneiro Francisco Sineiro, Conselleiro de Agricultura, estivo en Lugo, no concello de Pastoriza e máis concretamente na parroquia de Lagoa, onde tivemos ocasión de falar con el dalgúñas cousas que nos preocupaban en relación co presente e futuro dos labregos e gandeiros galegos.

— **¿Cal é a situación actual das cuotas do leite e que plans de futuro ten a súa consellería sobre deste particular?**

— As cuotas leiterias é un dos problemas mais gordos que teñen os gandeiros galegos actualmente, pero coidamos que vai ter unha solución satisfactoria. Limitación da produción vaina haber, pero haberá igualmente un respiro para poder competir verdadeiramente e seguir mellorando as explotacións. Desta maneira, vaise recoñecer-lo que se fixo desde o ano 85, con vistas a proseguir un incremento regulado da produción. Para elo cómpre unha clara normativa para os casos especiais.

Todos coñecemos-lo que ocorreu no pasado ano coa declaración da produción leiteira. Houbo unha primeira declaración promovida polo Ministerio de Agricultura que non fixeron unha parte importante dos gandeiros; según os cálculos feitos, declararon uns 65.100 gandeiros (o que significa a produción de 950.000 toneladas de leite) e quedaron por facer esta declaración aproximadamente 25.000, que representan outra 250.000 T.). Posteriormente veu outra declaración promovida pola Xunta de Galicia, que fixeron a maior parte dos que quedaron sen face-la primeira. Coidamos que este enfrentamento entre as Administracións non foi bó, e nós defendemos xa daquela ós intereses dos labregos como mellor podemos; a pesar de toda a controversia que houbo, eu penso que defendín as pósturas que coidaba en conciencia mais válidas. Esta primeira declaración deuse por pechada polo Ministerio en tódalas comunidades autónomas excepto en Galicia e no País Vasco; mesmo en Cantabria, Asturias e Cataluña, onde houbo problemas pero remataron por face-la declaración pola normativa do Ministerio, algunhas aínda no mes de xullo. Houbo logo en Galicia a declaración promovida pola Xunta, que fixeron a maior parte dos gandeiros restantes.

En decembro tivemos unha reunión co Ministro de Agricultura, onde nos atopamos que non se poidan contem-

pla-los casos especiais nin a cuota suplementaria mentres non tiveramos unha declaración da produción. Por iso a nosa insistencia foi en que se homologara esta segunda declaración (a da Xunta), coa primeira, e se recoñeceran ambas como válidas. Practicamente temos conseguido esto. Actualmente estanse revisando as declaracións feitas.

— **¿Como se van contemplar os casos dos gandeiros que fixeron a mellora da súa explotación e aumentaron a produción nos últimos anos?**

— A tal fin, o Ministerio e a Consellería dispoñen da "cuota suplementaria", a través da "cuota nacional", e a contemplación dos "casos especiais", según as condicións de tal ou cual explotación en particular, que lles permitiría aumentar a produción en base á "reserva nacional".

Nós estamos na postura de que se recoñeza o incremento da produción galega, e se permita incrementala aínda máis á xente que vive só do leite. Loxicamente isto significa limitar ós grandes produtores, para que poidan medrar os pequenos; este últimos contan co apoio da Xunta de Galicia para mellorar-las súas explotacións a través dos diversos programas (REPLE, gandería extensiva...). Pola súa parte, a Xunta está tamén tentando acadar cantidades suplementarias á cuota que ten asignada Galicia.

— **Outro problema grave dos gandeiros é o do saneamento do gando ¿Que está facendo a súa Consellería e que plans de futuro ten?**

— O saneamento do gando está en Galicia moi retrasado respecto doutras Comunidades. Cando nós chegamos á Consellería había 210.000 vacas en período de saneamento, con acumulación de mostras nos laboratorios e outros problemas. Pero chegamos en poucos meses, a finais do ano, ás 280.000 vacas saneadas, moitas menos das que deberían, polo que se pensa sanear 150.000 nos dous primeiros meses deste ano. Para este ano 88 presupostamos supera-la cifra de 500.000 reses saneadas. Quere-



mos avanzar, pero queremos facelo ben. Para iso contamos con Carlos Mora Escribano, responsable deste saneamento, que xa o fixo con resultados excelentes en Asturias.

Os obxetivos para este ano son: en primeiro lugar face-lo saneamento a todo labrego que o pida, facer campañas explicativas e chegar a face-lo saneamento obligatorio nos concellos en que xa se fixo anteriormente. A tal fin, insistimos tamén que cómpre facer mención preventiva e atender máis á recría.

— **¿Cal vai se-la relación da Xunta coas cooperativas do campo?**

— O programa que temos na Consellería alenta o cooperativismo. Concretamente, aparte doutros programas de modernización das explotacións e os de apoio as cooperativas e asociacións, nos temos un programa específico de axuda e do fomento cooperativismo, que é a primeira vez que se fai nesta comunidade autónoma, xunto co programa de axudas ás organizacións agrarias.

Con este programa, que ten un capítulo de 150 millóns aparte do programa adicional de modernización de industrias do campo. Neste senso fomentaremos: cursos de formación cooperativa, cursos para xerentes de cooperativas, subvención nos 3 primeiros anos ós xerentes das cooperativas novas, axudas á contabilidade coa compra de equipos informáticos

e o sufraxio de auditorías... e fomen-
tar tamén a unión de cooperativas
galegas.

Neste senso, cómpre salientar que
as cooperativas non poden nin deben
suplantar ás organizacións agrarias;
un pode ser socio dunha cooperativa
e ó mesmo tempo ser socio de tal ou
cual sindicato, ambos teñen papeis
distintos. Ofertamos uns servizos a
estas organizacións agrarias, como
ás cooperativas, ben na elaboración
de expedientes, servizos nos progra-
mas de modernización, etc., servizos
que serían subvencionados pola
Xunta. Neste ámbito entraría tamén a
colaboración nas Xornadas de For-
mación Popular ou labores educati-
vos semellantes.

— **¿Que proxectos ten a Xunta para
as Axencias de Extensión Agraria,
tan abandonadas pola Administra-
ción nos últimos tempos?**

— Os servizos de Extensión Agra-
ria durante os últimos anos tiveron
unha limitación grande, porque non
se cría neles. Nós cremos neles, a
proba é que puxemos de subdirector
xeral a un dos mellores extensionis-
tas de Galicia, Antonio Fernández
Oca, coñecido por todos, e a xefe de
servicio a Fernando Coduras. Dúas
persoas con gran experiencia na Ex-
tensión Agraria, e nos que nós confía-

mos plenamente, co desexo de que
Extensión sexa o servizo a través do
que se canalice a difusión dos progra-
mas da Consellería e os cursos de ca-
pacitación agraria. Finalmente, imos
ampliar este servizo a través das ofi-
ciñas comarcais.

— **¿Que vai pasar coas Cámaras
Agrarias? ¿Que saída lle ve á actual
situación de impasse?**

— Dese tema falareivos dentro de
seis meses.

(Por outro importante cargo socia-
lista, soubemos que neste momento a
situación depende da determinación
que tome o Tribunal Supremo, pois
está nas súas mans. Anque se confía
que o patrimonio e medios que teñen
pase a ser controlado polas organiza-
cións agrarias).

— **Un dos freos meirandes para o
desenvolvemento rural é a deficiente
infraestrutura, concretamente a
electrificación. ¿Que pensa ó
respecto?**

— Sí, antes de falar de moderniza-
las explotacións compre falar da im-
prescindible mellora das condicións
de infraestrutura, que en Pastoriza
(Lugo) atópase nunha situación privi-
lexiada desde a concentración parcel-
aria que se fixo hai anos. Non é esta a
situación do veciño concello de Aba-

**"Estamos completamente
de acordo e alentámo-lo
vos cooperativismo"**



Así lle respostou o Conselleiro ó Presi-
dente da Cooperativa "O Caxigo", de Pas-
toriza, no encontro que tivo coa xunta rec-
tora no seu local de Lagoa. Jorge Pacio,
en representación, léralle un discurso coa
historia desta cooperativa (legalizada no
ano 1986), precisando o proxecto coope-
rativista, definido por tres puntos básicos:
democrático, de base, e solidario. Tras
relata-las realizacións feitas, entre as que
destacou o labor do "grupo de leite", pe-
diulle axuda para os plans de futuro, espe-
cialmente a construción do almacén e
local social, e un laboratorio comarcal de
análise de leite, silo en antibiogramas.
Non deixou de salienta-la necesidade de
mellora-lo saneamento e o conflito das
cuotas.

dín e outros moitos de Lugo e de toda
Galicia. Contamos adicar unha parte
importante dos nosos presupostos a
mellorar esta situación, sobre todo
nas zonas de montaña. Nos presu-
puestos da Consellería de Agricultura
para este ano 1988 cóntase concreta-
mente con 4.166 millóns de pesetas
para melloras de infraestrutura e
concentración parcelaria.

Victorino Pérez Prieto

Asamblea constituinte da "Unión Galega de Cooperativas"

O pasado 17 de xaneiro xuntáronse
en Lugo representantes das pertó de
oítoentas cooperativas agrarias que
hai en Galicia, seguindo o plan arte-
llado na reunión que se tivo na mesma
cidade o 4 de outubro do pasado ano,
onde se elixira unha comisión xes-
tora que levara adiante este proxecto
de unión de cooperativas, prepa-
rando a Asamblea Xeral.

A comisión, tras facer unha análise
das distintas Unións de Cooperativas
existentes no campo galego, desta-
cou a importancia da **Unión de Co-
operativas del Campo de Galicia**, nu-
trida de varias unións provinciais; fa-
lou dos seus contactos con esta e
propuxo á Asamblea de fusión de am-
bos movementos cooperativos, man-
tendo a denominación de **Unión Ga-
lega de Cooperativas Agrarias**. Para
isto propuxeron varios pasos previos:
a modificación dos Estatutos por
parte da Unión de Cooperativas del
Campo de Galicia, adaptándoos á
nova Lei de Cooperación, creándose
a tal fin unha comisión mixta. Que
estes novos estatutos recollan os

principios da proxectada Unión Ga-
lega de Cooperativas. Que a Unión de
Cooperativas del Campo abra un
novo rexistro para dar entrada ós so-
cios promotores da Unión Galega de
Cooperativas. E, finalmente, que no
plazo de dous meses se convoque e
celebre unha Asamblea Xeral a fin de
aproba-los novos Estatutos e consti-
tuirse formalmente a nova organiza-
ción, elixíndose os cargos rectores.
Plan que foi aceptado pola Asamblea.

No documento pola prensa, recor-
daban os principios programáticos:
dinamiza-lo cooperativismo agrario
na defensa dos intereses de labregos
e gandeiros, levar unha educación
agraria e cooperativa ó mundo rural,
crear un órgano periódico de infor-
mación entre as cooperativas, reco-
mendar ós labregos a participación
en sindicatos, xestiona-la creación de
servizos para mellora-los sistemas
productivos, pedi-la reforma da Lei
de Concentración Parcelaria, crear
un plan adecuado de ordenación da
producción, esixi-la non limitación da
producción leiteira en tanto non se

acaden os niveis comunitarios,
impulsa-la creación do Instituto de
Crédito Oficial Agrario para canalizar
tódolos créditos oficiais á agricultura,
e instar á Xunta para a creación dun
organismo que coordine a mellora da
electrificación rural.

Certamente, esta unión ou federa-
ción de cooperativas labregas é algo
necesario, é aínda imprescindible
para o campo galego se se quere
afrontar con éxito a competencia eu-
ropea; pero o parto está resultando
abondo dooso, e nos últimos meses
houbo máis dun conflito, sobre todo
polo acercamento ás cooperativas de
UTECO. Un dos mellores cooperati-
vistas que hai hoxe no campo, José
Manuel "Trigás", que xa pasou varias
veces polas páxinas de IRIMIA, deuse
de baixa na Comisión Xestora como
froito destes conflitos. Con todo,
confiamos no bo éxito desta meritória
empresa.

V.P.

II Asamblea de cristiáns galegos

"Unha Igrexa que testemuña a Boa Nova ó pobo galego"

Este foi o lema que escolleu este ano a **Asamblea de Cristiáns Galegos** para o seu segundo encontro, celebrado en Santiago, na parroquia do Castiñeirño, os pasados días 18 e 19 de xaneiro. Moitos lectores recordarán o primeiro encontro que foi, tamén en Santiago, o ano pasado.

Este ano xuntáronse máis de 100 persoas de diversos puntos de Galicia, representando a outros tantos grupos e movementos cristiáns, unidos pola idea común dunha igrexa galega que sexa verdadeiramente do pobo, como quixo Xesús; unha igrexa atenta ás arelas, esperanzas e problemas do pobo, buscando con el camiños de solución, unidos nunha loita común. Houbo xente de Santiago, Coruña, Pontevedra, Ferrol, Vigo, Lugo, Noia... Representaban a grupos que levan anos traballando tanto no mundo obreiro mariñeiro e rural, como nos eidos da política, a cultura, a educación, etc.; en moitos casos de maneira verdadeiramente efectiva e exemplar.

Forman parte desta asamblea as **Comunidades Cristiás de Base**, os **Coloquios, Cruceiros, o Movemento Rural**; os grupos de mocidade **Xuventude Obreira Cristiá (XOC)**, **Movemento de Estudiantes Cristiáns Galegos (MECG)**, **Movemento Junior**, e tamén a **Irmandade Obreira de Acción Católica (HOAC)**; así mesmo as revistas **IRIMIA** e **Encrucillada**.

Galegitude-Secularidade-Crecemento dos grupos

Froitos da **primeira asamblea** foron coordinación potenciación dos diversos grupos, cada un coa súa acción no seu medio: obreiro, rural, estudiantil, etc. E así mesmo unha serie de accións colectivas como o peche na Catedral de Santiago esixindo solucións efectivas contra o paro, campaña pola paz, posicionamento fronte a certas actuacións da xerarquía eclesiástica, etc. Así como o apoio á nosa revista, que comulga plenamente con estes plantexamentos.

Este ano tentábase facer máis efectivo o compromiso de Igrexa galega e popular. O encontro estaba artellado sobre o traballo en grupo sobre a **galegitude** (sentimento e realidade do ser galego), a **secularidade** (meirande participación do pobo na Igrexa, fronte a unha Igrexa fondamente clericalizada), e o **crecemento** dos diver-



Un aspecto desta II Asamblea

sos grupos como resposta efectiva e organizada ós problemas do pobo galego.

No traballo de grupos, que durou todo o sábado día 18, constatouse con esperanza unha certa **recuperación dos valores galegos** na dignificación da nosa lingua, no avance dos partidos nacionalistas e noutras realidades que testemuñan o progreso da conciencia galega; anque veuse moi claro que **galegitude** e moito máis ca loita polo idioma. Pero a carón deste veuse como este avance non foi acompañado por un progreso parello na Igrexa, á cola do proceso social.

Respecto da **Igrexa** viuse unha vez máis a súa aínda grande clericalización, agravada ultimamente por un proceso involucionista (volta atrás), dificultando cada vez máis a participación do pobo. Igrexa e pobo teoricamente debían se-lo mesmo, pero a Igrexa segue a estar moitas veces en pugna co pobo, defendendo intereses alleos a el. Pero afortunadamente viuse tamén a realidade dunha Igrexa máis participativa, comunitaria e popular, máis galega, que defende os intereses do pobo porque ela mesma forma parte dese pobo, loitando día a día pola liberación. Unha igrexa comprometida nos colectivos de acción popular, nos sindicatos e plataformas sociais, que celebra a súa fe na propia lingua -a lingua do pobo- con alegría porque o seu Deus e un Deus vivo e liberador.

Unha Igrexa diferente, que van creando homes e mulleres, mozas e mozos ilusionados co proxecto de Xesús, que **se senten profundamente Igrexa**, e que reclaman un recoñecemento e un espacio na

Igrexa, a comunidade de Xesús, convencidos de que teñen moito que aportarlle a esta e á mesma sociedade.

"Prender lume novo"

Tamen na tarde do sábado presentouse o audiovisual "Prender lume novo", que co subtítulo "Una nova Igrexa galega", reflexaba esta realidade da que falabamos, desde as súas raíces na Galicia dos anos 20-30. Elaborado polo equipo "Irimia", cóntase que estea a venda nos próximos meses. Desde aquí xa daremos noticia delo.

As conclusións

Na mañá do domingo falou Xulio Andión, teólogo de Vigo, tentando facer unha aplicación para Galicia do "Congreso de evanxelización", celebrado en Setembro do ano pasado. Destacou que cumpría **favorece-lo senso crítico dos crentes**, e o mesmo tempo recupera-lo **senso lúdico** (festeiro) e gratuito da fe cristiá.

Da asamblea final saíron os compromisos de afondar na **coordinación** dos grupos, e unha serie de accións colectivas, entre as que destacan as **accións contra a OTAN e pola paz**, que se levarán a cabo ó longo deste mes e o que ven antes do Referendum. Igualmente a Asamblea reafirmouse no apoio a **IRIMIA**, un servizo os galegos que non pode morrer.

Victorino Pérez Prieto



Con Antón Fernández Oca, Subdirector Xeral de Extensión e Desenvolvemento Tecnolóxico da Consellería de Agricultura.

— ¿Cales son os cometidos da Subdirección que agora ocupa?

— Ten como funcións propias a promoción e desenvolvemento dos programas que a Consellería de Agricultura nos encomende. Así como a capacitación e formación das familias agrarias e das súas asociacións profesionais para mellora-la rendabilidade do Sector Agrario e as condicións sociais de esta poboación.

— ¿Como se vai levar a cabo este programa de actuación?

— Para isto contamos fundamentalmente coas Axencias Comarcais de Extensión Agraria. Como moi ben sabes, nelas existen uns profesionais que levan traballando cos labregos desde fai moitos anos. Este traballo faise pensando en atopar solucións ós problemas que impiden o desenvolvemento integral das familias labregas e o seu entorno comunitario.

Tratamos de traballar **coas** persoas e non **para** elas, utilizando unha metodoloxía educativa e activa onde o aumento da súa capacidade para o analse da realidade e transformación da mesma é o obxectivo primordial do S.E.A.

Para iso abordámo-la problemática en distintos aspectos:

- *Modernización das explotacións* o que conleva que o S.E.A. teña que contar con técnicos que porporcionen a base científica experimentada para que este proceso conte coa garantía suficiente de éxito. Trasvasamos información, capacitación en cursillos e outras actividades que consigan que os labregos incorporen á súa cultura estes coñecementos de novas tecnoloxías.

- *Mellora do entorno comunitario* mediante a organización da poboación rural para que sexa capaz de acometer accións de grupo, contando coas axudas institucionais, así logrónse



Concentracións Parcelarias, abastecemento de augas as vivendas, vías de comunicación etc. etc.

- *Formación permanente sobre a modernidade agraria* nas Escolas de Agricultura e Centros de Capacitación, con programas específicos para incorporalos á xestión da súa explotación.

- *Promoción e desenvolvemento de programas* destinados a resolver problemas propios das familias agrarias destinados a acadar un maior benestar social: saúde, alimentación mellora de vivenda, recursos extraagrarios, etc.

- *Dentro da mellora das explotacións* abordamos programas destinados a promover e consolidar o asociacionismo agrario nas vertentes da produción, comercialización, abastecemento e transformación dos produtos.

— **Ultimamente Extensión Agraria estaba en crise e mesmo falou-se de que podería desaparecer. ¿Tedes moitos medios para conseguir os ambiciosos obxectivos que enumerabas? ¿Como está hoxe a situación?**

— Historicamente o S.E.A. foi dotado de medios e personal cualificado, cunha formación específica para o desempeño dos cometidos devanditos, de tal xeito que se acomen-

Antón Fernández Oca, colaborador habitual de IRIMIA desde hai moitos anos e nos dous últimos como integrante do Colectivo "A Rella", foi nomeado no pasado mes de Xaneiro Subdirector Xeral de Extensión e Desenvolvemento Tecnolóxico da Consellería de Agricultura. Tamén o noso colaborador Fernando Coduras Orera foi nomeado recentemente Xefe de Servicio do mesmo organismo. O mesmo tempo que nos congratulamos pola amizade que nos xongue, cómpre dicir que é certamente unha boa nova para a Galicia rural que un home que tanto traballou por ela, poida seguilo facendo agora desde un posto executivo importante.

Fernández Oca é natural de Viveiro, onde fixo o bacharelato. Cursou os estudos de Perito Agrícola en Madrid e Pamplona. Comenzou a traballar na Extensión Agraria en 1967 na Axencia de Betanzos. En 1969 trasladouse como Xefe á Axencia de Ribadeo, onde estivo 18 anos. Finalmente estivo un ano de Xefe Provincial do SENPA en Ourense. Cómpre sinalar tamén como un dos seus mellores logros, o labor nas Cooperativas "Irmandiños" e "Mondigoleite".

tian os programas e que, aínda que non chegaban directamente a tódalas explotacións familiares, conseguíase un marco de influencia amplo de abondo.

No **pasado inmediato**, tal vez polo pase de moitos extensionistas a ocupar postos na daquela recentemente creada Administración Autonómica e tamén por unha falla de dotación económica presupuestaria, impediu o normal desenvolvemento dos programas. Nesta etapa as actividades do S.E.A., é posible que decreceran un tanto.

No **presente** contamos co apoio decidido do Conselleiro de Agricultura que así o manifestou diante do Parlamento na presentación do programa da Consellería, onde recalcou a necesidade de potenciar ó máximo posible o Servicio de Extensión Agraria. Dotándonos de medios e persoal de abondo.

— **Eres unha persoa que coñece como poucos o sector leiteiro de Galicia, polo que tanto tes traballado. ¿Como ves hoxe a situación? ¿Que perspectivas de futuro ten?**

— A produción leiteira galega entra a curto prazo nun proceso de limitación da produción, por imposición da política comunitaria. Pero penso que o sector vai ter unha lexislación que lle dea acceso ás cuotas suplementarias respecto do 85. Desta maneira, as explotacións que acometeron a modernización nestes últimos anos van poder acada-lo desenvolvemento. Cómpre, porén, mirar que esa lexislación favoreza a Galicia no reparto, considerando que en moitas partes do campo galego non se pode cambia-la orientación productiva. Aínda máis, cómpre garanti-las vías de expansión con relación á reserva nacional. E cómpre tamén melloralas explotacións apostando claramente polo cooperativismo.

Victorino Pérez

Co Rector da Universidade de El Salvador na 2ª Asamblea de "Encrucillada"

«"Encrucillada" e IRIMIA poden ser unha gran forza liberadora»

Poucos minutos despois de empezar a falar o P. Ellacuría, tras unha breve presentación de A. Torres Queiruga e X. Chao Rego, Queiruga -director de "Encrucillada"- invitaba a todos a trasladarse a unha sala máis capaz, dada a gran afluencia de xente, que desbordou tódalas previsións. Con este espectacular éxito de participación comenzaba o pasado día 12 a II Asamblea de suscriptores e amigos da revista **Encrucillada**, que duraría ata o día 13. Este ano tiña como tema "**A Teoloxía da Liberación en Galicia**", e contaba coa excepcional presenza de Ignacio Ellacuría, sobranceiro representante da Teoloxía da Liberación e rector da Universidade Católica de El Salvador, onde reside desde o ano 1942, aunque é de orixe vasca.

"A salvación ven de abaixo"

"Non hai que preocuparse tanto de como van as cousas **por arriba** (como actúa a xerarquía da Igrexa), senon de como van **por abaixo** (como responde o pobo)". Así dixo o comenzo da súa conferencia o P. Ellacuría, quen afirmou acto seguido que era para el "un signo de esperanza esta acollida dispensada en Galicia, así como a de tantos europeos, cara a Teoloxía da Liberación". A **Teoloxía da Liberación** non é tanto unha cousa teórica, un movemento máis de teólogos, senon fundamentalmente un movemento de base que implica a comunidades, relixiosos, seglares e mesmo bispos, ademais dos pensadores. Partindo da realidade popular hispanoamericana, a T. da L. quere responder ás esixencias da situación histórica en que vive o pobo latinoamericano, fondamente relixioso. Igualmente, a T. da L. "ten moito que ver -afirmou Ellacuría- co acompañamento dos revolucionarios na súa práctica revolucionaria". O que non quere dicir precisamente que esta teoloxía sexa un "invento do marxismo", como afirmou alguén, senon que só utiliza coma un instrumento máis a súa análise social, pois "a explotación do home débese a causas de carácter histórico-político e non puramente espiritual".

O que busca a T. da L. é unha **liberación integral**, é dicir, de todo o home, na súa realidade social e política, (in-



A. Torres Queiruga (primeiro pola dereita) abriu a Asamblea e Xosé Chao (primeiro pola esquerda) presentou ó teólogo I. Ellacuría (centro)

xusticia, violencia, explotación, insolidariedade, ...), pero tamén na súa realidade espiritual (pecado, falsa relixiosidade, ...). Por iso chámase unha **teoloxía total**, non de tal ou cal aspecto soamente.

A T. da L. busca, así, unha conversión e transformación **social**, cara a unha sociedade máis semellante ó proxecto de Xesús, pero tamén unha conversión **persoal** no encontro co Deus liberador.

A liberación en Galicia

Ademais das dúas conferencias do P. Ellacuría, houbo tamén na Asamblea outros dous espacios, tentando concretar a liberación que Galicia precisa e ver que implica facer teoloxía da liberación na realidade galega. O primeiro destes espacios foi unha mesa redonda, na que, tras de expoñer as aportacións dos grupos de traballo previos á Asamblea, e que foron enviadas a **Encrucillada**, Lois Alvarez Pousa, Agustín Díaz (en improvisada substitución do xornalista Antón Gacío) e Mons. Araújo deron a súa visión da **Liberación que Galicia demanda** nos eidos cultural, político e relixioso, respectivamente.

Non foi moi rico o debate, así como o que houbo á tarde no segundo destes espacios co tema "**Ollando ó futuro**"; aunque é certo que saíron cousas interesantes, foron deslabezadas

e inconexas tocando rara vez o miolo do que demandaba un encontro co tema sinalado.

O poeta Uxío Novoneira puxo o broche de ouro, con un emotivo e poético remate.

A realidade social de Centroamérica

Tivemos ocasión de falar en privado con Ignacio Ellacuría, que acolleu con admiración e agarimo a nosa revista. Falamos sobre todo da situación do seu país e o veciño Nicaragua. Para el, Estados Unidos é claramente o principal problema que teñen estes países, e o principal obstáculo para a pacificación de Centroamérica, onde, defendendo os seus intereses comerciais e políticos, pretende acabar violentamente coa protesta revolucionaria. En opinión de Ellacuría, o que máis lle preocupa á Administración Reagan nesta zona non é Nicaragua, como pretende facer crer, senon El Salvador, que conta con máis xente e meirandes posibilidades económicas.

Para Ellacuría, de ningunha maneira se pódén comparar a guerrilla "contra", que loita contra o goberno sandinista de Nicaragua, coa guerrilla salvadoreña do FMLN (Frente Martí de Liberación Nacional), que loita contra a falsa democracia existente en El Salvador. A guerrilla "**Contra**" é un movemento apoiado pola CIA (Central de Intelixencia Americana),

(Segue á volta)

PLAN OSCOS-EO

Un programa de desenvolvemento integral nunha zona de montaña

A montaña foi de sempre das zonas máis esquecidas nos plans de desenrolo, converténdose en zona maldita, onde só os mestres que non tiñan máis remedio, ou algún que outro ousado e xeneroso, ían parar; quen di mestres, di médicos, veterinarios,... e todo tipo de servizos. Os labregos da montaña saben moi ben da marxinación e da dureza da vida, da distribución inxusta dos recursos e do desequilibrio social. Este desequilibrio é patente en Asturias -como o é sen dúbida en Galicia- nas zonas máis des- centradas: os extremos oriental e occidental. Neste último está unha das máis desfavorecidas: a Comarca dos

Oscos, chamada "as Hurdes de Asturias", lembrando esa zona de Cáceres tristemente coñecida polo seu atraso. Para superar esta aldraxante situación, a Comunidade de Asturias vén de poñer en funcionamento un ambicioso programa de desenrolo integral para esta zona situada na parte máis occidental do Principado, que fai fronteira con Galicia. O plan abarca a conca do río Eo e a devandita comarca dos Oscos. Para coñecer este programa, que saltou ós medios de comunicación nos meses pasados, estivemos en Vegadeo, no seu centro de operacións, con Pedro Rocha Coladas, xerente do Plan.

Unha zona deprimida

A comarca Oscos-Eo comprende sete concellos: Castropol, Vegadeo, San Tirso de Abres, Taramundi, Villanueva, San Martín e Santa Eulalia (estos tres últimos forman Os Oscos). Ten unha extensión de 50.264 Ha. e unha poboación aproximada de 15.000 habitantes, dos que 5.000 viven na zona máis alta (a que abarca a maior parte da extensión) e 10.000 na zona baixa, a da costa.

Se a montaña é a que marca as necesidades fundamentais de desenrolo en Asturias, esta zona é montañesa nun 91%, o que a levou a ser eleixida para o plan xunto con outras características ben definidas:

— É unha área con alto grado de despoboamento, perdendo na súa parte máis alta a metade da poboación nos últimos vinte anos.

— A poboación actual supera os 60 anos nun trinta por cen do total, o que representa unha idade media moi avanzada.

— Os ingresos medios son moi baixos, só lixeiramente superiores á metade da renda media dunha familia asturiana, e aínda con diferencias importantes na zona.

— A actividade principal é a gandería, especialmente bovino. Nos Oscos o emprego agrario é dun 85%.

— Ten un gran déficit de servizos públicos e está lonxe dos centros de poder e de servizo. Destacando a súa escasa rede de comunicacións.

— Se ben é unha zona atrasada, ten un gran potencial agrario e un alto dinamismo social, especialmente na demanda de servizos e atención.

Obxectivos do plan

O plan pretende un desenvolvemento

integral da zona, integrando as accións e inversións de tódalas administracións (central, autonómica e municipal) e igualmente as dos veciños, non quedándose nun criterio puramente económico. Os obxectivos básicos son:

— Frea-la tendencia á despoboación e dar paso a un crecemento continuo que asegure o desenrolo económico e social.


— Conservar e coida-lo medio ambiente aproveitando os recursos naturais.

— Desenrolar unha base económica firme para os habitantes, reducindo o desequilibrio existente dos seus ingresos cos do resto da comunidade.

— Asegurar un nivel de servizos públicos igual ou máis alto cós do resto de Asturias.

— Conservar e extende-la cultura, tradicións e patrimonio da zona.

O programa está proposto para dez anos (1986-1995). Tras un estudio



Pedro Rocha, xerente do Plan

previo feito entre 1983-84, no ano 1985 elaborábase o proxecto e constituíase o comité de xerencia e coordinación, sendo aprobado o ano seguinte, en 1987 serao polo Goberno de Asturias, estando aínda pendente de ser aprobado polo Goberno Central, retraso debido a problemas legais. A Administración autónoma manifestou un gran interese no programa non só por corrixi-lo desequilibrio que supón esta zona no conxunto de Asturias, senón tamén como experiencia piloto para o desenvolvemento doutras áreas.

Goberno e xestión. Institucións implicadas

No plan están implicadas administracións e técnicos formando un Comité de Coordinación de catorce membros:

— Catro da Admón. Central (Educación, Cultura, Agricultura e INEM)

— Catro da Admón. Autónoma (Agricultura, Economía e Territorio)

— Catro da Admón. Local (catro alcaldes).

— Un representante das As. de Montaña, ou dos veciños.

— Un xerente.

A xestión ten como base un equipo de profesionais que traballan na comarca (animadores socioculturais, deportivos e de mozos, psicólogos, etc.) ademais de agrónomos, peritos e economistas.

Presupostos e accións

Para levar a cabo os obxectivos propostos estase realizando unha acción conxunta nos sectores productivos, de servizos e de infraestrutura (electrificación, camiños, etc.):



O Plan de desenvolvemento abarca os sete concellos que poden verse no mapa. Representa o extremo occidental de Asturias, no seu límite con Galicia. 50.264 Ha., cunha poboación de 15.000 habitantes, para os que se prevé unha inversión de 22.000 millóns de pesetas entre 1986-1995.

1. No desenrolo económico, aténdense tres sectores: agricultura, turismo e comercio (artesanía e pequena industria).

— A Agricultura, actividade principal e cáseque única nas zonas máis altas, ten un potencial limitado a causa de que as superficies de pastoreo son pequenas, dispersas e cun solo con moita pendente e superficial. Estase facendo a concentración parcelaria e a roturación de novos pasteiros, a mellora das explotacións existentes aumentando o número de cabezas e mellorando a raza, rexime de cria e asistencia veterinaria, etc.

Asimesmo estase facendo unha repoboación forestal nas superficies que non son aptas para o desenrolo de pastizais.

Ademais desenroláanse actividades complementarias para a explotación familiar, coma a cria de cabras para leite, elaboración de queixos, cria de coellos e pavos, frutais, apicultura e mesmo cultivo de plantas medicinais.

— O Turismo, entendido como actividade complementaria da gandería, descentrado e xestionado polos veciños da zona. A tal respecto, destaca o hotel inaugurado recentemente en Taramundi, aproveitando unha vella casa rectoral. A par deste "agroturismo" está o turismo da costa na zona baixa.

— No comercio, o centro da zona está en Vegadeo; vaise reforzar cun

novo centro comercial (Mercasa). Asimesmo estase potenciando a artesanía (os famosos coitelos de Taramundi) e as pequenas industrias da madeira, de produtos agrícolas, etc.

2. Respecto dos servizos, pénsase establecer catro centros de servizos (dos que xa están andando tres: Taramundi, San Tirso e Vegadeo), que incluírán cada un: preescolar e escola de EXB, instalacións deportivas, clínica local, casa da cultura (con sa de actos, biblioteca...) e centro comercial.

3. O programa dalle tamén moita importancia ó desenrolo da infraestrutura, na que xa se teñen feito importantes melloras nos últimos anos: electrificación total, desenrolo da rede viaria, ampliación e instalación de abastecemento de auga e saneamentos, ampliación da rede telefónica e RTV (mesmo coa creación dunha radio propia na comarca).

Os presupostos totais do plan superan os 22.000 millóns pts., dos que un 58% van destinados a agricultura e un 24% á mellora da infraestrutura. Distribuídos da seguinte maneira (en millóns de pts.):

Agricultura	13.148
Artesanía, comercio e pequena industria	1.636
Turismo	625
Servizos	1.718
Infraestructura	5.466
Total	22.595

A Admón. publica participa cun 62% do presuposto.

Funcionamento do equipo de xerencia. Evaluación dos resultados

O xerente, Pedro Rocha, e o alcalde de Taramundi comentáronnos o seu traballo, que consiste nunha dinamización da poboación da zona por medio de reunións explicativas cos veciños para elaboralos programas e dalo a coñecer, e outras reunións para temas máis específicos como a concentración parcelaria, inversións que deben facer, desenrolo de novas actividades, etc.. Asimesmo o Programa de Dinamización Cultural, a cargo dun equipo de oito persoas, que organizan bibliotecas e animan a ler, fan programas para a mocidade e a muller, animan ó asociacionismo, dan clases para adultos, etc.

O equipo da xerencia dinamiza tamén a actividade productiva mediante cursos e asesoramento os veciños (sobre gando, produción de queixo, plantas, explotacións complementarias, reconstrución de vivendas, etc.). Aténdese tamén a intercambios con outras comunidades e a viaxes de estudos para mellorar o traballo na zona.

A resposta dos veciños é valorada como moi boa. Tanto pola maior parte dos axuntamentos (constituídos en Mancomunidade cun parque de maquinaria e outros servizos en común) como as asociacións (entre as que destaca a As. de Montaña dos Oscos). A asistencia dos veciños ós cursos está sendo moi alta e a solicitude de auxilios é máis alta que nas mellores zonas da comunidade autónoma.

A avaliación dos resultados desde a xerencia é boa. As infraestruturas van mellorando a un ritmo bo, según nos comenta Pedro Rocha, os centros de servizos xa están feitos tres e o cuarto está en vías de desenrolo; e, finalmente, vense boas perspectivas para a produción gandeira, a pesar da situación crítica que atravesamos o sector.

A avaliación dos resultados desde a xerencia é boa. As infraestruturas van mellorando a un ritmo bo, según nos comenta Pedro Rocha, os centros de servizos xa están feitos tres e o cuarto está en vías de desenrolo; e, finalmente, vense boas perspectivas para a produción gandeira, a pesar da situación crítica que atravesamos o sector.

¿E Galicia?

O plan é realizado só para concellos de Asturias, anque a súa relación cos veciños concellos lugueses é moi forte, con fortes vencellos culturais, humanos e de todo tipo. Cómpre salientar que como plan de montaña pode servir perfectamente para Galicia, aproveitando a experiencia e elaborando un plan axeitado á zona que se eleixira.

O Conselleiro de Agricultura, Francisco Sineiro, estivo hai dous meses cos responsables para falar da coordinación no saneamento, as cuotas e outras cuestións agrarias. Pedro Rocha insinuáanos que cecais non interese en Galicia dar publicidade a este plan por se cuestiona á Administración por que non se fai aquí algo semellante, cando tanta falla faría.

Cómpre dicir finalmente que este é o primeiro plan de desenvolvemento de montaña de tal envergadura, realizado cos presupostos dunha comunidade autónoma (coa colaboración do Goberno Central). A CEE podería chegar a participar cunha colaboración que podería chegar ata o 50%, pero actualmente non ten aportado nada.

Centenario de Don Ramón Otero Pedrayo

Un home bo, galeguista e cristián

"O primeiro pensamento que lle viña a un diante deste home era: Estou fronte dun home bó. Porque a súa bondade enorme revelábase no xesto, na mirada, na expresión. Nunca vin dunha maneira tan clara a realidade daquelo de que a cara é o espello da alma". (Xaquín Lourenzo).

Dicir estas tres cousas dun home nado en Galicia, coido que é do que máis se pode dicir de ningún. Se se quere engadir que era un gran escritor, un artista e un humanista, pois tamén esto cadra con Don Ramón. Por riba, el mesmo definiuse coma un home feliz. "Felicísimo -diciu nunha entrevista realizada no ano 1975, publicada en *La Región*-. Eu só desexo para todos os que se casen que teñan a felicidade que eu disfrutei". Non estamos a falar dun mito, nin a contar unha historia novelada dun home de hai moito tempo. Estamos a falar dalguén finado non hai moito, a quen moitos tivemos a sorte de coñecer, e que aínda o sentimos ben próximo. A súa vida foi tan longa e rica, que con razón se lle chamou *Patriarca das Letras Galegas*, apelativo que non tivo ningún outro dos persoeiros que deu esta Terra. "Un tan noble carballo, unha tan irreprochable fogueira, só se dá unha vez na vida dunha nación", dixo del outro dos meirandes escritores galegos, Alvaro Cunqueiro. Otero Pedrayo foi unha figura verdadeiramente titánica, mesmo resulta ás veces difícil de comprender como un home so puido face-lo inxente labor que nos deixou. Unha obra grande e una personalidade e humanidade grande, paralela o seu corpulento e bonachón físico, que nos fai lembrar a aquel outro home grande de corpo e espírito, "o bó Papa Xoán", renovador da Igrexa.

Un home bó

Falar da bondade de Otero Pedrayo, non é dicir nada novo os que o coñeceron, pois hai verdadeira unanimidade o respecto. A cortesia e o agarimo con tódolos que se achegaban ata el, calquera que fora a súa condición, a ternura e a comprensión, a humildade e a xenerosidade, eran constitutivos do seu ser. Resulta revelador que o seu derradeiro escrito fose precisamente para unha pequena revista escolar de Santiago, feita a multicopista, a revista *Eidos*, e aínda agradecía os rapaces que se lembraran del cando lle pediron a colaboración! El, que asulagara xornais

revistas e libros, dentro e fóra de Galicia, co seu saber.

Abonda con ollar o seu *Libro dos amigos* para ver a estima en que este home tiña a amizade. Amistade na que "sempre deu máis do que recibiu", como ben dixo del un tocaio, Ramón Piñeiro. Pero Otero Pedrayo foi máis que un home bó, anque iso xa non sería dicir pouco del.

Un cristián galeguista

Sobre do *galeguismo* de Otero Pedrayo teñen corrido con xusticia regos de tinta. Abondaría para afirmalo rotundamente o que dixo del Castelao "Abrazarte a ti é abrazar Galicia". Ou o que dixo alguén máis cercano a nós, o gran poeta Manuel María: "Andar pola obra de Otero Pedrayo é andar pola alma do pobo galego".

Galicia foi verdadeiramente o gran tema que levou froitiferamente na

mente e no corazón, desde que a descubrira na súa mocidade. A súa fidelidade a Galicia e os galegos foi mil veces probada coa súa obra, escrita en galego no fondo e na forma, e a súa vida fiel ata a morte ós ideais descubertos de mozo. Non en van pertenciu á máis senlleira das xeracións galegas: a chamada *Xeración Nós*, a xeración de Risco e Castelao.

Do seu *sentemento relixioso* e *te cristián* alguén chegou a dicir que "a nota esencial de Don Ramón é a relixiosidade, fondamente sentida, fecundante da súa caudalosa obra literaria". E xa polos anos 30, unha revista católica calificábao de "a mais rexa personalidade leiga do catolicismo galego" (*Logos*). Esta fe confiada levaría a Don Ramón a afirmar, xa no solpor da súa vida, tra-la morte da súa muller, "Só os amigos, despois de Xesús, sodes a lus neste triste solpor" "Cristián practicante desde sempre, o seu cristianismo era un verdadeiro talante





Os que queren ser "universais"

¿Que é exactamente a *universalidade*?
¿En que consiste iso de ser *universal*?
¿onde se pode ser? Os meus anos mozos en Madrid, e en xeral os meus anos fóra de Galicia foron unha búsca sen acougo. Todo me gustaba, estaba moi ben, pero non conquería a identificación quearelaba. ¿Quen era eu? Hai quen non entende nin entenderá nunca este sentimento, pero para min era unha traxedia non ser de ningures. Madrid, Toledo, Burgos, Berlin, Paris... pasaban os anos, pasaban os gobernos e non atopaba acougo en ningún sistema. Canto nos custou descubrir a nosa Terra dando voltas polo universo e os libros! De cando en vez voltaba cheo de preocupacións á miña terra de Trasalba e ¿que atopaba ali? Unha Galicia campestre e asoballada xentes ignorantes, esquecidas de todos no seu currunchito, namentres eu andaba detrás da verdade dos libros, e aquilo queimábame o peito cada vez máis. Ata que descubrin en Galicia a Patria da miña identidade.

Amor á Terra

O amor á terra sómente se explica cun vencellamento absoluto ca terra. Eu sinto a chegada do verán, a chegada do inverno, a primavera, no meu sangue de nantes que nos primeiros gromos. Podome por triste ou ledo con so abrir as fiestras pola mañá. Podo chorar diante da natureza. Isto sábeno moi ben os labregos. Eu sentínme sempre labrego. A terra somos nós; vive medra esmorece con nos e nos con ela.

(Ramón Otero Pedrayo)

vital, cun senso franciscan de amor a todo o creado, vendo a presenza de Deus en tódalas cousas.

A pesares da dificultade que tiveron os galegos para xunguir a fe cristiá a unha opción galeguista, Don Ramón soubo casar estas dúas realidades maravillosamente, entre esperanza e dor (pois foi perseguido por iso), radicalidade e prudencia, mais sempre con amor e comprensión. O íntimo vencello que el vía entre galeguismo e cristianismo, chegou ata a súa derradeira vontade, cando pediu "ir vestido para a terra co hábito do pobriño de Asís" e "enriba do meu peito a bandeira galega".

Entre Ourense e Santiago

Ourense e Santiago foron as dúas cidades cruciais na vida de Don Ramón. Naceu na cidade das Burgas o 5 de Marzo de 1888 fillo único dun médico rural, culto e liberal. Alí fai o bacharelato, e tras facer o curso de ampliación en Santiago marcha a Madrid, onde estuda Filosofía e Letras e Dereito. Axiña gaña a cátedra de Xeografía e Historia de Instituto e vai exercer a Burgos e logo a Santander, rematando en Ourense polos anos vinte. Alí é onde se achega o galeguismo da man de Lousada Dieguez e as *Irmandades da Fala*. Colabora en numerosos xornais e revistas, sobre todo *Nos* e *A Nosa Terra*.

En 1931 é recibido como membro da Real Academia Galega, e o mesmo ano sal deputado da República pola provincia de Ourense, co Partido Na-

zionalista Republicán, tendo como compañeiro nas Cortes ó seu amigo Castelao. Logo viría o Partido Galeguista, no que participou activamente, e a campaña do Estatuto Galego, refrendado polo pobo galego en 1936. Ese é o ano da Guerra Civil, que conta tódolos proxectos galeguistas; moitos dos seus amigos morren asasinados, outros teñen que exilarse e el é castigado polo novo réxime separándoo da súa cátedra. Polo seu prestixio será repostado dela a finais dos anos 40 e en 1950 oposita á cátedra da universidade de Santiago, onde exercerá a docencia ata a súa xubilación en 1958. Seguirá o seu traballo por Galicia, sen descanso, ata á súa morte en Trasalba, perto de Ourense, o 10 de Abril de 1976.

A figura literaria da súa xeración

A obra de Otero Pedrayo é inmensa, ningún escritor galego escribiu tanto coma el. Ademais escribiu de todo: novela, ensaio, teatro, conto, artigos de periódicos e revistas, poesía e centos de conferencias. A súa primeira obra foi unha novela, *Pantelas, home libre*, á que seguiron outras moitas, *O purgatorio de Don Ramiro*, *Arredor de si*, *O meson dos ermos*,... e sobre todo a meirande, *Os caminos da vida*. Publicou tamén varios libros de contos: *Contos do camiño da rua* e *Entre a vendimia e a castiñeira*; e diversas obras de teatro: *A lazarada*, *O desengano do prouro*,... E aínda unha obra de poesía, *Boa arborea*.

Os libros de ensaio sobre temas de

xeografía, historia, filosofía, arte, biografías, etc. superan os cincuenta títulos. O primeiro foi a súa moitas veces reeditada *Guía de Galicia*, polo ano 1926, logo viría outra dúcia de libros sobre xeografía, o seu magnífico *Ensaio histórico sobre a cultura galega* e varios libros máis de historia, biografías, etc. Os artigos en periódicos e xornais foron tantos, que xa Castelao dixera que ninguén escribira tantos coma el; algúns foron recollidos en libros, pero moitos perdéronse, pois nos anos da ditadura franquista tivo que publicalos con pseudónimo (falso nome).

Pero o máis grave que lle ocorreu a obra de Otero foi que houbo mais xente que falara del, da que leu os seus escritos. Oxalá este *Ano de Otero Pedrayo*, sirva para que todos nos achegemos a eses libros, algúns de linguaxe un pouco difícil pero dunha riqueza desbordante. ■

Victorino Perez Prieto

"A década prodixiosa"

É o nome dun grupo español de moda, que sen dúbida os mais novos coñecen ben. Pero "a década prodixiosa" é sobre todo un alcume que se lle puxo ós anos sesenta, o decenio mais cheo en acontecementos da segunda metade do noso século. Uns anos en que no mundo parecía que ia darse un cambio total, a mocidade despertaba coma unha forza que tiña algo que dicir nunha sociedade vella, e occidente parecía que entraba nunha nova era.

Da "Revolución cultural" ó "La-la-la"

Foi 1968 o ano clave desa década: a revolución cultural na China comunista de Mao-Tse-Tung quería cambiar maneiras e xeitos de pensar no estado mais grande do mundo; Ho-Chi-Min abría camiños novos no Viet-Nam, onde os yankis camiñaban cara unha amarga e vergonzosa derrota; a guerrilla iniciada anos antes polo "Che" Guevara exténdese como regueiro de pólvora por toda América Latina; a astronave "Apollo VIII" levaba homes

por vez primeira ata a Lua, e os xaponeses comenzan a asolar o mundo cos transistores; é asesiñado en U.S.A. Robert Kennedy, que representaba a esperanza do cambio político na mais poderosa nación do mundo, tra-lo asesiñado do seu irmán o presidente John F.; tamén é asesiñado Martin Luther King, líder de revolta dos negros estadounidenses polos seus dereitos, e símbolo mundial da loita non violenta; pola sua banda, a Igrexa inicia o "aggiornamento", ou adaptación ó mundo, tra-lo concilio Vaticano II, e Pablo VI proclama os dereitos dos pobres na sua encíclica "Popularum Progressio"; entre os mozos causan delirio os Beatles e España gaña o festival de Eurovisión da man de Massiel.

Cando os estudantes quixeron cambia-lo mundo.


Pero é maio a data fundamental deste ano tan movidiño, da man de dúas esperanzas frustradas: O Maio francés e a Primavera de Praga. Nesta última, os tanques rusos aplastaron

as ideas renovadoras dos checoslovacos, encabezados por Dubcek. Pola sua banda, nas ruas de París primeiro e logo nas de tódalas cidades universitarias do mundo occidental os estudantes viviron nesta primavera as mais fondas emocións dunha utopía renovadora, e as mais amargas frustracións de algo que non puido ser. Querían cambia-lo mundo, traían ideas e proxectos novos cara un mundo de xusticia, solidariedade, amor e sobre todo de liberdade ("Prohibido prohibir"); chegaron a ocupa-la Bolsa parisiña.... Pero atopáronse con que este vello nundo non deixaba doadamente as suas maneiras e sobre todo o seu poder. Os estudantes tiveron que conformarse con berrar: "Burgueses non comprendédes nada".

Pasaron xusto vinte anos. Foi unha fermosa utopía para a moitos de nós, utopía cantada por xeracións. Pero un absurdo para outros, un quebradeiro de cabeza felizmente rematado para algúns, e para outros moitos... so aquilo de que "a primavera a sangue altera", ou o de "xente nova e leña verde todo e fume". Pero, por iso, temblar temblaron mentras durou.

Victorino Pérez Prieto

PARIS: MAIO DO 68



François Mitterrand, presidente de Francia

Francia ocupou nas semanas pasadas as primeiras páxinas de todos os xornais e os lugares mais destacados nas informacións de todos os medios de comunicación. Non era para menos, no veciño e poderoso país elixían xefe de estado para outros sete anos. O 8 de maio despoisouse a incógnita: François Mitterrand foi o candidato elixido con mais votos dos esperados.

Un presidente socialista

O novo presidente é un socialista de 72 anos, licenciado en Dereito e Filosofía e Letras, abogado, periodista e escritor, ademais de político. Mitterrand chega por segunda vez á xefatura da República Francesa, acadando na V República un record que só conseguira o seu fundador, o xeneral Charles De Gaulle, a quen superaría no caso de acabar o seu mandato de sete anos.

François Mitterrand (Partido Socialista Frances) acadaba a máxima responsabilidade da República Francesa na segunda volta das eleccións presidenciais, conquerindo o 56% dos votos, en reñida loita con Jacques Chirac (Reagrupamento para a República) que conseguiu o 46%.

1981 fora o ano do primeiro trunfo de Mitterrand, facendo certo aquilo de que "a terceira vai a vencida". Ese ano derrotou a Valéry Giscard d'Estaing, terceiro presidente da República, tras perder en ocasións anteriores contra o mesmo Giscard (1974) e contra o xeneral De Gaulle en 1965. Con esta vitoria acabará a "cohabitación" (ver recadro) entre socialistas e conservadores.

Os derrotados

Jacques Chirac e o seu RPR representaban a esperanza da dereita, tras conseguir cerca do 20% dos votos na primeira volta, fronte ó 35% de Mitterrand. Pero o gran derrotado foi o seu compañeiro de goberno, e primeiro ministro noutra ocasión, Raymond Barre; o seu partido (UDF) representaba a dereita mais moderada e antirracista, un certo "centrismo" que só acadou o 16,5% dos votos, quedando eliminado na primeira volta.

Na esquerda, aparte do trunfo dos socialistas, estas eleccións tiveron como dato mais significativo o gran baixón do Partido Comunista, que con só o 6,7% dos votos acadou os resultados mais cativos da súa historia. A causa parece ser claramente as súas divisións, tal como ocorreu cos comunistas españois. Así, concorreron tamén ás eleccións comunistas "renovadores", a "extrema" esquerda e os trotskistas de "Loita Obreira". Caso aparte é o dos ecoloxistas, menos revolucionarios que os alemánes.



Le Pen: a ascensión da extrema dereita

Caso aparte merece a terceira forza da dereita: o Frente Nacional (FN) de Jean-Marie Le Pen. A extrema dereita non foi esta volta perdedora, senon unha rotunda triunfadora pola súa tremenda ascensión: en só catro anos pasou da nada a acadar un papel clave na política francesa, cos seus 4,3 millóns de votos (14,4%), convertíndose nun verdadeiro "terremoto político".

O seu líder Le Pen foi o "gran perturbador" destas eleccións e compartiu lugares destacados nas informacións, á par que os dous grandes. Este "loiro demo francés", como lle chamou algún xornalista, representa o neofascismo, a volta dunha ideoloxía política de ultra-dereita (non en van cadra o nome do seu partido con FN de Blas Piñar, ben coñecido nos nosos lares). O seu é un ultranacionalismo que exalta a grandeza de Francia e os franceses ("chauvinismo") cun discurso primitivo, racista e que aboga pola expulsión dos extranxeiros ("xenofobia").

As razóns deste trunfo -cun electorado que vai desde os desilusionados da dereita clásica, ata os obreiros que antes votaban comunista, e mesmo os labregos temerosos da CEE-, son interpretadas polos especialistas coma un "voto de castigo" contra a política e os políticos imperantes, e tamén como unha resposta á súa solución de que expulsando ós extranxeiros habería traballo para todos os franceses.

Victorino Pérez Prieto

DOCUMENTACION

A V República


Desde a Revolución Francesa (1789) ata hoxe, Francia pasou por cinco repúblicas, marcadas a ritmo de revolución ou restauración. A primeira (1789-1804) acabou coa proclamación do Imperio por Napoleón Bonaparte. A segunda (1848-1851), ameneceu coa revolución de 1848 e morreu coa proclamación do Segundo Imperio por Luis Napoleón. A terceira (1871-1940) apareceu tra-la revolta da Comuna de París caeu coa ocupación da mesma cidade polo nazi. A cuarta (1946-1958) comezou tra-la vitoria da II Guerra Mundial e morreu afogada polas crises gubernamentais, sobre todo pola de Arxelia.

A quinta foi creada polo xeneral Charles De Gaulle en 1958, quen redactou unha nova constitución, aprobada polos franceses ese ano en referendun. De Gaulle foi o seu presidente en dous mandatos, ata 1969, en que dimitiu tra-los graves acontecementos da revolución estudantil de maio do 68, e tras perder un referendun que propoñía reformas constitucionais. Sucedeuno Georges Pompidou, ata a súa morte en 1974. Logo foi elixido Valéry Giscard d'Estaing, que ocupou o cargo ata 1981, cando foi derrotado por Mitterrand.

Unha república presidencial

Os 54 millóns de franceses teñen hoxe coma sistema de goberno unha república na que o presidente, que é elixido cada sete primaveras, exerce un poder real, non coma o rey en España. O xefe do estado é elixido por sufraxio universal, pero a elección realízase normalmente a dúas voltas, pois necesita a maioría absoluta para gañar á primeira volta, cousa que é moi difícil que se dea co sistema de partidos. A segunda volta só chegan os dous candidatos mais votados.

Tamén son elixidos por sufraxio universal a Asamble e o Senado. A primeira cada cinco anos e o segundo renóvase nun tercio cada tres anos. A asamblea é a que controla o goberno, e como a súa elección é diferente da do presidente, pode ocorrer coma ocorreu en 1985, que o xefe de goberno e os ministros son contrarios ó presidente; foi o que se chamou "cohabitación": un presidente socialista (F. Mitterrand) e un primeiro ministro conservador (J. Chirac), imposto por unha moción de censura gañada pola maioría conservadora da Asámblea Nacional. Esta situación problemática solucionárase tra-las actuais eleccións, pois J. Chirac dimitiu e F. Mitterrand nombrou primeiro ministro a un do seu partido (Michel Rocard).



i2imia


i mos facendo memoria:
recobrando o ser galego
que esquecemos.
i mos sementando patria:
man con man inxertandoo
entre os veciños.
i mos facendo outra historia:
a favor dos rebalzados e
oprimidos

REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS

ANO VIII

Nº 297, Xullo - Agosto 1988 - 50 pts.

VERAN ¿PARA QUEN?



- Os caracoles, unha nova esperanza no eido da producción galega
- XI Romaxe: O Incio
- Alexandre Bóveda Iglesias, mártir da galegitude cristiá

25 de Xullo
DÍA DA PATRIA GALEGA

RUPTURA NA IGREXA O caso lefévre

Foi noticia as semanas pasadas en todo o mundo; non podía ser menos: un novo *cisma* ou ruptura na Igrexa Católica despois de moitos anos do último. Ambos os dous foron ocasionados por non aceptar un Concilio; o anterior por culpa do Vaticano I, e este polo Vaticano II.

A ruptura viña protagonizada desta volta por un bispo francés que acaparaú páxinas de xornais e revistas, ademais dos informativos da radio e a TV: *Marcel Lefebvre*. Pero este bispo e a súa comunidade de Ecône (Suiza) non tomaron tal decisión de romper coa comunión da Igrexa nun capricho pasaxeiro, nin por chocheira de vello, senon como froito dun longo proceso no que, se tiveron que enfrentarse coas altas xerarquías da Igrexa e a maior parte desta, non estiveron orfos, pois contaron co apoio de importantes sectores desa mesma Igrexa en Francia e en todo o mundo occidental: a *Igrexa tradicional-integrista*, amante do estilo de outros tempos xa pasados, que non aceptou o ar novo que chegou co *Concilio Vaticano II*, que reformulara a fe sen perder as raíces.

Sí, o caso Lefebvre non é un caso excepcional, aillado, senon a punta do novelo que ten moito máis detrás, anque non se vexa. Vese o seu seminario e as súas residencias, os seminaristas, os curas e os bispos recen ordenados, as relixiosas e os leigos "lefebvrianos"; pero tamen están outros moitos clérigos, mesmo bispos, simpatizantes, e que están dacordo con el, anque non cheguen á ruptura. Lefebvre mesmo nunha ocasión falou ata de cardeais: "O noso aillamento é mais aparente que real. Numerosos bispos e polo menos unha decena de cardeais dixerónme que comparten as nosas posicións" (En "30 Giorni"). Pero hai mais, detrás de Lefebvre están sectores socio-políticos poderosos (velahí o apoio incondicional dos neofascistas franceses de Le Pen ás teses do arcebispo rebelde, e a acollida que recibiu en España hai 10

(Pasa a páx. 4)



O CASO LEFEBVRE

anos, e agora mais), e están os cartos, ¡moitos cartos! o poder económico da burguesía mais reaccionaria, verdadeiramente internacional (os "lefebvrinos" teñen xa 70 centros distribuídos por Europa e América). Porque Lefebvre representa un claro "baluarte anticomunista", con toda ambigüidade que conleva esta palabra para certos sectores sociais. Con razón falou Pepe Chao nun xornal do "Caso Lefebvre e outras febres" e F. Carballo, no anterior número de IRI-MIA, do "Síndrome Lefebvre".

Unha historia que ven de vello

Marcel Lefebvre naceu en 1905 nunha cidade francesa na fronteira con Belxica, no seo dunha familia burguesa moi crente. Tras recibir unha rexa formación humanística e relixiosa, ós 18 anos decide a súa vida polo sacerdocio; vai estudar a Roma entre os anos 1923-1930, onde colle unha sólida formación escolástica nun ambiente dominado polo *antimodernismo*. O Papa Pío X condenara recentemente o pensamento "modernista", que pretendía actualizar a reflexión sobre a fe cristiá. Lefebvre non esquecerá estos comezos, e poñerá lle o nome de "Fraternidade de S. Pío X" á súa fundación sacerdotal. E en Roma onde por esas datas se pon en contacto co movemento integrista "Acción Francesa", que defendía a dictadura no político e o autoritarismo na Igrexa. Movemento que logo sería condenado polo Papa Pío XI.

En 1929 ordénase sacerdote e, tras doctorarse en teoloxía, decide facerse misioneiro, ingresando na *Congregación dos Misioneros do Espírito Santo*. Vai destinado ó Gabón (África) como profesor dos futuros curas indíxenas (negros). Ali pasa os anos da II Guerra Mundial (1939-1945), ó seu remate volve a Francia, onde é nomeado superior dunha das casas da Congregación. Así as cousas, en 1947 o Papa Pío XII nombrao bispo de Dakar, no Senegal (África) e pouco despois chega a ser arcebispo e Delegado Apostólico para a África de fala francesa. Lefebvre despega ali unha grande actividade misioneira, aunque sempre de corte colonialista e occi-

dental, sen ter en conta as peculiaridades e a autonomía deses países africanos. Mais coa morte de Pío XII (1959) as cousas comezan a cambiar nesta ascendente carreira.

Xoan XXIII convoca o *Concilio Vaticano II* nada mais empezar o seu goberno, e inclúe ó arcebispo de Dakar na comisión central preparatoria; isto obriga a deixar a diocese africana e virse para Europa, sendo nomeado para unha pequena diocese francesa en 1962. A finais dese ano empeza o Concilio, e con el as críticas de Lefebvre á Igrexa. Estas críticas centráronse no que habían ser logo os seus puntos máis discutidos: a liberdade relixiosa (que chamou "o cabalo de Troia da Igrexa"), os escritos do Concilio que habían callar no "*Decreto sobre a liberdade relixiosa*", e a presenza da Igrexa no mundo actual, que sería logo unha das constitucións máis bonitas do Concilio. "*A Igrexa e o mundo de hoxe*". Cando remata o Concilio Lefebvre non quixo firmar estes documentos e seguiu coas súas críticas desde a prensa.

Ecône e a "Fraternidade San Pío X" (1968 - 1988)

En 1968 é destituído como superior xeral da súa Congregación, por outra parte non pode voltar á súa diocese polas descalificacións que fixo

en público da Conferencia Episcopal Francesa. Marcha entón a Suíza, onde con 63 anos comeza a súa obra. O ano seguinte abre en Friburgo unha residencia para seminaristas, e en 1970 funda a *Fraternidade sacerdotal S. Pío X*, abrindo un Seminario en Ecône, onde ordena dous anos despois ós primeiros sacerdotes. Xurden as tensións cos bispos suízos e franceses, e comeza o aillamento da Igrexa oficial, pois Lefebvre non só critica o Concilio, senon tamén ó Papa Paulo VI. Empezan as chamadas a Roma, pero todo é un diálogo de xordos, pois el segue ordenando sacerdotes e abrindo novas residencias en Europa e América. Así, no ano 1976 é "suspendido a divinis", é dicir, incapacitado para exercer-lo ministerio sacerdotal. A comunicación con Roma chega a romperse totalmente.

Con Xoan Paulo I tampouco se entendeu. Pero coa chegada do actual Papa (1978) a cousa semella cambiar; Lefebvre coincidira con el no Concilio, mesmo nos plantexamentos, e coidaba que se entenderían. El mesmo declara no ano 1979: "Na curia todo segue igual. O papa cambiou" (En "*L'Avenir*"). Pero o bispo rebelde segue a ordenar sacerdotes, a pesares da suspensión, aunque agora coa tolerancia de Roma. Mais en Xaneiro deste ano amenaza con consagrar novos bispos, e isto xa era demasiado para Roma.

Os últimos acontecementos (Xaneiro - Xuño 1988)

En declaracións á prensa francesa, Lefebvre amenaza con facer novos bispos, se Roma non atende ás súas demandas de revisar o Concilio, nombrar bispos da "Fraternidade", e converter esta en "prelatura persoal" (co que se desvincularía, xa oficialmente, dos bispos diocesanos). Quere nombrar polo menos catro bispos, deles dous para América, para asegurar a súa sucesión -dixo en roda de prensa-, mesmo no caso de que "os comunistas invadan Europa".

E así o fixo, o pasado 30 de xuño o bispo rebelde consagraba catro novos bispos sen contar coa autoridade do Papa, co que consumaba un novo cisma na Igrexa Católica, e quedaba

Os cismas do século XX

Un cisma ocorre cando un bispo rompe oficialmente co Papa e consagra novos bispos. Na historia da Igrexa (2000 anos) houbo numerosos cismas ou rupturas, aunque só se contan os "grandes", como o que tivo lugar no ano 1054 entre os *latinos* (católicos) e os *gregos* (ortodoxos), que deu lugar a unha nova Igrexa na cristandade oriental; ou o que tivo lugar cinco séculos despois coa separación dos *luteranos*, *calvinistas* e *anglicanos* (Igrexa de Inglaterra).

Nos últimos cen anos, o único cisma importante foi o ocasionado tra-lo Concilio Vaticano I (1870), cando algúns bispos centroeuropeos negáronse a aceptar a *infallibilidade* do Papa, e ordenaron novos bispos; estes disidentes chamáronse *primeiro veterocatólicos* e logo *cristocatólicos*. De menos importancia foi o ocasionado coa *Igrexa de Checoslovaquia* (1920) por razóns disciplinares, e o da *Igrexa "nacional" china* (1950) coa revolución maoísta.



O bispo rebelde cos seus curas e seminaristas

automaticamente excomulgado (fora da comunión coa Igrexa) tal como se lle dixerá repetidas veces

A ruptura non veu pola esquerda

O caso Lefebvre faínos revaloriza-lo feito de vivir en comunidade, en comunidade xerárquica -aunque moitas veces sexa moi duro-, pois é un gran don que posibilita os camiños da fe e do recoñecemento da presenza de Deus noutras persoas sobre todo no Papa. O cisma Lefebvre recórdano-lo duro que pode ser o camiño da comunión eclesial, pero tamén a súa necesidade. Os camiños do Cisma e a ruptura non parecen ser os máis válidos para ser fieis o Evanxelio.

Que distinta a postura do *integrista* M. Lefebvre a do "progre-sista" Leonardo Boff! O primeiro, a pesar das súas afinidades coa dirección da Igrexa, a pesares dos amigos no Vaticano (bispos que loitaron con el no Concilio polas mesmas ideas), non foi capaz de seguir na comunión coa Igrexa, anque fora cedendo so unha miguina de autoridade. O segundo -franciscano e teólogo- alorou con dignidade críticas inxustas e descalificacións calumniosas, chegando a pronunciar aquela memorable frase: "Prefiro equivocarme coa Igrexa, que caminar na verdade so", claro que detrás del non estaban uns cantos curas *integristas* e un grupo de burgueses máis ou menos numerosos, senon os miles e miles dos centos de comunidades cristiás de base, que tiñan o xenuíno selo do evanxelio: os pobres.

Coa mesma liberdade e humildade de Boff, estivo tamén no mes pasado en Roma outro bispo ben distinto de Lefebvre: *Philip Casaldaliga*, bispo dunha pequena diocese do Brasil a quen non lle gusta que o chamen Monsenor. En Roma o bispo Casaldaliga dixo o que tiña que dicir, sen botarse atrás nas súas críticas contra a grandiosidade e ostentación romana -tan lonxe da pobreza do Evanxelio- contra a súa comprensión das Igrexas periféricas e as loitas dos pobres, pero dixo coa mesma sinxeleza, que el non tiña problemas coa comunión na Igrexa: "Que somos nós sen a Igrexa", dixo, sen siquera problemas de fe, anque discrepe en algunhas opinións teolóxicas.

Non, a ruptura na Igrexa non veu pola esquerda. Cando se enteraran en Roma!

Victorino Perez Prieto

Cousas miudas



Por Eliseo Miguez

A verdade é que non sabía por onde empezar. En principio pensaba comentar algo cotián que me tiña chamado a atención. Acontecementos de certa gravidade tentáronme a expoñe-lo meu punto de vista sobre deles, mais ó final acordei volver ó principio. Deixaremos para máis adiante, para un momento de máis sosego, o comentario de cousas graves.

Xa saben todos vostedes que un factor fundamental para ter éxito nos estudos é o que se chama motivación, é dicir, ter unha razón pola que estudar. Con frecuencia, cando os nenos son aínda picariños, o seu entendemento non alcanza a comprende-lo proveitoso que é aplicarse agora nos estudos para o seu porvir. Esa insuficiencia dos nosos fillos, causada pola pouca experiencia da vida, suplímola os pais transmitíndolle mensaxes adecuados, coméndolle-lo coco como din agora os rapaces.

Tódolos días, cando estou a rematar de facela barba, hai un señor na radio autonómica galega que coordena dende Santiago a información meteorolóxica que proporcionan os corresponsais espallados polos puntos máis importantes (polo nº de habitantes) de Galicia. Algún deles, por certo, debe ter subcorresponsalías porque dar dan as temperaturas da mañá e mais o tempo que está a facer no momento da retransmisión de case todo o país. Poucos recunchos quedarán sen tocar, e iso esta francamente ben.

O malo é que ese locutor ou periodista, que para o caso tanto tén, nin fala correctamente o galego... nin sabe xeografía. Cando principia a súa actuación para el en Galicia non hai *amanecer* senón "amanecer"; os *graos* de temperatura que nos proporcionan dende Lugo, A Coruña, Ourense ou Mondoñedo, dende A Fonsagrada ou Pontevedra, dende Celanova ou Vigo, para el convértense en "grados" cando nos dá a temperatura de Santiago.

O peor é que eses erros non son dun día. Calquera de nos pode ter semellantes ou aínda peores deslices, pero unha cousa é escribir para un medio con poucos posibles, coma por exemplo IRIMIA, que non pode pagar ós colaboradores nin tampouco a profesionais a tempo pleno, e outra ser un comunicador oral, vivir da palabra, ser un profesional da radio, e dunha radio que tén ou debería ter lingüistas para asesorar e corrixir. Se estes existen e cumpren ben o seu cometido, suspenso para o comunicador, que debería ser cesado de inmediato; en caso contrario, tería tanta culpa a emisora (é dicir, os cargos que teñen poder de designar ás persoas para os distintos cometidos) e os que deberían cesar son outros.

As publicacións periódicas de Igrexa na Galicia

Cando IRIMIA se presentou humildemente na VI Romaxe de Cren-tes Galegos aló polo Setembro do 1981, unha longa historia de pro-xectos, logros e frustracións a precedían no eido das publicacións que se autopro-claman "crentes" (católicas), ou "de Igrexa", en Galicia. Velaquí polo que a súa acollida foi entusiasta por parte dos secto-res mais galeguistas da Igrexa, anque este entusiasmo non se traducira logo nun progresivo aumento de suscripcións, es-tancadas practicamente desde hai anos.

Non moi lonxe quedaba o inicio da que chegaría de contado a ser unha publica-ción de prestixio: *Encrucillada*, herdeira daquela outra de grata memoria que mar-cara un fito no periodismo galego: *Logos*, morta co estrondo da Guerra Civil (1936) e que durou cinco anos. Esta última subtitulábase "Revista de cultura relixiosa", e a primeira -con criterio máis moderno- "Revista galega de pensamento cris-tián". *Encrucillada*, que publica cinco números de máis de 100 paxs. o ano, celebrou o seu 10º aniversario en 1986, e que cumpira moitos máis!

Nese eido das publicacións crentes máis de elite cómpre sinalar tamen outras tres revistas galegas. En primeiro lugar *Compostela*, num revista de investigación histórica e teolóxica publicada polo Centro de Estudos Xacobeos, e fundada en 1956 polo Cardeal Arce-bispo de Santiago Fernando Quiroga Palacios. Trátase dunha re-vista de publicación anual, o mesmo que *Estudios Mindomenses*, ésta da diócese de Mondoñedo-Ferrol, que aparece no ano 1985. Final-mente, *Lumiera*, revista de teoloxía pastoral feita desde Galicia, pero cunha ambigüidade que a fai escasamente galega, aparecida hai uns tres anos, a súa periodicidade é irregular e o formato é de tipo libresco coma o das anteriores.

Non é este, evidentemente, o campo de IRIMIA, revista que se define "crente" ou cristián, anque de amplo espectro e de informa-ción xeral, na que colaboran xente moi dispar, o seu carácter é eminentemente popular e cun claro compromiso galeguista e fonda vocación de chegar á xente máis sinxela. O seu precedente máis inmediato foi *Boa Nova*, de cuíros promotores saíu tamén IRIMIA; era aquela unha folla dominical que se repartía nas igrexas, e que tiña un talante galeguista e progresista, a pesares do cal acadou ampla difusión, unida ó "Material para a homilía e a catequese" que o acompañaba. Actualmente é *Badal*, publicación de carácter litúr-xico, quen colleu o seu testigo na difícil tarefa de normalizar o galego nas celebracións da Igrexa; Deus lle conserve o ánimo!

Outra publicación de feliz memoria, da que é tamen debedora IRIMIA nalgũa medida, foi o Boletín interparroquial *Fátima*, elabo-rado dacabalo entre Santiago e A Coruña. De formato semellante ó de IRIMIA, anque a unha soa cor, foi sen dúbida o máis digno dos numerosos boletíns parroquiais que se publicaron e seguen a publi-car-se en Galicia. Certamente as publicacións de Igrexa que podía-mos denominar "menores" son numerosas en Galicia, sobre todo as follas parroquiais; a maioría son de claro talante conservador, por non dicir reaccionario. Anque hai dignas excepcións coma a Folla interparroquial *Tambo*, publicada en Pontevedra totalmente en ga-lego, coma *Fátima*, moi contrariamente ó que adoita ser habitual.

E claro, polo que se ve, que o periodismo de Igrexa non ten precisamente moita amplitude en Galicia, nin siquera en castelán; algúns intentos oficialistas coma *Petrus*, argallada no ano 1982 para anima-la visita do Papa a Santiago, e logo con vontade de continui-dade, non coallaron a pesares de dispoñer dos medios económicos

boa nova



RASTREAR
DO
A
DEUS
NA
HISTORIA

Encrucillada

Revista galega
de pensamento
cristián



Número 54
Marzo-Abril 1988

IRIMIA



Boa Nova, Encrucillada e IRIMIA, tres esforzos para un mesmo fin

**BOLETIN
INTERPARROQUIAL
BOLETIN**

Comunidades
[] SANTA MARTA
[] BARRIO DE
LAS FLORES
[] FÁTIMA
[] S. PEDRO-
ANGUSTIA
[] CARMEN
DE ABAIXO


Fátima en Santiago de Compostela

JULIO - AGOSTO
SEPTIEMBRE 1978
NÚMERO 180

PAPAS E HOMES TAMEN

BENDITO O QUE VEN NO NOME DO SEÑOR

PETRUS



AS PONTES
A NOSA PARROQUIA

ENERO 85



FOLLA INTERPARROQUIAL

MES DE OUTUBRO 85 N.º 16

O exemplo de *Fátima* e *Tambo* foi seguido por moi poucos.

Pobo de Deus e outra publicación de Igrexa feita en A Co-ruña, tamén de moderados plantexamentos, e maiormente feita en castelán a pesares do título, a súa difusión circuns-cribíse á cidade herculina.

IRIMIA a pesares da súa cativeza de medios é hoxe por hoxe a única publicación periódica de Igrexa con carácter popular estable. Que veñan máis pero galegas e populares.

Victorino Pérez

As eleccións en U.S.A.



Coca-Cola e Pepsi-Cola, pero a mensaxe de Bush e Dukakis tiña certamente notables diferencias. Mentres o primeiro dicía claro que ia seguir coa filosofía reaganista de non subir os impostos, recortar os gastos sociais, apoio claro á "contra" nicaraguana e á "guerra das galaxias"; Dukakis opúñase claramente tamén a estes apoios e mostrábase partidario de aumenta-los gastos sociais. Mais en derradeiro termo, a mensaxe era o de menos, e os cartos apostaron por Bush.

O proceso electoral

Ainda hai máis, as eleccións USA resultan antidemocráticas para moitos tamén polo mesmo proceso electoral, que distorsiona a realidade das mesmas eleccións e fai que non todos os votos sexan iguais. Según este sistema, longo e complexo, a cada un dos estados correspóndelle certa cantidade de votos electorais en función da súa representación parlamentaria determinada polo número de habitantes. Votos que son para acadar os 538 compromisarios representantes dos 50 estados, quen son os que realmente eleixrán o presidente próximo 19 de Decembro. Mais a "regra da unidade" concede todos os votos dun estado ó candidato que acade a maioría simple; así, un candidato que trunfe por un so voto en California obtén 47 votos, mentres outro que arrase en Dakota, Delaware, Wyoming..., conseguiría 12 por todos.

O día clave é o *supermartes*, pois desde hai moitos anos a elección do candidato é sempre "o primeiro martes despois do primeiro luns de Novembro". Pero o longo proceso electoral ten varias etapas diferenciadas:

1ª.- Selección de delegados e representantes según os diversos partidos nas "caucuses" e primarias. Período que dura varios meses.

2ª. Búsqueda dun candidato definitivo das "Convencion nacionais" de cada partido.

3ª Campaña electoral dos candidatos eleixidos para a presidencia

4ª Día das eleccións. Anque o candidato non será propiamente eleixido no acto, senon mes e medio despois.

Victorino Pérez

Unha democracia non tan democrática

Os EE. UU. gábanse de ter a democracia máis vella e estable, pero o certo é que a súa democracia non é tal. Aquelo de que nese país calquera pode ser presidente é un conto, pois a presidencia e a democracia en xeral dependen totalmente do poder bancario, el é o que custodia todo o xogo político, marcando permanentemente os límites da democracia americana.

Unha prestixiosa revista dese país, *Newsweek*, falaba recentemente de que as eleccións presidenciais están en crise, pois se nos primeiros tempos votaban o 80 por cen, hoxe, con mais medios de comunicacións, vota a metade. Ela mesma daba a explicación: "Os actuais procesos electorais, non importa o intencionados que sexan, dun tempo para aquí son cerrados e pouco democráticos".

Vender un presidente

Un índice desta realidade falsamente democrática é o que se chamou "eleccións por ordenador" ou "democracia electrónica", na que o único importante dun candidato sería o impacto visual, máis que a mensaxe. Nixon foi o primeiro, anque xa Kennedy abría a porta, pero foron Reagan e o seu equipo os que "eleva-

ron á categoría de arte" o manexo da televisión, convertindo as eleccións presidenciais no "gran xogo de video americano". O meirande problema do equipo electoral e post-electoral era buscar a frase do día e fabricala para lanzala coma noticia en todos os medios de comunicación, vendéndoa coma se vende un deterxente ou unha pasta de dentes. Na última campaña isto chegou a convertirla nunha verdadeira guerra suxa de ataques rastreiros entre os candidatos.

Dixose máis dunha vez que a diferenza entre *republicanos* e *demócratas* era semellante á que había entre



Bush



Dukakis



Jackson

Tres candidatos e un ganador, o da Banca e a Patronal

Os americanos volven apostar por Reagan

George Bush, exdirector da tristemente famosa CIA (aparato de espionaxe e información do goberno USA) vai se-lo 41 presidente dos EE. UU., o home máis poderoso da terra.

Nunhas eleccións nas que non votaron a metade dos electores, o vicepresidente de Reagan e lexítimo herdeiro espiritual, gañoulle a partida ó seu oponente Dukakis coa abstención máis alta das últimas décadas. Os norteamericanos que foron votar, satisfeitos coa situación actual, preferiron apostar polo reaganismo que polo tímido cambio que representaba o ex-profesor e ex-gobernador Dukakis. Este presentárase coma defensor da causa das clases medias e baixas, das clases traballadoras, pero os pobres non votan en Estados Unidos.

En realidade, as diferencias entre o *elefante republicano* e o *burro demócrata* (símbolos dos dous únicos partidos que dende hai moitos anos poden acceder na práctica á presidencia USA) son cativas. Ambos dependen de papá dólar, dos medios financeiros, pois sen o seu apoio é imposible competir pola presidencia con mínimas posibilidades de éxito. O verdadeiro partido gañador nos EE.UU. é sempre o "partido da propiedade" como o chamou un analista. Un partido ó que pertencen ámbolos dous candidatos: Bush é fillo dun banqueiro de Wall Street e adineirado negociante de petróleos, e Dukakis ven dunha familia tamén multimillonaria. Un partido que en definitiva apostou pola continuidade da política monetarista de Reagan e a súa concepción imperial que leva consigo o custe de enormes gastos militares, de rebaixas fiscais para os aposentados e ricos e de meirande desamparo para os empobrecidos.

V.P.

EE.UU. un país de contrastes e inxusticias

Estados Unidos de Norteamérica é un país de contrastes. Non é de extrañar, pois el só é meirande que tódolos estados de Europa xuntos (sen contar a extensa e oriental Siberia rusa). Os seus 9 millóns largos de Km2 acollen a unha poboación de máis de 245 millóns de habitantes, distribuídos nos 50 estados da Unión (dous deles fora do continente: Alaska e Hawai).

O Produto Interior Bruto (PIB) foi en 1987 de 4.500 billóns de dólares, (os billóns en dólares son 1000 millóns non un millón de millóns) debidos en gran parte a unha ducia de empresas que teñen unha facturación anual superior ós 40.000 millóns de dólares. Non fai falla dicir que estas empresas son tamén as meirandes multinacionais do mundo: *General Motors* (automóvil), *Exxon* (petróleo), *Mobil Oil* (petróleo), *Ford Motors* (automóvil), *IBM* (informática) e *Texaco* (petróleo).

Os contrastes non só veñen marcados polas diferencias xeográficas e humanas (etnias, linguas, relixións, etc.) senón tamén polas tremendas diferencias sociais que van do derroche á pobreza, facendo desta "patria da liberdade" unha das sociedades máis clasistas do mundo. Un prestixioso diario norteamericano, o *Washington Post*, sinalaba recentemente que un 5 por cen dos cidadáns americanos con renda máis alta perciben máis ingresos que o 40 por cen; e o 1 por cen acumula máis riqueza que o 90 por cen. Desta maneira, o país

máis rico da Terra, ten máis pobres que toda a poboación española. E para quen fale de que iso da pobreza é relativo, pois os pobres norteamericanos serían ricos aquí, dicímoslle se lle gustaría verse no pelexo dos 20.000 cidadáns que diariamente acuden en Washington ós comedores de caridade pois non teñen para subsistir; ou os 15.000 que reciben comida e hospedaxe das institucións de caridade nunha cidade máis pequena coma Filadelfia; ou os 40.000 viciños que viven sen teito na cidade de Nova Iorque, escapate da prosperidade capitalista. Nun país de abundancia, máis de dous millóns de persoas viven na rúa (familias enteiras e mesmo traballadores brancos, recoñecía M. Castells en *El País*) e un de cada catro nenos viven na pobreza.

Cando a estes reveladores datos se lles contrapon o derroche armamentista de millóns diarios de dólares, ou o derroche consumista das clases privilexiadas, ou os miles de millóns dunhas eleccións farsa, o partido republicano (no poder por terceira vez) contesta que o déficit presupostario que padece o país está causado polos gastos da seguridade social! (fortemente recortada polo presidente Reagan). Non é de extrañar que o comentarista político citado máis arriba diga que "a principal herencia sociopolítica do reaganismo é a radicalización da sociedade de clases... O pos-reaganismo revelará o custe social e político do soño liberal".

V.P.

XAQUIN MARIN

AQUÍ SI QUE TEÑEN ONDE ESCOLLER



A "Declaración de Colonia": Un grupo de teólogos critican aspectos da vida da Igrexa

Mais de 170 teólogos -aunque algún medio reduce o número- fixeron hai unhas semanas unha declaración pública, da que de seguida se fixeron eco os medios de comunicación, na que manifestaban o seu descontento por unha serie de feitos que constatan na Igrexa católica hoxe. A importancia de tal declaración ven dada tanto polos temas que abordan, coma polo prestixio de quen a firman. Nomes tan destacados coma o polémico teólogo alemán Hans Kung, o dominico holandés Edward Schillebeeckx (posiblemente o teólogo de maior talla na actualidade) o tamén prestixioso J. B. Metz (pai da "teoloxía política"), e o home clave na renovación moderna da teoloxía moral Bernard Haring.

Os temas que abordan agrúpanse en varios núcleos. En primeiro lugar os *nomeamentos de bispos*, feitos de maneira demasiado unilateral por parte da Curia Romana, "desprezando as candidaturas das igrexas particulares" -din-; denuncian de paso o papel nefasto das *nunciaturas*, ou embaixadas do Vaticano en cada país, que cada vez se meten e controlan máis estes nomeamentos; e denuncian tamén esa velada esixencia de obediencia cega ó Papa que se lles pide ós bispos. En segundo lugar está o nomeamento dos *profesores de teoloxía das Universidades católicas*, negándose a posibilidade de ensinar a teólogos moi cualificados, como temos dado noticia xa nestas páxinas; interprétase coma unha "intromisión peligrosa na liberdade de investigación e ensinanza", e destácase igualmente que non tódalas doutrinas da Igrexa son igualmente certas e intocables desde o punto de vista teolóxico. Finalmente, denúciase o "intento teolóxico de esaxerar de modo intolerable a *competencia maxisterial do Papa*" e a *sua xurisdición e disciplina*; destácase o feito de sacar conclusións discutibles que se teñen por absolutas en materia de *control da natalidade*, poñéndoa á altura dos "pilares fundamentais da fe cristiá". Rematan confesando con tristura como a Igrexa foi pasando de pobo peregrino en relación viva coa base a cidade asediada que fortifica as súas defensas".

A declaración foi contestada de seguido por certos sectores coma "denuncia absurda" e "panfleto infame" ou "agasallo envenenado ó Papa" nos 10 anos de pontificado. Pero, visto o texto, non semella tan desacertado, e toca temas que están na boca de calquer cristián que non "pasa" da Igrexa nin di Amén de forma acrítica a todo o que ven de Roma, que non está certamente á altura da Palabra de Deus, como demasiadas veces semella afirmarse; e, en todo caso, o Maxisterio da Igrexa non ten todo o mesmo valor como calquer católico formado sabe moi ben. O asedio ós teólogos, que se respira desde hai tempo, cheira a inquisición, por moito que se disfraza de outras cousas.

Victorino Perez Prieto

Unha boa noticia

Por Miguel Anxo Araújo Iglesias

Sempre resulta agradable dar boas noticias. Por desgracia non son moitas as que se poden dar nestes tempos, pero hoxe eu teño unha que quero comunicarlle ós lectores de IRIMIA. Tódolos que levamos tempo traballando pola introdución da nosa lingua galega na liturxia e na vida oficial da nosa Igrexa témola experiencia de que son moi poucas as boas noticias que xorden neste campo. Sen embargo hoxe hai unha.

Hai un mes, máis ou menos, o señor bispo de Ourense, don Xosé Diéguez Reboredo, publicou unha carta breve para os seus sacerdotes na que lles amosaba o seu desexo dunha meirande galeguización da liturxia, unha vez publicado o Misal Romano na nosa lingua, e cando o mesmo Presidente da Diputación Provincial acababa de regalarlle cen exemplares do mesmo.

Pero hai algo máis. O señor Bispo quixo ser consecuente e dar exemplo de compromiso coa lingua galega. Acaba de organizar un cursiño de lingua galega para todo o persoal da curia diocesana, delegacións, secretariados e demais sacerdotes que queiran asistir. Este cursiño dáo Primitivo Iglesias Sierra, un dos autores do Dicionario Xerais da Lingua, a quen sen dúbida lembrarán moitos ex-alumnos do Seminario de Mondoñedo. E un dos alumnos asíduos a estas clases é o propio monseñor Dieguez Reboredo.

A finalidade deste cursiño é que, non só na liturxia, senón tamén na vida oficial da Curia diocesana se vaia introducindo o uso da lingua galega, pois se na liturxia se vai facendo algo, neste outro campo podemos afirmar que estamos a bravo. Abonda le-los Boletíns Oficiais das cinco diócesis galegas para decatármonos dunha total ausencia do galego.

Coido que xestos coma este do señor Bispo de Ourense son necesarios e ata urxentes se queremos que a inculturación da nosa Igrexa non se quede tan só en palabras fermosas ou nunha tradución e publicación dalgúns textos litúrxicos. A xente está cansa de palabras e xa non cre nelas, se non as ve suliñadas por realidades e compromisos reais, aunque sexan tan sinxelos coma este.

Eu non sei se os lectores se decatarán do que significa que un fato de trinta ou corenta curas, baixo a iniciativa e a presenza do seu Bispo, se xunten tódalas tardes para aprender un pouco mellor a súa lingua, coma instrumento dunha evanxelización máis encarnada. Por aquí anda o Espírito de Pentecostés, o Espírito de Xesús.

E quixeramos, naturalmente, que este exemplo sexa recollido e aceptado polas outras diócesis galegas. Eu lles diría a esas, que estean atentas ó Espírito que está marcando estes vieiros, e sobre todo a algunhas, que o problema da lingua non é unha cousa accidental na presentación da mensaxe evanxélica, pois o Verbo faise palabra na linguaxe de cada quen, e así o comprenderon os apóstolos, seguindo o exemplo do mesmo Xesús. ¿Cando nos convenceremos desto e de todo o que isto implica, e nos deixaremos de andar armando "trangalladas" que non lle din nada á xente?

Presentada na XII Romaxe a Biblia galega

Texto da presentación da Biblia galega, lido na XII Romaxe

A ti, Señor Deus,
ofrecémosche este Libro da Vida
devolvéndoche no noso idioma
a Palabra eterna por ti pronunciada
na nosa historia.

O libro no que os escribas de Israel
e os evanxelistas da nosa Igrexa
interpretaron,
empurrados pola forza profética do Espírito
a historia do teu pobo elixido,
e o nacemento do verdadeiro e novo Israel,
a Igrexa de Cristo.

Devolvémosche
a Palabra con que ti nos agasallaches
encarnada na nosa lingua,
orfa ata onte de liturxia galega,
orfa ata hoxe de mantenza bíblica.

Queremos que este Libro
se vaia facendo vello e familiar,
a carón das nosas lareiras,
e medre connosco
a presenza do teu Cristo.

Abraiados polo arrepio incendiario deste
verán,

pedimos que o furor trágico do lume
non siga apagando a voz dos rumorosos
poboación dos nosos montes,
esperanza dos nosos fillos.

Que este Libro sirva para pacificar
creando irmandade
e que aprendámo-lo camiño da cruz
antes có dos nosos intereses,
para que non haxa máis lume
có que da quentura ós nosos fogares.

E que esta nena, Carmela,
que agora imos bautizar
ante tantos romeiros coma testemuña da fe
abra os ollos á mensaxe que deste libro deita.

Que este bautizo sexa semente humana,
hoxe no Acoradoiro,
como foron os castiñeiros de O Incio
semente de árbores
para que esta terra non chore máis
polos montes queimados,
e deixe de bagoar
polos seus fillos frustrados.

Amén.

Victorino Perez Prieto

Xosé Chao Rego




Nunca e tarde se a dita e boa da
refran. E neste caso, polo me-
nos, é certo. O tempo, longo
aplauso que os participantes da
Romaxe lle adicaron a Biblia galega
cando foi presentada por un alto cargo
de SEPT expresaba isto as claras. A
emoção palpábase no ambiente. Houbo
choros de ledicia. Houbo Vivas a oito. Foi
un ben expresivo xesto do esperanzador
lema deste ano: "Acorados no futuro,
agora coa equipaxe excepcional da Pa-
labra de Deus integrada e dignamente ver-
tida na nosa lingua.

Fora un dos elementos da celebración
deste ano, a beira da praia de Lario, nun
fermoso pineiral, que acolleu ganimoso
os romeiros, como xa acollera toda a
semana anterior os mozos da acam-
pada. No estrado estaban, ademais do
cura que presidiu a eucaristía e os seus
amigos de Sarabás, que animaron a

celebración este ano, tres membros do
excepcional un *trío* representando a
Igrexa a través que representaba a Gale-
cia coma noutras ocasións, e a *an* *an*
representante dunha Igrexa que aposta
claramente polo futuro. Tra-lo diálogo
destes tres elementos co pobo, a presen-
tación da Biblia rematou cunha solemne
procesión presidida por esta.

A participación popular foi semellante
a dos outros anos, aunque quizais algo
menos, por falta dun adecuado mar-
keting e un mínimo aparato propagan-
distico ou anunciador. Comprira telo en
conta para sucesivas edicións. Porque a
Romaxe sigue viva e con moito impetu e
futuro. Este ano anunciouse xa a pro-
xima, que será no monte de San Roque,
perto de Viveiro, se Deus permite que
cheguemos todos alí.



JESUS MARTIN, PIONEIRO DA H.O.A.C.

Un cura vasco, de raí gaños obreiros e querencias galegas



O primeiro que chama a atención en Jesús Martín é a súa ollada serea e pacificadora; pero de seguida a un vánelle os ollos cara ás súas mans, unhas mans enormes de "pelotari", deformes dos tremendos golpes contra a maziza pelota basca; e o seu corpo desgarrado e rexo, a pesar de ir camiño dos setenta. Pero o mais grande de Jesús non é o seu corpo, senón o seu espírito e a súa vontade de entrega á causa do Evanxeo feito carne entre os obreiros. É a historia viva da HOAC (Irmandade Obreira de Acción Católica), e quen a fixo rexurdir de novo en Galicia, no Ferrol dos contrastes e a reconversión brutal.

Jesús Martín vaise da nosa Terra, tras dez anos de actividade ininterrompida a golpe de zapatilla e coa súa vella carteira por toda equipaxe. De Ferrol a Ourense, a Vigo, a Cervo, semana tras semana, ano tras ano. Vaise ó ermo extremeño, pero deixa aquí bos amigos e bos militantes cristiáns obreiros. Deixa xermolos de vida.

— Jesús, ¿que é a HOAC? ¿Que é o mais definitorio dela?

— Un Movemento apostólico para a evangelización do mundo obreiro. O máis característico dela é asimilar todo o que é o mundo obreiro, encarnándose na súa vida e tratando de comprometerse en todo o que precisa a clase obreira. E desde alí leva-lo Evanxeo como Boa Nova para os pobres. E iso facéndoo os mesmos obreiros, non mediante un paternalismo, senón mediante os apóstoles obreiros.

— Levas na HOAC desde 1946, practicamente desde que se fundou. ¿Qué lembranzas daqueles tempos?

— A HOAC comezou en Setembro de 1946. Eu estaba daquela no seminario de Vitoria e coñecía a seminaristas que trataban ós iniciadores da HOAC en Bilbao e en España. Alí dinme de conta de que era unha moi boa resposta para o mundo obreiro, pois respondía ás súas aspiracións e leváballe a mensaxe do Evanxeo, coma Boa Nova.

Bastantes daqueles iniciadores eran conversos

de posicións laicas. Viñan do Partido Comunista, dos Anarquistas da CNT, etc. Dirixentes importantes, como Paco Mera, do Comité Central do PC, ou Ramón Quintanilla, xefe dos pioneiros obreiros de Euzkadi. Entusiasmáronse polo Evanxeo e convertéronse nos apóstolos máis firmes da Igrexa no seu tempo.

— ¿Tí non es tamén un converso?

— Ben, a medias. Meus pais eran obreiros e cristiáns. Eu fun ó Seminario despois da mili, e alí descubrí o Cristo obreiro, entusiasmame coa súa persoa; algo radical que enganchara coas miñas raíces obreiras, e que me colleu completamente.

— ¿Qué representa para ti Guillermo Roviroza?

— Coñecino o ano 1955, nun cursiño apostólico para obreiros, en Bilbao. Eu xa levaba dez anos na HOAC, ía ás reunións da comisión diocesana de Bilbao, lía o Boletín da HOAC ("Tu"), que era sobre todo obra súa, unha publicación que transparentaba un tremendo espírito evanxélico encarnado no mundo obreiro.

— Oín que algún cura se convertera realmente en cura, descubríndo a verdadeira dimensión da súa vocación, gracias a Roviroza, un leigo, un obreiro.

— Guillermo Roviroza era un místico cristián. Chegou ata o fondo do Evanxeo e ensinounos a ser cristiáns. Para min foi coma un susto: como tiña unha fonda relación a vida concreta de cada día co Evanxeo, e había que vivilo Evanxeo na vida concreta, non nas nubes.

— Outro persoeiro fundamental da HOAC foi Tomás Malagón ¿que lembranzas del?

— Coñecín a Malagón nalgún cursiño da HOAC, xa de sacerdote, polos anos 50 tamén. Era un sacerdote moi intelixente, pero que pronto tomou a opción polos pobres, polo mundo obreiro. Foi quen estruturou realmente a HOAC. Filósofo, teólogo, historiador; fora cóengo e exerceu a docencia, pero foi deixando todo para entregarse totalmente á HOAC, creando métodos novos para leva-lo Evanxeo ós obreiros.

— Malagón e Roviroza foron destituídos dos seus

cargos na HOAC pola xerarquía da Igrexa, con pouca diferenza de tempo ¿Qué nos podes dicir deses anos tremendos da HOAC, a primeira metade dos 60?

— A situación veu creada por varias circunstancias. A hostilidade do réxime franquista que se sentía atacado polo seu aliado meirande que era a Igrexa, e tamén a hostilidade da xerarquía eclesiástica, que non comprendía a unión que facía a HOAC entre as léxítimas aspiracións obreiras e o Evanxeo, a loita pola defensa dos dereitos dos traballadores e o compromiso cristián. Roviroza entendéao moi ben, porque estivera na cadea por se-lo presidente do comité de empresa da súa fábrica. O Estado sabía o tremendo poder da HOAC, que entre ela e a JOC xuntaban máis militantes que a Falange e tódolos partidos da oposición xuntos. (máis de 20.000 militantes) por iso lle tiña medo.

Pero tamén influíu que os militantes da HOAC deixáronse deslumbrar polas análises marxistas e a organización de sindicatos e partidos, perdendo a súa

orixinalidade, e perdendo forza.

— ¿Cando apareciches ti por Galicia e en que circunstancias?

— Eu estiven iniciando a HOAC en Sevilla desde o 69 ó 79; fora despois de estar moitos anos nun barrio de Bilbao. Cando vin que despois de dez anos a HOAC de Sevilla funcionaba e xa había moitos militantes capaces de facela avanzar por Andalucía, decidínme ir "fundar" ou animar a outro sitio. Vin a Galicia, porque xa coñecía galegos de Bilbao, obreiros emigrantes. Coñecía a Alfonso Gil e pedínlle que me buscara sitio...

— E aparcaches en Ferrol, na parroquia de Piñeiros, por obra e gracia de Don Miguel Anxo Araújo, como outros... ¿Como atopaches a situación obreira en Ferrol?

— No ano 79 quedaban na HOAC "os últimos de Filipinas": Angel Leira, Juan Silva e Alfonso Gil; tiñan unha certa relación coa HOAC motivada sobre todo pola editorial ZYX, que sufrira un atentado que destruíu o seu depósito de libros no ano 1974. Vin en Setembro e ó mes seguinte



xa me tiña preparado Alfonso un grupo para iniciar, xente de varias parroquias que nos reuníamos no Socorro. Pouco a pouco foron xurdindo grupos en Caranza e no Alto do Castaño, algúns intentos frustráronse, pero outros seguiron ata hoxe.

— ¿Cal é a situación actual? ¿Cantos grupos existen hoxe na diocese?

— Oito ou dez, algún aínda non está totalmente estabilizado. Varios xa fóra de Ferrol, como o de Xove-Cervo, o de As Pontes e o de Neda. Deus fai moitas trampas e lévanos por camiños que de primeiras non entendemos. Así me ocorreu a min en Galicia.

— Simultaneamente co traballo de Ferrol estes anos dinamizáche-la HOAC noutros puntos de Galicia. Cóntanos algo.

— Primeiro fun iniciar a Ourense, onde hai actualmente catro grupos funcionando. E posteriormente fun a Vigo, onde xa estaban funcionando varios grupos de tempo atrás, pero eu iniciéi outros novos; actualmente están funcionando uns seis.

— E Coruña e Pontevedra ¿por que non?

— Por falla de tempo. Porque os outros me chamaron primeiro. Ademais, en Coruña hai grupos cristiáns de obreiros en Palavea e outros barrios. En Pontevedra terán que iniciar os vellos militantes de Vigo, eles foron os pioneiros da HOAC galega, xunto cos de Ferrol.

En xeral vexo a situación con optimismo, a HOAC de Galicia ten moito futuro porque está ben asentada e conta con bos consiliarios.

— Gracias, Jesús, e boa sorte no teu novo destino.

De Bilbao a Sevilla, de Sevilla a Ferrol, e de Ferrol a Badaxoz, pero non desterrado coma Castelao, senon coa ilusión dos que levan un tesouro ¡Boa sorte!

Victorino Pérez



Ignacio Ellacuría (no centro) na II Asemblea de "Encrucillada"

O DESAFÍO DAS ELECCIÓNS: VOTAR GALICIA

— IV Asemblea de ENCRUCILLADA —

A Asemblea que a revista ENCRUCILLADA celebra cada ano desde hai catro vai acadando un lugar importante na Igrexa e a sociedade galega. Anque os tempos non son os mesmos e os espazos tam pouco, semella que veu ocupar aquel espacio de encontro que foran os *Coloquios europeos de parroquias*, de tan feliz memoria para moitos cristiáns galegos. A deste ano xuntou a máis de duascientas persoas de variada condición, número que sen dúbida houbera podido ser meirande de non darse a alarmista noticia dun ciclón que ía vir e non chegou, pero que fixo quedar na casa a máis dun. O tema era traer ó debate cristián o desafío das próximas eleccións galegas, para o que se contaba con dúas mesas redondas nas que debían estar presentes tódalas forzas políticas que se presentan á contenda.

A presentación estivo a cargo de *Pepe Chao*, que comezou lembrando a *Ignacio Ellacuría*: a súa sombra aletaba por toda a asemblea, pois aínda parecía reoar a súa voz serea, á vez pacífica e radical, falando da liberación no mesmo lugar había dous anos. Os presentes gardaron un minuto de silencio "de rabia e de perdón", como invitou Chao Rego. Falou logo da historia máis próxima do movemento cristián galeguista, concluíndo decindo que "Aceptámonos coma Igrexa sectorial, mais non sectaria, pois animámonos a ansia de comunión coa gran Igrexa".

O teólogo galego afincado en Madrid, *Xulio Lois* falou brillante e claramente do **compromiso político dos cristiáns**, con dúas propostas diferenciadas: 1) ¿Pode e incluso debe influir a fe no comportamento político dos crentes? 2) ¿Como entender a natureza desa influencia? No primeiro aspecto, tras rexeitar tanto un modelo que enfoca o problema coma dous mundos separados e sen relación, coma un modelo que subordina un a outro, propuxo o de implicación recíproca que quere recuperar a dimensión pública da fe. A natureza desa influencia vai polo camiño de informar e alumiar os procesos políticos desde dentro, coma unha instancia crítica e dinamizadora, aportando un talante específico de vida na honradez, a opción polos pobres,...

O sociólogo santiagués *Xosé Pérez Vilarino* falou da **sociedade galega hoxe**, presentando a actual situación de Galicia coma unha "volta a casa": autonomía, recuperación da propia lingua, TV propia, etc.

As dúas **mesas redondas** do sábado contaron coa presenza dos líderes políticos galegos. Na primeira participaron *Xosé Manuel Beiras* polo BNG, *Xan Antón Pérez* (en ausencia de *González Mariñas*) polo PNG, e *Xesús Osorio Peláez*, candidato do CDS á presidencia; como era de supoñer o protagonismo do debate levouno sobretudo o verbo apaixonado de *Xosé M. Beiras*, sobre todo en polémica co candidato do CDS. Na segunda participaron *Camilo Nogueira* polo PSGE, *Anxo Guerreiro* por EU, e *Carlos Príncipe* polo PSOE, que expuxeron as súas propostas políticas sen demasiada polémica.

A asemblea tivo un emotivo remate coa **eucaristía** que se fixo en memoria de *Ignacio Ellacuría* e os seus compañeiros mártires.

Victorino Pérez



O teólogo galego Xulio Lois falou do compromiso político dos cristiáns



O sociólogo Xosé Pérez Vilarino que se dedica actualmente a "contar curas e árbores"

Ceferino Díaz ten uns ollos avispados e unha ollada inqueda, modais desenvolto de profesor universitario afeito ó trato cos alumnos, mans áxiles que se moven expresivas, e un ar natural que o fai dese-guida asequible. Os xornais chámanlle o "enfant terrible" do PSOE galego -o pícaro revoltoso- polo seu idealismo e o seu galeguismo. Diputado galego desde as primeiras eleccións, é o líder da corrente máis crítica do PSOE galego, eternamente marxinado no seu partido, anque hai quen di que manda máis do que parece. Pouco antes das pasadas eleccións tivemos ocasión de falar con él. Nunha cafetería compostelana contounos as súas conviccións e inquedanzas, os seus ideais e esperanzas -¿inxenuidades?-, pero tamén a súa análise seria da realidade nacional e internacional, certaíra unhas veces e discutible outras. O lector vulgá.

— ¿Que pasou co PSOE Galego nos seus últimos congresos: Paco Vázquez - Ceferino Díaz?

— Como consecuencia de que no PS de G-PSOE se decidira polo ano 80 que Santiago fora a capital de Galicia, Paco Vázquez dimite como secretario xeral. Imos ó congreso de Lugo, onde como vinganza dos que defendían a capitalidade de Santiago (o sector galeguista e outros sectores que gañaron a batalla) Paco Vázquez barreunos do mapa por medio de persoas interpostas. A partir de alí escomezouse unha campaña no partido, prantexando que nós merecíamos máis estar en H.B. que no PSOE, que eramos separatistas e tolos.

Cando se prantexa o congreso seguinte, o de Ourense, nós aglutinámonos e chegamos ó congreso cunha porcentaxe dun 50%. Pero ocorreu que no medio o PSOE gañou a nivel de estado; na dirección do partido en Galicia había xa algo que ofrecer, mentres os da oposición non tiñamos máis ca ideas. E perdímo-lo congreso. Cabían entón dúas opcións: pactar ou quedarse fóra. Pactouse, pero as bases do partido que apoiaban a outra opción quedaron descontentas. A etapa que nace do Congreso de Ourense foi unha etapa mala, houbo negociación e entendemento, saíu dalí un partido menos conflictivo, pero máis baseado no aparato e menos na participación, e pouco galeguista. Eu descólgome por isto último. Nesta situación fumos ó congreso de A Toxa, na que os intereses centráronse no reto do goberno galego.

— E os galeguistas aínda quedastes en máis desavantaxe... ¿Que futuro ten unha corrente galeguista ou nacionalista no PSOE?

— O PS de G-PSOE é un partido que reflexa a situación actual da sociedade galega. Neste partido hai dous puntos por riba da media de galeguismo deste país. O futuro está nunha opción á que os electores lle encargan un traballo que parta desa realidade concreta. Un traballo máis positivo do que fan opcións teoricamente máis galeguistas pero na práctica menos fructíferas para o país.

Por haber galeguistas no PSOE este país ten unha autonomía á altura das demais rexións de España: non temos un estatuto de segunda porque había galeguismo no PSOE. Galicia ten a súa capitalidade en Santiago, con todo o que iso comporta. Negociouse un "gobierno de progreso" que significou un avance para Galicia. O partido ten desde o ano 80 o galego coma idioma oficial, e ten un compromiso serio con esta realidade, anque a min gustaría que fose máis.

E un traballo que paga a pena, se eu voltara atrás voltaría a equivocarme gustoso nesta liña.

— Hai quen pensa que os galeguistas do PSOE deberían voltar ós partidos nacionalistas de onde saíron. No teu caso a Esquerda Galega.

— Non, eu penso que non merece a pena; queda un traballo que facer no PS de G-PSOE, un partido formado por galegos que se vai galegui-



zando segundo se galeguiza a sociedade. Ademais, sairse fóra sería deixa-lo campo libre dentro e aportar moi pouco ó movemento galeguista fora do partido.

O país necesita forzas comprometidas con el, forzas que teñan poder. Non podemos debilitar un partido que ten poder, forza, sería un erro gravísimo. Por iso, de momento sintome cómodo neste partido e seguirei traballando nel, polo socialismo e por Galicia.

— O PSOE parece buscar o poder a calquera prezo, abandonando unha utopía socialista a prol de plantexamentos máis pragmáticos. ¿Que representan para ti utopía, sociedade socialista...?

— E por esas palabras polas que estou aquí. A gran decepción que sinto hoxe da política e que cun goberno socialista os ídolos da sociedade non sexan os homes do pensamento e da cultura, senon os banqueiros. E necesario crear riqueza para poder repartila, porque socialismo non é repartir a pobreza senon repartir a riqueza o máis equitativamente posible. Pero xa estamos nunha época relativamente próspera e chegou o momento de que a política económica dea un xiro social e se interese máis polos problemas dunha distribución máis xusta e solidaria entre os homes e os pobos do estado.

Eu teño esperanza de que sexa así, senon levaría unha gran decepción e sería o momento de dicir: ¿Que pinto eu aquí?. Se teño simplemente que xestionar mellor o capitalismo, para iso non traballo. A meirande parte dos que estamos no PSOE estamos a prol dunha sociedade máis xusta e solidaria.

— ¿Que opinas da revolución que se está a dar nos países do Leste europeo?

— A distensión paréceme un tema apasmoante. Un cambio histórico dunha importancia tremenda. E sen mortos, unha revolución a gran escala que podemos ollar sen xogar-nos a vida. Unha revolución que cambiará moitas cousas, tanto que é posible que a alternativa entre cañóns e man-teiga comece a perder sentido.

Hai xente que pensa que significa o fracaso do comunismo, pero eu penso que as cousas non son tan simples. Da mesma maneira que o capitalismo foi evolucionando, collendo un rostro máis humano, así ocorre no Leste, tanto a nivel cultural e social, como pouco a pouco a nivel político. O futuro non é socialismo ou capitalismo, senon un encontro onde eles asimilarn as nosas liberdades formais e nós asimilaremos os seus valores de participación, solidariedade e demais. Os traballadores do Leste están dicindo hoxe: queremos inversión extranxeira, pero tamén queremos coexistión nas empresas e un reparto máis xusto do produto.



— Non claudicación, senón encontro de sistemas.

— Nefeuto, e ademais a curto prazo. Pero o que me preocupa é que desde Galicia nos convirtamos en periferia, pois desde o punto de vista económico a Europa forte está no centro, e ata agora expandíase cara aquí buscando man de obra, materias primas, etc; agora todo isto, sumado ós traballadores cualificados, está no Leste. Temos catro anos como claves para facer a transformación deste país, pois serán nos que podamos reivindicar da Europa rica a súa axuda. Pasado isto Europa debrozarse cara ó Leste, e o sul -onde estamos nós- perderá protagonismo. Cómpre non perde-lo tempo.

— ¿Quen é Ceferino Díaz? ¿Que busca na vida?

— Estamos aquí para cumprir. Isto é un barco e temos que salvarnos xuntos. Eu estou na política e no ensino porque coido que é onde poido ser máis útil; non estou por ambición de poder, senón por mellora-las cousas.

— Es logo un home optimista.

— O desánimo dúrame unha noite como moito, ó día seguinte xa teño novos ánimos para loitar: son un loitador nato. Non me vexo nunha vida apacible e contemplativa.

— ¿Como ves a Igrexa en Galicia?

— Penso que a Igrexa institucional ten taponada a esa outra Igrexa do pobo, máis comprometida coa realidade, no noso país. É unha Igrexa que pasa do pobo; os curas que coñezo na súa maioría administran sacramentos coma o boticario recetas, non hai sensibilidade. Hai tamén "outra Igrexa", que cumpre un papel importante na nosa sociedade, pero que é minoritaria. A Igrexa aquí está en xeral instalada e se vai convertendo nun obxecto de consumo máis. Unha realidade en xeral ben distinta da de países latinoamericanos coma o Salvador.

— Esa "outra igrexa", dun

cristianismo máis renovado e comprometido ¿cres que ten peso en Galicia?

— Segundo zonas. Hainas ermas e hainas nas que esa igrexa é realmente fermento. En xeral, a Igrexa é un poder dominador. A outra igrexa máis dinámica, máis rica e máis viva non é a institucional, pero si ten un poder positivo real para avivecer a sociedade.

— O programa 2.000 asegúralle pouco futuro ó cristianismo na sociedade que vén. Concretamente di que ese cristianismo progresista será o refuxio da idea nostálgica de revolución. ¿Que pensas ti disto?

— Os acontecementos últimos desbordaron este programa; que será da esquerda ou da dereita é algo que terá que ser constatado a partir do que aconteza no Leste europeo. O cristianismo terá que remozarse e cuestionarse a partir destes acontecementos. A Igrexa oficial supoño que seguirá con moitos adeptos, pero o cristianismo de base terá que se esforzar por estar presente e prepararse para a batalla.

Respecto do que falabas da revolución, somos moitos os que apostamos por ela, anque non por un cambio violento: pacifismo, solidariedade, sociedade de irmáns; iso é a revolución pero non a armada, na que non crin nunca.


E fundamental crer sempre en algo, ter un motivo para lutar, algo máis aló que vexas como alcanzable, aínda que logo nunca chega.

— ¡Moi bíblico! Xa dicía Xesús aquilo de que o Reino de Deus está aquí, e a teoloxía contemporánea traduciuno por un "xa, pero aínda non". Mira ti por onde hai un punto de coincidencia...

— Eu non renego de nada. Fun educado nunha corrente cristiá, e non me desagrada falar deste tema, anque non son crente. En realidade non son anti nada, e trato de entendelo todo; a calquera realidade cómpre apricarlle a racionalidade, pois as posturas viscerais paréceme sempre negativas.

Victorino Pérez

JOAQUÍN GARCÍA DE DIOS, A PAIXÓN POLA MÚSICA PARA NENOS



Joaquín García de Dios é un xesuíta coruñés moi coñecido nos medios educativos e mesmo fora destes polo seu traballo no movemento "Padres y Maestros", particularmente polas súas páxinas editadas en La Voz de Galicia "La Voz de la Escuela". Pero téñ unha vertente menos coñecida para algúns que é a de compositor de música para nenos con algún disco no seu haber de grande sona ("Pasito a pasito" editado en Paulinas); e agora ven de sacar unha excepcional grabación exclusivamente con cantigas de berce: "Anainas", con este pedagogo e artista, que estudou filosofía, teoloxía, pedagogía e psicoloxía en universidades tan dispares coma as de Salamanca, Comillas, París e Bruxelas, tivemos ocasión de falar recentemente.

— Xaquín, fálanos, en primeiro lugar, de "Padres y Maestros". ¿De que se trata, cando principiou?...

— "Padres y Maestros" principiou no ano 1965; de feito, a nosa revista do mesmo nome, vai polo número 156. Ela é a presentación deste "movemento" que quere ofrecerlle ós profesionais do ensino unha reciclaxe permanente en dúas áreas fundamentais: educadores da escola e pais de alumnos.

Chámase "Padres y Maestros" pola súa vontade de harmonizar ambos os dous cara un traballo común. Pero en realidade o que busca é unha reciclaxe permanente, creando novos proxectos educativos, polo menos, un por ano. Ata o de agora viñamos facendo proxectos de programación, tutorías, educación sexual, desenrolo da intelixencia no cativo, etc. O último proxecto que estamos levando a cabo é o "Proxecto O-3" referente a persoas en contacto con nenos de 0 a 3 anos, pola importancia da idade para o desenrolo do neno. Foi isto o que deu orixe ás "Anainas".

— Retomaremos logo estas fermosas cantigas que grabaches; mais dínos algo máis dese proxecto educativo que vos traedes entre mans desde hai xa 15 anos.

— "Padres y Maestros" é a pretensión ou invento duns

educadores para capacitar na tarefa de educar ós que están en contacto cos nenos: mestres e pais. Isto faise fundamentalmente con dous tipos de actividades:

· A nosa revista e con "La Voz de la Escuela".

· Cos cursos de reciclaxe para mestres e escolas de pais.

Aínda que eu son xesuíta e igualmente outro compañeiro que traballa no equipo, non temos ningún vencello co colexio dos xesuítas, onde eu traballei en tempos, nin siquiera é un movemento que se poida chamar confesional; de feito, temos máis contacto con profesores non sexuítas, que con xesuítas. Mesmo, demos moitos cursos para profesores xudeos. Non é que non sexamos expertos no ensino da relixión, área que temos traballado moito; pero "Padres y Maestros" é moito máis aberto.

— Falando de educación, ensino... resúltame inevitable preguntarche nestes intres como ves a polémica creada sobre da LOGSE e o tema das clases de Relixión.

— Unha cousa son os dereitos -e a clase de Relixión ten dereitos na escola- e outra a realidade que é bastante lamentable. Outra se realmente o medio de evanxelización é a clase de Relixión, ou que pasamos países onde non hai clase de Relixión e hai cristiáns. En



México dei moitos cursos a pais e mestres catequistas, e alí a catequese é algo serio.

Isto non quere dicir que o relixioso non forme parte, certamente, da cultura: unha escola que teña clase de Arte e non de Relixión paréceme que está traicionando o cultural, e desta maneira coido que é absurdo que non haxa clase de Relixión. Outra cousa é que os evanxelizadores se conformen co que se dea na clase de Relixión. Na aula non se trata de indocinar nin sequera de evanxelizar senón de ampliarlo campo da cultura, pois quen ignora o relixioso no marco cultural recorta a mesma cultura.

— ¿Que opinión che merece a LOGSE?

— Todo o mundo fala desde puntos de vista parciais e incomprendivos respecto das posturas opostas. A min paréceme que a LOGSE coas reformas que ven traendo, non leva a educación a peor, inda que será inútil mentres non se cambie o profesorado. A reforma que se ten que dar en educación é sobre todo a reforma profunda do profesorado; non desde un punto de vista arbitrario ou vocacional

senón profesional.

A pregunta fundamental respecto da clase de Relixión é: ¿E un bó profesional o que está impartindo a clase de Relixión? Na realidade ocorre o mesmo que cos demais profesores.

— Pasamos ó campo da música, fálanos de "Anainas" o fermoso disco que ves de editar. ¿Como xurdeu?

— "Anainas" ten unha historia. Eu tiña o costume de facerlle ós amigos unha cantiga de berce cando tiñan un neno. Facíalle-lo poema e a música e regaláballe-lo. Cando xa tiven corenta e tantas estabamos co "Proxecto 0 - 3", interesados en ensinar música viva ós nenos. Pensei en editar un disco e facelo en galego para o que necesitaba axuda. Acudín a Marica Campo que o fixo tan marabillosamente que melloraron moito as cantigas. Ademais, unha cantiga de berce é infinitamente máis cantiga de berce en galego ca en castelán. O que é recoñecido non só polos que perciben o galego senón mesmo por xente allea cando escoitan as "Anainas". Por esta razón fíxose primeiro en galego, aínda que

existe tamén a versión castelán.

O disco ten só doce cantigas, pero eu agora teño feitas, non corenta cantigas de berce senón setenta e moitas tan bonitas coma as que saíron; quizais haberá que cavilar nunha nova grabación.

— Teño entendido que é un disco realmente singular...

— Si, é o primeiro disco exclusivamente feito con cantigas de berce, non só no campo da nosa lingua. Mais contrariamente ós que puideran pensar que sería un tostón, tivo unha acollida excepcional, todo o mundo no-lo saca das mans, todo o mundo se namorou do disco. Non hai ninguen que o oíra e que non lle gustara.

Inda que a grabación se fixo en Madrid por cuestións de calidade técnica, soa perfectamente galego a pesares de que os seus intérpretes non son galegos. O arraxista é arxentino e o tenor castelán, aínda que as mozas que cantan son de orixe galega.

— Unha obxección que se lle pode facer ás cantigas é que non son facilmente cantables

— Si, tes razón, pero a miña intención é que as nais as adapten para os seus nenos, que non canten sobre do disco, senón que xoguen con el e constrúan novas cancións, que as refagan, ó seu xeito.

— ¿Que houbo antes de "Anainas"?

— O primeiro foi "Pasito a pasito", hai xa dezaioito anos. Tratábase dun intento de inicia-los nenos de catro e cinco anos nunha oración activa, xogando, tendo a Deus presente nos sons, nos xestos... O éxito do disco foi tan grande que xa debe de ser recente dun disco de ouro. Aínda hoxe se segue reeditando. Só lle falta a versión galega. Fixeron unha edición portuguesa fatal na que lle cambiaron ata o nome e puxéronlle "Deixanos cantar".

Veu logo "El caracol". Cancións máis para adolescentes, pero tamén moi fermoso, tocando temas da idade. Pero este non se lanzou moito.

— Logo virían as "Anainas", agora si en galego e castelán. ¿Por que ese nome que se respeta en ámbalas dúas versións?

— Foi cousa de Marica e miña inda que creo que non unha palabra moi correcta.

— Para rematar ¿como che parece que está a música infantil en Galicia hoxe?

— Coido que está ben, sendo especialmente de salientar o traballo de "Cantarelina". A música infantil en Galicia ten moita competencia coa de afora que chega aquí universalizada pola televisión. De todolos xeitos o máis importante é ir introducindo ós nenos desde cativos na música para que cheguen a dominar a linguaxe dos sons e algún día teñan a música coma a súa linguaxe preferida pois é a linguaxe máis universal e a que máis desenrola a intelixencia.

Victorino Pérez Prieto

As raíces cristiás de Galicia

Monseñor Antonio M^o Rouco Varela

A Ofrenda do Antigo Reino de Galicia este ano de 1990 ó Santísimo Sacramento, no seu Templo Maior, a Catedral Basílica desta Cidade irmá e entrañable de Lugo, rememóranos, Sr. Delegado Rexio, con nova intensidade as raíces cristiás de Galicia. ¡A Memoria histórica do noso pobo, a memoria dos seus devanceiros, está impregnada de Fe Cristiá e de Fe eucarística! Pese a tódolos nosos pecados -a explotación dos nosos próximos, as desidias multiseculares, as divisións e as loitas entre irmáns- foron a Carne e o Sangue eucarísticos de Xesús os que alentaron os mellores propósitos, as entregas máis xenerosas e os proxectos máis luminosos de moitos dos seus fillos. Un ideal os moveu: lograr que entre nós medrase e madurase unha comunidade de irmáns, con idéntica vocación e dignidade -a de ser Fillos de Deus. A lista expresa e concreta dos seus nomes sería interminable.

Memoria histórica e xuventude de Galicia

Actualiza-la nosa memoria histórica, proxectala cara a un futuro mellor para o noso pobo obríganos a centrala nosa atención nos xóvenes, na nosa xuventude. Obriga que se convirte en imperativo ineludible de conciencia, sobre todo para os que nos profesamos cristiáns e membros da Igrexa.

Os xóvenes de Galicia teñen dereito a esperar dos seus maiores que saiban dar testemuño da súa Fe Católica, clara e limpamente, sen vergonzas. Os xóvenes de Galicia teñen dereito a esixir familia, casa e fogar, onde poidan aprender con verdade as leccións fundamentais do amor e da vida.

¡Como non imos levanta-la voz contra todo o que os leva polo camiño da súa destrución relixiosa e moral, da súa ruína humana! ¡Non hai ningunha xustificación para esa actitude tan estendida e tan compartida entre nós, de que é lícito "negociar" con todo: co corpo, co sexo, co matrimonio, coa familia, co tempo libre e coa natureza co máis sagrado, coa dignidade persoal mesma do xove, con tal de gañar diñeiro ou conseguir pracer.

Os xóvenes de Galicia e o ideal do Evanxeo

A Xuventude de Galicia mostra outra cara, a que mostraron polo Camiño de Santiago no pasado verán e no encontro do Monte do Gozo co Santo Padre, a que mostran cando se entusiasman co ideal dunha nova Evanxelización, que anseia plasmar nesta terra e entre as súas xentes, entre os xóvenes, os seus compañeiros, especialmente os máis necesitados, os que viven na aldea e traballan no mar, os que non teñen traballo, os drogadictos e os tentados de desesperación.

Por eles, polos seus compañeiros e irmáns dos outros pobos de España e de Europa rogamos hoxe a Xesús Sacramentado.

Fragmento da homilía-resposta a ofrenda presentada polo alcalde de Betanzos -o Santísimo Sacramento- na catedral de Lugo o 24-VI-90)

Cincoenta anos de Taizé

Por Victorino Pérez



"Se todo comezase coa confianza no corazón, ¿Quen se preguntaría "que fago eu na terra"? No mundo enteiro son moitos os mozos, os homes e as mulleres e tamén os nenos que levan dentro de si todo o necesario para dinamiza-las situacións de inmovilismo".

Con estas palabras comezaba o Irman Roger (que vemos na foto) a Carta a tódalas comunidades, unha carta que publica cada ano e que este ~~ano~~ viu por vez primeira a luz pública en Polonia a primeiros de ano. Quen é este home non é algo descoñecido para moitos cristiáns de todo o mundo, ó igual que o seu movemento de esperanza desde o outeiro de Taizé.

O 21 de Agosto de 1940 chegaba ó pobo frances de Taizé (preto de Lyon) co fin de crear unha comunidade de monxes que vivise unha vida de soidade e oración, pero tamén para acoller ós refuxiados políticos nos tempos turbos da II Guerra Mundial. Aquela comunidade tiña xa daquela unha característica peculiar: era unha comunidade ecuménica, é dicir, formada por homes de distintas confesións cristiás; nela hai mesmo católicos desde hai varios anos.

Co paso do tempo as cousas foron cambiando no outeiro de Taizé, o pequeno pobo viuse invadido por milleiros de mozos de todo o mundo desde finais dos anos 60. ¿Que pasara? O carismático Irman Roger non se quixo quedar nunha comunidade pechada e por eses anos proclamou para tódolos xoves do mundo unha "primavera pascual", que lles viña traer Xesús Cristo. Preto de 70.000 mozos acudiron en 1968 a Taizé para o comezo deste "Concilio dos xoves", coa esperanza por parte de moitos que o Concilio Vaticano II despertara no mundo uns anos antes. O lema repetido durante moito tempo foi "Loita e contemplación", compromiso sociopolítico e oración, para transforma-las situacións de inxustiza, violencia e desamor que reinaban no mundo. Moitos fomos aló por eses anos e quedamos collidos polo "estilo de Taizé": unha maneira de facer oración moi distinta do xeito monótono e barulheiro, e unha concepción esperanzadora e comprometida co presente e o futuro da nosa sociedade.

Este verán estiven outra volta no outeiro de Taizé. Había mais de 10 anos que non ia por aló. Pero a pesar de que as cousas cambiaron moito no mundo nestes dez anos, ollei con alegría como Taizé seguía convocando os mozos en grandes cantidades, seguía a respirar alí as alegrías e ganas de vivir coa forza de Xesús, nestes tempos de desalento. Había seiva nova e espírito xenuinamente mozo.

Cincoenta anos de Taizé, cincoenta primaveras que oxalá cheguen a cumprir outras cincoenta máis, pois o mundo ten fame perenne dunha boa mensaxe pascual.

As primeiras eleccións da CIG



Hai poucos meses unha nova agrupación sindical quería se-la unión do sindicalismo nacionalista galego: a **Converxencia Intersindical Galega (C.I.G.)**, que nacia da unión dos sindicatos INTG e CXTG e xa saíran do mesmo tronco. Naceu coa pretensión de ser unha das forzas sindicais máis representativas de Galicia, ó nivel das grandes forzas sindicais do estado (UGT e CC.OO.). As primeiras eleccións nas que tivo que pasa-lo exame foron hai uns días na factoría de Alumina-Aluminio, na Mariña luguesa. A pesar de que é unha fábrica con gran porcentaxe de traballadores de fóra de Galicia, sen embargo a central nacionalista pasou con éxito esta proba, pois conseguiu 4 dos 23 delegados dos que conta o Comité de Empresa, resultado que cómpre valorar máis positivamente tendo en conta que só se presentou nun dos colexios electorais, o de especialistas (obreiros e non cualificados) ó que lle correspondían 16 delegados.

Seis candidaturas competían nestas eleccións sindicais que anticipaban as que se farán en tódolos centros de traballo entre outubro e decembro, CIG, CC.OO., UGT, USO, Independientes e a candidatura de Cadros; esta última sacou máis da metade de delegados (4) no colexio electoral dos técnicos e administrativos.

Con esta ocasión falamos con **Xesús García**, cabeza de lista da central nacionalista, que publica "Espiño", o seu boletín de difusión.

— **Chus, ¿por qué se adelantaron as eleccións sindicais na Alúmina?**

— En realidade xa se tiñan que realizar hai dous anos e medio, tra-la expulsión do antigo Comité de empresa, co asunto do Casón. Pero a non solución dos problemas do Comité expulsado, fixo que os sindicatos tomáramos a postura de non facer eleccións. Agora que a empresa indemnizou 50 millóns ó Comité, os sindicatos decidimos convocalas, anque somos conscientes de que só se trata dunha solución parcial.

— **¿Como estaba for-**

mado o Comité expulsado e como queda tra-las eleccións?

— O anterior comité estaba presidido, como sabedes, por un sindicalista da UGT, que sacara a maioría dos delegados (8), seguidos da INTG (5) e USO (5), e algún menos CC.OO. (3).

Actualmente a presidencia pode caer nas mans de CC.OO. ou UGT, que con parello número de votos dispútanse un delegado. De calquera maneira, nós temos claro que a presidencia do comité debe recaer nun sindicato de clase, xa sexa CC.OO. ou UGT, e estamos dispostos a apoiar a quen teña máis



Xesús García

posibilidades, xa que é elegida polos delegados que forman o Comité de empresa.

— **A empresa tiña tanto interese coma vós nas eleccións, e mesmo xugou as súas bazas ¿Non?**

— Desde logo, porque estaban sen interlocutor para firmar convenios, reestructurar plantillas, etc. Eles quixeron asegurar a presenza no comité mediante a lista dos Cadros e a dos Independientes, que ían ó seu, facéndolle o xogo á empresa, pois algún dos seus membros xa estiveron de delegados e foron rexeitados polos compañeiros polo seu xogo sucio.

— **¿Cales eran as reivindicacións da CIG? ¿Como valoras os resultados?**

— Fundamentalmente a negociación do convenio pendente, que carece de

importantes atencións sociais, tanto médicas coma laborais, a defensa do salario base e antigüidade, redución da xornada laboral ata conquistar as 35 horas semanais a fin de crear máis postos de traballo, a participación do Comité de empresa nas contratacións, trocando as contratacións eventuais por fixas... E unha moi especial que é a defensa do Comité despedido, esixindo solucións definitivas que leven a unha recolocación digna dos compañeiros.

Os resultados parécenos bos, habida conta de que só nos presentamos nun dos colexios, de que é unha forza que está iniciando a andadura (anque ten moita historia detrás), e de que na empresa hai moita xente de fóra, que non sente simpatías polo nacionalismo.

— **¿Para cando o resto das eleccións sindicais?**

— O período de eleccións sindicais irá do 1 de Outubro ata o 31 de Decembro. Os delegados que saían destas eleccións en cada empresa, serán os que contabilicen a nivel estatal de cara á representatividade dos sindicatos nos diversos organismos institucionais, para a defensa dos convenios e demais relacións laborais coa patronal e o goberno.

Victorino Pérez

A prensa falou de cincocentas persoas as que participaron na asemblea deste ano; quizais que foran algunhas máis, ou que foran algunhas menos, aproximadamente ese era o número de inscritos. O número en si non é importante, salvo coma expoñente do eco desta asemblea de cristiáns galegos que xa vai pola quinta convocatoria. O feito da súa continuidade e importante afluencia, fala de que este foro estase a converter no espazo máis importante para a reflexión e o debate desa Igrexa galega que non por minoritaria deixa de ter un lugar importante na sociedade galega, semellante ó que noutros tempos foron os Coloquios de parroquias. Quizais o que habería que achacarlle a estas asembleas é precisamente o de non crear debate abondo, debate fondo no que se contrasten opinións distintas, cara a un mutuo enriquecemento.

A asemblea deste ano tiña un tema atractivo e a maioría dos participantes fóronse dela cunha boa impresión: ademais da riqueza que supuxo o encontro cos amigos, alí se fixeron reflexións e se contaron experiencias que enriqueceron ós que as escoitaron cos oídos ben abertos. O tema era *A presenza de Deus no mundo actual*, e para debatelo invítouse a crentes e non crentes, teólogos e amas de casa.

"O retorno do relixioso. ¿Presencia ou ausencia de Deus?"

Abriu o debate Xabier Martínez Cortés, do instituto Fe y Secularidad, que falou como sociólogo, coma alguén que quere ollar e interpretar o que pasa na sociedade referente a este tema. Tras cuestionar que se trata realmente dun "retorno", dixo que en realidade a relixión "nunca se foi", persistiu a pesar dos embates "coma un feito teimoso". Momento difícil tivo cos ataques da crítica moderna da relixión, que culmina coas teorías de Marx, Freud e



Nietzsche, cos que a visión católica do mundo -que empezara a desmoronarse con Bacon e Galileo- caeu por terra "coma o califato de Córdoba" (brrrrrooooo!).

Pero o relixioso reaparece nas sociedades modernas porque "outorga identidade persoal e comunitaria", sobre todo nos grupos pequenos, dixo Martínez Cortés. Pero agora o relixioso terá que ser máis fundado e asumido, e aínda máis gratificante, coma queren os "postmodernos". De todos xeitos, de cara ó futuro "é mellor non profetizar", concluíu Martínez Cortés, anque facendo "unha profecía coa esperanza de que non se cumpla" parece que a poucos anos vista non ten porvir neste país un "cristianismo militante", anque si unha "relixiosidade efervescente", de expansión, que non compromete.

"O Deus de Xesús hoxe"

Andrés Torres Queiruga, ofreceu unha fermosa reflexión sobre a realidade actual de Deus, facendo un "achegamento en catro metáforas": Deus coma "fundamento do ser", coma fortaleza na que nos sentimos seguros; "Cando todo abala, en Deus facemos pe". Deus coma "o gran compañeiro", o que camiña con

nós e comprende todo, o que sempre está connosco, o que mesmo "sofre connosco". Unha terceira aproximación veu da man dunha impactante frase das feministas americanas "*Deus é negra*", Deus é muller e aínda marxinalizada pola súa raza; Deus é todo, pero especialmente desde abaixo, é masculino e feminino á vez, anque sempre se apoderaron del os que tiñan o poder. Para Queiruga cómpre enarbolar a bandeira do feminismo na Igrexa.

Finalmente, Deus é o "Pai-Nai" do que fala Xesús de Nazaret; un Pai liberador, non superprotector, o que potencia, e quere a autonomía e a madurez dos seus fillos. Non somos nós que facemos Pai a Deus, é el o que nos ofrece a paternidade e nos chama fillos; neso consiste que Deus é amor. "Temos que atrevernos a crer no amor de Deus".

¿Hai noticias sobre Deus hoxe?

A mesa redonda xuntou as posturas de Alonso Montero, o coñecido escritor, que presentou "os interrogantes dun agnóstico", de Chao Rego, que falou do "rumor de anxos" na nosa sociedade, e Mari Carme Turnes, ama de casa que presentou a súa experiencia de encontro con Deus. Fronte a esta última, gAlonso Montero respondeu á pregunta de como se leva con Deus, contestando que simplemente "non se leva", pois "non me foi presentado", a pesar dos seus contactos con crentes e mais aínda con clérigos. Pola súa banda, Chao Rego dixo que "cómpre recuperar a Deus pola vía do sentimento, o sentimento de dependencia, e "existe unha opción razoable por Deus: o Deus de Xesús".

Tras un ameno debate na tarde do segundo día, a asemblea concluíu cun recital poético: *Deus nos poetas galegos*, a cargo de Xulia Díaz Sixto.

Victorino Pérez



PARA SETEMBRO quedaron moitas materias de estudantes, agardando unha nova oportunidade, e para setembro agardan máis de duascientas iniciativas parlamentarias propostas pola "oposición" e

que os conselleiros non dan contestado, rematando os prazos legais. De non haber máis axilidade pola banda do executivo, os atrancos poden multiplicarse na orde da Cámara parlamentaria.

Capela da Virxe do Naseiro



A ROMARIA DO NASEIRO xunta a miles de festeiros do río Landro os días 24, 25, 26 e 27 deste mes. Paga a pena achegarse antes á cidade de Viveiro, perto desta fermosa paisaxe e visita-las súas rúas, igrexas e o Mosteiro de Valdeflores.

A SEMANA DO CINE DE LUGO, XIII Semana Internacional, terá lugar nos derradeiros días de setembro, coa reposición de "Un viaje por Galicia" de Luis R. Alonso (1929), despois do éxito do Xociviga do Carballiño que en vindeiros anos será convertido en Festival de Cine.



"S.O.S. -GALICIA" é un servizo de urxencia sempre presto a socorrer calquera necesidade, que se lle pida. Seis helicópteros, un remolcador con base en Corcubión..., para atender un infarto, unha desgracia, unha doazón de órganos, etc.



Galicia: un verán cultural movido

Entre Xullo e Agosto, a pesar de que o tempo non axudou demasiado, houbo domingos nos que a xente que gosta da moxeraniega, festa e cultural, non sabía onde escoller, de tan extensa e variada que era a oferta.

Só no primeiro domingo de Agosto coincidiron: a *Feira e Festa da Música e da Arte* en Guitiriz (organizado pola As. Cultural "Xermolos", que este ano celebra o seu 15 aniversario, como falamos no nº 366 da nosa revista); a *Festa do Bonito* en Burela (que esta volta organizou tamén unha importante Feira de Mostras); a *Xira a Santa Cruz* e o *Día da Gaita* en Ribadeo; o *Cristo da Victoria* en Vigo; a *Romaria Vikinga* de Caloira en Arousa (que volveu convocar a miles de turistas para presenciar o "frustrado" asalto dos vikings ás Torres de Oeste, "ben defendidas" polos cristiáns); a *Festa do Alvarinho* en Cambados (estas dúas últimas declaradas de interese turístico polo Ministerio a nivel estatal); a *Festa Gastronómica do Longueiron* no Fisterra; a *Festa do Turista* en Portosin; a *Festa da Carballeira* de Zas; as *Xornadas de Folklore* de Ourense; e ata



Unha das múltiples festas da empanada que proliferan Galicia

unha lidia de xatos mais ca de touros nas festas de Baralla; e un sinfín de festas mais

Pero non se pode esquecer como o longo destes meses se foi celebrando tamén: a veterana *Feira de Mostras do Noroeste* en Ferrol, ou a *Boiromostra*; a xa tradicional *Festa do Pemento* en Herbón, etc. Sen esquecer as que seguirán celebrándose ata o remate do mes coma: as festas de Sanroque e do Naseiro en Viveiro, as sonadas de Sanxenxo e de

Celanova, ou a *Festa do viño condado* en Salvaterra do Miño.... A destacar pola súa riqueza cultural a *Romaria Internacional*, que este ano alcanzou a XII edición, e trouxo a diversos concellos de Galicia a riqueza cultural de pobos tan distantes coma o canario ou o ucraniano (en Rusia). Ou as orixinais *festas medievais* de Ribadavia, Sada, Palas.... E non se pode esquecer tampouco a festa que tivo a Xunta de Fraga cos monxes de Samos, na que non faltaron nin o tiro, nin as barcas, nin os foguetes, nin as foliadas de letras incisivas co "Todos queremos mais" coma estribillo. E o 25 de Xullo "día da patria galega".

Se xa hai moito tempo que non se podía poñer en dúbida o espírito festeiro dos galegos e a súa sona de organizar boas festas, nos últimos anos o goberno autonómico e concellos semellan estar interesados en multiplica-la oferta cultural, quizais por aquilo de que "por nós que non se diga que non hai cultura abondo na xente".

Victorino Pérez



SARGADELOS

GALERIAS DE ARTE

LIBROS

CERAMICA

- * 27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41
Fax: 982 - 55 78 04

- * O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 62 09 37
Fax: 981 - 62 38 04

- * Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfs.: 981 - 58 19 05 / 58 18 88

- * Provenza, 274
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 01 79

- * Zurbano, 46
28010 MADRID
Teléf.: 91 - 410 48 30

- * Habana, 20
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 24 98 28
Fax 988 - 249856

- * Dolores, 55
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14
Fax: 981 - 35 37 16

- * (en instalación)
Pza. Sto. Domingo, 2
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04

- * Dr. Cadaval, 24
36202 VIGO
Tel 986 - 220050
Fax. 986 - 220474

FURIA

Por Victorino Pérez Prieto

Este curto nome é o título dunha excelente película de Fritz Lang, que moitos lembrarán mellor polo seu protagonista: Spencer Tracy, aquel que sempre facía de bó. A película é a dramática historia do presunto linchamento dun home inocente por unha multitude enfurecida que necesitaba un culpable.

Foi o primeiro que se me veu ós miolos coas noticias da violencia nas rúas contra os drogadictos e os camellos, pero tamén contra os xitanos, os mendigos e os travestís. "Están linchando as nosas liberdades", titulaba o xornal "El Independiente" un dos seus editoriais, que escribía "algo está a apodrecer en España". E referíndose só á cuestión dos piquetes que patrullan polas rúas dalgúns cidades en busca de drogadictos e narcotraficantes, "El Pais" titulaba outro editorial "Problema real, respuesta equivocada".

Coido que ambas frases refrexan ben o problema. Unha situación real que destraga vidas e familias convertendo algúns barrios nun inferno, unha situación que reflexa un problema que é moi preocupante para toda sociedade, non só para os veciños que o sofren a diario; problema ó que non se lle acaba de dar solución por parte dos organismos responsables, non pode xustificar unha solución violenta tipo Oeste americano, na que uns cidadáns, autoconstituídos en xusticeiros, decidan tomarse a xusticia pola man.

Isto sempre resulta perigoso e en moitos casos inxusto, pois, ou caen xustos por pecadores, ou, no mellor dos casos danse paos de cego, sen ir os verdadeiros culpables, que se atopan ben seguros.

Ahora ben, piquetes que se tomen a xustiza pola man non, pero esixir respostas máis válidas por parte do goberno si, pois o Plan Nacional contra a Droga, a pesar dalgúns éxitos policiais, está resultando un verdadeiro fracaso que puxo a este país na cabeceira de Europa na cuestión da drogodependencia e o narcotráfico.

Velaí onde esta manifestación de violencia nas rúas está a berrar algo moi importante e os organismos do Estado deberán tomar boa nota para dar solucións máis eficaces xa.

Pero non pode esquecer tampouco que esta violencia e o antirracismo -unhas veces vencellado ó problema da droga e outras non- contra os sectores marxinais (inmigrantes africanos e portugueses, xitanos, xente coa SIDA, vagabundos, homosexuais,...) manifesta que se estamos na mellor das sociedades posibles, como nos quere convence-lo goberno, "que o deme me leve".



Hai escasamente un par de meses tivemos ocasión dunha conversa longamente agardada, cunha amiga chegada de Nicaragua, onde estivo compartindo nos últimos anos o drama dun pobo que quixo ser libre e dono do seu destino; unha revolución que encheu de esperanza a moitos que a foran perdendo, no medio dunha sociedade devoradora dos soños dun mañá mais igualitario, onde os esquecidos de sempre sí fosen tidos en conta. Era a "revolución bonita" do pobo nicaraguense. Un pobo que quixo ser libre, pero os señores de sempre non llo permitiron. Respetamos a súa vontade de anonimato, anque moitos adiviñarán de seguida quen está a falar.

— **¿Como quedaron as cousas por Nicaragua trala derrota sandinista nas últimas eleccións?**

— Pois a situación neste momento está moi mal. Cada día é de maior inestabilidade. Xente que nun primeiro momento pensaba que chegaba a salvación, ó pouquiño o seu discurso era que había que darlles un tempo. E algo despois xa se resumía claramente na expresión: "Nunca tivemos tanta hambruna". Neste momento, as cousas están máis complicadas aínda, pois aparte do que xa se sabía ía causar moitos problemas, a "Contra", que se pensaba ía desaparecer, volve erguerse en todo o país.

— **Podes darnos algúns datos sobre esa "hambruna" á que aludías. Ata os nosos oídos chegou a increíble depreciación da moeda nacional, o dólar, con respecto do dólar. Tamén a noticia da xente buscando comida nos basureros, etc.**

— Pódovos dar moitos datos, comezando en primeiro lugar dicindo que o córdoba está ó cambio de 1.800.000 córdobas por dólar. Cun índice de tres devaluacións por semana. As zonas rurais non chega menciña ningunha. Pecharon tódalas farmacias populares. A mortandade infantil por fame e enfermidades resulta agobiante. A xente sae a buscar cada día algo para comer como sexa,...

— **¿Cómo está a situación de desemprego, pensións, etc.?**

— Os últimos datos que teño son de que máis do 40% da poboación está indo á rúa. A maior parte dos que quedan sen emprego son sandinistas. A diferenza entre as pensións que cobran os feridos de guerra da contra e os sandinistas son de tres ou catro veces máis a favor dos primeiros.

— **Sen embargo a Contra, a pesar de ser moito mellor tratada polo goberno de Violeta Chamorro, tampouco está contenta...**

— A Contra saíu dos lugares onde estaba, en Honduras. Integrouse ó principio onde lle indicaron, nas zonas de Matagalpa e Jinotega. Pero non é certo que entregasen tódalas armas. Só entregaron parte delas, e as máis vellas e inservibles. Desde xullo voltaron a actuar de novo, coa chegada das primeiras protestas populares. E agora segue actuando. A finais de ano estaba pechada a carretera panamericana, a máis importante do país. E tamén estaba collida pola Contra a igrexa dos xesuítas. A Contra levántase, porque din que Violeta Chamorro non cumpre coas promesas que lles fixera. Desta maneira, crean unha maneira inestabilidade ó país, no canto desa "salvación" que se afirmaba ía chegar coa nova situación.

— **"El País" falaba hai uns días dun 50% de analfabetismo en Nicaragua, culpando diso ós sandinistas...**

— Temos que ser veraces. A situación á que chegou Nica-



ragua, foi a causa da guerra con EEUU., que case chega a colapsar completamente a vida do país. Pero o esforzo do goberno sandinista foi o de levar a saúde e o ensino a tódolos recunchos do país, aínda que se viu en parte afogado polo acoso estadounidense, conseguiu logros incuestionables. Concretamente, con respecto ó analfabetismo, este acadaba un índice dun 68% no país, cando colleu o goberno o FSLN, e en moi pouco tempo baixou a un 12%, pois era un dos aspectos fundamentais da súa política. Pero a partir do 83, cando as actividades da Contra comezaron a ser importantes, o goberno dixo que tiña que recortar os presupostos. Defensa necesitaba máis presupostos para manter libre o país. E ó abandonarse o proceso, volveu subir o índice de analfabetismo. Foi EE.UU. o que afoitou o proceso alfabetizador.

Está comprobado que un adulto que comeza a ler, se non ten catro anos de axuda, esquece o que conquistou. Desde o 83, o esforzo seguiu sendo grande por manter uns mínimos, pero xa non puido atender tantos proxectos coma antes.

— **A Igrexa e os cristiáns tiveron un papel moi importante na moderna Nicaragua. A revolución sandinista foi a primeira da historia na que os cristiáns tiveron expresamente un papel protagonista. ¿Cal é a situación actual da Igrexa en Nicaragua, tanto respecto do papel que representan bispos coma o cardeal Obando y Bravo (arcebispo de Managua) e Vega (bispo de Juigalpa, na chamada quinta rexión), e pola outra banda esa outra Igrexa máis comprometida coa causa dos pobres?**

— Para nós foi unha gloria o esforzo que fixeron os cristiáns para levar adiante o proxecto revolucionario. Foi coma vivir unha verdadeira resurrección na Igrexa. Eu son Igrexa, e agora vivo a miña Igrexa alí coma morte e coma pecado. Sinto vergoña porque o Cardeal Obando e outros, nun momento no que se poden constatar os datos escalofrantes que sinalaba antes, o obxectivo máis importante que teñen entre mans non é atender a eses nenos que morren de fame, senon construír na capital, Managua, unha catedral que ten un presuposto de tres millóns de dólares, e da

importante templo de Deus que son os pobres.


— **Falábache de Obando e de Vega, dous bispos que representan verdadeiros puntais dunha Igrexa contrarrevolucionaria. Pero teño entendido que entre eles non se entenden moi ben...**

— Os últimos datos que teño son de que Obando calou ante a toma da igrexa das Sierritas, en Managua, por parte da Contra. Tamén sabemos que na quinta rexión estase levantando a Contra, potenciada mesmo con manifestacións públicas polo bispo Vega. O que parece contradicir os intentos de avanzar na liña dunha democracia que xa se alumbrou e que debía ser unha verdadeira Boa Nova para o país.

— **Na banda contraria están os antigos curas ministros: Miguel D'Escoto da congregación de Maryknoll; Fernando Cardenal, ex-xesuíta expulsado da súa orden por exercer un cargo público, e o seu irmán o tamén sacerdote e poeta Ernesto Cardenal.**

— Teño que dicirvos deles

que xa está posta a primeira pedra. Andan pidindo cartos para poder facer a inauguración no 92. Mesmo parece que hai feita unha invitación ó Papa para inaugurar este verdadeiro pecado, esta verdadeira blasfemia contra o máis



que, xunto cun grupo grande de cristiáns que foron resurrección para a Igrexa, están hoxe coma o gran que cae na terra para morrer e dar froito. Penso que é unha xente que reconece que fixeron mal moitas cousas e toca o tempo da purificación, para dar vida no futuro. Concretamente D'Escoto está traballando nunha barriada con comunidades cristiás, con grupos comunais. Fernando Cardenal segue a traballar na liña da educación, en ensino de adultos. E o seu irmán Ernesto no eido cultural desde as clases populares.

— **Como poderías definir a maneira como a xente do pobo vive o resultado desa votación que lle quitou o poder ós sandinistas, que anos antes os liberaran da tiranía somocista. ¿Como vive as consecuencias dese resultado electoral: paro, devaluación da moeda, fame,...**

— A xente estaba nunha postura de moita esperanza, coidando que ó remata-la guerra ía remata-la dor e iniciarse a recuperación do país; pero logo viron que as cousas non eran así, e mesmo que nunca estiveron nunha situación tan dura coma a actual, na que carecen de todas aquelas cousas que ó mellor noutro momento non valoraron porque as tiñan, e gratuitamente, xa que o goberno anterior foi moi "dador", quizais en extremo, excesivamente gratuitos, mimando ó pobo, o que non lle perdoou a burguesía... Pero o pobo terá que comparar necesariamente as "meles" da situación anterior, coas "feles" da situación actual. A historia falará e porá as cousas no seu sitio. E, como dicía o comandante Ortega o pobo non se traicionará, porque "o pobo non pode ir contra el mesmo", anque se equivoque ás veces.

— **Ti e outros moitos fostes aló a traballar nun proxecto de sociedade nova ¿Como ves a situación actual dos "inter-nacionalistas"?**

— A xente é consciente de que fixo moitas cousas mal e ten que purificar moitos comportamentos, e xuntos van buscar solucións novas co mesmo ánimo que cando o sandinismo estaba no goberno. Eu vou voltar aló e seguir traballando co pobo, e seguir descubrindo con el un novo xeito de organización social, cara a unha democracia de verdade, na que participe de verdade o pobo e a economía tamén sexa mirada por todos. O outro día fíxose a concertación, e só se negou a firmala o Consello Superior da Empresa Privada (COSEP), porque non estaban dacordo co reparto que favorecía ós mais debiles, ás clases mais populares.

— **¿Como se presenta de cara ó futuro a vosa participación coa nova Nicaragua? Pois teño entendido que o novo goberno non mira con bos ollos o labor dos internacionalistas, e pensa expulsar á pouca xente que aínda quedou alí.**


— Hai xente que xa non quere colaborar coa nova situación. Pero outra si quere seguir colaborando co Frente, e con todo o que se poida facer polo pobo nica. De tódolos xeitos é certo que hai persecución, e mesmo xa houbo mortes entre os simpatizantes co sandinismo que viñan de fóra. Pero non quero dar máis datos a este respecto para non dificultar o noso labor a prol dese pobo que vive momentos críticos...

Of de record, seguiu a nosa conversa, con aspectos máis concretos e comprometidos do labor a realizar. Nos respetamos o seu desexo de silencio, por non dificultar ese traballo a prol dos máis desfavorecidos. E damoslle as grazas, por compartir coa nosa revista unha información silenciada noutros medios de comunicación.

Victorino Pérez Prieto

Galicia un pobo que resiste

"E din que fan todo eso no nome do progreso"



Corenta mil (40.000) postos de traballo perdidos nos últimos sete anos. Dez mil só nos seis primeiros meses do ano pasado, froito dos 520 expedientes de regulación de emprego e os peches de empresas en crise. Eliminación... "laboral" de 175.000 labregos, etc. Nin os máis pesimistas agoreiros do nacionalismo máis radical, nin os irasnos máis críticos desta revista tan "parcial", podían supor hai uns anos que o impacto da CEE ía ter tal gravidade para Galicia, cando Eliseo Miguélez escribía na pequena IRIMIA, que con tal evento os labregos galegos ían ser "condenados a permanecer ananos". "E din que fan todo eso no nome do progreso", escribía xa o Manuel María hai uns anos, e cantábano os "choróns" da Quenlla. Aínda no caso de que tivesen razón os economistas neoliberais e os flamantes políticos que nos gobernan ¿que se vai facer con "excedentes" laborais, agora que esa "mercancía" xa non se pode mandar a Alemaña ou á Arxentina?

O 2-D: Galicia existe e resiste

Ese memorable 2 de decembro, dous meses antes da Candeloria..., "toda a Galicia do clamor e a esperanza" estaba na praza do Obradoiro, como comenzaba Manolo Rivas a lectura do impresionante Manifesto elaborado polos sindicatos e organizacións agrarias galegas. Ata Fraga apoiaba a manifestación desde Lisboa. Claro que os que estaban na praza berraban: "Felipe en Israel, Fraga en Lisboa e nós no paro".

Aquelo parecía a Santa Compañía. "Todos por Galicia", desde o cortexo fúnebre das empresas en crise (Bazán, Astano, Barreras, Cordelerías Mar, Refrey, ENCE, ELNOSA, EXIMESA.... Os de Ascón xa non estaban porque xa lle fixeran o funeral e mailo cabodano había tempo) ata os labregos da Terra Cha, a Limia e demais, que esixían algo tan "absurdo" coma "queremos vivir dignamente dos nosos recursos". Mesmo os mozos estudantes, con tanta fama de pasotas e apolíticos, berraban: "Obreiros e estudantes, xuntos adiante". No ambiente frotaba a idea da folga xeral, que polo de agora está marcada para outro día 2, este de abril, dous meses despois da Candeloria.

Ferrol: tres veces máis de taxa de parados que na CEE

Na Santa Compañía do 2-D/91 había

Cando hai semanas, os mineiros asturianos convocaron a folga xeral, toda Asturias respondeu, incluso a Igrexa por boca do seu arcebispo. Estes obreiros galegos que enchen as escaleiras da catedral compostelana constitúen un desafío á nosa Igrexa e ós seus representantes.

un grupo máis numeroso que os demais, eran os da comarca de Ferrolterra, que, se todos tiñan razóns para berrar, eles tiñan máis: a súa taxa de paro duplica a de Galicia, o 33% fronte ó 15,8%. ¡18.000 parados!, que son moita xente folgando xunta. Estes xa tiñan práctica no das manifestacións e as folgas; mesmo xa fixeron o seu ensaio de folga xeral o 17 de decembro.

Por se a alguén lle parece que avultámo-las cifras, por aquilo de poñer-las cousas máis mouras e "agudiza-las contradicións", coma dicía o miñaxoia do Carlos Marx. Aí van algunhas contas. A reconversión naval de ASTANO e Bazán deixou sen emprego no conxunto da comarca a máis de 14.000 obreiros. Deles 6.000, ou máis, na pequena e na mediana

empresa e no sector comercial, postos de traballo dependentes dos grandes estaleiros. ASTANO chegou a ter en plantilla no ano 1980 a máis de 6.000 obreiros fixos e outros 2.000 en empresas auxiliares; estes 8.000 quedaron reducidos dez anos despois a 1.700, con tendencia á baixa.



Non é de estrañar que a poboación ferrolá descendese en 5.000 persoas entre 1981 e 1991. E non baixou máis porque o alcohol e as drogas aínda terman dalgúns boiando polas rúas...

¿Que remedios puxo o Goberno? Pois falou primeiro da ZUR (Zona de Urxente Reindustrialización), logo cambioulle unha letra e falou da ZID (Zona de Industrialización en Declive), e logo rizando o rizo ilusionou ós ferroláns coa SIV (unha fábrica italiana de vidro). Pero todo eran contos e quedaron en nada.

Vigo: un cortexo de empresas en crise

Vigo é máis grande e ten máis

choio, pero a reconversión naval, industrial e pesqueira foi afacéndonos a ver unha serie de nomes nas listas mouras das empresas pechadas ou en crise. Un longo repaso familiarizaríanos co drama de miles de traballadores sen emprego.

No sector naval, un sector tradicionalmente potente en Vigo polas súas cualidades idóneas para el, e a súa tradición na industria naval e pesqueira. Tralo peche de ASCON, o estaleiro máis importante do sector, que tiña a comezos dos 80 máis de 2.000 obreiros, viñeron os recortes nos demais. Barreras, o segundo en importancia, que está hoxe nas mans do INI, ten agora a metade da plantilla en regulacións temporais, e o seu comité de empresa opónse á privatización pois témesse unha forte redución de plantilla. Outros coma Vulcano, Freire e Santo Domingo, viron reducidas as súas plantillas á metade nos últimos tempos, e as que

teñen traballo están suxeitas actualmente á regulación de emprego nun 50%.

O sector industrial ten os casos do grupo de empresas Mar, que está a piques de deixar na rúa a 500 obreiros. As empresas Álvarez, reprivatizadas recentemente, queren reduci-la súa plantilla de 600 obreiros á metade. Mesmo a poderosa Citroën, que fixo grandes esforzos de modernización, rescindiulle o contrato a 600 operarios temporais. E hai máis...

O sector pesqueiro ten ó 75% da frota amarrada no peirao porque non poden saír faenar a causa da redución de licencias de pesca. O que afecta ás numerosas fábricas de conservas e conxelados.

E tamén...

Na Coruña hai ameaza de peche ou redución de plantilla en empresas coma Santa Bárbara, PEBSA (Pesquerías Españolas de

Bacallau), TELETTRA (antes INTEL-SA). Xa falamos en IRIMIA do peche de SIDEGASA, CROS, MAFRIESA...

En Lugo comezou o ano co peche das minas de ENSIDESA, que supuxo 350 empregos menos, ameazas de reaxustes de plantilla en Alúmina-Aluminio, a pesar do ben que vai esta empresa (menos obreiros, anque signifiquen menos produción, sempre resulta un balance rendible, e os capitalistas botan as súas contas).

En Ourense teñen o conflito de Labauto, a multinacional francesa que mercou Citroën nesta cidade, que vai deixar na rúa a polo menos 150 operarios.

O CARRABOUXO por JOSÉ LOIS



¿E os labregos?

Fo... fastidiados, coma sempre. Tras poñerse no camiño da modernización das súas empresas nos anos 80, enchéndose de créditos ata as orellas, cústalles "fabrica-lo" litro de leite entre 35-40 pts., e algúns véndeno ¡a 25 pts.! Ou sexa, que máis lles val comelo, que lles ha aproveitar máis, o malo é despois paga-lo censo e vestirse. Habrá que volver ó autoconsumo. Sobre todo despois da "chegada dos normandos" (a multinacional francesa Union Laitière Normande que mercou o grupo LARSA, coa complicidade da Xunta, e controla tamén COMPLESA e LEYMA).

Dicía un economista hai unhas semanas en "A Nosa Terra", Martín Khor, falando da inxustiza do mercado libre — que nos din que é o remedio de tódolos males económicos — que poñer ás explotacións familiares ou ás pequenas cooperativas a competir coas multinacionais é coma "poñer un neno africano que leva dous días sen comer, a correr con Carl Lewis".

Con razón escribía Camilo Nogueira hai uns días na prensa que "necesitamos unha alternativa que comprenda en 1992, que o Estado español nunca foi para Galicia un factor de modernización nin un apoio solidario". E o que queira oír que oía.

Victorino Pérez Prieto

NON HAI CLERICALISMO EN MURAS

“¡Don Modesto Sí, médico Non!” eran os berros que coreaban un nutrido grupo de veciños de Muras o pasado día 19 de marzo diante do Concello. Baixaran moitos deles de parroquias alonxadas do pequeno núcleo urbano deste concello lucense, para apoiar ó seu cura, que recibira graves acusacións por parte do alcalde ese mesmo día e con anterioridade, mesmo en revistas de longa tirada no Estado. Se a isto se engade o dato de que o devandito alcalde se chama Isaam Alnagm Azzam, e se trata dun árabe musulmán afincado en Galicia, a polémica estaba servida.



Un pobo galego cun alcalde musulmán

Muras é un pequeno concello de montaña ó norte de Lugo, na fronteira coa provincia da Coruña. Pequeno en poboación, a penas 1.400 habitantes, pero non en extensión, 200 quilómetros cadrados; coñecido no xornal da provincia polos múltiples conflitos desde hai anos todo por razóns políticas ó estar bastante niveladas as forzas dos dous únicos partidos da corporación municipal; o PP e o PSOE. Na anterior corporación gobernou o PSOE e actualmente está no poder o partido conservador, que levou na cabeceira da lista ó único médico do concello, un druso de orixe siria, casado desde hai vinte anos cunha luguesa.

Este home, que deu repetidamente mostras do seu gusto por aparecer nos medios de comunicación, manifestaba hai unhas semanas á revista Interviu “El cura no me habla porque no voy a misa”, frase que este medio se apresurou a recoller en titulares con evidente intención de fustigar unha pretendida xenofobia ou un conflito entre mouros e cristiáns. Pero máis duras foron as acusacións que verteu días despois nun xornal galego denunciando ó párroco de “frustrado alcalde” e de “utilizar el altar de la iglesia para atacar a personas y difundir el odio y el anticristianismo”.

Como corroboración das súas afirmacións pediu a axuda dun home abondo coñecido no concello polas súas actuacións pasadas acumulando cargos e utilizándoos caciquilme, José Fraga, e a

súa muller xustificaba as actuacións co vello eslogan de: “claro, como el cura es comunista”.

Un xesuíta profesor universitario

Modesto Vázquez Gundín, o párroco de Muras, ten tódolos aires do “vello profesor”, canoso, de ollos espertos e vocabulario ilustrado. Pero ó mesmo tempo a humanidade dos que se comprometen cos pobres por unha razón que antepoñen ó éxito persoal.

Esta opción comprometida levouno a deixar as súas clases na Universidade de Oviedo e o seu doutorado na Universidade de Comillas en Madrid por unhas pequenas parroquias de montaña, nunha clara aposta polo pobo galego. Nese compromiso de servizo ós humildes tivo que meterse na política e acceder á alcaldía non por intereses persoais, senón por verdadeira presión popular. E non tampouco nas listas de ningún partido senón nunha candidatura independente. E, o que non é menos importante, a pesar do conflito entre exercer cargos públicos e cargos pastorais coma párroco, contaba co permiso do seu superior xeral xesuíta e coa aprobación do bispo da diocese de Mondoñedo á que pertence.

Leva neste servizo máis de quince anos, a pesar da súa precaria saúde. En Muras exerceu de párroco, alcalde, profesor e “transportista improvisado” dun parvulario, etc. A súa casa pronto se converteu en casa de acollida á xente máis dispar, e mesmo casa de retiro para os curas. A diocese puxo a súa confianza nel

e encomendoulle numerosos servizos diocesanos, que el non aceptou ás veces pola súa humildade. E tantas cousas que se podían anotar na súa conta, aínda que a el non lle guste contalas.

Unha veciña comentábame na tarde do 19: “Don Modesto non fixo máis que ben a Muras, non pensa nada para el, todo é para o pobo”. A xente maior e a xente nova non fai senón loar o labor que fixo cos nenos e cos grandes, as súas innovacións pastorais e o seu labor á fronte do concello.

Socio de honor

A Asociación de Veciños de Muras ten un presidente novo, Antonio Puentes, profesor de galego no Instituto de As Pontes. Fundárase no ano 85, pero esmorecera e nos últimos tempos volveu a coller o pulo, contando actualmente con máis de cen socios. El foi o que leu e descalificou diante dos seus veciños as manifestacións na prensa do alcalde. Recoñece que se os veciños se xuntaron non foi por “unha convocatoria da asociación, senón por iniciativa popular que nós apoiamos porque non podemos permitir que se digan tales mentiras sobre D. Modesto”. Mentiras como “que utiliza o púlpito para facer arengas políticas... e por riba, citar a persoa máis pouco grata e representativa do concello, José Fraga”.

Antonio Puentes falábame tamén dun problema especialmente grave, o xurdido entre o médico-alcalde e o boticario, que pode deixar sen farmacia ó municipio. “Nós non sabemos a que se debe o

enfrentamento entre o médico e o farmacéutico, pero sufrímo-las consecuencias, pois levouse ó terreo profesional e coméntase entre a xente que o médico se queda coas receitas para repartir persoalmente as menciñas, unhas veces de maneira presuntamente gratuíta e outras cobrando, polo que estaría rozando o terreo da ilegalidade. O máis grave é que isto prexudica ós veciños porque co baixón de vendas podémonos quedar sen farmacia”.

Pero non é esta a única lindeza do alcalde-médico. Antonio Puentes queíxase tamén da atención deficiente ós pacientes, entre outras cousas por faltar repetidamente. Ou unha xestión municipal “dictatorial, ilegal e feita sen contar para nada co pobo... Nos plenos o seu talante é tal que non deixa falar á oposición ou non responde ás súas preguntas”. Tamén me comenta a coñecida historia do vasureiro que se quería poñer no concello, con gran oposición veciñal, ou numerosos gastos en dietas sen xustificar, ou partidas presupostarias estrañas, ou repartos de axudas de maneira claramente discriminatoria e favorecendo ós menos necesitados, etc. Conclúe dicindo valentemente que “A Asociación nunca tivo tanto traballo coma desde que hai este alcalde e queremos dar batalla para facer xustiza”. Non é de estrañar que o alcalde-médico-árabe-galego, teña atravesada á Asociación, porque non pode tolera-la súa crítica.

“Don Modesto amigo, Muras está contigo”

Foi a gran pancarta que encabezaba a manifestación dos veciños o domingo día 22 trala misa parroquial concelebrada polo bispo da diocese e os superiores provinciais dos xesuítas que se pode ver na foto. Á saída da misa xuntáronse na rectoral o párroco, o bispo, o superior xesuíta e o alcalde e teniente de alcalde, pero non houbo posibilidade de acordo porque o alcalde non quixo retractarse de nada.

¿Somos parciais? Quizáis, pero coñecendo a Modesto, non nos cabe dúbida de onde está a verdade e a razón neste caso.

Carta aberta

Benquerido Modesto:

Levo tempo matinando en ti. Quéroche ben. O que che pasa non me resulta indiferente. Moitas veces sentín reflexada en ti a miña vida e a viña expresadas nas túas palabras os meus fondos sentimentos. Temos da Igrexa e da sociedade unha visión case que coincidente.

Ti es un dos homes que máis admiro. Por iso sufro contigo, porque tamén sufro comigo.

Palpo en tí aquilo de que “a gra, se non morre, non dá froito”, que o camiño da resurrección pasa pola cruz, que na proba é onde se curten as virtudes... Pero non entendo, amigo Modesto, por que isto ten que ser así. Cústame crer que Deus ós seus os queira mortificar; anque tamén comprendo que a única maneira de demostra-la autenticidade da vida é o paso pola cruz; por iso o verdadeiro amor leva algo de morte.

Coñezo ben de preto a túa debilidade polos desfavorecidos, sei que enfermidades coas inxustizas, o teu carácter e a túa liberdade de espírito non che permiten andar de comadreo e compoñendas.... Sóbrame de saber que non busca-lo medro persoal (fuches a Muras para enterrarte, non para conseguir méritos), non busca-los postos aínda que esa sexa unha das túas teimas segundo os “contrarios”, non busca-los cartos (canto te levas arrastrado, todos sabemos que non tes un real, vemos que a túa roupa está gastadiña...)

A túa ilusión e a túa felicidade tela posta fóra de tí: na ilusión e felicidade dos demais. Por iso eu ben sei que serías feliz –anque andases cos zapatos rotos e con goteiras na casa– se vises que a xente medra en solidariedade, en cultura, en responsabilidade, en toma de decisións a tódolos niveis; se vises que a nosa Igrexa se esforza no fornecemento de comunidades convertidas libremente ó Evanxeo de Xesús; se comprobases que a política é un servizo á comunidade... Non te vexo máis feliz porque che regalan un coche último modelo, nin remexendo millóns da “primitiva”, nin ocupando o posto de mando municipal. ¡Que pouco te coñecen os que iso pensan de ti, amigo Modesto!

Pero... ¿e logo que pasa en Muras para que pasen estas cousas?. O tema é vello. Xa o di o refrán: “métete a redentor e acabarás crucificado”. ¡Como me gustaría que os que están inquedaos por estes problemas lesen todo o que tes escrito sobre as cousas que pasaron en Muras desde que ti estás aí!.

Eu aposto por ti, Modesto. Non estamos ante un caso máis de caciquismo clerical. Oxalá tódolos cregos de Galicia fixesen o que fas ti. Daquela este país sería outro.

Anque algúns non tivemos forzas para seguir, dende a nosa pobreza dámosche ánimos, porque a túa vida é un raíño de luz.

Una apreta.

Ramón Díaz Raña

EXPO'92: A FEIRA DAS VAIDADES

Victorino Pérez Prieto

Xa sabíamos algo das cifras astronómicas da Expo: o das 215 hectáreas que saíron a máis de 90.000 pesetas por metro cadrado (ou sexa, 200.000 millón de pts.), e logo o custo dos 140 pavillóns, que, tirando polo baixo, andarán nunha media de 4.000 millóns, calculando entre os 7.000 do pavillón dos Descubrimentos (que ardeu) e os 2.000/3.000 que veñen custando os das Comunidades Autónomas (17 en total). Aínda que estes datos seguro que se quedan curtos.

Pero tamén valen de referencia os 120 millóns que custou a maqueta do foguete espacial europeo Ariane, ou a "menudencia" dos 70 millóns dos ascensores que ten o pavillón do Xapón, que outro día custou a Chile levar un iceberg ó seu pavillón. Falando de cifras, un pérdese (¿canto gastou realmente o Estado?), pero o que é claro é que o Estado se endebedou como nunca ocorrera con ese pozo sen fond que é a exposición coa que España quere dicirle ó mundo que xa pertence o club dos ricos.

Pero unha cousa é coñece-los fríos números e outra ve-lo derroche que se palpa desde o mesmo momento en que se entra no recinto por despampanantes portas da máis moderna arquitectura, e piando por un chan pintado coma as canchas máis finas de tenis; os seus xardíns e palmeiras (500.000 m²), o tren monorraíl, as ruinosas telecabinas que non usa ninguén,...

Coma ben escribiu alguén, "a Expo é mostra do narcisismo do poder", e inmediatamente "a negación da solidariedade internacional cos pobos do Terceiro Mundo"; unha vez máis un verdadeiro "encubrimiento da súa situación" (Pepe Blanco en "Noticias Obreras", nº 176). Para qué falar do derroche dalgúns costosos pavillóns destes mesmos países endebedados ata as cellas...

¿E todo para que? A Expo vén ser coma unha Dysneilandia "para adultos", unha frívola feira, pero con espectáculos de alta tecnoloxía.

úa meirande parte semella estar máis pensada para divertir que para instruír (con algunhas honrosas excepcións, como é xusto admitir); onde as colas se forman a maior parte das veces simplemente polo eterno razoamento papanatas de "Onde vas Vicente, onde vai a xente", ou "Se non hai cola ímonos, que isto debe de ser moi malo". ¿O mellor do mundo? ¿O escaparate bonito e falsario dun 20% del!

URCA

Neste verán do 92, Santiago de Compostela fíxose mar que achega ou praia que agarda para recibir a URCA (o nome foi tomado dunha antiga embarcación de transporte de gran tamaño), nunha viaxe cun triple norte: expresión, solidariedade, encontro.

Despois de todo un ano de traballo conxunto con persoas de tódalas diócesis galegas, medrou o proxecto de acondicionar tempo e espazo para que cristiáns de diferentes grupos, parroquias e lugares de Galicia -e mesmo de fóra- puxesen en común as súas vivencias e inxedanzas nun marco flexible e aberto.

Ó longo de tres días realizáronse seminarios, obradoiros, exposicións, faladoiros, concertos, danza, mimo, teatro... Todo isto tiña a triple finalidade de nos permitir expresarnos e encontrarnos desde unha visión do mundo, da sociedade, da nosa tarefa, que admitise o adxectivo de solidaria.

Toda URCA, desde os seus inicios e preparación ata a súa realización concreta, estivo vertebrada pola oración e as arelas de ir albiscando desde Galicia novos horizontes para a nosa realidade eclesial. Tres días moi intensos de:

U-nión entre persoas de diferentes idades, estilos e xeografía.

R-espota para os interrogantes que vivimos.

C-reatividade para atrevérmonos a facer máis consciente cada momento da propia vida.

A-pertura pola capacidade de respectar ritmos e visións distintas sen perde-lo propio equilibrio.

Invítovos a que pregunteades por URCA ás persoas que participaron este verán, xa tódolos días ou nalgunha das actividades. Se vos animades para colaborar ou participa-lo vindeiro ano, será estupendo.

MAITE PÉREZ VAZQUEZ

**Este número de IRIMIA está
subvencionado pola**



**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

IRIMIA, CATROCENTOS NÚMEROS DUNHA REVISTA POBRE, PERO HONRADA

Co ano Xacobeo'93 IRIMIA chega ó número 400, número máis que salientable en calquera publicación, pero moito máis inusual no caso dunha publicación galega e en galego. Sen falsa modestia, podemos dicir que só os compañeiros de *A Nosa Terra* nos acompañan en tal fazaña. Coma eles, IRIMIA non foi adiante “pola razón da forza”... dos cartos ou do apoio institucional, senón “pola forza da razón” e a xenerosidade de moita xente que apostou por un proxecto e que non lle importou gastar nel parte dos seus anos, en tempo, en cartos, en prestixio; xente que escribiu nela e que a foi elaborando día a día, pero tamén xente que a repartiu, que a espallou, ou simplemente que a mantivo en pé co seu apoio. Ámbalas dúas non son xornalismo de “flor dun día”, son máis de dez anos de periodicidade e iso non se fai só con boas intencións. Precísase un proxecto claro, que ilusione a un grupo de xente que saiba o que quere facer e como facelo, e que consiga tamén chegar a un grupo máis amplo disposto a acollelo e apoiálo.

regalo, cruz e resurrección, por iso estamos certos de poder facer nosa a cantiga: *Sementar sementarei, loguiño de clarear, en tanto no pobo medre, un nenño, un vello e un cantar*”.

Aquel número 300 traía tamén unhas verbas ben bonitas sobre a revista nunha entrevista ó gran escritor galego Paco Martín: “IRIMIA é algo que me vén asombrando dende hai moitísimo tempo. É desas cousas que só suceden neste país, quere dicir que a capacidade destes tolos magníficos non se atopa en moitos outros sitios. Hai que facer unha revista coma esta, hai que facela coa periodicidade coa que se fai, hai que levarlla á

xente, etc., etc., sen medios nin nada: é unha auténtica marabilla”.

“Sen miga de modestia”, mani-

festabamos tamén naquel número, que non só toda Galicia era a nosa casa -dende Ribadeo a Tui e dende o cabo Ortegal ata a serra da Queixa-, senón que mesmo en medio mundo recibían a nosa revista. Co mapa diante constatabamos que chegábase desde Euzkadi a Cartaxena, desde Cataluña a Zamora; pero tamén de Alemaña a Italia, pasando por Francia e Suíza; e aínda cruzabámolo Atlántico para chegar moito antes da Expo'92 a Arxentina e ó Brasil, a Cuba e Puerto Rico, a Nicaragua e República Dominicana, e ata o mesmo país do tío Sam, o USA de Bush.

A situación económica da revista -eses cartos, que non dan a felicidade, pero axudan a facer cousas-, aconselloulle á nova mesa de redacción non acomete-la aventura dun número especial con ocasión do decenario -o ano pasado- ou deste número 400. É mágoa, pois podíase facer un traballo moi interesante coa colaboración xenerosa de tantas e tan boas plumas amigas coas que poderíamos contar; pero, eses cartos puxeron tamén á IRIMIA branquiazul -coma a bandeira- de negro e gris nos últimos números. “Poderoso cabaleiro é Don Diñeiro”, mal que nos pese ás veces.


Unha historia de case quince anos

Aínda que IRIMIA leva pouco máis de dez anos saíndo á rúa, a súa historia ten bastantes máis anos, como recordaba eu do número 306 con ocasión do décimo aniversario da **Asociación Irimia**. Dede un **Cruceiro** no ano 1978, ata a saída do nº 0 en Setembro de 1981, pasaron tres anos de xuntanzas, proxectos e debates,

nos que os primeiros artigos agardaron arlantes por ve-la luz: Aquela “Peneira”, que a modo de editorial quería cribar algunha noticia salientable, o primeiro “Cantar do irimego”, e tamén seccións desaparecidas coma “Terra e xente” (que primeiro ia ser “O lubre”, de raíces máis célticas), ou que non chegaron nunca a facerse realidade coma “Vagalume”. Eran 8 sinxelas páxinas.

A primeira fornada de xente que se encargou da revista eramos, Pepe Chao, Xosé A. Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé M. Carballo, Lois Ferradás, Alexandre Pumariño e o que isto escribe; aínda que tamén cómpre citar particularmente a Ramón Díaz Raña, pola capital importancia que tivo no seu nacemento e que logo se incorporou á súa elaboración. Aquel pequeno grupo inicial ampliouse de contado cunha segunda xeración, na que entraron nomes tan coñecidos da revista coma Daniel L. Muñoz, Xosé Lois Vilar e Marta Sopena. E pouco a pouco un numeroso grupo de colaboradores, eventuais ou máis asiduos (no número 300 pode verse unha lista bastante completa deles).

No ano 91, ó cumprirse o dez do seu nacemento, outra xente colleu o relevo, algunha esperanzadoramente moi moza, e a continuidade de IRI-



Portada do nº 306

MIA quedou garantida de novo para outro feixe de primaveras máis. IRIMIA é necesaria; desde a súa evidente modestia material, cos seus erros e acertos, cómpre dicir, sen embargo, que a Igrexa galega e Galicia non serían o mesmo sen IRIMIA que con ela. ¿Pecabamos de inmodestia cando nunha portada da revista poñíamos en boca de Rosalía estes versos: “Galicia é máis Galicia con IRIMIA que sen ela. IRIMIA vento de vida que avivace a nosa Terra”? O lector obxectivo deberá olla-las súas máis de 3.000 páxinas para facer un xuízo acertado. O xuízo dos lectores habituais xa o coñecemos. Graciñas.

Victorino Pérez Prieto



Unhas verbas escritas hai anos

Diciámolo xa no nº 300 (8 de Outubro de 1988): “Detrás de trescentos números de calquera publicación ou ten que haber moitos cartos, ou ten que haber fe de entrega. Conte o lector que en IRIMIA non hai cartos nin nunca houbo.... Debe ser logo cousa de fe, que o é: **en Galicia e na súa cultura, en Xesucristo e na súa Igrexa, nos pobres e nos pobos oprimidos e na súa liberación**”. Desde o comezo eramos moi conscientes de que tal empresa non podía ir adiante só por obra de catro entusiastas -¡cantos bos proxectos fracasaron por contar só con iso!-: “afianzouse -diciamos tamén no editorial daquel número- porque foi ben acollida e apoiada por esa comunidade ou comunidades (ás veces invisibles, pero reais) dos cren-tes en Xesús, ou en Galicia ou nos pobres”.

Remato a cita daquel memorable editorial con palabras que definían o que significou para os que a faciamos daquela: “Para nós foi sacrificio e



Portada do nº 300

Estiven este verán un mes polo Ecuador e uns días en Colombia. Unha viaxe e unha estancia que quería ser algo mais ca turismo, aínda que tivese tamen o engado que supón viaxar e coñecer países novos. Non viaxei só, fun con outro amigo e compañeiro de viaxe, e tivemos-la regalia de contar uns amigos que nos acolleron como non podía ser mellor, e con outros amigos que fixemos ali na breve, pero intensa estadía nesas terras. Gracias a eles, fomos aló mais ca turistas e púdenos compartir no bo e no malo a realidade e a vida dun pobo irmão e dunha terra ben diferente da nosa.

Un país de contrastes na "metade do mundo".

Aínda que Ecuador é por excelencia un país andino, e ven ser a andina a cultura e o folclore que mais se coñece del por fora, a zona montañosa e tan só a terceira parte da súa superficie. Igualmente, aínda que é un país que está na mesma liña divisoria da Terra, o Ecuador, tampouco ten todo el un clima "ecuatorial" ou tropical (calor e humidade).

O país ten tres zonas claramente diferenciadas pola xeografía, o clima e a mesma cultura: zonas entre as que había moi pouco coñecemento mutuo ata hai poucos anos, a Costa, a Serra e a Amazonia. Desta maneira, o Ecuador ten desde as praias do Pacífico ata os camos nevados das montañas andinas, desde a selva tropical ata aridos desertos.

Fermosura e miseria. O país é o máis rico núcleo colonial de América do centro colonial de Quito, ou coa riqueza cultural dos indíxenas, pero tamen coa miseria dos entornos de pobreza das súas cidades e do seu campo, as precarias condicións vivenciais, de vivenda e sanitarias, etc).

A Costa, cunha extensión de 800 Km. de longo e unha anchura de 150 Km, ten un clima quente e húmido, sobre toda a estación do inverno (de decembro a xuño cunha temperatura media arredor dos 30°C e unhas chuvias constantes). Nela está máis da metade da poboación do país, aínda que ata hai uns anos tiña tan só o 20%, debido as enfermidades ocasionadas polo clima enfermizo. Hoxe ten a cidade máis poboada do Ecuador:



Guayaquil, con preto de 2 millóns e medio de habitantes. É ten unha importante riqueza no banana, no café e no cacao, na froita e a cana de azucre, e tamen o arroz, produto básico na alimentación ecuatorial. A súa xente é froito dunha mestura de razas que van desde os mulatos e os negros ata os chineses.

A Serra ou Zona montañosa, que divide o país de N a S e ten alturas como a do imponente Chimborazo (6.267 m.) ou o Cotopaxi (5.896) que é o volcán en activo máis alto do mundo. Posúe gran parte da escasa industria do país e dúas das principais cidades: a capital, Quito, e Cuenca, que ofrece o aspecto máis desenvolvido do Ecuador. Na Serra cultívanse sobre todo o millo, pero tamen as patatas. Nela viven os indíxenas herdeiros daquelas meas que atoparon os españois hai 500 anos, e que representan a conciencia máis diferenciada do país.

Finalmente, a Amazonia, ou o Oriente, como lle din eles. A zona amazónica, a parte máis interior, e a menos poboada e a menos explotada, a pesar de dispor dunha das máis importantes fontes de recursos do país: o petróleo con todo, empezase a notar a deforestación polo depredación dos madereiros. Dominada pola selva e os ríos que van para o Amazonas, está habitada por colonos chegados sobre todo da costa, e por numerosas tribos indíxenas, sobre todo os achuar.

mais coñecidos entre nos polo nome de xibaros (os que reducen as cabezas dos inimigos mortos); pero tamen os shuar, os tsafiki ou tsafiki, etc.

Un país do Tercero Mundo

A renda per capita é de 1.430 dólares anuais, que pon o Ecuador algo por baixo da media dos países de Sudamérica. Pero si se sabe o que pasa coas rendas sobre todo nos países tercermundistas: que a maior parte está nas mans dun pequeno grupo. De rento, 3.000 sueros (200 pts.) diarios e o salario medio dun campesino, que non lle chega para mercar un polo (1.000 sueros); menos mal que teñen baratos os bananos... O amigo Manolo Rodero, cara ourensán que leva aínda desde comezos deste ano 93, dábanos algúns datos comparativos, xunto coas súas impresións, nunha carta publicada recentemente en Irinia (nº 416).

Ademais da mala nutrición, as pesimas condicións da vivenda, sobre todo na zona da costa, a falta de auga potable (toda a auga está contaminada no país), as malas condicións sanitarias, a escaseza de estradas e o mal estado das que hai, etc. son outros tantos índices desta situación de pobreza nun país que non carece de recursos.

Do meu Caderno de vida saen un feito destes días. En Quito tivemos que quitarlle a escuola do brazo que tiña escarificado José Luis (un cativo) →

orío de 10 anos que vivía nun albergue do Quito Sur) cunha tesoura vella de podar, porque non llo quixeron facer en varios hospitais ós que o levara Antonio, o adulto responsable do albergue, que tiña o expresivo nome de Leonidas Proaño, o bispo defensor dos indíxenas.

Unha xente acollidora e unhas comunidades cristiás participativas.

Falar do Ecuador, coma de maior parte de América Latina, non é só falar da

fermosura da súa paisaxe, arquitectura e artesanía, nin tampouco da súa miseria, que se palpa polas rúas. É tamen falar de xente acollidora, que comparte o que ten, aínda que se diga que son ladróns e falsarios. Falar de xente sinxela e confiada que che abre as súas portas, falar de agarimo e agradecemento. Falar de xente testeira e leda a pesar da súa pobreza, ou quizabes polo que esta ten de bo: non precisar de demasiadas cousas para ser feliz.

Falar tamen, dunha fe e unha religiosidade fonda. Que se manifesta na excelente acollida que fan ós "padreitos", na confianza en Deus, na delicadeza e constancia da súa oración, na participación nas cousas da Igrexa, desde as súas celebracións ata os seus grupos de base, no sentimento de comunidade cristiá.

É falar, sen dúbida, dunha fe pouco formada, e moitas veces supersticiosa, dunha práctica relixiosa que non cadra, ás veces, moito coas normas do Dereito Canónico e da Igrexa oficial...


Pero tamen dun fondo sentimento de Igrexa, de que a Igrexa tamen son eles e queren participar nas súas cousas; mesmo non lle teñen medo a un protagonismo na comunidade, desde a participación na celebración a responsabilidade grande dos catequistas e os animadores da Palabra, verdadeiros "alma mater" das comunidades.

É falar tamen dun cristianismo que quere ser fonte de liberación da súa opresión, o lado dun cristianismo tradicional e xustificador das desigualdades sociais e os abusos dos opresores de sempre.

Tamen na relixión o Ecuador é un país de contrastes, pero nel pode aprender a le-lo Evanxeo e toda a Biblia dunha maneira diferente, menos retórica e morta, e máis metida no seu espírito fonda, o dos profetas de Israel, o de Xesús de Nazare.

Con todo, un país que necesita aínda curas, monxas, laicos, animadores de pastoral e profesionais en diversos campos, con conciencia de ir facer un rol de suplencia, que lles axuden a ser unha igrexa autónoma. Cristiáns que vayan moi dispostos a da-lo mellor de si, pero tamen a recibir agradecidos o moito que ali poden aprender e vivir, respectando e amando o seu dereito a ser diferentes.

VICTORINO PÉREZ PRIETO



Un corsario da prensa chamado Pasolini

"As persoas adorables son aquelas que non saben cales son os seus dereitos. Son adorables tamén as persoas que sabendo cales son os seus dereitos non os pretenden ou renuncian a eles. Son tamén bastante simpáticas as persoas que loitan polos dereitos dos outros, sobre todo daqueles que non saben que os teñen. Tamén están na nosa sociedade os que usu-

fructúan e os usufrutuados. Aquí están tamén os intelectuais, empeñados en facer saber ás persoas adorables, que non o saben, que tamén teñen dereitos; incitar ás persoas adorables, que saben que teñen dereitos, a non renunciar a eles e incitar a todos a senti-lo impulso histórico na loita polos dereitos dos outros".

Con estas verbas iniciaba Pasolini o que foi o seu verdadeiro testamento ideolóxico, que debía ler nun congreso en Florencia (Italia), pero que a súa morte violenta impediu levar a cabo. Afortunadamente, non se perdeu e saíu publicado no xornal "Il Mondo".

Un home que escribía estas cousas non podía pasar inadvertido; ademais tiña coma tribunas do seu discurso a prensa, os libros e o cine.

Un home que facía estas confesións non podía tampouco resultar indiferente para calquera persoa crítica e consciente, fose atea ou crente, particularmente cristián.

Polifacético, comprometido co seu tempo

Pier Paolo Pasolini (Casarsa, Bologna, 5 Marzo 1922 - Ostia, 2 Novembro 1975) confesábase home de **esquerda**, moi crítico co sistema burgués-democrático, marxista e votante comunista, e sen embargo foi expulsado do Partido Comunista. Pasolini declarábase **non cristián**, e sen embargo realizou a mellor película nunca rodada sobre Xesús de Nazaret: "O Evanxeo según Mateo"; feita con sobera-



Pasolini (à dereita) na rodaxe de "O Decamerón".

na honradez e respecto polo texto bíblico, tra-la "excitación creativa" que lle producira a lectura do Evanxeo, segundo confesou máis tarde. ¡E mesmo recibiu o premio da Oficina Católica Internacional de Cine, no Festival de Cine de Venecia! En fin, confesábase un **intelectual** e arremetía contra eles desde os seus artigos nos xornais italianos polo seu "conformismo deplorable", aínda que se dixese de esquerdas.

Poeta, novelista, ensaísta, articulista, cineasta; artista e intelectual á vez, Pasolini foi un creador fascinante: Entre os seus ensaios pódense destacar "As cinzas de Gramsci", "A relixión no meu tempo";... das súas novelas "Mozos da

vida", "Unha vida violenta";...; ou entre as súas películas "Accatone", "Mamma Roma", "Il Vangelo secondo Mateo", "Teorema", ou a súa "Triloxía da Vida", e "Saló", durísima película que pode se-lo seu verdadeiro testamento cinematográfico. El forma parte, xa para sempre, dos grandes nomes do cine contemporáneo italiano e mundial, ó lado de Federico Fellini, morto neste ano 93, Bernardo Bertolucci, ou os hoxe case esquecidos Visconti ou Antonioni.

Sen coñecer del nada máis que parte da súa obra cinematográfica, sempre resultou seductor para min, e adiqueille un dos meus primeiros escritos de mocidade (1975) tra-la súa morte, co rimbombante título de "Pasolini, cine indixesto ó sistema".

En canto o fun coñecendo e sabendo da súa honradez radical, coma artista e intelectual, decateime de que non fá errado nos meus xuízos, e que lle acaían magnificamente aquelas verbas doutro realizador cinematográfico, Igmarm Bergman: "Quero ser un dos artistas da catedral que se ergue na chaira... Crente ou non crente, pagán ou cristián, traballo para construí-la catedral, con tódolos demais".



⇒ “Escritos corsarios” e “Cartas luteranas”

Volví interesar por el hai un par de anos coa lectura dunha documentada reportaxe que traía longas citas dos seus derradeiros libros: “Escriti corsari” e “Lettere luterane”. Dous libros que recollían parte dos seus polémicos artigos nos xornais italianos e que busquei con verdadeiro fervor.

Alí lin cousas que me achegaron máis a este home do que xa conseguira ver case a totalidade da súa obra cinematográfica. Lin cousas escritas por el, coma estas: “Se moitas e graves foron as culpas da Igrexa na súa longa historia de poder a máis grave de todas sería a de aceptar pasivamente a propia liquidación por parte dun Poder que se burla do Evanxeo... Está claro o que a Igrexa debería facer para evitar unha fin sen gloria: Debería pasar á oposición... E para pasar á oposición debería primeiro negarse a si mesma... A Igrexa podía ser guía, grandiosa pero non autoritaria, de todos aqueles que rexeitan -e fala un marxista, precisamente en canto marxista- o novo poder comunista, que é completamente relixioso, totalitario, violento, falsamente tolerante, corruptor, degradante, inclu-

so máis represivo que nunca” (Das “Cartas luteranas”).

Non é de estrañar que Pasolini fose un home que escandalizara a dereitas e esquerdas.

Iso é o que queda reflexado nun libro que publica Edicións Positivas: Ninguén pode apropiarse a Pasolini, e el é de tódolas persoas críticas e honradas da nosa sociedade de finais do século XX. Os “Escritos corsarios” na súa tradución, galega, desgraciadamente, non son só unha tradución, senón tamén unha escolla na que quedaron fóra artigos importantes coma “O artigo dos vagalumes”, “Unha pouca de febre” e algúns máis.

Pero si podemos atopar artigos coma “Análise lingüística dun slogan”, ou “Aculturación e aculturación”, corrosivos contra o poder burgués na nova sociedade, un poder represivo que “esixe dos consumidores un espírito totalmente pragmático e hedonista” (“a tolerancia da ideoloxía hedonista desexada polo novo poder é a peor das represións da historia humana”); e corrosivos contra unha Igrexa que “Fixo un pacto co diaño, é dicir, co Estado burgués”, o que manifesta para Pasolini a contradicción máis escandalo-

sa, pois a burguesía é unha antítese da relixión.

E os artigos sobre a homosexualidade, e especialmente os da súa polémica contra o aborto. No primeiro dos artigos (“O coito, o aborto, a falsa tolerancia do poder e o conformismo dos progresistas”), que levantou unha virulenta polémica na progresía italiana, comeza dicindo algo tan escandaloso para un home “progresista” coma: “Síntome traumatizado pola legalización do aborto, porque o considero, coma moitos, unha legalización do homicidio”.

Ou, descalificando o consenso que existía sobre o tema en gran parte da sociedade italiana: “A maioría, na súa santidad, está sempre trabucada, xa que o seu conformismo, por natureza é sempre brutalmente represivo”.

Sen dúbida, aceptar afirmacións coma boas simplemente porque son “modernas”, ou porque son aceptadas pola xente nun momento dado, é signo de papanatismo, ignorancia e falla de criterio. Tanto se son “de esquerdas”, coma “de dereitas”.

Victorino Pérez Prieto



Un relato autobiográfico que é tamén a crónica dunha disidencia. Unha crítica desde a reflexión e desde a experiencia á Igrexa galega do noso tempo.




¿Aínda cine relixioso?

Tardei en atopar a ocasión de vela, pero puiden facelo hai unhas semanas; en boa compañía, como gusto de ir ó cine, con amigos que saiban desfrutar dunha boa película, e á saída poder comentala xuntos. Estoume a referir á **"Terras de penumbra"**, a última película de Richard Attenborough, cos excelentes actores Anthony Hopkins e Debra Winger. Forma parte da boa colleita de filmes que o cine nos ofreceu nos últimos doce meses, como había tempo que non ocorría.

Unha boa colleita

En primeiro lugar, a maxistral **"Azul"**, do director Krzysztof Kieslowski, a primeira cinta da súa cinematografía que continúa coa, tamén en cartel, **"Branco"**, inferior á anterior, aínda que teño un amigo ó que lle gustou máis; cine en estado puro, cando un ve películas coma esta, pode dicir: "O cine existe". Logo, a impresionante **"O piano"** da directora neozelandesa Jane Campion, merecidamente galardoada con varios Oscar. **"A lista de Schindler"**, do popular realizador xudeu-americano Steven Spielberg, non necesita presentación; desta volta coincido en que a Academia de Hollywood concedeu o Oscar á mellor película a un bo filme. Tamén **"A idade da inocencia"**, do controvertido Martin Scorsese, que esta vez fixo unha película máis ben clásica. E sen esquecer **"No nome do pai"** do realizador Jim Sheridan; a arrepiante historia duns mozos irlandeses que son xul-

gados xunto coas súas familias, acusados de ser activistas do IRA; a pesar de coñecer de seguida a súa inocencia, a policía británica consegue que vaian á cadea por non atopar ós verdadeiros culpables, o alí permanecen durante quince anos, ata que unha avogada valente esclarece o seu caso. Sobra dicir que o tal pai é o Estado.



"Tierras de penumbra".

¿Un cine relixioso?

A película de Attenborough non está entre as dez primeiras da lista dos críticos, e cinematograficamente non é unha película xenial. Pero, ademais de ser unha boa película, ten o interese de toca-lo tema relixioso desde una perspectiva crente -aínda que non sexa o central da película-, o que a converte en algo inusual no panorama do cine máis actual. É unha película "relixiosa", aínda que non aparezan nela nin curas, nin monxas, nin unha igrexa, máis que unha curta secuencia. Tampouco ten milagres nin longos discursos relixiosos.

En realidade, o cine que abandonou nestas cousas non foi, máis que excepcionalmente, bo cine relixioso. A mellor película sobre Xesús de Nazaré non foi **"Rei de Reis"** (Nicholas Ray) nin **"A historia máis grande xamais contada"** (Georges Stevenson), nin outras "de romanos"; nin sequera a colosal película de Zeffirelli **"Xesús de Nazaré"**, senón a austera **"O evanxeo segundo Mateo"** de Passolini. Houbo tamén moito mal cine, chamado fraudulentamente relixioso; non só o oportunista que se fixo na España franquista. É un cine que non é capaz de situarse honrada e humildemente ante a transcendencia, e pérdese en doce estampas estampas dun mundo alleo a realidade coas súas crises e contradicións. "Fáltalle-lo arrepiño do verdadeiro contacto co misterio", escribía hai anos un bo crítico de cine.

Non é fácil conseguir un bo cine relixioso, que terá que suxerir, máis que dicir; que a todo máis se asome á transcendencia, máis que pretende-la inutilidade e falsidade de amosala. Bo cine relixioso fixo o sueco **Ingmar Bergman**, crítico, indagador, que pregunta máis que responde, pero que reflexa honradamente a preocupación relixiosa pola transcendencia; os dous directores case esquecidos, a non ser polos bos cinéfilos, o francés **Robert Bresson** (**"O diario dun cura rural"**, **"O proceso de Xoana de Arco"**) e o dinamarqués **Carl Dreyer**, un protestante que pasa por ser o meirande dos realizadores relixiosos, aínda que só fixera dúas películas do tema: **"A paixón"** ➡

le Xoana de Arco" e "Ordet", a nidade, os planos longos, unha fe non ten medo de poñerse a proba, encara ó espectador coa fe tal io é, coma misterio resplandecen- zero sen falsas seguridades.

Máis preto no tempo, son pelícu- honradamente relixiosas, entre ras, filmes tan dispares coma a elente **A misión** de Roland Joffé, gran espectáculo, **Romero** de John igan, impresionante filme sobre o ebispo salvadoreño Óscar Romero; s máis íntimas **Sacrificio** de Andrej kowski e **Thérèse** do francés Alain Valler, premiada en Cannes, sobre a nta monxa carmelita Teresa de sieux.

"Terras de penumbra"

O galardonado actor Anthony opkins é na película de Attembo- ough un profesor de Oxford na puri-

tana sociedade inglesa dos anos 50 (Jack), solteiro, que vive co seu irmán e se cartea cunha muller norte- americana (Debra Winger) que admi- ra os seus libros. Cando esta muller (Joy) e o seu fillo veñen visitalo, rómpenlle os seus esquemas e ábrenlo a novos proxectos de máis autenticidade. "Só estás rodeado de xente máis nova ou máis parva ca ti, á que podes superar", dille.

Jack e Joy confésanse cristiáns, aínda que ela é de orixe xudía. O seu cancro incurable, cando a felicidade parece apuntar para ambos, lonxe de sacar das súas gorxas un berro irado contra a inxustiza dun Deus que lles "fai" tal cousa, lévaos a medrar e purificar a súa fe. "Non rezo para que Deus cambie, senón para cambiar eu", repóndelle Jack a un desrido compañeiro de docencia, cando este lle di que por moito que rece, Deus non semella querer cambia-las cou-

sas. Non é doado atopar no cine expresións de tal fondura relixiosa, cunha teoloxía cristiá tan auténtica, lonxe de tópicos que nada teñen que ver co pensamento de Xesús de Nara- ré. Se Luís Buñuel descubise esta teoloxía, seguramente cambiaría a orientación das súas películas "anti- rrelixiosas", varias delas xeniais. Ó remata da película, Jack dille ó fillo de Joy, despois de enterrar á muller que ambos aman coma esposa e coma nai: "O sufrimento de gozar é parte da felicidade de entónces". Antes recoñecera que mentres permanecera galvanizado nas súas seguridades, para non deixarse coller polo sufri- mento, non descubrira tampouco o que é a felicidade.

Victorino Pérez Prieto



galaxia

Un relato autobiográfico que é tamén a crónica dunha disi- dencia. Unha crítica desde a reflexión e desde a experiencia á Igrexa galega do noso tempo.



Carta aberta ós amigos e lectores de "Irimia"

Benqueridos amigos, un saúdo agarimoso desde Vallecas:

Coido que esta é unha carta necesaria debida. Debida coma agradecemento polo agarimo que me tedes manifestado tantos amigos, particularmente nos últimos días. Necesaria para aclarar varias cousas, pois a confusión, mesmo en cousas moi sinxelas coma este caso, pode medrar ata se converter nun nó que non hai quen o desfaga.

No último número da revista poñíades unha páxina feita con agarimo e humor, que eu acollín da mesma maneira: "Váisenos o Tori". O que máis me gustou foi unha foto miña coa Biblia erguida por riba da cabeza e o pé de foto: "Este libro tráeo de cabeza". Tamén vos agradezo que desedes a información sobre a "xornada cultural" que se fixo en Xove sobre "A nova Igrexa galega", con ocasión da miña ausencia desa parroquia; moitos enteraríanse por esa canle, o que é unha satisfacción para os que organizaron tal xornada e para min mesmo.

Pero a páxina podía prestarse a confusión, por varias razóns. Xa polo mesmo título. Podía prestarse, e prestouse, á mala interpretación de que eu me ía desta Igrexa, ou do exercicio do meu ministerio, ou... á Cochinchina; ó primeiro tamén poderían prestarse as palabras sarcásticas do bispo integrista, monseñor Lefebvre, que en paz estea. Pero non é así. Atópome moi a gusto de cura e co traballo que fago, aínda que moitas cousas non sexan como me gustarían, nin a miña Igrexa tampouco; e, ás veces, ese traballo se me faga moi costento e eu me vexa moi contradictorio. Xa dixeran na miña despedida das parroquias de Xove, A Regueira e Penas Agudas (na Mariña luguesa) que non era un "adeus", senón un "ata logo"; aínda que o alcance desa "ata logo" non estivese na miña man,

podía ser tan só un ata logo por un ano e reintegrarme ó cabo á parroquia, ou unha despedida definitiva dela, aínda que seguísemos vëndonos e tratándonos como amigos (alí quedaron as miñas cousas).

Eu voume tan só por un ano para facer en Madrid algo importante, pero que a maioría non saberán o que é: o

realidade dos pobres e dos obreiros, e por unha intensa espiritualidade baseada no estudio de Evanxeo e na oración, sempre atenta á realidade. Desde as súas limitacións e cativizas, tentan desde hai anos ser fieis os espírito do seu fundador, que escribiu o que foi descubrindo nun libro: *O Sacerdote segundo o Evanxeo ou o Verdadeiro*

Discípulo do Noso Señor Xesús Cristo. Del dixo o popular bispo Pedro Casaldáliga que Antón Chevrier "é ese verdadeiro discípulo... Fíxose pobre para evanxelizarse ós pobres, e compartiu con eles a condición dunha vida desposuída... Apaixonouse por Xesús Cristo e por Xesús Cristo apaixonouse polos Pobres". Por esta opción pastoral

polos pobres e a clase obreira, a Casaldáliga parécelle Antón Chevrier, con razón, un exemplo de cura máis "actual" que o do Santo Cura de Ars, contemporáneo seu, aínda que este estea xa canonizado hai moitos anos e o P. Chevrier sexa "só" Beato.

Desde que coñecín isto, fun coidando que o compromiso que quería ter con Galicia e cos pobres podía verse afuzado desde a realidade deste grupo. E así o sigo considerando hoxe, por iso me atopo moi a gusto con el. Este ano será para min unha ocasión de afondar nunha espiritualidade que considero moi boa e aprender a ser un pouco máis "discípulo de Xesús Cristo" nos meus feitos e nas miñas raíces máis fondas, como quería para os cregos o P. Chevrier, "para facerse máis útil para os pobres".

Non é por casualidade que vaia vivir con outros tres compañeiros da Asociación nun pisiño cativo de Vallecas, no arrabalde de Madrid, onde hai unha meirande proximidade á realidade dos marxidados. Todos deixamos o traballo que estabamos a facer con ilusión nos



"Año Pradosiano". Trátase dun ano de formación no carisma ou espiritualidade da "Asociación de Sacerdotes do Prado", na que estou desde hai anos con outros amigos coñecidos en "Irimia" como Xosé Antonio Miguélez, ou Manolo Rodicio, que anda desde hai un par de anos entre os pobres do Ecuador. Esta é unha asociación de curas que, insertos nas súas Igrexas diocesanas, queren vivir a súa vocación sacerdotal cun particular compromiso de seguimento de Xesús Cristo e de atención ós pobres e á súa realidade, para serlles máis útiles na evanxelización; coidan tamén a vida de equipo, da que andamos habitualmente ben escasos os curas.

Esta asociación foi fundada por un cura francés no século pasado: Antonio Chevrier (1826-1879), que traballou toda a súa vida no barrio da Guillótiere, na bisbarra obreira da cidade francesa de Lyon. Hoxe está espallada por moitos países do mundo; sobre todo en Europa, pero tamén en América, África e Asia. Os curas do Prado sempre se caracterizaron polo seu compromiso coa



→ nosos lugares de orixe, para com-
artir e estudar xuntos este ano. Non
nos conseguir outro título académico
ue o de aspirantes a ser un pouco mellor
discípulos de Xesús Cristo.

Finalmente, quero dicirvos que é
erto que barallei seriamente a posibili-

dade de irme uns anos a traballar nun
país sudamericano, entre os pobres; pero
os amigos fóronme insistindo tanto no
que temos que facer nestes momentos en
Galicia os que andamos na procura
dunha nova Igrexa verdadeiramente
galega, comprometida coa realidade do

seu pobo, que xa case desistín daquela
idea; aínda que sigo disposto e quero ser
dócil ó camiño do Espírito, que fala pola
xente, por vós, e sobre todo polos máis
pobres.

Victorino Pérez Prieto

Sobre a páxina de Tori

Benqueridos amigos e amigas de Iri-
ia:

Teño diante de min a páxina de
"Solidade" da revista nº 440 titulada
"Aíase o noso Tori".

Non sei quen foi o autor, pero pare-
ceume de tan mal gusto (por non utilizar
outros adxectivos) que non podo deixar
ísa-la ocasión sen expresarllelo ós máis
rectamente responsables da súa publi-
cación.

O meu desgusto (confirmado polo
ntir e a opinión de varias persoas e
comunidades cristiás coas que casual-
mente a comentamos) ten varios motivos:

O titular é ambigüo e ata adulterador
da realidade: Case que parece da-la
sensación de que se busca crea-la
imaxe do Tori "perseguido". Tori non
se vai; só marcha uns meses para
Madrid, a participar no Ano de For-
mación que a Asociación do Prado
aconsella realizar ós curas que a ela
pertencen.

A súa marcha, temporal xa que logo,
non é obrigada (nin polo tanto dictada

por ninguén, como parecería querer
indica-la ilustración da dereita); a súa
marcha foi demandada simplemente
por el mesmo e concedida a quen per-
tence conceder na actual estrutura
eclesial.

Fronte a uns medios de comunicación
xeralmente tan adictos á manipula-
ción informativa, Irimia deberá desta-
car, paréceme, por ser unhaz voz ben
apegada á verdade.

"A verdade faravos libres", di Xesús
no Evanxeo de San Xoán (8,32) e
Paulo recórdanos que o amor "sempre
se alegra coa verdade" (1 Cor 13,6).

A fidelidade á verdade (con tódolos
problemas epistemolóxicos e sociais
que entraña) vólvese así un bo termó-
metro do amor co que andamos a
face-las cousas.

2.- De novo aparecen os "bos" e os
"malos" da película, nun esquema
maniqueísta que necesitamos tanto ir
superando todos: os "bos" (¿eu-nós-os
de Irimia?), con Tori coma estandarte
e a Biblia á cabeza, e os "malos", con

Lefèbvre e Gea representándoos... Nin
nós somos tan "bos" (as cousas irían
seguramente doutro xeito se así fose),
nin eles, se cadra, son tan ruíns (ou
alomenos non somos nós quen para
facer ese xuízo).

Páxinas coma esta crean conflito
innecesario nunha Igrexa xa ben chea
de conflitos reais e de non doada solu-
ción. Non levan máis que a xerar receos
e a alonxar de Irimia ós sectores máis
críticos e desconfiados co noso xeito de
entende-la fe e vivila. A alonxarnos uns
dos outros. E este non parece se-lo
dinamismo do amor, que no canto de
distanciar e dividir, tende a acoller e a
unir (sen evitar por iso o conflito,
claro).

Páxinas coma esta en nada axudan a
ir creando irmandade na Igrexa; en nada
axudan á maduración dunha estrutura
eclesial máis comunitaria.

Unha aperta e gracias por ese cachi-
ño de Igrexa que chamamos Irimia.

Tereisa Ledo
Romariz-Abadín-Lugo.

Aclarando a marcha de Victorino

A Tori, a quen queremos moito e
ben, quixémolo despedir -ata logo- con
humor. Por iso botamos man dun par
de chistes improvisados e dunha figura
-mons. Lefèbvre- que, por patética,
resulta simpática, sen ánimo de ofen-
der a ninguén.

Seguro que o chiste era malo. A súa
misa está na expresión do fotografado e
no contraste entre a Igrexa que soña un e
a que soña o outro. Citamos un bispo.
¿A cal dos dous soños se achega máis?

Coa Irimia de agora hai o proble-
ma de que é un produto confesante,
pero leigo, feita por leigos. Por iso ás
veces movémonos con claves humorís-
ticas e desmitificadoras. Fuximos moi
a propósito de calquera dramatismo.
Non consideramos que o dramatismo e
o transcendentalismo sexa mellor vehí-
culo da verdade e do amor, có humor
e, mesmo, a ironía.

Por iso, ás veces, non calculamos
abondo os equilibrios e sutilezas nece-

sarias e habituais para falar dos con-
flictos e desencontros que hai na Igre-
xa.

Que perdoen os ofendidos e ofen-
didas pola nosa secular brutalidade.
Recoñecemos que neste caso non
demos acertado, pero o noso erro -con-
fesado-, non nos parece merecente
dunha innecesaria dramatización. Así o
ve o mesmo Victorino.

A Redacción.

Fondo Monetario Internacional

¿A eficacia cruel do mercado?

Hai poucas razóns para alegrarse de que a comunidade internacional conmemore o 50 aniversario do Acordo Bretton Woods [USA, xullo de 1944], que levou á fundación do Fondo Monetario Internacional (FMI), o Banco Mundial (BM) e o GATT (Acordo Mundial sobre Aranceis e Comercio). Os programas de Axuste Estructural impostos polas institucións de Bretton Woods provocaron tanto a fame coma un brutal empobrecemento do Mundo en vías de Desenvolvemento, contribuíndo a 'terceirización' dos países do antigo bloque lo Leste...

Os programas de A.E. contribuíron á desestabilización das economías nacionais, á ruína do medioambiente e á destrución da sociedade civil... Son tamén os responsables da distorsión das razóns fondas da crise económica, así como a falsificación dos valores sociais e económicos...

A súa actuación contribuíu ó desmantelamento dos programas de saúde e educación. O seu apoio a proxectos hidroeléctricos e agroindustriais a gran escala, aceleraron os procesos de deforestación e a destrución do medioambiente natural, conducindo ó desplazamento e a expulsión forzosa de varios millóns de persoas...

[Se "como mostra val un botón", ahí vai un]:

O recente brote da epidemia de peste bubónica e neumónica na India é consecuencia directa do empeoramento da infraestrutura sanitaria e da saúde pública que acompañou á redución dos presupostos nacionais, co Programa de Axuste estrutural de 1991, respaldado polo FMI e o BM".

(ECO, publicación do Foro alternativo, 1 de outubro de 1994).

Como sabedes os lectores de **Imia**, veño de chegar para pasar un ano na capital, entre a marabunta e o tráfico desta cidade da que din "de Madrid ó ceo"; un mundo plural no que se pode atopar un escaparate de case todo o que existe na nosa sociedade para ben e para mal, o mundo máis laico e tamén a realidade relixiosa, o mundo da intelectualidade e a "cultura", a realidade cotián da rúa e a realidade marxinal ata os niveis máis baixos dos que da de si o noso Primeiro Mundo.

Dous foros de debate

No mesmo fin de semana puiden participar en dous foros ben diferentes: O sábado primeiro día de outubro no **Foro do Feito Relixioso**, no que un

teólogo galego como Torres Queiruga, e outros tan coñecidos como Gómez Caffarena, Estrada, Mardones ou González Ruíz, confrontaban en diálogo aberto a súa concepción do mal e de Deus, con filósofos non crentes ou agnósticos como Javier Muguerza, Ignacio Sotelo ou Santesmases. E na tarde do domingo día 2 na mesa redonda que o **Foro Alternativo: "As outras voces do planeta"** organizou entre dous representantes do Fondo Monetario Internacional (FMI) e do Banco Mundial (BM) e dous representantes do Foro Alternativo. O Foro Alternativo organizou tamén este fin de semana o "Tribunal dos pobos", para enxuiar o labor do FMI e o BM.

Un foro verdadeiramente "alternativo" co 0,7 como emblema

O "Foro Alternativo" agrupa a xente que quere presentar unha proposta diferente a que o chamado "grupo dos sete" (G-7, as sete grandes potencias mundiais), que se reuniron estes días en Madrid para celebrar os 50 anos da fundación do FMI, xunto con numerosos representantes doutros países. A maior parte da xente que organiza o "Foro Alternativo" pertencen ás Organizacións Non Gubernamentais (ONG) que traballan na defensa dos dereitos e a promoción do Terceiro Mundo. O seu slogan máis repetido con ocasión do 50 aniversario do FMI, foi estes

días: "50 anos abundan". Ese mesmo domingo día 2, este foro xuntou a máis de 10.000 persoas nunha manifestación para denunciar a responsabilidade das políticas do Banco Mundial e o FMI na pobreza global do mundo e a destrución do medioambiente; e ó longo da semana, unha das organizacións, a Plataforma polo 0,7% chegou a xuntar preto de 300 tendas de campaña no Paseo da Castellana, fronte ó Ministerio de Economía, para reivindicar o envío desa porcentaxe dos Presupostos do Estado para axuda gratuita ós países do Terceiro Mundo; así mesmo, o sábado pola mañá fixeran unha longa cadea humana de máis de 2.000 persoas desde ese




"Nós cremos na realidade das persoas que morren de fame e enfermidades".

"Campamento de solidariedade: ata o Congreso dos Deputados. Como é coñecido, o Goberno so se comprometeu a destinar a estes fines o 0,3% dos Presupostos do próximo ano. Entre os líderes da Plataforma do 0,7% destacan o xesuíta Javier Repullés e o teólogo de orixe galego Xulio Lois, ademais dalgún inxeñeiro, catedrático de economía, etc. Todos son conscientes do signo de solidariedade que representaría o trunfo desa loita, nos pobos de España e respecto dos outros dous países de Europa, que tampouco chegan a esa porcentaxe.

A desfachatez dos ricos e a verdade dos pobres

Na aludida mesa redonda, sentáranse a dialogar un exipcio e un rioxano polo FMI-BM, a carón dun pacifista belga e unha muller indú ecoloxista, cadaquén cunha boa formación universitaria, moderados polo coñecido personaxe da TV José Luis Balbín. Non era difícil supoñer de que lado estabamos a meirande parte dos que enchimos a rebordar o amplo local no que foi o acto. Con razón o español que pertencía ó FMI (H. Puentes) dixo ó comezo da súa primeira exposición que se sentía coma os do Milán cando veñen xogar ó Bernabeu, e Balbín insistiu en máis dunha ocasión que non se esquecera que estes eran os invitados. Non houbo problemas.

A postura da indú (B. Shiva) e o belga (P. Galán), foi clara e contundente: As institucións monetarias mundiais crearon a desestabilización dos países pobres. "Cando todo o poder converxe nuns poucos, so pode levar á corrupción e o colapso mundial", dixo B. Shiva, apoiándose en numero-



sos datos sobre todo da realidade do seu país, a India; "nos cremos na realidade das persoas concretas que morren de fame e enfermidades", dixo tamén denunciando a análise da realidade e o discurso triunfal feito desde as estruturas de poder mundial. O que quería contrastar esta indú graduada en Ciencias Físicas era o discurso sobre a recuperación e o crecemento da economía que fixeron os representantes do FMI e o BM, que se reafirmaban na idea de que ambas institucións buscan a solución dos problemas mundiais, sobre todo dos países máis pobres, e que foran conseguindo que

remitira a pobreza no mundo nos últimos anos; claro que o exipcio (I. Seragerdin) recoñecía o que chamou "a eficacia cruel do mercado", que desertiza grandes zonas do planeta e foi incapaz de sacar da pobreza extrema a gran parte da poboación mundial.

Fronte a esta postura, tamén o belga solidario denunciaba ó FMI-BM como os responsables do incremento da pobreza no mundo, froito do predominio da

macroeconomía e a insolidariedade dos países ricos, fronte a realidade dos pobres. "Nós, os ricos, temos que dicirvos a vós, os pobres o que tedes que facer", o paradigma do discurso occidental; co que ademais da cuestión económica, P. Galán denunciaba a necesidade do respecto á pluralidade de culturas cos seus diferentes ritmos de crecemento; "As propostas dos países ricos ós países pobres veñen ser como si se puxeran a boxear no un neno contra Cassius Clay".

A confrontación dos discursos era evidente. Pero, mentres os enviados dos organismos oficiais viñan traer a "voz do seu amo" -o que paga por lavarlle a cara-, os que representaban as posturas da ONG's manifestaban a postura dos pobres, que non teñen forza, pero si moita máis razón.

Polos xornais saberedes que nin o estado español nin os demais poderosos do Primeiro Mundo lles fixeron moito caso; pero as tendas do "Campamento de Solidariedade", seguen presentes no Paseo da Castellana, e manifestaron que por tempo indefinido. Saben que outros moitos estamos con eles, naqueles tres centos de tendas está un símbolo tan forte como as dos israelitas na súa longa marcha polo deserto, de camiño á Terra Prometida.

Victorino Pérez Prieto



PAULINO

*Non temos nas nosas mans
as solucións para os problemas do mundo,
pero nas nosas mans os problemas do mundo.*

*Cando o Deus da historia veña,
mirará as nosas mans*" (M. Menapace, *La sal de la tara*)

Morreu Paulino, un amigo e un compañeiro de camiño no compromiso polo Reino de Deus. A triste nova recibímolos xusto ó remate da Celebración Eucuménica no "X Foro Relixión e Cultura en Galicia", que tivemos en Santiago os días 24 e 25 de Novembro.

Para moitos lectores de IRIMIA, esto non significa máis que unha noticia triste, como a doutras mortes que acontecen cada día; os xornais están cheos de notas necrolóxicas, pero os seus nomes só afectan ó pequeno círculo dos familiares e amigos.

Sen embargo, Paulino, non era alleo a IRIMIA e a moita xente da gran familia de irimegos. Os que veñen lendo a revista desde hai anos, lembrarán o seu nome —que cun estraño enxebrismo aparecía, ás veces, como *Paulino*—: era o asiduo colaborador da sección de SAÚDE, na primeira xeira da revista no formato grande. Foi un verdadeiro "merlo branco" que un gran amigo del, Xaquín Campo Freire, nos axudara a descubrir. Paulino era moito máis que un médico preocupado pola saúde pública, era un militante das causas populares e un cristián galego comprometido ata o máis fondo do seu ser.

Un *militante* é o que descobre a historia e atopa nela o seu lugar para colaborar con outros en que esta camiñe cara adiante, a fin de que, cando lle toque a hora de irse, poder deixar as cousas algo mellor do que as atopou cando chegou.

Paulino era un militante cristián, porque a súa fe en Xesús Cristo liberador era o motor do seu compromiso cos pobres en tódalas caras da opresión. Galego e comprometido con esta Terra no seu eido profesional da sanidade, e tamén no campo sindical e político, Paulino non era un "provinciano", o seu corazón, tan grande coma o seu corpachón, non collía nin sequera no mundo grande de Galicia. Por iso, o seu compromiso cos pobres levouno a diversos países de América Latina e África. Cando lle deu o infarto acababa de chegar de Chiapas, a capital do México zapatista. El sabía moi ben, coma tantos outros, que ser galeguista é ser radicalmente universal á vez que radicalmente concreto, e, por iso, o seu compromiso co pobo galego levouno tamén a comprometerse con tódolos pobos oprimidos.

Deus estará a ollar con particular amor as mans de Paulino, grandes coma o seu espírito, unhas mans cheas de vida xenerosamente regalada. Aquelas mans que, como lembraba Xaquín nunha eucaristía que tivemos en Santa Mariña do Ferrol, destacaban sobranceira e anonimamente protagonistas, en tantas manifestacións nesta cidade obreira a finais dos anos 70 e no comezo dos 80. Naquela cidade, as mulleres da limpeza do Hospital no que traballou, foron as que máis choraron a partida de Paulino, para honra do noso amigo.

Pero, logo, foi Lugo a que puido gozar da presenza e o traballo deste incansable loitador. E tamén os veciños das parroquias de Lagoa, Ubeda Cadavedo e Loboso —na Pastoriza de "trás da Corda"— en máis dunha memorable sesión das Xornadas de Formación Popular, onde participou xenerosamente. Xunto con Madrid, nos Congresos de Teoloxía, e... tantos outros lugares.

Graciñas Paulino, ti e a túa semente de utopía e esperanza, xenerosamente botadas, non morredes endexamais, pois a mañá colleute sementando e o Pai pilloute coa lámpada ben acesa.



No enterro de Paulino (26 de novembro de 1995)

Bernardo García Cendán


Xa non sabemos onde van os nosos nomes
que ti gardabas na quentura do teu espírito...

Máis aló do teu mar de Pontedeume,
máis aló das luguesas pedras milenarias,
máis aló dos mares de África e dos bosques de Chiapas...
sempre máis aló como ti soñabas.

Xa voas no alén, Paulino amigo,
e contigo levaches as palabras
que cada día enchías de evanxeo e esperanza.

Aquí quedounos o seu eco a resoar,
un eco que se fai bágoas nos ollos
e paz nos corazóns que sempre esperan
unha pomba de luz no amencer,
un acaneo amoroso no colo dese Deus
que para ti foi loita e ledicia
na luz sempre leda dos teus ollos.

Lévalle contigo os nosos nomes
gardados na quentura do teu espírito
que, den tanto medrar,
xa non puido acougar no seo do teu corpo grande.



Por Victorino Pérez Prieto

IRIMIA recibiu o "Premio Crítica"

Imos facendo memoria

Recobrando o ser galego que esquecemos

Imos sementando patria

Man con man enxertándoa entre os veciños

Imos facendo outra historia

A favor dos rebaixados e oprimidos

Un premio que agradecemos pero que chega un chisco tarde

Estas palabras, que estiveron durante algúns anos na cabeceira da nosa revista coma unha definición do noso proxecto, resoaron o pasado 11 de maio no hotel Samil de Vigo, na noite dos Premios da Crítica, cando dixen unhas breves palabras ante o nutrido grupo de asistentes, tras recibir -no nome de tódolos que formamos a gran familia de IRIMIA-, a estatuiña de Martín Codax, que nos acreditaba a concesión do Premio da Crítica 1996 no apartado de Iniciativas Culturais.

Recibimos o premio, segundo a Acta do Xurado, «pola especial incidencia que IRIMIA ten en Galicia, como movemento e iniciativa cultural con diversas actividades e publicacións, a prol da galeguización no terreo da lingua e a cultura no ámbito da Igrexa». Formaron este xurado: Francisco Fernández del Riego (coñecido ensaísta, académico da Real Academia Galega, director da Biblioteca Penzol, etc.), Francisco Campos (xornalista, director da Compañía RTVG), Felipe Arias (arqueólogo e escritor) e Xoán Fonseca.

Agradecemos o premio recibido da Fundación Premios da Crítica Galicia

-antes o benemérito «Círculo Ourensán Vigués»-, sobre todo polo que supón de valoración pública de todo o traballo que vimos facendo ardua, constante e gratuitamente desde hai un bo feixe de anos. Pero coido que naquela liturxia cultural, con tanta carga institucional, estas palabras soaran algo estrañas e «trasnoitadas», coma se foran fillas dun espírito batallador doutros tempos xa idos.

Por outra banda, aínda que «máis vale tarde que nunca», é certo que este premio xa tiña que chegar antes. E así tería acontecido a non ser polas manipulacións caciquís de membros do

números, unha cousa ben inusual

nas publicacións galegas. Un camiño sementado de dificultades, pero tamén de moita vida e moita riqueza.

Alguén, desde outra publicación, definiu a nosa revista nos seus comezos con estas verbas ben fermosas: «É coma un regato que quere reverdecer o reseco... Unha voz agarimosa que invita a quererlle á terra e á xente, feita desde abaixo, para axudar a ser galego e a ser crente». Non é unha mala definición: unha revista *galega, popular e crente*.

Unha revista que foi evolucionando nestes anos, medrando en formato e páxinas, e pasando de semanario a revista quincenal; tamén foi evolucionando no seu enfoque, segundo a distinta xente que a foi facendo, pero sen esquecer as súas raíces galeguistas e cristiás.

Hai xa uns aniños, con ocasión do nº 100 da revista, escribiamos un ideario, as nosas *teimas*, en media ducia de puntos: 1. Poñerse sempre *do lado dos débiles*. 2. Ofrecer

coñecementos. 3. Ter en conta a *política*. 4. Falar de *Xesús Cristo e a súa mensaxe de liberación* no Evanxeo. 5. Falar e escribir *en galego*. 6. *Vivir con humor*.

Tamén podía ser ocasión de lembrar a xente que fomos facendo a revista ó longo dos anos. A primeira etapa foron 12 anos nos que tiveron a sorte de coordinar un feixe de boas plumas que pasaron pola redacción: Pepe Chao, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Manuel Carballo, Agustín



xurado nalgunha ocasión anterior. Xa se sabe que «na casa do pobre cando non barruza chove», e, afortunadamente, sempre fomos pobres; ou sexa, nós nunca tivemos poder... ou mellor dito, nunca tivemos *certo tipo de poder*.

Unha revista e unha Asociación cun longo camiño

Aquela noite lembrei tamén diante dos participantes no acto, que xa imos cara ós 15 anos ininterrompidos de publicación da revista, pronto os 500

Fernández Paz, Lois Ferradás, Marta Sopena, Xosé Lois Vilar, Daniel López Muñoz, Tareixa Ledo...E outras plumas egrexias que discorreron ocasionalmente polas súas páxinas: Paco Martín, Francisco Carballo, Miguel Suárez Abel, os bispos Miguel Anxo Araújo e Xosé Gómez, Manuel Espiña, Eladio Vega, Martiño Montero, Madó Domínguez, Xoan López Facal, Xabier Docampo, Benxamín Casal, Sara Quiñones... A redacción dos últimos anos pode lerse na mancheta da revista, a que hai que sumar ocasionalmente columnas como as de Manolo Rivas, Suso de Toro, Manuel María...

Tanto traballo e os máis de 100.000 exemplares espallados pola xeografía galega nestes 15 anos non poden deixar de dar algún froito.

Pero aquela noite lembrei tamén a outra revista irmá, *Encrucillada*, mencionada na Acta do premio, e outros labores da Asociación Irimia, como é a colección de folletos *Angueira* e, particularmente, as *Romaxes*. Realidades ben pouco coñecidas para moitos dos asistentes, pero que non deixaron de recibir o seu aplauso cando rematei de falar rapidamente delas e do noso proxecto.

Un punto de encontro entre galeguismo e cristianismo

Certamente, hoxe, coma onte, IRIMIA representa un punto de encontro entre o cristianismo e o galeguismo-nacionalismo, entre a relixión e o compromiso cultural e político co país. A súa nidia e constante definición galeguista

permitiu un encontro moitos anos conflictivos, pero que poida que hoxe estea nun momento privilexiado de encontro na construción dun proxecto compartido para Galicia, unha Galicia de seu, unha Galicia liberada. As manifestacións feitas desde as páxinas de *A Nosa Terra*, e o eco acadado polo meu libro *Galegos e cristiáns* coido que dan fe disto. Pero queda un longo camiño por percorrer.

IRIMIA defende a personalidade nacional de Galicia e os seus dereitos. Pero, ó mesmo tempo, séntese Igrexa galega; unha Igrexa que quere saír dos camiños trillados, romper ataduras clericais e ser máis fiel ó proxecto de Xesús de Nazaré, no compromiso coas clases populares.

CARTAS

Quique, o anónimo lugués


Lugo, 20.V.96

Hai algo máis dun ano da miña primeira e única carta. Agora que pasou o tempo e o pequeno grupo de «cristiáns de diferentes sexualidades» acabou logado pola súa propia razón de ser e seguimos co costume de ter que celebrar un «Día de...» para ter que denunciar algo (co aspecto negativo que supón ter que encontrar unha protesta nun día determinado, e cambiar de denuncia para outros moitos días do ano...), vai chegando o momento de volver a asomala cabeza.

Aínda non rematei de «saír do armario», pero xa estou intentando forza-la pechadura.

Levei unha alegría ó ver a miña carta no Irimia; agardo que servise de referencia para alguén, non polo que conta, senón polo traballo que me custou escribila. Por aquí seguiremos, non por dar a «paliza», senón por pinchar un pouquiño.

Hai moita xente que considera que cos pequenos éxitos que se conseguiron a nivel de aceptación, xa chegaría para



que empecemos a portarnos coma xente «normal», pero non pode ser, no... eu son homosexual, gai, mariquita, maricón... como sexa que queiran chamarnos, e non me poden pedir que sexa normal, porque hoxe en día o normal é ser heterosexual, e todo este hipócrita mundo está feito para iso.

Non quero que ninguén diga que me respecta (alguén por aí, na vosa mesa de redacción, rírase moito con esta palabra, e de seguro que se expresaría mellor ca min). Non preciso do «respecto perdoavidas» de ninguén. Non quero

miradas compasivas nin xestos de apoio solidario nin que os meus amigos pretendan entender e comprender as miñas reaccións e sentimentos. Eu ás veces non entendo por que un rapaz sae cunha rapaza, pero se vexo que se queren xa me chega de «entendedeiras». Nin ten que suceder algo especial: algún debate, unha noticia, un suceso, unhas declaracións, para que me poña a escribir sen máis. Iso ocorreu a primeira vez, pero agora penso que calquera momento é bo para lanzar a pelota ó aire, e que a recolla quen queira.

Sigo pensando en que chegará o día en que ó atopar o meu mozo pola rúa lle dea un par de bicos sen máis.

Volvo a confiar en que haxa alguén que lea esta carta entre liñas e que se vexa animado ou animada a escribir tamén. Ás veces, escribir axuda a liberar toda esa carraxe que levamos dentro.

Aviso: como publicades esta carta, penso seguir dando a tabarra, aínda que se non a publicades, tamén vou seguir.

Unha aperta: Quique (o anónimo lugués).

Urca

Unha experiencia galega orixinal



«Urca» Non son unhas siglas máis para sumar a esa sopa de letras coas que nos atafegan os xornais; é tan só o nome dunha embarcación de orixe alta. Urca quere ser unha nave que leve ós crentes polo camiño da «expresión, solidariedade e encontro» -verbas coas que se autodefinen-, en Galicia, traspasando as fronteiras dos grupos, movementos e parroquias, para buscar novas formas de sentir, vivir e expresar-l a fe. Pretenden crear un espacio de encontro, comunicación e festa, no que se recoñeza -coas súas propias verbas-, «que a Igrexa se constrúe na medida en que todas e todos imos facendo camiño desde as nosas realidades cotiás, tomando a palabra, compartindo...»

Expresión, solidariedade, encontro

Expresión, para entrar en contacto e potenciarlas capacidades de creación artística que xorden da fe, por medio das linguaxes plásticas, musicais e

dramáticas. *Solidariedade*, para recoñecer liñas de compromiso cos desfavorecidos e esquecidos, da man dos que traducen esforzos en proxectos de axuda real. *Encontro*, porque queren ser máis intercambio e intercomunicación que exposición; un traballo no que todos son protagonistas, todos mestres e alumnos a un tempo.

Non son ideas novas, pero si necesarias, e que precisan ser constantemente reactualizadas; e, sobre todo, facelas operativas tanto por parte dos crentes coma dos non crentes. Somos «homo/mulier faber», pero tamén «homo/mulier ludens» e «homo/mulier celebrans»; sen a festa ata a mesma praxe liberadora resulta alienante e escravizante. «Só quen é capaz de alegrarse pode sentir dor polo seu sufrimento e o dos demais», di o teólogo J. Moltmann. O cristianismo predica que celebra a súa fe cada domingo, e noutras numerosas datas festivas, cunha «festa de acción de gracias» (=eucaristía); mesmo o ano cristián vén marcado polas distintas festas de Nadal a Pascua. Pero Nietzsche -tan reivindicado polas novas correntes de pensamento-, criticaba particularmente o cristianismo dun xeito especial pola súa falla de espírito festivo; o seu razoamento era inexorable: a vida é festa, o cristianismo é inimigo das festas, logo, o cristianismo é inimigo da vida. «Danme pena eses sacerdotes... -di en Así falou Zaratustra- Aparecen coma prisioneiros e estigmatizados. Aquel que chaman o seu redentor atounos con cadeas... ¡Non saben amar a Deus senón crucificando ó home! Deberían cantar mellores cancións se queren que eu aprenda a crer no seu redentor». Non lle faltaba razón. Por algo a mocidade actual, tan festeira ela, foxe das igrexas porque se aburre nelas.

Experiencias semellantes

A experiencia de Urca, aínda ben pouco coñecida en Galicia despois de catro anos de andaina, mesmo nos sectores de Igrexa, ten a súa orixe noutras semellantes espalladas pola xeografía ibérica. Sobre todo o «Multifestival David», que recibe o nome daquel rei xudeu que danzou medio espido ante a sagrada arca da alianza e a quen se lle atribúen moitos dos salmos, que cantaba ó son da súa harpa. O catalán Proxecto David organiza este festival desde hai máis de dez anos; un encontro de catro días que vén sendo unha mestura de congreso de teoloxía, escola de catequistas, convivencia de mocidade, taller de oración e celebración, e festival de rock cristián. Na edición deste verán, xuntáronse nun mosteiro de Lleida máis de 3.000 persoas. Con menos concorrencia celébranse experiencias semellantes en Euzkadi (KRISART) e Andalucía (VIVAR).

Polos seminarios, mesas redondas, obradoiros, celebracións, concertos e exposicións de Urca teñen pasado persoeiros coñecidos coma os teólogos Andrés Torres Queiruga e Manolo Regal, Pilar Wirtz, o mago e humorista Xosé Manuel Carballo, o mimo e pintor Siro López, e grupos de música cristiá como «Kairoi», «Zeroalaizquierda», «Brotos de Olivo»... Este ano tiveron a ocasión de participar eu, xunto coa teóloga feminista Margarita Pintos e outros. Por outra banda, aínda que a participación da xente de fóra do país é enriquecedora e conflictiva a un tempo, non impide a identidade galega e en galego que os organizadores queren manifestar en todo momento, desde os folletos ás presentacións.

Victorino Pérez Prieto

A propósito de Fidel e Xoán Paulo

Mentres o presidente Aznar cambiaba a gravata co comandante Castro, e lle di que nin el nin o goberno español que preside «moven ficha», se o presidente cubano non a move antes, o papa Xoán Paulo, distanciándose da política USA e condenando o bloqueio da illa, recibe por vez primeira ó presidente Fidel, con gran cordialidade mutua, ata chegar a un acordo (¿...?) de cooperación para que Cuba poida superar ese bloqueio e a Igrexa católica poida actuar con toda liberdade na illa caribeña, incluída a visita do Papa para o ano 1997.

¿Persecución da Igrexa en Cuba?

Algúns mentes pacatas coidaron entón que chegara, ¡por fin!, o intre da conversión dun «comecuras», frustrador da Igrexa nun réxime ateo; algo así coma o momento «conversión de Rusia» no Caribe, caído o comunismo.

En troques, o réxime castrista, «comunista e ateo», sen ser favorecedor da relixión, non perseguíu a Igrexa, nin a mínima parte do que o fixeron outros réximes «católicos» de Latinoamérica, coma o de El Salvador, país no que circulaban panfletos entre os grupos «católicos» fascistas paramilitares, nos que se podía ler a frase: «Sea patriota, mate un cura». Naquel pequeno país centroamericano, no que o sangue dos pobres correu a régoa co réxime sanguinario do xeneral Humberto Romero e logo co presidente democristiano Napoleón

Duarte, non só torturaron e mataron catequistas e curas, nas rúas e nos cárceres do Estado, senón que ata chegaron a matar un bispo, o bispo mártir San Óscar Romero (24 Marzo 1980), xa canonizado polo pobo, aínda que o Vaticano recree de facelo.

Pero o caso do Salvador non foi un caso illado, este novo modelo de persecución da xente de Igrexa, por parte de individuos e réximes «máis

podía vivir para si, senón que debía facelo para os outros, sobre todo para a causa dos máis pobres e indefensos, os poderosos comprenderon moi ben aquilo que dixeran o Che Guevara: «Cando os cristiáns ousen dar un testemuño revolucionario integral, a revolución latinoamericana será invencible». Desgraciadamente, non foi invencible nin sequera a «revolución bonita» de Nicaragua, que acadou a victoria contra os caciques e na que uns curas chegaron a ministros.

No encontro vaticano do 19 de Novembro, Fidel recordaba ante a prensa internacional que a revolución cubana «non tivo endexamais un espírito antirreligioso, ningún sacerdote foi ferido na súa integridade física, nin humillado, e ningún templo foi pechado». Se ben é certo que a presenza de curas e monxas minguou nestes anos na illa e os que se declaraban cristiáns foron marxidados dos cargos públicos.



católicos que o papa», foi desgraciadamente habitual en tódalas ditaduras e pseudodemocracias no andazo que padeceu a sufrida Latinoamérica entre os anos 60-80: Honduras, Guatemala, Bolivia, Chile, Brasil, Uruguai... «Nesta situación conflictiva e antagónica, na que uns poucos controlan o poder económico e político, a Igrexa púxose do lado dos pobres e asumiu a súa defensa», explicou Monseñor Romero na cidade belga de Lovaina, cando recibiu o Doutoramento Honoris Causa, pola súa prestixiosa Universidade Católica. Cando unha parte da Igrexa entendeu que non

Unha Igrexa de presenza, máis que de mediación

Non, na Cuba de Castro non se matou curas. A pesar de que a revolución topou cun catolicismo moi conservador e unha xerarquía recalcitrante verbo da revolución, que non miraba con bos ollos a admiración que a vía cubana cara a unha nova sociedade suscitaba en cristiáns ilustres de Latinoamérica (o bispo Casaldáliga, o cura e poeta nicaraguano Ernesto Cardenal, o brasileiro Frei Betto...) e de Europa (teólogos prestixiosos como Giulio Girardi...). Ata un cura galego,

Celso Montero, escribiu un ilusionado libro sobre o cristianismo en Cuba á súa volta da illa caribeña.

A valoración positiva estaba feita desde os parámetros da Teoloxía da Liberación, e a xerarquía eclesiástica cubana, como a vaticana, non estaba polo labor. Cunha mentalidade máis ben conservadora, a Igrexa cubana -á parte de moitos grupos cristiáns de base-, foi unha Igrexa máis de *presencia* que de *mediación*; unha Igrexa que buscaba máis facerse ver como institución, que ser mediación do Reino de Deus, que é xustiza e liberación para os oprimidos. Xustamente isto último era o que buscaban moitos cristiáns cubanos, que recibiron palabras de alento de Fidel Castro en máis dunha ocasión.

A ollada dun teólogo sobre o cristianismo cubano na Revolución

O gran teólogo protestante norteamericano Harvey Cox, comezaba o Prefacio do libro *Cuba: La religión en la Revolución* (1974), dicindo: «Este é un libro sobre a liberación. Relata como se liberou o pobo cubano do xugo colonial, e conta como se están liberando os cristiáns de Cuba das pautas opresivas da época anterior». Recoñecendo logo que o bloque que mantiña o seu país sobre a illa caribeña, «tennos bloqueado tamén a nós manténdonos na ignorancia».

A comezos dos 70, este prestixioso teólogo recoñecía, como a nova visión relixiosa do cristianismo cubano de base, manifestaba «as desastrosas consecuencias produci-

das por longos anos de imperialismo político, económico e relixioso norteamericano». Máis aínda, chegaba a dicir en valente autoconfesión: «Na edición do século vinte da historia do Éxodo, os norteamericanos aparecemos coma os exipcios, que desafiamos ó Deus da xustiza, porfiando en aniquilar os movementos de liberación humana alí onde xorden».

Non é de estrañar que para este teólogo, fillo rebelde do país impe-

irrefreable; a forza do puño pechado contra a inxustiza, cun amor quente e acolledor». No cristianismo cubano vía o autor un símbolo desta aposta: «*Cuba libre* non é só un cóctel, é un signo de que a nosa propia liberación non ten por que escaparnos eternamente».

El mesmo recoñece que quizais estea idealizando, «pero só un pouco». Desgraciadamente, os últimos anos 80, e sobre todo o que levamos dos 90, foron quitándolle

forza a este optimista prognóstico. Con todo, o cristianismo latinoamericano segue a se-lo máis innovador do século XX, e a súa teoloxía a máis atractiva, mesmo nos círculos europeos, tan distantes na súa realidade social. A pesar dunha xerarquía conservadora que segue a fustrigala Teoloxía da Liberación, fiel ás consignas vaticanas, non hai máis que darse un paseo polas comunidades cristiás latinoamericanas, para ver como, ademais do catolicismo conservador e as sectas que proliferaron nos últimos anos; hai un cristianismo

vivo, evanxélico, creativo e comprometido coa realidade dos oprimidos, fiel á máis xenuína tradición bíblica. Constateino persoalmente hai só dous anos no Ecuador.

Certamente, as cousas en Cuba non foron igual nos últimos anos que naqueles ilusionados setenta e comezos dos oitenta, notándose o cansazo e a decadencia dun réxime, afogado polas presións externas dun bloque inxusto e asasino e os erros internos dun réxime demasiado personalizado.

Victorino Pérez Prieto



rialista por excelencia neste século XX, o proceso máis trascendental no cristianismo contemporáneo non teña lugar nin no Vaticano, nin sequera nos círculos progresistas da teoloxía ou no debate ecuménico, senón en Latinoamérica; aínda que sexa un proceso que semelle ter pouco que ver coas igrexas acomodadas de Europa e Norteamérica. Naquel memorable Prólogo, Harvey Cox semella combinar unha auténtica fe relixiosa cunha rexa confianza no poder do pobo para transformalo seu mundo; o compromiso político da esquerda cunha alegría

“Coa forza de Xesús resucitado. Imos...”

“... facendo memoria. Recobrando o ser galego. Imos sementando patria. Man con man inxertándoa... Imos facendo outra historia. A favor dos rebaixados e oprimidos”. As verbas do vello acróstico de IRIMIA resóame agora con forza; fixerámolo con ilusión a mesa de redacción que convertera a pequena revista con aspecto de folia parroquial nunha publicación con algo máis de consistencia periodística. Algún lector queixouse cando as quitamos da primeira, e quizá que non lle faltara razón, pois eran unha magnífica carta de presentación do noso proxecto.

“Imos facendo memoria”... A maioría non daba un peso por nós naqueles febles e azarosos comezos, nos que a mesa de redacción se reducía en moitas ocasións a Pepe Chao e mais eu, no amplo salón da súa casa patrucial en Vilalba, mentres Sara preparaba a tortilla para a cea. Escoitabamos unha e outra vez a mesma cantinela: “¡Semanal. Estadese os!” “Non chegades ó número 5”. E... chegamos con ilusión ó primeiro aniversario co nº 52, sen deixar unha semana de saír; aquel era “o vagalume que resistiu”, como contaba Xosé Manuel Carballo. A portada esvaída, que reproducía malamente unha foto ambiciosa que fixera un fotógrafo da Pastoriza, manifestaba o cativos que eran os nosos medios de impresión, ó pe da ilusión dunha mesa algo máis estable, con Xosé Antón Miguélez e Manolo Regal. Co número 100 dicíamos co orgullo e modestia a un tempo “Despois de cen semanas... imos indo”; ousadamente enchiamos xa o mapa de Galiza cos nosos subscritores. Ata a portada saíra mellor, por aquilo do debuxo, que era máis doado de

reproducir que a foto. ¡Moito lle había que dar á pluma cada semana! (“Oh tempora, oh mores”...). No nº 200 puxemos a Rosalía na portada, e non nos recatamos en sacar dos seus beizos unha ousada pero sentida frase: “Galiza é máis Galiza con IRIMIA que sen ela”.

A aquela altura xa podíamos dicir



con propiedade que realmente íamos “facendo memoria”, e mesmo que íamos “facendo outra historia”. Con humildade podíamos dicir obxectivamente que xa non éramos só promesa, senón realidade cuantificable. A realidade dunha publicación galega, en galego que chegara a un número ó que moi poucas chegaran na historia das publicacións galegas. Algúns medios de comunicación (xornais, Radio e TV) así o recoñeceran, como temos constancia.

Pero o máis importante non era a permanencia de IRIMIA, senón que esa “outra historia” quería facerse “a favor dos rebaixados e oprimidos”, e “sementando patria” galega, “man con man” con outros cos que camiñabamos nese esforzo. Un esforzo que non quería ser esterilmente prometeico, exclusivamente froito do noso bo facer ou do apoio da xente, senón que recoñecía

contar humildemente “coa forza de Xesús resucitado”. Non só éramos galeguistas, senón que tamén éramos crentes, cristiáns, e mesmo católicos. Non excluíamos a ningún “bo e xeneroso”, crente ou non crente, pero non ocultabámo-la nosa identidade. Sentiámonos lexitimamente Igrexa, unha parte desa gran Igrexa, aínda que viviramos a nosa pertenza nun inevitable conflito; a pesar de que algúns éramos, mesmo, pastores desa Igrexa, con encargo oficial, encargo que procurabamos levar adiante con dignidade e fidelidade.

Agora xa non son cinco, nin cen, senón cincocentos; número só superado nunha publicación en galego por *A Nosa Terra*. Cincocentos números ininterrompidos, cincocentos números de fidelidade á nosa presenza na Igrexa e na sociedade galega. ¿Saberíamos tamén seguir sendo fieis ás vellas formulacións de querer ser unha publicación popular, que non só aposta polos máis desfavorecidos, senón que quere chegar a eles? ¿Saberíamos ser fieis á nosa identidade crente, cristiá e mesmo “católica” (con todo o mal que lles soa a algúns); unha identidade na que apostamos pola transformación evanxélica da Igrexa, pero sentíndonos claramente parte desa Igrexa concreta coa súa vida e a súa morte, coa súa gracia e o su pecado? ¿Saberíamos ir chegando progresivamente a máis xente, sen renunciar ó que coidamos importante?

Velaí o reto. Oxalá, coa forza de Xesús resucitado, poidamos medrar en fidelidade e amor á causa de liberación en Galiza. E que IRIMIA cumpla moitos máis.

Victorino Pérez

Horizonte universal

Dúas Tereixas que estiveron nos medios

Cómpre empezar esta crónica relixiosa dicindo unhas palabras das dúas Tereixas que estiveron as semanas pasadas ocupando moitas páxinas das publicacións relixiosas e dos xornais. Por unha banda, a monxa carmelita francesa **Tareixa de Lisieux**, que vai se-la terceira muller que acade o título de Doutora da Igrexa, despois de Teresa de Avila e Catarina de Siena. Esta santa, da que xa se falou en Irimia (nº 510), entrou moi nova nun mosteiro de rigorosa clausura, e morreu tamén moi nova, pero foi declarada patrona das misións, aínda que nunca saíra do seu país, nin dese mosteiro, o que o que manifesta a atracción desta muller e dos seus breves escritos. Pode ser esta a ocasión de redescubri-lo seu pensamento, que está sobre todo no seu libro «Historia dunha alma». É un pensamento que ten uns riscos moi actuais, pero que foi suavizado, e ó parecer mixtificado tras a súa morte, por interpretacións conservadoras da xente do seu contorno.

A que non morreu tan nova, foi a outra Tereixa, **Tareixa de Calcuta**. O seu enterro tampouco foi tan discreto coma o da santa francesa; un enterro convertido nun show «de Estado», no que os ricos e poderosos deste mundo foron lava-la súa mala conciencia pola opresión que exercen sobre os pobres mantendo as estruturas de inxustiza que os multiplican cada día. Esta opresión nunca foi cuestionada por esta «santa dos pobres», que, quizá, por iso recibiu honores, premios, recoñecemento e cartos a moreas dos señores deste mundo. Un non pode menos que lembrar a famosa frase do

bispo brasileiro Helder Câmara: «Cando dou unha esmola a un pobre din que son un home caritativo e bo. Pero cando clamo contra a inxustiza que xera a realidade dos pobres, din que son un comunista». Certamente, non quero negarlle o valor persoal da fe, relixiosa e a entrega da Madre



Tereixa («unha gota de esperanza nun océano de sufrimento», segundo as propias palabras); unha entrega xenerosa que tamén foi recoñecido polos marxidados de Calcuta co seu tributo sincero. Pero...

Tres encontros cristiáns ben diferentes

Os relixiosos latinoamericanos xuntáronse na **XIII Asemblea Xeral da CLAR** (Confederación Latinoamericana de Relixiosos) en Lima a finais de Xuño. No encontro reflexionouse sobre o cambio de época e a opción polos pobres. Contou cunha nutrida representación non só dos relixiosos/as latinoamericanos/as, senón tamén doutras partes do mundo. A CLAR naceu en marzo de 1959, coopera co CELAM (Conferencia Episcopal Latinoamericana) e coas conferencias episcopais e os bispos de cada país. Manifestouse alí a preocupación dos relixiosos/as no camiñar cos pobres,

polo cambio de época, a exclusión e os efectos do neoliberalismo que padece o continente. Non faltou a presenza do pai da Teoloxía da Liberación, Gustavo Gutiérrez. a anterior presidenta foi muller (a monxa brasileira Eliza Ribeiro) e agora saíu elixido un home, o franciscano Guido Zagarra. Certamente, as relixiosas e relixiosos que traballan en Latinoamérica son do mellor que ten esta Igrexa, moi superiores en entrega e capacidade creativa ó clero secular, por iso son moi apreciados polo pobo sinxelo.

**A II Asemblea Ecu-
ménica que tivo lugar en
Graz** (Suíza) a finais de xuño, acadou unha gran resposta; a finais de xuño déronse cita 10.000 representantes das

igrexas de toda Europa, para vivir a experiencia do diálogo ecuménico. Alí estiveron Alexis II, patriarca ortodoxo de Moscova; Bartolomé I, patriarca de Constantinopla; Jonhn Arnol presidente da Conferencia de Igrexas Europeas (evanxelistas); Frére Roger, prior de Taizé; Xoan Paulo II mandou unha mensaxe, pero estiveron presentes diversos bispos e cardeais, entre eles algúns tan coñecidos como Carlo María Martini e Samuel Ruíz. Tamén estiveron mulleres católicas como Chiara Lubich, presidenta do movemento Focolar, e Arantxa Aguado, directora da Institución Teresiana... Aínda que o ecumenismo parece que saíu reforzado do encontro, os medios relixiosos falan tamén por esas datas de receo no achegamento entre Roma e Moscova, na futura entrevista entre os máximos representantes das confesións católica e ortodoxa: Xoán Paulo II e Alexis II. Pura cuestión de loita de poder. Ademais, non faltaron no encontro de

Graz as voces críticas, sobre todo femininas: «As mulleres non somos un apéndice», «Se non hai igualdade entre o varón e a femia, a Igrexa non será crible» tal como reflexou Adista, que cubriu amplamente o encontro.

E o terceiro encontro, o que acadou unha resposta máis masiva, no sentido máis literal da palabra... foi a convocatoria da **XII Xornada Mundial da Mocidade** en París, con Xoán Paulo II. Preto de medio millón de mozos estiveron nas xornadas a finais de Agosto; un número que case chegou a duplicarse na celebración do último día no hipódromo parisino de Longchamp, rebordando ata as previsións máis optimistas. Ademais dos mozos, estaban bispos de todo o mundo; entre o

bosque de mitras perfectamente aliñeadas que reflectía algunha foto, estaban algúns bispos galegos e un bispo francés que rompía a liña, o coñecido



Jacques Gaillot. A chamada era seductora: «Construír a civilización do amor e da paz». Pero, a realidade é

que «obras son amores...» como ben di o refrán, pois non pode haber amor sen liberdade nin paz sen xustiza, e a

Igrexa católica terá que predicar co exemplo para ser máis crible. E por iso, na mesma Francia, movementos de cristiáns críticos piden un novo «**Concilio para a Reforma da Igrexa**». E por se houbera confusión no que queren, clarexan: «O noso obxectivo non é fundar *outra Igrexa*, senón unha *Igrexa outra*». Así o conta a coñecida e prestixiosa revista relixiosa francesa *Témoignage Chrétien*. Eles mesmos afirman que están neste con outros moitos cristiáns, entre eles os miles

que apoian o documento «Somos Igrexa».

Victorino Pérez

CARTAS

XX Romaxe dos Crentes Galegos

Fun andando ata a Praza Pontevedra, non estaba a gusto, ¡moito cemento!; logo dun ata o Parrote, e alí vin moita auga, con moita morrada de pedra, homes e mulleres cos nenos xogando, non me chamou a atención, e arrinquei para a rúa da Torre, e fun face-la visita ó camposanto; alí teño a miña costela santa. Logo seguí para a Torre, onde vín pedras, pois é un cemiterio de croios, non me gustaba, e collín un autobús, que aquí lle chaman o trole, e con rabia díxenlle o cobrador: «Lévame a un sitio que lle chaman Santa Margarida». Cheguei alí, baixei do trole, e encamiñeime a ela, en canto vín tanta árbore, díxenme «este é o sitio que eu buscaba, os crentes galegos do Romaxe, porque aquí respiras aires puros, e non cemento e pedras». Logo vín tanta xente, ¡que gustiño me dá! Polo que me puxen a cantar:

Vivir na Coruña que bonito é
con Paco e Pacita que ben o pasei
vivir na Coruña que bonito é
e vir á Romaxe tamén, abofé.

Foivos Xonás un profeta
con razón, pero cazurro
no canto de ir á cidade
foi ó Caribe con Curro.

A Coruña, 13 setembro 1997
(Rodri, o Irimego de Palavea)

“Somos Igrexa”

O movemento «Somos Igrexa» era unha expresión dun antigo desexo de cambio na Igrexa católica. É un signo de confianza que despois de dous anos xa se poida falar dos pasos que se deron, de menor a maior. Hoxe pódese falar xa de movemento, no sentido de que os seus membros participan en distintas organizacións eclesiais, nas que deron xa testemuño de novas iniciativas. *Deséxovos para o futuro paciencia e forza, así como recordaros que «o cambio» é posible.* (Christa Nickels, MdB. Portavoz de política eclesial de «Os Verdes»).

Un millón e medio de firmas é o segundo éxito que conseguiu o movemento «Somos Igrexa» e o segundo obxectivo máis importante: o feito de que moita xente da Igrexa católica expresou a súa opinión a favor de cambios en cinco puntos fundamentais da súa vida. Iso non vai posibilita-la aparición dunha Igrexa nova, pero alimenta a esperanza de que na Igrexa católica aínda son posibles os cambios, en contraposición ós ventos involucionistas dos últimos anos. Pero o máis importante é que a xente se poña en pé diga o que quere e o que xa non pode soportar máis. (Michael Steiner. Bonn).

Tamén algúns bispos manifestaron un apoio máis ou menos forte:

Non temos temor ante manifestos coma os de «Somos Igrexa». Ó contrario, *felicitámonos lo se discute na Igrexa e mesmo cando se loita nela.* Isto é necesario. (Mons. Lehemann. Presidente da Conferencia Episcopal Alemana).

A revitalización do catolicismo debe apoiarse hoxe nun intento de *analiza-la actual situación da Igrexa cunha ollada fresca, unha mente aberta e corazóns dispostos ó cambio.* Isto significa tratar os desacordos na Igrexa cun espírito renovado de diálogo» (Cardenal J. Bernardin, de Chicago).

Alédome moito da dimensión internacional do voso movemento e maniféstovos a miña solidariedade. *Gracias pola vosa teimosía en manifestaros nos lugares simbólicos, privilexiando os novos espazos de comunicación.* Gracias por chama-la atención dos mozos que teñen problemas coa institución eclesial, e que desexan máis vivir o Evanxeo hoxe que reformar as estruturas da nosa Igrexa. Que o alento de Deus vos acompañe no voso camiño. (Jacques Gaillot. Bispo de Partenía).

Aos/as participantes do Incontro Internazionale del Popolo di Dio: reunidos en Roma ou unidos no Mundo, cun abrazo fraterno de comunión eclesial.

Somos seguidores/as da Palabra que se fixo carne e historia. Cremos na Boa Noticia da filiación/fraternidade/sororidade universais. Sentímonos -todos, todas-, responsables pola acollida, celebración, anuncio e construción do Reino de Deus aquí nesta Terra humana e divina, coa esperanza da súa plenitude na Patria definitiva.

O Concilio Vaticano devolveunos, luminosa e esixente, a gran premisa fundamental da nosa condición cristiá: Somos, todas, todos, en primeiro lugar e antes de calquera ministerio específico, Pobo de Deus en Cristo. Sigamos fieis a esa conciencia, a esa misión.

O mundo pide, hoxe máis que nunca, á Igrexa de Xesús, un testemuño de verdade, de liberdade no Espírito, de igualdade fraterna, de esperanzada alegría. Un verdadeiro Xubileo de conversión, de testemuño e de misión. Lévanolo Espírito do Resucitado.

Somos a Igrexa testemuña desa Presencia y desa Novidade.

Irmán e compañeiro de camiñada, **Pedro Casaldáliga**, bispo de Sao Félix do Araguaia, Mato Grosso, Brasil.

A MEMORIA DO PAÍS 20 anos do Museo do Pobo Galego

Na foto, os mestres da galeguidade Antonio Fraguas e Isaac Díaz Pardo, nos actos de conmemoración dos 20 anos do **Museo do Pobo Galego**. Eles simbolizan o tránsito, a xeración ponte gracias á cal “os novos” se fixeron cargo de dar futuro ó noso pasado, con realidades tan vizosas e esperanzadoras coma o Museo.



1. Con admirado respecto o Irimego quer falar dunha gran muller labrega: a súa gracia é Henar.
2. Henar Román é labrega que posúe boa cultura pois estudou Maxisterio e agora é medio cura.
3. En Labrada de Abadín celebra ela media misa pois se non é sacerdote é vice-sacerdotisa.
4. Non é cousa de alarmarse; que ninguén se chame a engano, pois ten permiso do bispo monseñor Gea Escolano.
5. Loitadora polo pobo Henar é nacionalista de esquerdas, e tal mestura a algunha xente despista.
6. Non adoita nesta terra que é fogar de Breogán que unha gran líder do pobo reparta o sagrado Pan.
7. Pero o que máis nos sorprende e que haxa quen non vexa a contradición enorme na que cae a nosa Igrexa.
8. Henar amasa a fariña, coce pra fillos e o home: na casa pan fresco e viño, na igrexa reseso come.
9. Non dá entendido, por torpe, o rimador irimego que o pan que ela reparte deba consagralo o crego.
10. Iso da consagración seica é poder masculino; cómpre moita intelixencia pra entender tal desatino.
11. Que disimule Henar se non entendo o misterio: ¿por que ela non exerce totalmente o ministerio?
12. Que todo quede a medias évos un bo estropicio mais ela non é culpable pois realiza un servizo.
13. Que o seu home Jorge e fillos a animen e fagan caso é conveniente, pois ela, está dando un bo paso.
14. E a ti, nosa Henar, adiante coa promoción da labrega pois no asunto da Muller a Igrexa aínda está cega.

Algunhas das moitas mostras de apoio para «Somos Igrexa»

Pola magnífica, rápida e barata rede de comunicación que é a rede Internet, chegaronnos algunhas mostras de apoio para o manifesto dos Igrexa e o movemento que ou. Son anacos escolmados de comunicados de coñecidos teólogos, persoeiros de movementos sociais e bispos (poucos...). A oría son de Centroeuropa, onde eu o movemento e onde colleu seguida un gran pulo. Máis importantes cós nomes, son as palabras. Como as do prestixioso moita Bernard Häring, ó comezo, e do bispo Casaldáliga ó rema-

Somos Igrexa», porque a amamos... Se o noso amor á Igrexa é verdadeiro, entón dámonos de conta de non se a serve con «mentiras»... A nosa esperanza na Igrexa é a nosa alegría por todo o que fai atractiva e fiel ó Evanxeo, e nos debe facer nin cegos e s ante as perigosas omisións e as prácticas e estruturais. «Somos Igrexa» é para nós un compromiso ineludible, no sentido de aballar constantemente con ela na sempre necesaria reforma da Igrexa... (Bernhard Häring. Mo-)

espertade dunha vez, Bispos! Os 1,5 millóns de alemáns deben figurar como número e non ser valoradas no que fan... Non se trata dun conculcultural contra a Igrexa, senón dun rechazo por parte da Igrexa contra a Igrexa popular. A Igrexa está conducindo á Igrexa alemana ó abismo da perda de independencia social. Como católico

comprometido, un levase as mans á cabeza: ¿Son os nosos bispos tan cegos e xordos como o eran os seus antepasados na época da Reforma?. (Hans Küng. Teólogo, Tubinga).

A Igrexa romana ten que aprender que xa non pode seguir mantendo unha estrutura e un comportamento propio das monarquías absolutistas, nun tempo democrático coma o noso. Con iso o único que fai é acalar ós crentes e espantar ós que están aínda buscando. (Eugen Drewermann. Teólogo e psiquiatra, Paderborn).

Estou totalmente a favor do movemento «Somos Igrexa». Para un home que durante case sesenta anos da súa vida prestou servizo á Igrexa católica, é este movemento un signo de esperanza. (Norbert Greinacher. Teólogo, Tubinga).

En alemán hai dúas palabras que describen un estado facilmente confundible: *Infantil e filial*. O movemento «Somos Igrexa» renunciou ó primeiro estado, e á



esixencia de mantelo eternamente, di un claro non a un Deus autoritario e ós seus funcionarios, pero para dicir un gran Si a: nós somos verdadeiramente fillos de Deus, herdeiros da Promesa, chamados á liberdade. «Non vos deixedes de novo aprisionar polo xugo da escravitude» (Gal 5,1) (Dorothee Sölle. Teóloga, Hamburgo).

A Igrexa en Cuba, "promouza e mediación"

O cristianismo cubano é o máis vello de América Latina, a primeira misa que celebraron Colón e os *conquistadores* na súa segunda viaxe ó *novo mundo*, en 1494, foi precisamente na la caribeña. En 1518 xa se establecera primeira diócese en Cuba, sendo o seu responsable o dominico belga Jean Vitte; pero a finais do XVII e XIX foron n período de crecemento para a Igrexa n Cuba; parece ser que o apoxeo da vida eclesiástica cubana estivo arredor lo 1820, cando había dos náis de mil eclesiásticos ó servicio dunha poboación de 150.000 persoas.

orenta anos despois, duplicárase a poboación... e os eclesiásticos eran menos da metade, fundamentalmente a causa das loitas españolas contra a independencia cubana. O pobo foi separándose da xerarquía eclesiástica, pois identificaba os intereses destes cos da España imperial; de feito, gran parte dos eclesiásticos identificábanse máis coa aristocracia que cos pobres. No século XX as cousas comezaron a cambiar no catolicismo cubano; en 1919 o Congreso Eucarístico Nacional unido en La Habana, abordou os problemas socioeconómicos, afirmando o dereito dos traballadores a non ser explotados polo capital" e a "necesidade inevitable de resolver a cuestión social". Anos despois, as mesmas institucións eclesiásticas católicas cubanas manifestaban un tímido apoio ás forzas revolucionarias contra o corrupto réxime de Batista, aínda que logo foran manifestando amén unha hostilidade nos anos 60 contra o victorioso réxime castrista, para acabar denunciando en 1969 o embargo norteamericano a Cuba. Moi propio do estilo eclesiástico... Pola súa banda, as confesións protestantes foron sempre moi dependentes dos cartos e a ideoloxía yanki, aínda que cristiáns

protestantes participaron moi activamente na revolución castrista. Con razón o teólogo protestante H. Cox recoñecía, como a nova visión relixiosa do cristianismo cubano de base, manifestaba "as desastrosas consecuencias producidas por longos anos de imperialismo político, económico e relixioso norteamericano" (*Cuba: La religión en la Revolución*)

Teño escrito que, a pesares dos tópicos extendidos polos conservadores, o réxime castrista, sen ter sido favore-



cedor da relixión, non perseguíu á Igrexa nin a mínima parte do que o fixeron outros réximes "católicos" de Latinoamérica, coma El Salvador, onde non só torturaron e mataron catequistas e curas, senón que chegaron a asasinar ó bispo mártir San Oscar Romero. Este novo modelo de persecución dos cristiáns por parte de individuos e réximes "máis católicos que o papa", foi desgraciadamente habitual en tódalas dictaduras no andazo que padeceu a sufrida latinoamérica entre os anos 60-80: Honduras, Guatemala, Bolivia, Chile, Brasil, Uruguai... cando

unha parte da Igrexa entendeu que non podía vivir para si, senón que debía facelo para os outros, sobre todo para os máis pobres e indefensos. No recente encontro vaticano de Fidel co Papa, o presidente cubano recordaba ante a prensa internacional que a revolución cubana "non tivo endexamaís un espírito antirreligioso; ningún sacerdote foi ferido na súa integridade física, nin humillado, e ningún templo foi pechado". Se ben é certo que a presenza de curas e monxas mingou nestes anos na illa, e os que se declaraban cristiáns foron marxinados dos cargos públicos; con todo, o cristianismo, tanto o católico coma o protestante, seguiu a ser numeroso en Cuba.

A Cuba de Castro topou cun catolicismo moi conservador e unha xerarquía recalcitrante verbo da revolución, que non miraba con bos ollos a admiración que a vía cubana cara unha nova sociedade suscitaba en cristiáns ilustres de Latinoamérica e de Europa. A valoración positiva dos que Fidel ten chamado "os cristiáns máis honestos", estaba feita desde os parámetros da Teoloxía da Liberación, e a meirande parte da xerarquía eclesiástica cubana, non estaba polo labor. Cunha mentalidade máis ben conservadora, a Igrexa como *mediación* da xustiza e liberación para os oprimidos, era o que buscaban moitos cristiáns cubanos, que recibiron palabras de alento de Fidel Castro en máis dunha ocasión.


Con tódolos seus defectos, o cristianismo latinoamericano segue a ser o máis innovador do século XX; a pesar dunha xerarquía conservadora, non hai máis que darse un paseo polas comunidades cristiás latinoamericanas para ver como, ademais do catolicismo conservador e as sectas que proliferaron nos últimos anos, hai un cristianismo vivo, evanxélico, creativo e comprometido coa realidade dos oprimidos, fiel á máis xenuína tradición bíblica.

Unha nefasta Instrucción vaticana e a reacción dunha Igrexa dinámica

De Centroeuropa, onde naceu esa corrente que percorre a Igrexa universal nos últimos tempos co nome de *Somos Igrexa*, chegaba a aldrabada hai uns meses. A finais de novembro, os amigos do movemento (IMWAC) falaban abraiados dunha Instrucción vaticana que tentaba frea-lo progreso da participación dos leigos nas tarefas da Igrexa, sobre todo no campo litúrxico, excesivamente deixado nas mans dos clérigos, cada vez máis escasos. E comentaban a inmediata reacción nos sectores máis abertos das igrexas alemana e austríaca.

Tratábase da **Instrucción sobre algunhas cuestións relativas á cooperación dos leigos no ministerio dos sacerdotes**. Publicada o 13 de novembro, non viu a luz nos medios españois ata comezos deste ano (*Ecclesia*, 17-Y-98). Falaba dos "excesos" da participación dos leigos en funcións que só corresponden ós presbíteros (predicar, da-la comunión, presidi-los consellos parroquiais...). Os "expertos vaticanos" que elaboraron o documento falaban do tempo que lle levou facela e do ben pensada que estaba; pero non é de estrañar que o e-mail que nolo facía chegar falase contrariamente, de que resultaba un documento "increíble". A reacción, primeiro en Alemaña e logo por outros países europeos, foi moi forte; os primeiros foron o Comité Central do Laicado católico, pero logo algúns bispos e a mesma Conferencia Episcopal. "¿Será pecado a partir de agora reparti-la comunión?" dicían os leigos, entre outras preguntas, nun volante espallado polas comunidades.

A reacción episcopal máis forte foi a do arcebispo de Innsbruck (Austria), **Reinhold Stecher**, que nunha carta dirixida ó cardeal-arcebispo de Múnic, criticaba duramente a Ins-



trucción vaticana, porque non recoñecía nos leigos máis que persoas "ás que se tolera a contragusto, como un cravo de emerxencia para un par de funcións, cando materialmente a Igrexa non se pode amañar doutro xeito". "Roma perdeu o rostro de misericordia -di o bispo-, e adoptou o da dominación ostentatoria e dura" no seu trato cos leigos e curas casados. Máis aínda, afirma o bispo na súa carta que "a dirección actual da Igrexa da probas dun déficit telóxico e pastoral, por moi vergoñento que sexa recoñecelo". De contado converteuse en ex-arcebispo... Pero, tamén rapidamente, foron recollidas 5.000 firmas de apoio entre os curas de Austria. Unha segunda carta, a mediados de xaneiro, era un amplo traballo que levaba o expresivo título de "Ensaio de resposta ós reproches difundidos polos bispos austríacos e outras persoas con relación ó meu *statement* [a carta anterior, datada no 33 domingo despois de Pentecoste de 1997]".

Un valioso documento que non estaría de máis dar a coñecer á xente inqueda da Igrexa galega. Xunto con outro documento magnífico dun bispo máis coñecido entre nós, é a **nova carta de Pedro Casaldáliga "O cor-**

no do xubileo", escrita "...entre soños e berros, porque o xúbilo do Xubileo non pode ser cínico ante a dura realidade e ha de ser máis que un Xubileo *light*, para ser cristián... ¿Que queda da teoloxía da liberación?, ¿Que queda da opción polos pobres? Espero que non rematemos preguntándonos que queda do Evanxeo..."

Coma colofón ó nefasto e regresivo documento vaticano, soubemos tamén de dúas **cartas do cardeal Ratzinger ós bispos centroeuropeos contra os católicos renovadores de "Somos Igrexa"**. Soubemos delas a comezos de xaneiro, pero foran enviadas secretamente meses antes. Pídelles Ratzinger ós bispos nestas cartas que "vixíen de cerca a evolución dos grupos que apoian *Somos Igrexa* e, en caso de necesidade, tomen as medidas disciplinarias adecuadas... particularmente cos sacerdotes", posto que "as esixencias de *Somos Igrexa* son incompatibles coa doutrina católica e están en flagrante contradición coa disciplina eclesiástica". ¿Que terán que lle responde-los bispos de todo o mundo que están apoiando máis ou menos abertamente o movemento, particularmente a media dúcia de bispos portugueses?

¿Quen será o sucesor de Xoán Paulo II?

"O papa cambaleou e toda a cristiandade desacougou"

Este ripio era o comezo dunha reportaxe da revista francesa *L'Evenement* a comezos de febreiro sobre os posibles sucesores de Xoán Paulo II. Máis, a pesar dos seus cambaleos, dos seus 77 anos e dos insistentes rumores sobre a súa mala saúde, o papa non quere deixa-lo solio pontificio. Co que parece que se vai demorando o conclave que debe elixir-lo seu sucesor... Pero non pode tardar moito, e é evidente que non hai "furacán Wojtila" para moito máis. Con todo, se chega a este outono cumprirá os vinte anos de pontificado, que, malia os atentados e o ritmo de vida frenético, é bastante máis do que acadaron os seus predecesores; aínda que León XIII chegou no século pasado ós 25 anos na sé de Pedro.

Desta maneira, a "carreira pola sucesión" está aberta. Malia a posibilidade desconcertante da acción do Espírito, que "sopra onde quere" e como quere, o normal é que as cousas estean bastante ben atadas no Vaticano. Hai bastantes posibilidades de que se volva a un papa italiano, aínda que se ten falado tamén moito dun papa do Terceiro Mundo. De calquera xeito, hai moita posibilidade de que sexa alguén máis ben vello, dada a media de idade dos membros do colexio cardenalicio, entre os que será o máis habitual que se faga a escolla. Isto suporá que o próximo pontificado sexa máis curto que o actual. Con todo isto non significa nada decisivo, Xoán XXIII foi elixido papa a esa idade e revolucionou a Igrexa.

Dez candidatos con posibilidades

A revista francesa amosa na súa reportaxe dez posibles sucesores, que aparecían adobiados cos seus atributos cardenalicios e cunha *cualificación de 4-1 de posibilidades*.

Con 4 están, por esta orde, os seguintes, todos italianos (ollo coas súas idades.):

- **Marco Cé** (72 anos). Un home "relativamente discreto", patriarca de Venecia. Este patriarcado deu varios papas neste século: Pío X, Xoán XXIII e Xoán Paulo I, por iso é considerado habitualmente como diócese "de ascenso".

- **Silvano Piovanelli** (73 anos). Arcebispo de Florencia. Seica un bo pastor, pacífico e profético, cunha boa espiritualidade e cun carisma ecuménico, mesmo con atención particular polos máis pobres.

- **Carlo-María Martini** (70 anos). Arcebispo de Milán. Un xesuíta con talento, moi coñecido nos medios eclesiais internacionais polas súas brillantes exposicións públicas e polos seus libros de espiritualidade. Conta con numerosas simpatías e é un home moderadamente aberto e "moderno"; polo que é considerado "o mellor" entre os posibles candidatos "de saída", aínda que as súas posturas "progresistas" lle teñan creado moitos opositores.



- **Acille Silvestrini** (74 anos). É un home da Curia, onde ten o cargo de Prefecto para as Igrexas Orientais. Centrista, de consenso...

Con 3 están, por esta orde, os seguintes:

- **Josef Ratzinger** (70 anos). Alemán, é o coñecido Prefecto da Congregación da Fe, cancérbero da doutrina católica, o "teólogo oficial en xefe" da Igrexa de Xoán Paulo II. Sen dúbida terá un papel particular de chave en caso de bloqueo na votación.

- **Françis Arinze** (65 anos). Un nixeriano aberto e dialogante, con moito sentido do humor. É tamén un home da Curia, onde exerce o cargo de Presidente do Consello para o Diálogo Interrelixioso. Tense falado de que o próximo papa podería ser africano; nese caso, é sen dúbida o que ten máis posibilidades, e podería desempeñar un papel importante no diálogo islamo-cristián.

Con 2 e 1 están, por esta orde, os seguintes:

- **Angelo Sodano** (70 anos). É o coñecido Secretario de Estado, brazo dereito do papa actual. Este italiano é un home da diplomacia, moi conservador, que lle fixo as beirras a Pinochet cando era nuncio en Chile.

- **Giacomo Biffi** (69 anos). Un italiano pouco coñecido entre nós, arcebispo de Bolonia. Un home autoritario, pouco demó-

crata e integrista, que a revista cualifica cunha expresiva afirmación: "un home que non coñece a dúbida". Por iso, non dubi en dicir que a súa elección "sería un verdadeira desgracia para os católicos".

- **Camillo Ruini** (66 anos). Arcebispo Vicario de Roma, a diócese do Papa, e presidente dos bispos italianos. Admirador e colaborador do Opus Dei, maniféstase coma un home distante, pouco pastoral e "carreirista".

- **Lucas Moreira Neves** (72 anos). Un dominico conservador que está actualmente cabeza da Conferencia Episcopal do Brasil despois de pasar varios anos en organismos da Curia vaticana. Poucas posibilidades.

... Pero non son os únicos

Eu falaba na última "Rolda de Igrexas de Encrucillada" doutros dous candidatos máis con posibilidades. Tratábase de dos dos novos cardeais creados na última fornada vaticana; os *vaticanólogos* expertos comentaban que tiñan bastantes posibilidades na sucesión papal **Christoph Schönborn**, arcebispo de Viena, e **Dionigi Tettamanzi**, arcebispo de Xénova. Non entraba nos cálculos o noso novo flama cardeal galego, Rouco Varela...

Concretamente, o arcebispo de Viena parece ser unha persoa de talante bastante ecuménico, que ten traballado na súa diócese por tender pontes a ortodoxos, protestantes e xudeus. Máis aínda, parece ser que ten manifestado un respecto verbo a movemento "Somos Igrexa", que nace precisamente no seu país, convencido de que a súa misión é a de "promove-lo diálogo con tódolos grupos de fieles leigos dentro da Igrexa de Austria".

Pero hai máis. Entre outros posibles candidatos hai algúns máis "novos", outros que xa pasaron dos 75 anos:

- **Roger Etchegaray** (75 anos). Un viçco-francés que foi arcebispo de Marsella, presidente de Iustitia et Pax, un centrista conciliador moi apreciado na Igrexa.

- **Alfonso López Trujillo** (62 anos). Un colombiano conservador e ambicioso, que vese-lo "martelo de herexes" dos teólogos da liberación. Foi acadando unha grande influencia en Roma, onde está na Curia.

- **Jan Pieter Schotte** (69 anos). Un anti-misionero belga que exerce de Secretario xeral do Sínodo dos bispos. Como ven a ser "a voz" dos 4.400 bispos do mundo, a súa elección marcaría unha revalorización da colexialidade episcopal na Igrexa, en horas baixas.

"SOMOS IGREXA" LANZA UN NOVO DOCUMENTO

"Por unha Igrexa consecuente coa defensa dos
Dereitos Humanos"

Novas da corrente

O lector de IRIMIA xa hai tempo que coñece a expresión "Somos Igrexa", a corrente internacional de renovación da Igrexa. Corrente, ou proceso de converxencia por unha Igrexa renovada entre xente comprometida na transformación da realidade; mellor que a expresión *movemento*, pois non quere ser un movemento máis, senón que pretende aglutinar -sen entrar en competencia nin pretender eliminar- a tódolos grupos, movementos, persoas, comunidades... de acción renovadora na Igrexa, que asuman os puntos básicos do seu Manifesto. O manifesto, que orixinariamente constaba de cinco puntos, veu este ano ampliarse a dez, que poden verse o final desta páxina.

Ademais, para o cristián galego que navegue por Internet tráíolle unha boa nova: xa temos en galego a páxina web de "Somos Iglesia"

(www.eurosur.org/SOMOS_IGLESIA). O que isto escribe atende esa páxina en galego, onde se pode atopar, entre outras cousas, como naceu en Galicia e a nosa aportación; alí pode atopar tamén o meu e-mail (vitope@planalfa.es) para suxestións ou consultas a través da rede.



Un camiño dificultoso, pero con moitos apoios

Nun recente encontro en Madrid de xente de "Somos Igrexa", constatamos como a corrente segue a súa marcha imparable, pero que nas ibéricas terras vaino facendo máis lentamente que noutros lugares do planeta, e particularmente, noutros países europeos.

¿As razóns? Escepticismo, falla de dinamismo nas persoas e as comunidades, falla de vontade de apoio; mesmo por parte de xente que non tiña por que sentir receo dunha corrente que quere moverse claramente dentro da realidade da Igrexa, con liberdade e propostas renovadoras, pero no respecto da súa fe e da importancia dos ministerios na Igrexa. Tamén atrancos, censuras, ameazas e ... medos; consignas e mesmo un certo boicot descalificador, particularmente nalgúns medios de comunicación da Igrexa. Inflúe moi

especialmente a falla de coñecemento e apoio nas parroquias, porque os párrocos ou descoñecen ou non ousan falarlle dela ós seus fregueses, aínda que estean en privado de acordo.

Nouttras igrexas, algúns bispos -concretamente no veciño Portugal, tal como escribín noutro lugar- teñen manifestado as súas simpatías e mesmo o seu apoio á corrente, aquí non.

Con todo, cómpre falar xa de numerosos colectivos e publicacións do estado español que manifestan claramente o seu apoio: Ademais das publicacións galegas *Irimia* e *Encrucillada*, cómpre falar das catalanas *El Ciervo*, *Focnou*, *Cristianisme i justícia*, e das castelás *Alandar*, *Utopía*, *Éxodo*, *Iglesia Viva*, *Razón y fe*, *Sal Terrae*, *Misión Joven*, *Antena Misionera*, *En frontera*, *Tiempo de hablar*... Algunhas son as máis prestixiosas revistas españolas de teoloxía, pensamento e información, ben coñecidas de moitos lectores.

O novo Documento.

Como cristián/a comprométome a seguir construíndo:

- 1.- Unha Igrexa solidaria e testemuñalmente pobre, seguidora da mensaxe de Xesús e comprometida coa liberación dos empobrecidos, oprimidos e excluídos do mundo.
- 2.- Unha Igrexa de irmáns e irmás na que as mulleres e os homes teñamos a posibilidade de acceder en igualdade de dereitos a calquera ministerio ó servizo das comunidades.
- 3.- Unha Igrexa participativa e democrática na que todos e todas, por medio das igrexas locais, poidamos participar na elección dos nosos ministros e ministras.
- 4.- Unha Igrexa na que o celibato sexa o froito da libre elección persoal, sen que constitúa norma de obrigado

cumprimento para nada, nin para ningún.

5.- Unha Igrexa que non ameaza, nin exclúe a ningún, acollidora e comprensiva, cunha mensaxe baseada no Amor de Deus ós seus fillos e fillas, na gran chamada a vivir en comunidade e construír a fraternidade.

7.- Unha Igrexa comprometida coa defensa da Natureza, Creación de Deus, no respecto ó medio ambiente.

8.- Unha Igrexa multicultural e inculturada na que a diversidade de imaxes, linguas e expresións da fe nos enriquecerán a todos e axudarán a atopar novos camiños para achegarnos a Deus.

9.- Unha Igrexa comprometida co ecumenismo e nun proceso de encontro con outras relixións nas que tamén se nos revela Deus.

10.- Unha Igrexa aberta a traballar con outras persoas e grupos sociais que, aínda partindo de concepcións diversas, nos encontremos sinceramente na loita pola xustiza social, a paz, a liberdade e a felicidade para tódolos seres humanos.



IRIMIA, 532 (1998)

Victorino Pérez Prieto

GALERIAS SARGADELOS

- 27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41
Fax: 982 - 55 78 04
- O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 62 09 37 / 62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
- Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05
Fax: 981 - 58 18 88
- Provenza, 274
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 01 79
Fax: 93 - 215 01 79
- Zurbano, 46
28010 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30
Fax: 91 - 310 48 30
- Habana, 20
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26
Fax: 988 - 37 09 28
- Dolores, 55
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14
Fax: 981 - 35 37 16
- Pza. Sto. Domingo, 4
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04
Fax: 982 - 24 49 13
- Dr. Cadaval, 24
36202 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50
Fax: 986 - 22 04 74
- Albareda, 17
41001 SEVILLA
Teléf.: 95 - 421 67 08
Fax: 95 - 421 67 08
- Via A. Volta, 20
MILANO, 20121
Teléf.: 02.657 58 99
Fax: 02.657 58 99
- Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84
Fax: 986 - 85 79 18

COMERCIO XUSTO, PARA NON PERDER O... SUR

O comercio xusto, ou comercio alternativo empeza a ser coñecido entre nós, pero aínda como un caso curioso e minoritario, reservado para pequenas minorías concienciadas, restos de vellas militancias sociais a prol de causas perdidas ou pequenos xermolos de outras novas militancias, xurdidas no seo dunha mocidade que non traga a alienante mensaxe consumista e a mentira establecida do sistema

UN PAR DE LABAZADAS E UNHA TEIMA PERSOAL

Ronaldo, o futbolista que lle quería moito ó Barça, pero foise para o Milán porque lle daban máis millóns, ten un contrato de por vida coa empresa "Nike" para promocionar esa marca; contrato polo que cobra 16,7 millóns de pesetas ó mes. Unha traballadora indonesia, por coser unhas zapatillas "Nike" durante máis de 8 horas diarias, cobra 7.800 pts... e non ten ningunha seguridade no seu emprego. Mentres as multinacionais dilapidan miles de millóns en publicidade, non pagan nin o mínimo salario xusto ós seus traballadores. Na rexión de Asam, na India, segundo as estatísticas gobernamentais as plantacións de té empregan 125.000 nenos/as, estatística non fiable, pois basease nas declaracións das facendas, que ocultan ó 70% da man de obra infantil, que é ocasional. A discriminación por sexo e idade é habitual nestas plantacións, nas que traballan máis nenas. O 77% dos traballadores destas

plantacións viven nunha pobreza extrema, traballando a arreo por prezos de miseria. Os seus miseros ingresos contrastan cos beneficios altísimos das multinacionais do té. Dous feitos moi reais, para non comezar facendo ideoloxía, datos contantes e soantes, reais como a vida mesma. Noxentos e inxustos coma o sistema económico mundial. Labazadas que nos deberían bater na cara e fa'cernola caer de vergoña, pois esta é a sociedade que nós facemos cada día. Eu non merquei na vida unhas zapatillas "Nike", nin espero facelo. Pero si tomo té e café, que chega maiormente polas canles inxustas das multinacionais que explotan ó Terceiro Mundo. Poucos nos libraremos dalgún pecado co que sermos cómplices da inxustiza mundial establecida. Pero hai ben anos que teño unha teima militante: Non beber "Coça-Cola", nin produto algún desa multinacional americana, símbolo máximo da ideoloxía imperialista ianki. Ademais de non beber o

"noxento brebaxe", que lle chamou Celso Emilio, son apóstolo da causa, aínda que conseguira ata agora poucos conversos.

NON PÉRDA-LO... SUR

Igual que fomos educados desde pequenos co machismo de que "os nenos non choran" ou co anticoloxista "matar dous paxaros dun tiro", tamén nos ensinaron a "non perder o Norte"; pero vai sendo moito hora de que cambiármolo compás e empecemos a orientalo cara ó Sur. Compre tomar conciencia de que os produtos do terceiro Mundo que consumimos son, en gran parte, froito do abuso que sofren os traballadores do Sur. Soldos de miseria, prezos irrisorios para os produtos agrícolas... e un mercado internacional que beneficia só ós que o manexan e no que un pequenísimo grupo de grandes empresas multinacionais controlan o 70% do comercio. Estas empresas non só conseguen beneficios materiais escandalosos, senón que controlan calquera tipo de decisión política dos organismos nacionais e internacionais, onde conseguen infiltrar os seus executivos e espías.

Isto é o que están a facer desde hai anos as tendas de Comercio Xusto en todo o mundo, aínda que por estes lares sexa aínda cousa moi recente. Facendo algo de historia, vemos que, en realidade, as primeiras tendas de comercio xusto e solidario naceron hai case trinta anos. A primeira abriuse en 1969 en Brenkelen (Holanda), e nos comezos dos 70 había xa unhas 120 nese país, estendéndose de contado por Bélxica, Suíza, Austria, Alemaña, Francia e Gran Bretaña. En 1989, 40 Organizacións de Comercio Alternativos (OCAS) crean a Federación

Internacional de Comercio Alternativo (IFAT, *International Fair Trade Association*). A súa oficina central de Amsterdam agrupa a produtores do Sur e a OCAS do Norte, favorecendo e sistematizando o intercambio de información, coordinación de acordos comerciais, campañas conxuntas... Pouco a pouco, algunhas destas organización fóronse transformando en empresas que operan no mercado, pero subordinando as leis mercantis imperantes a uns valores éticos e uns proxectos colectivos que poñen especial fincapé no trato xusto cos produtores e no rol da responsabilidade ética do consumidor.

Nestas empresas, primanse privilexiadamente os produtos do terceiro Mundo que están en desvantaxe económico-social, fixando uns prezos mínimos que poidan garantir salarios dignos para os produtores e cubrir os custos de produción e investimento. Parte do diñeiro obtido polas cooperativas dos produtores debe invertirse en proxectos para a comunidade, nos ámbitos educativo, sanitario...

A REALIDADE ACTUAL

Aínda que semelle que pouco se conseguiu nestes trinta anos, en realidade, un recente informe elaborado pola ONG Intermón a finais do pasado 1997, e que aparecerá no Anuario 1998 da *Asociación Europea de Comercio Xusto* (EFTA), aporta datos esperanzadores, sobre todo da última década.

No Estado Español o comercio xusto moveu en 1990 uns 13 millóns de pesetas, e en 1997 a cifra chegou ós 700 millóns. Indo a cifras internacionais, en 1995 o Comercio Xusto facturou no mundo máis de 38.000 millóns de pesetas, 33.000 deles foron facturados desde Europa; estes beneficios chegan a uns cinco millóns de persoas de países do Terceiro Mundo. Con todo, o obxectivo máis importante do

comercio xusto non é unha carreira para conquistar cotas de mercado, senón a vontade dun estilo de producir e vender que produza un punto de inflexión na cultura dos consumidores, facéndoos conscientes da inxustiza que manteñen dándolles os seus cartos as empresas multinacionais que explotan de xeito inxusto e asasino á poboación do Terceiro Mundo. Estas mesmas empresas fanlle o boicot ós produtos de Comercio Xusto

En Galicia, a realidade das tendas de comercio xusto aínda é moi pequena: "Panxea" en Santiago (Galerías Belén, local 109, R/Rosalía de Castro 29-31), "A Cova da terra" en Lugo (Galerías Novocentro, R/San Pedro 13) e "Augasquentes" en Ourense (na Casa da Xuventude, pero menos fixa que as anteriores). Hai unha *Coordinadora Galega de Comercio Xusto* que organiza actividades periodicamente; unha delas foi ultimamente a exposición "Tecido con dignidade", para concienciar da explotación de que é obxecto o Terceiro Mundo por parte das multinacionais do téxtil, que trasladaron a meirande parte da súa produción dos países do Norte ós do Sur buscando meirandes marxés de beneficio a base dunha man de obra barata, en gran parte dos casos escandalosa e insultantemente barata: xornadas de 12 horas e salarios de miseria; en moitos casos que ven ser unha utilización de man de obra pouco menos que en réxime de escravitude, referida particularmente á explotación de nenos e nenas menores de 14 anos, que deben traballar para colaborar na manutención das súas familias.

Alguén pode dicir que é unha utopía inútil querer loitar contra os xigantes que dominan mundo, pero compre lembrarse de David e non deixarse engaiolar polos que din que non se poden cambiar as cousas. "¿Como é posible que sexa imposible cambialas?" cantaba unha cantiga hai anos.

IRIMIA, 534
29 xuño 1998

Victorino Pérez Prieto

GALERIAS SARGADELOS

- ✿ 27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41
Fax: 982 - 55 78 04
- ✿ O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 62 09 37 / 62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
- ✿ Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05
Fax: 981 - 58 18 88
- ✿ Provenza, 274
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 01 79
Fax: 93 - 215 01 79
- ✿ Zurbano, 46
28010 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30
Fax: 91 - 310 48 30
- ✿ Habana, 20
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26
Fax: 988 - 37 09 28
- ✿ Dolores, 55
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14
Fax: 981 - 35 37 16
- ✿ Pza. Sto. Domingo, 4
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04
Fax: 982 - 24 49 13
- ✿ Dr. Cadaval, 24
36202 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50
Fax: 986 - 22 04 74
- ✿ Albareda, 17
41001 SEVILLA
Teléf.: 95 - 421 67 08
Fax: 95 - 421 67 08
- ✿ Via A. Volta, 20
MILANO, 20121
Teléf.: 02.657 58 99
Fax: 02.657 58 99
- ✿ Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84
Fax: 986 - 85 79 18



TAMÉN VINTE ANOS DE SARAIBAS

Victorino Pérez Prieto

Os vinte anos de *Milladoiro*, efeméride dun astro da música e a cultura galega que celebramos con moito gozo, semellaron eclipsar ou esquecer outro vinte aniversario, o de *Saraibas*, grupo ó que a música popular galega, pero tamén a conciencia popular e nacional de Galiza, deben moito. Paréceme que os amigos de *A Roda* deben andar igualmente nos vinte.

"Unha terra, un pobo, unha fala"

Este é o título da súa primeira produción discográfica, que viu a luz en 1980. Pero o grupo xurdira dous anos antes, na primavera de 1978. Viñanse xuntando para cantar nas celebracións relixiosas parroquiais e en festas discretas, máis ben privadas; pero foi na festa de Somozas, preto do seu pobo natal, San Sadurniño, cando se deron a coñecer nun concurso ó que se presentaron co nome de "Chorima", que ó pouco mudarían polo de *Saraibas*.

A formación orixinaria, na que haberían cambiar algúns compoñentes co tempo, era: os irmáns Martín e Miguel Sanjurjo, compositores ou arranxadores da letra e a música da meirande parte das cancións do grupo, Avelino e Regina Cinza, Enma Calvo e Elisa García. Pretendían facer

música folk galega e, evidentemente, en galego, con base tradicional, pero non pechada nas melodías e letras tradicionais, senón aberta a novas tendencias e arranxos.

Na súa primeira xira promocional, xa compartiron cartel con outro grupo musical que acababa de empezar, *Milladoiro*, e cun grupo de danza que tiña máis tradición, o *Ballet Galego Rei de Viana*. Por Venezuela seica lles preguntaron estrañados en máis dunha ocasión onde tiñan o "traje regional"; e o seu "escandaloso" "Rebola-bola" tivo problemas máis dunha vez. Logo virían xiras galegas, numerosas festas populares en cidades e aldeas do país, pero tamén o festival de Lorient, e actuacións en Lausanne, Zürich

Xenebra, París, Amberes, Bruxelas e o mesmo Londres.

Con *Fuxan os Ventos* e *Milladoiro* formaron o triángulo cabeceira da casa discográfica galega *Ruada* ata o seu peche. Precisamente por "facer país", ata rexeitaron unha oferta da todopoderosa *Philips*.

"Un pobo, unha terra, unha fala" tiña unha intención evidente, manifestada no mesmo título do disco: defender a realidade nacional galega, particularmente manifestada na lingua como símbolo máis esencial do seu ser. Non en van o título do tema central do disco era "Nación", e o seu retroso cantaba esas tres emblemáticas palabras que manifestaban a identidade de Galiza. Pero Tamén "Galicia nai" de Cabanillas e "Galego na escola".

De "Rebola-bola" a "¿Careca?"

Ó ano seguinte do seu primeiro disco veu "Xa non podemos calar" (1981), tamén con evidente intencionalidade política, manifestada non só na cantiga que da título ó disco, e outras como "¡Ai galeguiños!" ou "Os aprobeitados da fala", senón tamén noutras nas que musicaron magníficos poemas de Xosé Antón Miguélez, como "Por se chega a primavera á nosa Terra". Novos compoñentes se foron incorporando pouco a pouco con máis ou menos estabilidade: Manuel Alonso, Óscar Sanjurjo, Rosa Ces, Amparo Calvo, Vicente Bermúdez, Anxela Loureiro e a última incorporación Juanjo Porta, que foi guitarrista de *Gwendal*. O terceiro disco "¿Careca", saíu cinco anos despois

(1986), pois xa andaban cun novo proxecto que lles había roubar moitas enerxías, *Cantareliña*. O cuarto traballo discográfico foi "Camión longo" (1992), que tivo menos difusión; isto, sumado a que se prodigaron menos nas actuacións públicas e non entraron gustosos no xogo dos "chous" televisivos, levou a que nos últimos anos algúns pensaran que desaparecera *Saraibas*. Pero aínda sacarian un quinto traballo en 1996: "Cancións", en colaboración coa ferrolá Anxela Loureiro.

causados polos "ananos" que mandan no país. Os seus resultados fixeron historia. Entre 1983 e 1991, o festival infantil de *Cantareliña* conseguiu reunir un numeroso grupo de nenos e nenas de distintos centros escolares e asociacións de toda Galiza co lema "Mentres canten os meniños, Galiza será inmorrente". Mentres canten... na lingua do seu pobo, cousa que non está moito á orde do día. Por iso é motivo de gozo e esperanza o feito de que convocara ó longo dos seus anos centos de nenos; pero tamén que



"*Cantareliña*", unha aposta polos nenos galegos

Saraibas non se entende sen *Cantareliña*, como tampouco sen o empuxe espiritual e material do que foi o seu mentor, Ramón Díaz Raña, moitos anos cura de San Sadurniño, preto de Ferrol, e hoxe por outros derroteiros distintos dos da clerecía. Sobre todo da man de Ramón Raña, Martín e Miguel Sanjurjo, *Cantareliña* foi un marabilloso proxecto que foi adiante a forza de inxenio e xenerosidade, moitas veces non recoñecidos e, pola contra, máis ben con atrancos, en máis dunha ocasión

producira dúcias de cantigas, pois a produción musical infantil que foron acumulando as súas sete edicións foi enorme e riquísima, aparecendo numerosas cantigas orixinais de gran cualidade. Foi pena que non perdurara máis esta fermosa e riquísima experiencia; con todo, experiencias posteriores como "Xabann Club" e outras, beberon de *Cantareliña*.

Saraibas segue vivo, e facendo o que sempre fixo, cantar e compor cantigas. Oxalá nos próximos vinte anos nos dea outro tanto como nos deu nos vinte primeiros.

GALERIAS SARGADELOS

- ✿ 27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41
Fax: 982 - 55 78 04
- ✿ O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléfs.: 981 - 62 09 37 / 62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
- ✿ Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05
Fax: 981 - 58 18 88
- ✿ Provenza, 274
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 01 79
Fax: 93 - 215 01 79
- ✿ Zurbano, 46
28010 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30
Fax: 91 - 310 48 30
- ✿ Habana, 20
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26
Fax: 988 - 37 09 28
- ✿ Dolores, 55
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14
Fax: 981 - 35 37 16
- ✿ Pza. Sto. Domingo, 4
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04
Fax: 982 - 24 49 13
- ✿ Dr. Cadaval, 24
36202 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50
Fax: 986 - 22 04 74
- ✿ Albaréda, 17
41001 SEVILLA
Teléf.: 95 - 421 67 08
Fax: 95 - 421 67 08
- ✿ Via A. Volta, 20
MILANO, 20121
Teléf.: 02.657 58 99
Fax: 02.657 58 99
- ✿ Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84
Fax: 986 - 85 79 18

HORIZONTE UNIVERSAL

Victorino Pérez Prieto

A "SÍNDROME NNA" E O TERCEIRO MILENIO

Ainda que poida parecer polo título, non vou ousar falar de bioloxía ou medicina, ciencias nas que debo confesala miña pouca competencia. A *síndrome* do que quero falar agora ten máis que ver coa vida da miña sociedade e coa mesma vida da Igrexa. Esta *síndrome*, como tantas outras, vén nomeada con siglas da nova lingua do imperio, o inglés, e vén significar algo así como "Non hai Ningunha Alternativa". É unha síndrome que ven sendo imposta nos últimos anos, polo que se deu en chamar "pensamento único", global; unha concepción do mundo, da vida, da política e da economía que nos quiere convencer de que hoxe xa non hai máis ideoloxía viable cá ideoloxía neoliberal e o sistema económico de mercado total. Por tanto, como o letreiro que o Dante puxo na porta do inferno, cómpre "abandonar toda esperanza" en calquera utopía de cambio transformador, pois está de antemán condenada ó fracaso. Así que colle o anaco do pastel máis grande que poidas, e... "a jugar". Este pensamento tamén está moi metido na Igrexa, onde un pretendido "realismo" esterilizante impide a moitos seguir apostando pola utopía do Reino de Deus que anunciou o Mestre de Nazaré. Afortunadamente, o que é un rotundo fracaso é precisamente a pretensión de impór un "pensamento único", e na Igrexa, a pesar dos medos esterilizantes e dos cansazos paralizantes, xorden constantemente aquí e acolá movementos libres que manifestan a liberdade do Espírito que sopra onde quere e como quere. "Onde está o Espírito de Deus alí hai liberdade", vida e esperanza; esa esperanza activa nunha vida en liberdade e xustiza é o único

antidoto contra a paralizadora *síndrome NNA*.

O *Movemento Internacional Somos Igrexa* (IMWAC) está sendo neste momento capaz de ir aglutinado numerosas organizacións e redes locais ou internacionais que queren renovar a vida da Igrexa, porque contrariamente ós seus acusadores están... ¡convencidos de que a Igrexa aínda ten moita vida! Isto é o que manifesta cada día a información que o IMWAC se encarga de comunicarmos ós que estamos conectados coa plataforma a través de Internet.

Posiblemente, un dos meirandes logros desa plataforma renovadora da Igrexa foi a de crear un espazo de comunicación libre, democrática, descentralizada, descolonizadora e rápida entre os católicos e cristiáns de todo o mundo que apostan confiados por un cambio da Igrexa desde a base. A través do espazo libre de Internet crebáronse os estreitos límites localistas das igrexas e a información relixiosa e social filtrada polos medios que están suxeitos ó poder.

Por iso, os coordinadores do IMWAC recoñecían recentemente nun documento difundido pola rede: "Gracias a tecnoloxías novas como o e-mail, dispomos de posibilidades inauditas para dialogar sobre a nosa Igrexa e o seu liderato, non só como grupos nacionais, senón tamén como *comunidad internacional de fe e esperanza*. Podemos *falar en moitas linguas sobre o futuro da nosa Igrexa* e sobre as maneiras en que a nosa comunidade de fe e os seus líderes podan ser máis fieis ó Evanxeo". Pode que, con tódolos seus inevitables erros, sexa esta plataforma unha ocasión excepcional para vivir a verdadeira

catolicidade ("universalidade") e unha aposta ecuménica sería da Igrexa, e, de paso, aprobar a súa materia pendente coa modernidade, se a xerarquia olla para ela con amor dialogante e deixa de botarlles enriba os cans cerbeiros da ortodoxia esterilizante, que, esquecendo aquilo de "o sábado é para o home e non o home para o sábado", xa andan a "prever" ós católicos do "perigo de chegar a contaxiarse a través de Internet e demais medios de comunicación modernos co xermolo de democratización que xurdiu entre os fieis de Europa central". Pode que, a pesar dos medos duns e a miopía de outros, o berro "Somos Igrexa" se vaia convertendo nunha canle para a forza transformadora

do Espírito, e troque a *síndrome NNA* en esperanza dunha vida nova que non sexa só para o outro mundo.

No tempo de verán difundíronse, entre outros moitos comunicados, dous documentos máis longos e especialmente interesantes; *Dores de parto dunha Igrexa para o terceiro milenio* e *Un Papa para o tempo que despunta. Bispo de Roma e Pastor Universal*. O primeiro, tras unha introducción da portavoz e principal coordinadora da comunicación na rede, a colombiana-alemana Elfriede Harth, trae unha completa información sobre a presenza da plataforma renovadora nos distintos países e pobos do mundo. Os nomes do movemento en cada país son tremendamente expresivos. Desde a pioneira austríaca *Plataforma Nós Somos Igrexa* co seu "Chamamento ó Pobo de Deus", ou o tirolés *Por unha Igrexa máis*

humana, e a belga *Por unha Cara diferente da Igrexa e a Sociedade*, ata o sinxelo nome dos norteamericanos, ingleses e irlandeses: *We Are Church* ("Nós somos Igrexa"), que asumiron literalmente traducido os irmáns de Portugal e Brasil: *Nós Somos Igreja*, e o máis sinxelo dos españois e sudamericanos: *Somos Iglesia-Sí*, que asumimos no galego *Somos Igrexa*.

A semana que vén teremos ocasión de traer a estas páxinas o segundo documento centrado na idea do Papa que queremos para o terceiro milenio, co que se manifesta que se acepta a súa figura, igual que se manifestou o valor do ministerio sacerdotal -renovado- na Declaración, contrariamente a outras ideas dunha Igrexa sen curas, que ás veces se lle apoñen falsamente a *Somos Igrexa*.



Ultimamente está moi extendido o pensamento único

GALERIAS SARGADELOS

- ✿ 27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41
Fax: 982 - 55 78 04
- ✿ O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 62 09 37 / 62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
- ✿ Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05
Fax: 981 - 58 18 88
- ✿ Provenza, 274
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 01 79
Fax: 93 - 215 01 79
- ✿ Zurbano, 46
28010 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30
Fax: 91 - 310 48 30
- ✿ Habana, 20
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26
Fax: 988 - 37 09 28
- ✿ Dolores, 55
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14
Fax: 981 - 35 37 16
- ✿ Pza. Sto. Domingo, 4
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04
Fax: 982 - 24 49 13
- ✿ Dr. Cadaval, 24
36202 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50
Fax: 986 - 22 04 74
- ✿ Albareda, 17
41001 SEVILLA
Teléf.: 95 - 421 67 08
Fax: 95 - 421 67 08
- ✿ Via A. Volta, 20
MILANO, 20121
Teléf.: 02.657 58 99
Fax: 02.657 58 99
- ✿ Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84
Fax: 986 - 85 79 18

"UN PAPA PARA O TEMPO QUE DESPUNTA"

Falaba na anterior colaboración da "síndrome NNA", esa que fai crer á xente do "pensamento único" que hoxe non hai máis alternativa real e con xeito no mundo que o egoísmo organizado do pensamento neoliberal e o seu sistema de mercado; o demais son tolemias ou parvadas. Dicia que si hai alternativa neste mundo inxusto, e na Igrexa tamén, seguindo a utopía de Xesús de Nazaré, o Cristo resucitado. *Somos Igrexa* representa hoxe un elemento importante nesa alternativa, e apuntábanse as razóns. Falábase ó remate dun documento sobre o papa que queremos para o terceiro milenio; un documento que ve a luz en todo o mundo nesta semana, con ocasión dos vinte anos de Xoán Paulo II como bispo de Roma e á fronte da Igrexa Católica.

O documento arrinca dun significativo texto de San Paulo: "Agora é o tempo oportuno" (2Cor, 6). É o *kairós* para unha nova era, como se canta por tódolos lados. Particularmente é o *kairós* para os crentes, concretamente para os cristiáns, dentro e fora da Igrexa católica, para acadar un Concilio Cristián Universal nos comezos do terceiro milenio, construíndo unha Igrexa na que o diálogo, a igualdade, a liberdade e a xustiza sexan algo máis que unhas palabras bonitas.

Neste novo modelo de Igrexa para o noso tempo, compre un papa que:

Sexa un verdadeiro líder con capacidade para ler "os signos dos tempos" e camiñar xunto co seu pobo, que saiba escoitar e proclama-las voces dese pobo de Deus, que saiba dialogar e ensinar.

Un líder que recoñeza particularmente o *espertar da conciencia das mulleres* e saiba *respecta-las diferencias*.

Que saiba distinguir entre o seu papel de bispo de Roma e respecto de toda a Igrexa, como "presidente dun ágape mundial", para o que terá que reforma-la Curia.

Que acolla á xente para o ministerio sacerdotal sen ter en conta xénero, estado matrimonial nin orientación sexual.

Respectuoso coas conciencias dos católicos e católicas, impulsando un xenuino diálogo no seo da teoloxía e a moral.

Por iso, debe ser tamén un pastor que *anime á liberdade dos teólogos e teólogas*. Que acolla a *liberais e conservadores* para traballar e dialogar na mesma Igrexa.

Que recoñeza o *pluralismo cultural na Igrexa* e celebre a súa diversidade.

Que saiba *restablece-la plena participación do pobo na Igrexa*, compartindo tarefas de goberno e toma de decisións. Que invite ós católicos e católicas a desenvolver un senso adulto de responsabilidade.


Un verdadeiro *líder ecuménico* que se comprometa nun serio diálogo de tódolos cristiáns. E que aprobe e impulse o diálogo interreligioso fóra do cristianismo.

**Que sexa un
verdadeiro líder
con capacidade
para ler
"os signos dos
tempos"**

Que abra os seus brazos en solidariedade sobre todo cós máis pobres e oprimidos. Que sexa un profeta que promova eficazmente a xustiza, a igualdade, a paz e a non violencia na Igrexa e no mundo. En fin, un *amante da Terra*, que defenda a integridade da creación.

E un espírito xeneroso con *senso do humor*, pero con *valentía e decisión* para saber denuncia-las trampas dos poderosos deste mundo.

Alguén pode dicir que... por pedir que non quede, pero só a esperanza transformadora pode neutraliza-lo *síndrome NNA* e tódolas síndromes paralizadores na Igrexa e na sociedade. E non se pode esquecer a revolución daquel galileo iniciada hai dous mil anos.



"A PLENO DÍA". MULLERES CONTRA O CELIBATO OBRIGATORIO DOS CURAS



O tema do celibato *obligatorio* dos curas paréceme que é un tema no que xa hai tal consenso no pobo de Deus, que non é necesario debatelo máis. Deixo a parte a cuestión do "celibato polo Reino dos ceos" como un valor en si mesmo; unha opción que pode ser valiosa, e mesmo liberadora, como unha *aposta libre* no camiño do seguimento de Xesús e na construción do Reino de Deus; mesmo algo que parece bastante lóxico no caso dos *votos dos monxes/as contemplativos/as* e os relixiosos/as de vida activa, opción que se ve apoiada pola vida en comunidade. Non é iso o que está en cuestión, paréceme que o único problema que segue a existir hoxe a tal respecto, aínda máis có mesmo debate sobre a obrigatoriedade ou non do celibato dos curas, é o problema da *disciplina eclesiástica*: o feito de que aínda sexa imposto pola xerarquía eclesiástica da Igrexa Católica Romana de rito occidental, como condición *sine qua non* para os candidatos ó ministerio sacerdotal, a obrigación de non poder casar. É sabido que os curas católicos de rito oriental poden casar, e que a obrigación para os de rito occidental tan só se remonta ó século XII (1139, II

Concilio de Letrán).

Hai xa ben tempo que teño descuberto que o pobo de Deus, nisto como noutras cousas da disciplina eclesiástica, non comparte a opinión dos seus xerarcas. Para a inmensa maioría da xente, o pretendido problema de que os curas se casen ou non, se queren, non é tal problema; ó pobo de Deus valeríanlle o mesmo os curas como casados ou como solteiros, se saben ser entregados na evanxelización e no servizo xeneroso e gratuito. E penso que aínda os verían máis *sahamente* normais, máis

para a inmensa
maioría da xente,
o pretendido
problema de que
os curas
se casen ou non,
se queren, non é
tal problema

achegados a eles, se casasen coma todo o mundo.

Porque o problema é o da disciplina eclesiástica, que moitos curas manteñen pero que é saltada por outros moitos, xorden constantemente na Igrexa asociacións en defensa do *celibato opcional*, asociacións integradas por curas secularizados, curas en exercicio, mulleres e mesmo frades e monxas. A novidade chega agora da man dun grupo de mulleres francesas chamada *Plein jour* ("A pleno día"). Autodenomínanse "Asociación de mulleres en loita pola abolición da

regra do celibato dos curas na Igrexa Católica Romana", e identifícanse publicamente como "mulleres compañeiras de curas que aínda exercen o seu ministerio". O seu obxectivo é denuncia-lo silencio mantido polas autoridades eclesiásticas sobre a transgresión por parte de numerosos curas da disciplina que impide casar ou ter unha relación amorosa cunha muller; algúns deles acaban por deixa-lo ministerio e casan, pero outros moitos teñen que vivir con dor o feito de non querer renunciar nin ó exercicio do sacerdocio ministerial nin ó amor dunha muller. Engaden no seu comunicado que "Como os nosos compañeiros non fan nada por cambiar este estado de cousas, decidimos pelexar nós contra esta regra". Por iso, falan de que os curas son "víctimas e cómplices" de tal disciplina, porque non poden facer moito por cambiala.

Xa teñen a súa propia páxina web en Internet (www.mygale.org/~pljour/). Pero, ademais, como se senten Igrexa e non queren deixala, empezaron a contactar con bispos franceses e con outras asociacións semellantes francesas e doutros países, nunha acción na dobre dirección intra e extraeclesial. Parte do seu discurso ás xerarquía católicas abonda no feito da contradicción entre o anuncio que fan do Evanxeo, proclamando solemnemente a acollida a todos, especialmente ós máis marxinados da sociedade, e a exclusión á que someten certos sectores na Igrexa. Quizá que as "Mulleres Cristiás galegas", mesmo aínda que poida non lles concerni-lo *problema* tanto como ás súas irmás francesas, poderían atopar un espacio de confluencia con elas.

A OCASIÓN PERDIDA DO SÍNODO DE OCEANÍA



Contan que cando rematou o innovador Concilio Vaticano II, que ía poñer patas arriba a Igrexa cos seus revolucionarios e innovadores cambios, e os Padres Sinodais volveron para a súas respectivas dióceses, un venerable curial dixo: "Os Concilios pasan, pero a Curia queda". Esta escatolóxica sentenza seica se escoitou repetidas veces nos días pasados, convenientemente actualizada, no Sínodo de Oceanía que se celebrou en decembro no Vaticano: "Os Sínodos pasan, a Curia permánece". Os que a repetían con receo e incomodidade eran de novo os impávidos representantes da Curia Vaticana, que seica manifestaban un desprezo e unha mirada por riba do ombro cara a "eses bispos ignorantes [que teñen por antepasados os salvaxes caníbales das illas do Pacífico] que pretenden dar leccións [os cultísimos cargos da curia] e non din máis ca disparates teolóxicos". O entrecomiñado (salvo o que vai en corchetes, que é interpretación engadida por min), seica foi escoitado

textualmente por un periodista a algún curial e resabido monseñor.

O quinto dos Sínodos consagrados ós distintos continentes foi, como adoita suceder en Roma, capital do catolicismo, entre o 22 de novembro e o 12 de decembro. Viña completa-los Sínodos anteriores realizados na perspectiva do ano 2000, dedicados a Europa (1991), África (1994), América (1996) e Asia (primavera do pasado 98). A pesar de ter contado con ricas aportacións nos debates, produciu un documento final que elude os temas conflictivos que estiveron omnipresentes nas aportacións dos bispos dos antípodas do mundo, como foi o problema da escaseza de vocacións sacerdotais e a conveniencia de revisa-la lei do celibato obrigatorio para os curas, así como a unha meirande indulxencia cos curas casados e a ordenación de homes casados, así coma o acceso da muller a meirandes postos de responsabilidade na Igrexa co diaconado permanente. No documento final está tamén ausente un repetido clamor que se escoitou eses días no Vaticano, pedindo que se conceda unha meirande autonomía para as Conferencias Episcopais de cada zona ou país, en cuestións litúrxicas ou disciplinares.

Outra ocasión perdida de renova-la decadente e vella Igrexa europea cun alento novo: a fecunda e rica variedade que representa o seu mosaico de culturas, o dinamismo e a mocidade das Igrexas novas de Oceanía. Desde a olímpica sociedade próspera e avanzada de Australia e mesmo Nova Celandia, ata as máis afastadas illas do Pacífico, ancoradas no pasado e o subdesenvolvemento. Todas clamaban pola necesidade de respectar as propias tradicións e procesos económico-sociais, que tamén padecen a globalización económica. "Un bispo das illas Fidji dicía ilusionado nos primeiros días: "Este Sínodo ten que ser coma un furacán que regue coa súa fecunda choiva todo o continente". Pero, ó remate, parece que a única novidade permitida quedouse nos danzantes que viñeron das illas de Samoa, Tonga e Fidji, para a cerimonia inaugural. Ían en *traxe rexional*, moi pintados, descalzos e medio en coiros, como cumpría para interpretar os seus cantos en maorí e os exóticos bailes indíxenas.

O correspondente no Vaticano dunha coñecida revista católica confesaba con tristura: "Roma segue a tratar ás Igrexas locais dos continentes lonxanos coma menores de idade, cun paternalismo comparable ó dos antigos colonizadores fronte ó *bo salvaxe*" (Antonio Pelayo en *Vida Nueva*). ¿De que me soa a min isto do paternalismo con linguas e culturas diferentes?

"A TERRA PARA QUEN A TRABALLA." XOÁN PAULO II DEFENDE OS INDÍXENAS EN MÉXICO



Outros preferirán falar dos vinte millóns de persoas que congregou Xoán Paulo II na súa última visita a México, a finais de xaneiro; ou da impresionante Misa no Estadio Azteca con dous millóns de fieis, das máis variadas procedencias e etnias. As revistas eclesásticas falarán tamén dos centos de bispos e curas que o acompañaron, e recollerán os longos e densos discursos do pontífice.

A algúns interésannos máis declaracións súas das que se falou

**"Os indíxenas
son os primeiros
donos da
terra"**

menos, e que houbo que espigar nos medios impresos e electrónicos. Para o que isto escribe, a mellor frase que saíu da boca do pontífice católico na cuarta viaxe que fai a este país, cheo de católicos e rexido por un goberno laico, foi esta: "Os indíxenas son os primeiros donos da terra, polo que

son os primeiros con dereito a ela". Unha versión no México chiapaneco do vello lema revolucionario: "A terra para quen a traballa", que poderán utilizar con xustiza os zapatistas. De feito, as primeiras declaracións do Papa ó chegar a México parece ser que foron no sentido da necesidade de reiniciar o diálogo entre o goberno e o Exército Zapatista, en vía morta tra-lo incumprimento por parte do goberno de Zedillo dos acordos de San Andrés e o nulo avance nas investigacións da masacre de Acteal.

Xa me gustaría tamén que acontecera algo case imposible para este Papa, que se metera menos con esa actualización da inesquecible Teoloxía da Liberación, que é a Teoloxía Indíxena. Para o Papa, esta teoloxía padece como aquela a "contaminación marxista", e é vítima da nefasta influencia da ideoloxía materialista.

Con todo, o certo é que as declaracións papais a prol dos dereitos dos indíxenas e os explotados deste país, son unha clara condena da marxinação que padecen, que non pasou inadvertida. Algún bispo apresurouse a declarar que "as palabras do Papa non deben chiapanizarse", aludindo a que non se refiren só ó conflito desta rexión mexicana, senón á problemática de todo o continente, e que non deben tomarse "en sentido excluínte", de apoio a un só sector. Pero os que están máis vinculados ós indíxenas e apostan máis polos pobres (ademais de Samuel Ruíz, Alejo Zavala e Luis Gabriel Cuara) coincidían en afirmar que o Papa refrendou a súa opción polos pobres e a necesidade de denunciar e apoiar a defensa do

dereitos humanos, en especial dos máis marxidados. Nun sentido semellante manifestábase o presidente da "Fronte Mexicana Pro Dereitos Humanos" facendo notar que o Papa "apoiou a autodeterminación indíxena, os dereitos humanos e a paz".

Tamén é importante que, a pesar das presións que chegaron ata o Vaticano por parte dos oligarcas do país pedindo a dimisión de Samuel Ruíz, o Papa non lle dera a xubilación anticipada, aínda que xa conta con 74

**Algún bispo
apresurouse a
declarar que as
palabras do
Papa non debían
Chiapanizarse**

anos, cando a xubilación obrigatoria dos bispos é ós 75.

Cóa imaxe deplorable do máis recente escándalo vaticano, do presunto ou real apoio ó "pobriño" do vello e sanguineiro Pinochet, e necesariamente sen deixar de xulgar o negativo, cómpre tamén valorar os detalles positivos deste Papa tan polifacético, e sobre todo desta Igrexa chea de pecado e tamén de santidad, capaz de camiñar de ganchete cos ricos e tamén no compromiso cos pobres; onde collen os Marzinkus e os Casaldáligas, porque nela hai amor e desamor, violencia intolerante e paz con xustiza.

HORIZONTE UNIVERSAL

OUTRA VOLTA ARREDOR DO PODER DA XERARQUÍA NA IGREXA CATÓLICA

"Os textos conciliares debuxaban unha face amable da Igrexa... Pero agora temo-la impresión de que foi botado o freo a esa apertura... Os laicos tomaron conciencia do seu papel. Xa non queren máis ser tan só a Igrexa que escoita pasivamente, obrigada á obediencia cega. Numerosos fieis agardaban ver nacer unha Igrexa de irmáns e irmás, na que todos, homes e mulleres, clérigos e leigos, se puidesen recoñecer iguais en dignidade, tal como se anunciaba. ...Agardábase a fin do poder sagrado exercido por un pequeno número de xerarcas sobre un gran número de fieis, así como a entrada da liberdade dos cristiáns na Igrexa Católica romana. Pasado o tempo, a decepción foi cada vez meirande para moitos"

Estas verbas non son dun irimego, nin tan sequera dun teólogo progresista. Son nada menos que dun experto en Dereito Canónico, dos que, normalmente, tenden a ser tan rixidamente legalistas. Son palabras dunha conferencia pronunciada a finais do ano pasado por un canonista alemán (¿a que outro deses señores coñezo eu?), de nome Werner Böckenförde, un cura que é coengo emérito da catedral da cidade xermana de Limburg e profesor de dereito canónico en Frankfurt.

A conferencia chegounos por Internet, enviada polo *Synode du Parvis* ou "Sínodo do Adro", e foi

unha aportación ós encontros federais do movemento Somos Igrexa de Alemaña, que tiñan como lema *¿Liberdade do cristián en lugar dun poder sagrado?*.

Un Código novo que naceu xa vello

O profesor xermano dálle un completo repaso ó estado actual do dereito na Igrexa. O actual *Código de Dereito Canónico* (nomeado *CIC*, polas iniciais en latín) veu a luz dezaioito anos despois do Vaticano II, promulgado por Xoán Paulo II, como unha actualización do vello Código. Pero este novo Código xa naceu vello, sendo pouco fiel ó espírito do Concilio, tal como subliña o canonista alemán: "O lexislador da Igrexa -en última instancia tan só o Papa- manifestouse decidido non só a esganar toda posta en cuestión da estrutura xerárquica da Igrexa, senón aínda a reforzala máis". Por iso, a diferenza do Concilio, o lexislador non fala máis ca do papa como "representante de Cristo", nin sequera os bispos, e moito menos os curas, semellan compartir con el tal título.

O papa "posúe o poder supremo e directo na Igrexa", detentando mesmo un poder ordinario sobre os bispos diocesanos. Consecuentemente -tal como comenta o canonista- "non existe recurso xurídico ningún contra os seus veredictos e decretos, mesmo

por parte dos bispos". Estes só exercen un poder ordinario nas súas dióceses. Habería que engadir que ese poder dos bispos nos seus feudos diocesanos é case tan omnímodo coma o do papa na Igrexa universal: "Eu veño ser a o párroco de tódalas parroquias da diocese; pero como non podo atendelas todas, para iso teño os curas", chegou a dicir un bispo hai poucos anos na súa visita pastoral.

Como o Papa é o *superbispo* da Igrexa Católica, dicta normas para a escolla dos novos bispos e o seu "xuramento de fidelidade". Nos criterios de aptitude para poder ser bispo están os da *verdadeira fe* e os da *disciplina*. Entre os primeiros cómpre destacar: "A adhesión á doutrina e ó maxisterio da Igrexa. Especialmente no que concirne... ós documentos da Santa Sé sobre o sacerdocio, a ordenación sacerdotal das mulleres, o matrimonio e a familia, a moral sexual e a xustiza social". Referente ó segundo: "Fidelidade e obediencia ó Santo Padre... adhesión e submisión ás normas eclesiásticas, e particularmente as concernentes ó cumprimento do servizo divino e ás vestimentas dos ministros da Igrexa".

Con razón comenta o canonista: "Desprezando tódalas teoloxías e ideoloxías que teñen falado con entusiasmo sobre a comunión, é a antiga interpretación da Igrexa como *societas inaequalis* (sociedade inigual) a



Mons. Gaillot un dos "afectados" dos excesos absolutistas da Igrexa



Rita Davila

O acceso da muller ó sacerdocio é un dos tabus do momento (Na foto unha muller ordenada na Igrexa Anglicana), que domina no dereito canónico actual"; destacando que para o CIC "os leigos están subordinados á xerarquía e obrigados a obedecer en conciencia as súas leis

De calquera xeito, como é sabido, unha cousa é a teoría e outra a realidade, que é un abismo entre o esixido por Roma e o que se fai realmente na Igrexa. O abismo maniféstase, sobre todo, entre o clero e os leigos, pero tamén entre bispos e curas; e mesmo entre os bispos e o Papa. Por moito que queira impoñerse a xerarquía, a realidade é que a autoridade na Igrexa vaixe excluindo. Ultimamente liamos datos rotundos: a meirande parte dos católicos centroeuropeos non lle recoñecían autoridade moral ningunha ó mesmo Papa, porque o vían totalmente ancorado no pasado. De pouco valen así os títulos eclesiásticos.

Dez anos de ordenanzas romanas

Böckenförde presenta unha longa ringleira de documentos vaticanos destes anos que incitan

repetidamente á submisión á autoridade xerárquica. Hai ben deles coñecidos a través dos medios de Igrexa, mesmo algúns foron xa comentados nestas páxinas; pero a meirande parte deles só foron lidos polos especialistas. Posiblemente, nin sequera os bispos teñen lido tódolos documentos e encíclicas deste prolífico Papa:

1. A Instrucción *Donum veritatis* da Congregación para Doutrina da Fe (1990); sobre o papel dos teólogos católicos, en actitude submisiva mesmo sobre doutrinas que non son definitivas.

2. A Instrucción *Il Concilio* da mesma Congregación (1992); sobre utilización dos medios de comunicación social para transmitir a doutrina.

3. A Carta Apostólica *Ordinationis Sacerdotalis* de Xoán Paulo II (1994); sobre a imposibilidade de as accederen ó sacerdocio, decisión que o Papa cualifica de "definitiva", é dicir, irrefutable.

4. A Encíclica *Evangelium vitae* de Xoán Paulo II (1995); sobre como é un delicto moral grave a supresión da vida humana (aborto e eutanasia). É a primeira vez que o Papa reclama a infalibilidade para normas morais prácticas e concretas.

5. A Instrucción Sinodal *De sinodis diocesanis agendi* da Congregación dos bispos (1995); para a "boa conducta" dos sínodos diocesanos.

6. Un *Vademecum* do Consello Pontificio da Familia para uso dos confesores sobre algunhas cuestións morais da parella (1997), incídese particularmente sobre a contracepción como delicto, moral grave.

7. A Instrucción vaticana sobre *Algunhas cuestións relativas á colaboración dos leigos no ministerio sacerdotal* (1997); levantou unha grand polémica en toda a Igrexa, sobre todo na centro europea, onde mesmo

algún bispo se manifestou en contra do documento.

8. O Motu Proprio papal *Ad tuendam fidem* (1998); sobre algunhas normas introducidas no CIC, entre outras cousas referentes ás penas canónicas ós católicos que contraveñan a declaración oficial sobre o ordenación sacerdotal das mulleres. Aínda que o título latino significa: "Para defende-la fe", algúns sectores da igrexa francesa traduciron malevolamente á lingua gala "Pour tuer la foi" (Para matar-la fe).

9. O Motu Proprio papal *Apostolos suos* (1998); sobre a natureza das conferencias episcopais, para que non se excedan nas súas atribucións e sexan totalmente submisas á autoridade romana, pois "só as funcións do papa e do bispo na súa diócese son de dereito divino".

Un pequeno colofón

Como é sabido, a palabra *xerarquía* significa literalmente *poder sagrado*, poder de orixe sagrado. Moi heavy isto... porque supón que se o que diga o papa ou o meu bispo segue a ser como se o dixese Deus mesmo, está claro que a *liberdade cristiá* dos fieis (e dos curas rasos...) realízase tan só na obediencia. Non pode haber, consecuentemente, unha liberdade oposta á xerarquía e o seu maxisterio; por se non quedara suficientemente claro, a encíclica papal *Veritatis splendor* afirmou rotundamente. ¿Onde queda, logo, a presunta "soberana liberdade" do chamado "santuario sagrado" da conciencia de cada un?

Con todo ¿Non será perigoso pasar dos nosos bispos - representantes máis directos do sistema xerárquico- e de todo o que atinxe ás leis na Igrexa? ¿Non será suicida a ausencia de oposición ás afirmacións doutrinais da xerarquía e unha actitude de non darlle importancia a todo o que vén de Roma?

A UPG E A IGREXA NA GALIZA

Don Manuel segue a dicir que “Beiras é un tolo” –e moitos crenllo, porque o de Vilalba semella falar sempre cunha autoridade incontrovertible para os seus–, e os dirixentes do centro-descentrado do PP proclaman todo o alto que poden que o BNG é un partido de extremistas-marxistas-leninistas-separatistas-violentos-perigosos que “non acatan a Constitución” e queren “balcanizar” –ou “bolchevizar”– Galiza. Eles saben moi ben que, a pesar dos seus exorcismos, o Bloque é xa a alternativa renovadora ó seu caduco proxecto, sostido feblemente no liderazgo dictatorial dun home decrépito.

A realidade evidente é que algo se moveu nos últimos tempos no


nacionalismo galego, e hai que estar moi cego, ou ter moi mala fe, para pensar que o Bloque é hoxe o mesmo de hai trinta anos. Pese á cegueira de moitos ou ó escepticismo doutros tantos, o BNG –e dentro del a mismísima UPG– foi evolucionando positivamente. Mantendo a fidelidade a unha incontrovertible aposta pola realidade nacional de Galiza, o nacionalismo galego foise facendo máis moderno, tolerante e democrático; aínda que manteña algunhas eivas que, seguramente, irá superando.

Un exponente do que vimos dicindo é o último número da revista *Terra e Tempo*, vello voceiro da UPG convertido nos últimos anos nunha moderna “*Revista cuadrimestral de información, análise e interpretación de*

temas monográficos desde unha perspectiva nacionalista e anti-imperialista”, como reza a cabeceira da mancheta. Este número 11 da nova etapa leva como expresivo título monográfico “O papel da Igrexa na Galiza”.

Na presentación falan do seu propósito: “*A Igrexa como institución, como ideoloxía, como organización económica, tivo e ten unha presenza na nosa Terra tan relevante que non é posíbel comprender a nosa Historia, coñecer o noso patrimonio artístico e entender a sicoloxía deste pobo se a excluímos da nosa análise*”. Tras facer referencia a outros dous importantes documentos da UPG sobre a Igrexa de Galiza (dous números de *Terra e Tempo*, de 1965 e 1967, e o coñecido “*Manifesto da UPG aos cregos da Galiza*”, de 1974), din estas expresivas palabras: “*Pasaron 25 anos e era preciso abordar as relacións Igrexa-Galiza... Neste tempo a esquerda pasou do rexeitamento ao seu poder temporal a simplemente ignora-la. E... o certo é que a Igrexa está na sociedade galega e esta non se explica sen a Igrexa*”.


Cando Francisco Rodríguez, primeiro, e logo outro militante da UPG que traballa na revista, me pediron un artigo para *Terra e Tempo*, confeso que a miña reacción foi de sorpresa –grata sorpresa–. Sensación esta que se confirmou ó amosarme o plan da obra e porfiar no seu interese por unha colaboración feita desde a total liberdade de reflexión e exposición, na que só me suxerían o aspecto que debía abordar. “*Queremos facer unha reflexión honrada sobre a Igrexa de Galiza, feita desde dentro*”, díxerome. Teño que confesar que non me teñen solicitado tal cousa desde outras instancias máis “católicas”.



Formas simbólicas. 1999

Ilustracións:
Paulo Porta
Martínez

Exposición Diágrafa, 1999



O plano inicial era impresionante polos temas que abordaba. Pero logo, tanto a realización final coma os colaboradores, non deixaban de sorprenden gratamente. Entre os temas abordados figuraban: o papel histórico da Igrexa na Galiza medieval, nos séculos XVI-XVIII e nos últimos 60 anos; a realidade actual da Igrexa nos aspectos institucionais, económicos e

patrimoniais; a relixiosidade popular, a participación da muller... Entre os autores estaban nomes de católicos ben coñecidos dos lectores de *Irimia*, como Francisco Carballo, Xosé Antón Miguélez, Xosé Chao Rego, Marcial Gondar, Engracia Vidal e as "Mulleres Cristiás Galegas", ademais deste que suscribe. Xunto a eles figuraban outros nomes tamén coñecidos no mundo do nacionalismo como Anselmo López Carreira ou Cesáreo Sánchez Iglesias.

Penso que este é un magnífico exemplo que hai que seguir á hora do necesario diálogo social para ir construíndo unha "Galiza liberada". Diálogo entre crentes e non crentes, cristiáns e non cristiáns, xente máis á esquerda e xente do centro e da "dereita civilizada" que amen realmente a Galiza, que a leven realmente no corazón, como a levaba Castelao. Comprirá superar un certo "nacionalismo de pedigree" no que a patente galeguista só a teña un pequeno grupo de individuos.

Pero, é igualmente un exemplo a seguir para unha Igrexa en Galiza

que segue remisa a ser verdadeiramente galega, e que non se manifesta realmente disposta a entrar neste diálogo social no que si queren entrar "os outros", os presuntamente "de fóra", tal como veñen manifestando ultimamente, sobre todo desde as páxinas de *A Nosa Terra*.



Artefacto cruciforme, 1999

O CARRABOXO por XOSÉ LUIS



HORIZONTE UNIVERSAL

SOMOS IGREXA EXISTE E RESISTE (I)

Falando recentemente cuns amigos sobre Somos Igrexa, un deles comentábame -con pouco coñecemento do tema- que lle parecía que iso xa fora esmorecendo, mesmo nos países de Centroeuropa, onde nacera, pois ultimamente non se escoitaban noticias do movemento. Contra ese descoñecemento aí vai esta información referente á vida actual do movemento en Alemaña.

“Os tempos fortes actuais do Movemento do Pobo da Igrexa”

Este é o título expresivo do documento que nos chegaba de Alemaña, e que resumimos nestes apartados:

1) Parroquias e comunidades.

As actividades do Movemento proseguen baixo as súas múltiples formas nas dioceses, tanto coma nos grupos de traballo comprometidos a escala federal, entre outras, sobre o tema “as mulleres”, “parroquia e comunidade”, “teoloxía”, “celibato” e “consellos para as mulleres embarazadas en dificultade”. Coa axuda de guías e consellos prácticos, son presentadas posibilidades concretas de compromiso para preparar ás comunidades parroquiais nunha época na que os curas falten por completo ou escaseen. Para o Congreso dos Católicos Alemáns do ano 2000, *Somos Igrexa* (SI) prepara un taller sobre as comunidades parroquiais.

A semana anterior á festa dos Espírito Santo enviouse aos comités directivos dos Consellos Parroquiais e Presbiterais de cada unha das 13.300 parroquias de Alemaña unha *Carta de Pentecoste*, invitando á colaboración no seo do seu movemento.

Os días 20 e 21 de novembro deste ano, SI vai organizar en Stuttgart un *Congreso Pastoral* sobre o tema “As parroquias e as comunidades cara a novos vieiros”, dirixido especialmente a tódolos colaboradores, mulleres e homes comprometidos como titulares ou



O laicado centroeuropeo amosa un alto nivel de creatividade arredor de diversas iniciativas de cambio na Igrexa

voluntarios nas parroquias. O Congreso será preparado polo grupo de traballo de SI en conxunto con especialistas conselleiros en temas de pastoral e actividades parroquiais.

2) Unha nova acción contra a lei do celibato obrigatorio.

Con esta nova acción hai parroquias que se declaran dispostas para aceptar a un cura casado. Hai homes casados que están dispostos a empregarse coma curas na Igrexa Católica en canto este servizo deixe de ir vencellado á lei do celibato. Esta acción está animada polo grupo de traballo *Celibato* que acaba de constituírse.

3) Outras accións.

O grupo sobre o *diaconado da muller* inicia o seu traballo. Deuse un primeiro paso a favor do diaconado

da muller coa constitución do grupo sobre diaconado, no que unhas 15 mulleres iniciarán en setembro unha preparación de varios anos. Participará Angelika Fromm, membro do equipo federal de SI. Xunto con dúas asociacións femininas católicas *Mulleres Católicas de Alemaña* e *Federación das Mulleres Católicas de Alemaña*. SI tamén está presente nas redes *Diaconado da Muller*.

O futuro das organizacións de *Consello a favor das mulleres embarazadas en dificultades* aínda está por solucionar. Dende que, na súa asemblea de primavera, a Conferencia Episcopal alemana se pronunciou con ampla maioría a prol de manter o Consello en beneficio das mulleres embarazadas en dificultade, seguimos a esperar

unha reacción de Roma. A asociación *Dignidade da Muller* estase a esforzar ao abrir un primeiro centro de consello no bispado de Fulda.

Acompañamento do *Sínodo dos Bispos de Europa*. Para o Segundo Sínodo especial dos Bispos de Europa que se celebrará en Roma en outubro de 1999, SI comprométese activamente co fin de que as causas defendidas polo movemento sexan incluídas nos debates.

QUINCE MULLERES ALEMANAS INICIARÁN UNHA PREPARACIÓN DE VARIOS ANOS PARA O DIACONADO

Traballos preparatorios para o *Congreso dos Católicos Alemáns* no ano 2000 en Hamburgo. Trala invitación remitida polo Comité Central dos Católicos Alemáns para participar no desenvolvemento do Congreso dos Católicos en Hamburgo, o equipo pastoral elaborou numerosas propostas para o programa e presentoullas ó secretariado xeral do Congreso.

Esperanzas concretas con vistas ó *Congreso Ecuménico das Igrexas* no ano 2000. SI acolleu dun xeito moi positivo o anuncio do Primeiro Congreso Ecuménico das Igrexas a celebrar no ano 2003 en Hamburgo. Apoia especialmente o compromiso dos comités directivos do Congreso da Igrexa Evanxélica de Alemaña e do Comité Central dos Católicos

Alemáns, co fin de que, no transcurso de manifestacións comúns, sexa posible o compartir eucarístico conxunto.

Algunhas suxestións para participar nas accións de Somos Igrexa.

- Pedi-la revista *Journal du Peuple de l'Eglise* e distribuíla na túa parroquia e na túa bisbarra.

- Falar da "renovación das parroquias e as comunidades" e presenta-la *Carta de Pentecoste* na túa parroquia, axudarémoste no que nos pidas.

- Poñédevos á nosa disposición como relevo e dádenos autorización de comunicar igualmente o voso enderezo a outras persoas para entrar en contacto convosco.

- Sostede o noso traballo co voso . E... graciñas!

Un movemento que non cesa

Non estará de máis confirmar cómo tamén nos pobos do Estado Español a plataforma SI "existe e resiste", aínda que posiblemente con menos vitalidade da que manifesta en Centroeuropa, ou mesmo en

Norteamérica, onde o movemento *Call to Action* ("Chamada á acción") e outros semellantes asumiron os seus postulados e o seu nome (*We Are Church*). Xa teño falado noutras ocasións en *Irimia* desta vitalidade de *Somos Igrexa* en todo o mundo, particularmente no artigo "A síndrome NNA e o terceiro milenio" (nº 538), outras ocasións haberá de falar máis do tema. Os días 7-9 de Outubro será o *Foro Europeo de Cristiáns/as* en Roma e o día 10 a Asemblea Xeral do movemento a nivel internacional (IMWAC)

Con todo, aquí compre aludir ós ricos encontros estatais que xa tivo en Madrid a corrente *Somos Igrexa*, e particularmente do próximo, que vai ser en Málaga entre o 19 e o 21 de Novembro próximos. Este encontro estará centrado no tema do Xubileo 2000, e contará con algún coñecido teólogo como Juan Antonio Estrada ("El jubileo ¿parche o transformación?", titúlase o seu relatorio). Oxalá que a participación galega sexa máis nutrida ca nos anteriores encontros estatais, sobre todo por parte dos leigos, que deben ser os verdadeiros protagonistas.



Panorámica de Múnic, núcleo de actividade do movemento Somos Igrexa

O ÚLTIMO CONGRESO DE TEOLOXÍA: "O CRISTIANISMO ANTE O SÉCULO XXI"

Neste ano de tantos noves, calquera cousa sepresta para dicir que é a "última do milenio"; andrómenas en moitos casos, pero tamén eventos e encontros importantes nalgúns. Un destes foi o XIX Congreso de Teoloxía, que organiza en Madrid a Asociación de teólogos/as Xoán XXIII. O seu tema ("O cristianismo ante o século XXI. Unha mirada nova") colleume tanto, que tiven que sacrificar a Romaxe deste ano por estar alí nesta ocasión. Pena que sempre coincidan.

Unha cura de humildade para a Igrexa

O encontro foi nesta ocasión na sede de CC OO, preto do céntrico Paseo do Prado. Foi para min unha grata e un pouco novidosa experiencia -a pesar dos anos de democracia- chegar á sede da laica organización e preguntar na porta "¿O Congreso de Teoloxía, por favor?". Logo enterárame de que o aluguer do magnífico, amplo e cómodo salón, custoulle aos organizadores do Congreso moito menos que o que lles ten custado algún outro ano o aluguer dun local pertencente a unha institución relixiosa da Igrexa Católica. ¿El por que será? pode un preguntarse inxenuamente... Que responda o lector.

Non sei se tería relación con isto, pero no comunicado final pedían para a Igrexa "unha gran cura de humildade", porque despois de dous mil anos de cristianismo non se conseguiu precisamente que os cristiáns fosemos realmente prefiguración do Reino de Deus no mundo. Máis concretamente, din:

"O máis substantivo da contribución do cristianismo á cultura ética mundial debería se-lo testemuño práctico dunha identidade visceral coa causa dos pobres, o recoñecemento efectivo da dignidade da muller... o fomento da causa do desarme mundial e da paz, e o respecto ecolóxico da natureza... Os cristiáns reais somos tan deficientes en todo isto que debemos esforzarnos en facer, máis que en dicir: presentarnos como modestos dialogantes, que buscan avanzar con todos cara unha calidade mellor e máis plena da vida moral dos seres humanos".

Por iso, para este Congreso, o problema fundamental do cristianismo non é tanto

a diminución numérica dos cristiáns, senón a súa calidade. Para ter unha mirada nova e renovada, ao cristianismo cómprelle renacer "a base de calar, facer xustiza e orar", como dicía o teólogo mártir D. Bonhoeffer.

"Pensar é sopesa-lo amor que hai en cada cousa"

A frase é de Raimon Panikkar, un dos prestixiosos participantes no encontro, xunto a un teólogo tan querido como Jon Sobrino. Se este último falou do *cristianismo ante o século XXI* facendo "unha reflexión desde as vítimas", tal como reza tamén o título do seu último libro, Panikkar fixo outro tanto, pero desde Asia. Coa súa creatividade habitual, este catalán-oriental/cristián-hindú falou da necesidade que ten o cristianismo de abrirse a outras realidades: "O cristianismo xa non é unha nena pechada na Igrexa Romana, senón unha adolescente que comeza a namorarse doutros mozos, da natureza...", por iso, cómpre unha verdadeira *metanoia*; non só "cambio de *mentalidade*", senón "*superalo mental*". Non faltou tampouco unha visión do cristianismo desde África, que estivo a cargo de dous teólogos africanos Jean de Dieu Madangi, do Congo, e Fidel Podga, do Camerún, que denunciaron o colonialismo eclesial que aínda existe na Igrexa africana.

Non foron os únicos participantes. Victoria Camps (profesora de ética na Universidade de Barcelona) falou do papel das relixións na busca dunha ética universal, e a teóloga de Deusto Pilar de Miguel fixooa desde "a *Ekklesia* das mulleres" (un concepto creado pola teoloxía feminista), como unha formulación renovadora, verdadeiramente creativa e dinámica de vivi-la fe cristiá, un verdadeiro reto para a



Ó cristianismo cómprelle renacer a base de calar, facer xustiza e orar.

Igrexa ante o próximo milenio. O tamén profesor de ética Jorge Riechmann falou da "cultura da extralimitación" e a necesidade de que Occidente poña límites ao seu crecemento.

Xunto a eles, representantes dos protestantes, xudeus, musulmanes, budistas e hinduístas faloron tamén da aportación das relixións ao futuro da humanidade. Cómpre recoñecer que se houbo no Congreso unha importante autocrítica do cristianismo de cara ao século que vén, esta non se deu nas outras relixións, que tamén teñen moito que rañar. Xudeus e musulmáns faloron de que un dos fundamentos da súa relixión é a paz (o *shalom* xudeu e o *salam* musulmán) e... velái. Sen dúbida, o reto para o cristianismo é tamén o reto para tódalas relixións, pois nin sequera os pacíficos bonzos budistas deixaron de caer nalgún momento na violencia contra os outros. "Non é o mesmo predicar que dar trigo", di o sabio refrán.

HORIZONTE UNIVERSAL

A FALTA DE CREGOS: ¿QUEDOU DURMIDA A IGREXA NO TEMPO DAS MUTACIÓNS CULTURAIS?

¿Quen vai atoparlle atractivo a un "equipo de perdedores en discordia"?

Esta é a pregunta de **Franz Helm**, membro da "Misión Steyler" e antigo secretario xeral en Austria das "Obras Misionais Pontificias". Franz Helm esixiu novos conceptos de conxunto adaptados ó noso tempo para a pastoral, co fin de esperta-lo interese polas vocacións ó sacerdocio. Pensa que a Igrexa segue a apoiarse excesivamente sobre conceptos balorentos. En lugar de reaccionar con ideas novas ante as modificacións que interviron nas estrutu-

ras da sociedade e da Igrexa, procura-se mante-las de outrora, aínda que estas "xa non sexan as ferramentas apropiadas para servizo do home de hoxe". Isto é certo, segundo Helm, aplicado á forma en que tratámo-lo o problema da falta de curas. "En lugar de emprender modificacións estruturais e de asocia-las parroquias ós cargos de responsabilidade por unha multiplicidade de servizos, téntase mante-lo *statu quo* a pesar da carencia de personal. En lugar de facer que as parroquias sexan conscientes da falta de curas, dáselle-la impresión de que todo irá ben de calquera maneira recorrendo a curas chegados do estranxeiro".

Helm aludiu a certos factores que noutroza favoreceran as vocacións pero que hoxe desapareceron por causa das mutacións sociais e culturais. De xeito que hoxe apenas existen familias numerosas nas que no pasado era máis doado "regalar" á Igrexa un fillo ou unha filla. No eido escolar, a Igrexa tampouco mantivo a mesma influencia determinante de outros tempos. Tampouco se considera hoxe a vocación de cura como unha "promoción social". Ademais, un número crecente de homes ten dificultades para atarse de por vida.

En lugar de reaccionar con ideas novas ante as modificacións que interviron nas estruturas da sociedade e da Igrexa, procúrase mante-las de outrora

O Simposio dos Bispos e Rectores de Seminarios de Austria, celebrado en maio do ano pasado en St. Georgen/Längsee (Carintia) sobre o tema "Chamados a servir", expresouse sobre a "Pastoral das vocacións", sinalando que a Igrexa perdeu a súa oportunidade de enraizamento nun contorno socio-cultural transformado.

IRIMIA
REVISTA UNIVERSAL DE CARIÓNICA CULTURAL

Dúas por unha:
eleccións xerais e
consulta popular sobre a
débeda externa.



EDITA: Empresa periodística A. IRIMIA

DIRECCIÓN: Carmen Puente Fernández, Tlf. 981 585 330

COORDINACIÓN: Daniel López Muñoz, Rubén Rivas Vidal, Pedro Pedrouzo Devesa.

ARQUIVO FOTOGRÁFICO: Rubén Rivas Vidal, Luciano Pena Andrade

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Muñoz, Mariano Guizán Sánchez, Luciano Pena Andrade, Luis Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Eliseo Miguélez Díaz, Antonio Fdez. Oca, Tonecho Mexide, Anxo Moure, Tintín Manolo Sordo, Francisco Lorenzo Mariño, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Miramontes, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Xosé Manuel Carballo, Agustín Bueno, Manuel Pérez Blanco, XAGG, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Henar Roman, Valentina Formoso Goderse, Celia Castro Ojeda, Gerardo Castedo Valbuena, Goretti Santos, Unai Suarez, Beatriz Cedrón Vilar

ADMINISTRACIÓN: Pablo Mougán

Apdo. 980 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 981 57 79 11 (contestador)

SUBSCRIPCIONES: ordinaria: 2.500 pts. real: 3.000 pts. de Apoio: 5.000 pts. Correo electrónico - irimia@wanadoo.es

CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago / Caixa Postal CC/1302-6000-83-0017905488

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 TIRADA: 1.300 exemplares DESEÑO E MAQUETACIÓN: Ninfá e Riveiro

IMPRIME: Artes Gráficas LITONOR S.A.L. DISTRIBÚE: IMPACTA

FEITO EN PAPEL RECICLADO



O envellecemento das parroquias

Helm ve como causa principal dos problemas vencellados ó recrutamento para o sacerdocio na Igrexa, ser unha oportunidade. O “envellecemento” das parroquias vai a máis, cada vez menos familias novas participan na vida comunitaria. Quedan poucas pastorais xuvenís que funcionen a nivel parroquial. Cómpre engadir, segundo di, que a Igrexa, como institución, goza dunha “imaxe equívoca” na opinión pública, o que non propiciou que “sectores de actividades que van en direccións opostas” dentro da Igrexa estreiten a súa alianza e se presenten cara ó exterior coma un conxunto unido. Os “prexuízos que isto causa á consideración” da que goza a Igrexa son importantes e a tendencia a recoñecerse nesta Igrexa parece baixar no que respecta ós seus membros.

Mais, en lugar de aceptar estas mutacións da situación como “signos dos tempos” e de consideralos positivamente como un desafío, con frecuencia soñamos cunha “sociedade

cada vez menos familias novas participan na vida comunitaria

marcada pola Cristiandade” na que a Igrexa era “dominadora da sociedade” coa súa “riqueza en curas e ordes relixiosas”. Helm formula duras críticas ó respecto: téñense “demasiado pouco” en conta ós homes do noso tempo –especialmente ós novos– no seu modo de considerar e de viví-la súa vida. Helm declara textualmente: “¿Cómpre que un teña que empezar por abandona-la súa orixinalidade, o seu contorno de vida e características culturais antes de poder participar co

seu labor nunha tarefa eclesial? ¿Existe alguén disposto a presta-la súa colaboración en condicións semellantes?”, e tamén “un equipo de perdedores onde reina a discordia ¿ofrece algún atractivo?”, pero, por desgracia esta é a imaxe da Igrexa que perciben moitas veces hoxe en día os

en lugar de aceptar estas situacións como sinais dos tempos, con frecuencia soñamos cunha sociedade marcada pola Cristiandade


mozos de Austria”. Segundo as verbas de Helm, a Igrexa non só ten que empezar por “recupera-la calma”, moito máis, debe “poder ofrece-lo marco dunha experiencia concreta como espacio de liberdade dentro do cal, homes e mulleres teñan relacións fraternas e os pobres e mailos excluídos estean de primeiros”. Isto non funcionará mentres os conflitos internos da Igrexa estean á vista a plena luz do sol.

Preguntar primeiro o que é o “servicio do home”.

Por este motivo Helm recomendoulle á Igrexa que se preguntara antes que nada en qué consiste o seu servicio ó home de hoxe e só despois qué serán as “funcións correspondentes a este servicio”, que, daquela por forza serán requiridas. Será preciso, neste contexto, ir máis aló da estrutura do servicio de Igrexa centrado na persoa do “clérigo”. Xa que, se lle damos preferencia ó servicio dos homes, abrírase un “espacio

dunha multitude de servicios”. Se se precisa da colaboración dos leigos, non se debe ó pequeno número de cregos. É necesaria porque cada cristián está chamado a viví-la súa “misión” dentro da Igrexa e para o mundo. A diversidade das funcións de servicio tamén permitirá discernir mellor o que o servicio do cura e maila vocación das ordes relixiosas teñen de específico.

Ó aumenta-la diversidade dos servicios, tamén poderíamos hoxe aliviar ós curas e relixiosos e darlles máis liberdade –a pesar da falta de cregos– para que poidan asumir-la súa función específica. A sobrecarga de traballo para un número de cregos e relixiosos que vai mingando ten como consecuencia o feito de que xa non se ve neles a “homes espirituais” senón a “organizadores materiais da vida relixiosa, sempre na brecha”. E, comenta Helm: “Facilmente podo imaxinar que unha vida así non engaiole á xuventude”.



HORIZONTE UNIVERSAL

NON SEN TEMPO, A IGREXA PIDE PERDÓN...


Tras supera-los atrancos da Curia vaticana e moitos cardeais, o 12 de marzo, primeiro domingo de Coresma do Xubileo 2000, o Papa pediu perdón polos abusos cometidos pola Igrexa Católica na súa historia. Na V Asemblea Plenaria do Colexio Cardinalicio, en 1994, non se aceptara de bo grao a proposta papal de pedir perdón polos pecados cometidos pola Igrexa nos seus 2000 anos de historia; as intervencións naquela asemblea foran adversas, salvo a do cardeal Etchegaray, presidente de "Justicia e Paz". Con todo, a cousa foi adiante, e o Papa expuxo na bula *Incarnationis Mysterium* a necesidade dunha "purificación da memoria" por parte da propia Igrexa, como elemento característico do Xubileo 2000.

No seu *mea culpa*, o Papa dixo na súa homilía en San Pedro: "Non podemos non recoñecer as infidelidades ao Evanxeo nas que incorreron os nosos irmáns. Pedimos perdón polas divisións producidas entre cristiáns, polo uso da violencia que algúns deles utilizaron no servizo da verdade e polas actitudes de desconfianza e hostilidade

exclusións, opresións, ferir aos pobres e aos pequenos».

As palabras do Pontífice estiveron enmarcadas nunha coitada liturxia penitencial na basílica de San Pedro, que comezara cun signo expresivo, e seguramente honrado e moi sentido por parte do papa; este prostrouse en oración diante da impresionante Pietá de Michelangelo. "Do mesmo xeito que a Pietá leva o corpo co Crucificado - comentaba o bispo Jacques Gaillot na súa última *Carta de Partenia*- Xoán Paulo II levaba os pecados da Igrexa".

Pedimos perdón polas divisións producidas entre cristiáns, polo uso da violencia que algúns deles utilizaron no servizo da verdade



Gaillot interpela: "Pedir perdón por excluír está ben, pero ¿Que fai a Igrexa hoxe sobre o sufrimento dos divorciados excluídos da eucaristía.

usado cara aos seguidores doutras relixións". O papa repetiu emocionado varias veces "nunca máis": "Nunca máis atentar contra a caridade no servizo da verdade... nunca máis o recurso á violencia, nunca máis discriminacións,

Os sete pecados polos que pide perdón a Igrexa

A homilía completouse coa petición de perdón da Igrexa, representada por sete cardeais; en cada manifestación ían acendendo unha veliña expiatoria ao pé do santo Cristo:

1. Pecados *xerais do pasado* (B. Gantin, decano do Colexio Cardinalicio).
2. Pecados nos *métodos usados no servizo da verdade*, aínda que non se nomeara expresamente a realidade vergoñenta da Inquisición (J. Ratzinger, prefecto da Congregación para a Doutrina da Fe).
3. Pecados *contra a unidade dos cristiáns* (R. Etchegaray).
4. Pecados *contra os xudeus, "o pobo da alianza"* (E.I. Cassidy, presidente do Consello para a Unidade dos Cristiáns).
5. Pecados *contra o respecto ás outras relixións, ao amor, a paz, e as culturas*, sobre todo *ás minorías*, particularmente na *conversión coa forza da espada* que impuxo ás xentes doutras relixións e culturas (Hamao, monseñor xaponés responsable da Pastoral dos Emigrantes).
6. Pecados *contra os dereitos humanos* e particularmente *contra a dignidade da muller* (Arinze, presidente do Consello para o Diálogo Interrelixioso).
7. Pecados *polos abusos contra os pobres e os marxinados* (Van Thuan, monseñor vietnamita que pasou varios anos no cárcere).



Foto: Maurizio Brambatti

Podían engadirse algúns máis, pero particularmente se bota en falta outro, no que a Igrexa podía facerse máis discípula de Francisco de Asís, Xoán da Cruz ou Teilhard de Chardin: pedir perdón por ter xustificado ao longo dos séculos o dominio indiscriminado e espoliador do seres humanos sobre a natureza, saqueada e violada de xeito inmisericorde; esquecendo que somos parte desa nature-

o xesto papal alegrounos a moitos; tiña o seu valor

za, e que Deus nos puxo nela como coidadores, non como donos déspotas.

Con todo, o xesto papal alegrounos a moitos; tiña o seu valor e manifestaba unha certa audacia, inhabitual na Igrexa, recoñecendo os seus pecados de intolerancia, inxustiza e violencia exercidas no nome do Evanxeo. Outras relixións (xudeus, musulmáns... outras confesións cristiáns) deberían tomar nota.

Pero, esta confesión papal-cardinalicia sóanos demasiado a un *mea culpa* polo pasado, cun silencio verbo do presente, aínda que Xoán Paulo II dixera expresamente: "Confesamos as nosa responsabilidades polos males de

hoxe". Así se cuestionaba desde a reflexión e os testemuños na revista relixiosa *Adista*; o teólogo Giulio Girardi, comentaba agudamente: "A autocrítica, salvo algunha tímida excepción, non atinxe á Igrexa como tal, senón só a algúns dos seus fillos"; mesmo non afecta nin aos pontificados recentes nin ao actual pontificado, a pesar dos "comportamentos autoritarios e represivos" da Curia romana no trato de teólogos e bispos progresistas.

E aínda compre engadir algo máis.

¿En que se vai manifestar realmente esa petición de perdón?

O arrepentimento auténtico esixe un verdadeiro propósito de emenda

Unha petición de perdón non pode ser válida sen fondo e sincero arrepentimento e un honrado propósito de emenda, con reparación dos danos ocasionados... como proclama a práctica penitencial da Igrexa. Como recoñecía o bispo Jacques Gaillot, "compre un acto de reparación que atestigüe ese cambio de orientación... non se pode exercer unha verdadeira reconciliación sobre a base do simple esquecemento" E aí é onde lle atopamos os máis grosos *peros* a esta declaración da Igrexa. ¿En que se vai manifestar *realmente* esa petición de perdón? ¿Van cambiar as súas posturas autoritarias, intolerantes e perseguidoras de calquera crítica dentro da Igrexa, da discriminación da muller e dos que son diferentes... ou dun ecumenismo que só agarda a que os *irmáns separados* volvan o seu redil?

Resultan ben expresivas para rematar unhas verbas do profético bispo francés:

"Pedir perdón polo non respecto da dignidade das mulleres está ben, pero ¿que fai hoxe a Igrexa para facer desaparecer a discriminación da que son obxecto as mulleres? Pedir perdón polas ofensas aos pobres e marxinalizados está ben, pero o que conta hoxe é ver á Igrexa poñerse a carón deles e cuestionar o poder dos poderosos. Pedir perdón polas exclusións feitas ao longo dos séculos está ben, ¿pero que fai a Igrexa hoxe sobre o sufrimento dos divorciados voltos a casar e excluídos da eucaristía, os curas casados excluídos do ministerio, os teólogos excluídos do ensino...? Xoán Paulo II lanzou unha vibrante chamada aos cristiáns, repetindo *nunca máis*... ¡Oxalá que esta chamada do Papa se traduza en prácticas de liberación na vida da Igrexa"

LIAM NEESON, OS CATÓLICOS E OS PROTESTANTES, CON IRLANDA E ESPAÑA Ó FONDO

Un actor católico contra o integrismo protestante en Irlanda...

Liam Neeson é un actor irlandés ben coñecido dos amantes do cinema, polos seus traballos en numerosas películas, a meirande parte delas boas. Mesmo os menos coñecedores do mundo do cine teñen visto ou oído falar de películas que pretenden algo máis ca entrete-lo espectador, como *A Misión*, de Roland Joffé (onde o actor irlandés era un dos ousados xesuítas que defendían os indíxenas), ou a oscarizada *A lista de Schindler*, de Steven Spielberg (onde interpretaba o papel protagonista, polo que tivo un recoñecemento internacional); posiblemente coñezan tamén *Michel Collins* e outras películas nas que o actor interpreta valentes heroes nacionalistas.

Pois ben, o que quizais non coñezas tanto o lector é que este magnífico actor se declara un católico practicante, cousa bastante habitual sendo irlandés. A razón pola que falo del nesta ocasión ten relación con isto último, pois o actor rexeitou o nomeamento de cidadán de honor da

súa cidade natal, Ballymena (Irlanda), porque, algúns políticos da comunidade protestante cren que o actor católico, non merece o honor por uns comentarios que lle fixo á revista norteamericana *George*, segundo informou o diario británico *The*

**É triste que a
relixión sexa fonte
de intolerancia,
no canto de
cumpli-los seus
fins de
comprensión e
achegamento a
todos**

Independent. As críticas proceden, concretamente, do Partido Unionista Democrático, liderado polo coñecido protestante integrista Ian Paisley, que considera despectivas as manifestacións realizadas polo actor á citada publicación. Alí Lian Neeson dixo

cousas coma estas: "Mentres medraba, tiña o sentimento de que nós, os católicos, eramos cidadáns de segunda categoría. Só o racionalicei cando cheguei á idade dos 19 anos, e empecei a analízalo lendo a historia do noso país".

Nun fax enviado ó concello da súa cidade natal, o actor asegura que aprecia o ofrecemento que lle fan, pero que non pode aceptalo pola oposición dun sector da comunidade protestante. "Sempre estarei orgulloso da miña infancia en relación coa miña cidade e o meu país de nacemento, ós que promoverei sempre que se presente a ocasión", dixo Lian Neeson. A noticia manifesta unha vez máis a realidade da sociedade nórdirlandesa, cos irreconciliables enfrontamentos político-relixiosos entre os católicos, que se senten irlandeses, e os protestantes que prefiren máis ser ingleses.

**...e os protestantes de aquí
contra integrismo católico en
España**

O máis curioso do caso é que eu recibín a noticia precisamente a través



EDITA: Empresa periódica A. IRIMIA

DIRECCIÓN: Carmen Puente Fernández, Tlf. 981 557 333.

COORDINACIÓN: Daniel López Muñoz, Rubén Rivas Vidal, Pedro Pedrouzo Devesa

ARQUIVO FOTOGRÁFICO: Rubén Rivas Vidal, Luciano Pena Andrade

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Muñoz, Mariano Guizán Sánchez, Luciano Pena Andrade, Luis Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tereixa Ledo, Eliseo Miguélez Díaz, Antonio Fdez. Oca, Tonecho Meixide, Anxo Moure, Tintxu Manolo Sordo, Francisco Lorenzo Mariño, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Miramontes, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Xosé Manuel Carballo, Agustín Bueno, Manuel Pérez Blanco, XAGG, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Hénar Roman, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Gerardo Castedo Valbuena, Goretti Santos, Unai Suarez, Beatriz Cedrón Vilar.

ADMINISTRACIÓN: Pablo Mougán.

Apdo. 980 - 15705 Santiago de Compostela. Telf. 981 57 79 11 (contestador).

SUBSCRIPCIONS: ordinaria: 2 500 pts. real: 3 000 pts. de Apoio: 5 000 pts. **Correo electrónico:** irimia@wanadoo.es

CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago / Caixa Postal CC/1302-6000-83-0017905488

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1 300 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa e Riveiro

IMPRIME: Artes Gráficas LITONOR S.A. **DISTRIBÚE:** IMPACTA

FEITO EN PAPEL RECICLADO



dun correo electrónico dunha axencia evanxélica española, no que lle manifestaban o apoio dos protestantes españois ó actor, en desacordo cos seus correligionarios integristas irlandeses. A manifestación era de Pedro Tarquis, Conselleiro de Medios de Comunicación da Federación de Entidades Religiosas Evanxélicas de España (Ferede), que integra a maior parte das Igrexas protestantes. Este pastor evanxélico cualificou de absurda a postura do Partido Unionista, acusándoo de falta de tolerancia: "É triste que a relixión sexa fonte de intolerancia, no canto de cumprilo seus fins de comprensión e achegamento a todos, especialmente ós que son diferentes". Indicou tamén que a actitude do Partido Unionista demostra precisamente que as declaracións de Neeson están fundamentadas, e expresou o apoio dos evanxélicos españois ós protestantes irlandeses que se distanciaron dos políticos unionistas que criticaron o actor, entre eles o alcalde da cidade.

Seguramente non influíu pouco nestas manifestacións o feito de que tamén os protestantes españois teñen



o sentimento de que son "cidadáns de segunda categoría". Un sentimento certamente fundado nesta católica España, na que declararse protestante está aínda peor visto ce declararse

agnóstico ou ateo; e onde as diferentes confesións son a miúdo tachadas de sectas, nunha evidente manifestación de desprezo, que reflicte tamén unha profunda ignorancia.

I M P R E S O D E S U B S C R I C I Ó N

Se queres subscribirte á revista IRIMIA, ou coñeces a alguén que lle poida interesar e recibir de balde os tres próximos números, recorta e envíanos os datos ó Apartado 980 15705 SAN-TIAGO DE COMPOSTELA

NOME: APELLIDOS:
 ENDEREZO:
 CÓD. POSTAL: CONCELLO OU CIDADE: PROVINCIA:

PARA SUBSCRICIÓN:

SUBSCRICIÓN ANUAL - SINALAR CUN X:

Ordinaria: 2.500 pts. ☐

Real: 3.000 pts. ☐

De apoio: 5.000 pts. ☐

DOMICILIACIÓN

BANCO OU CAIXA E AFORROS:CÓD. POSTAL:

DOMICILIO DO BANCO:PROVINCIA:TITULAR DA CONTA:

CONCELLO OU CIDADE:
 Nº de CONTA: / /

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En a de de 199

Atentamente:

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.

Conta: CAIXA GALICIA: 2091-0349-45-3040005822

CAIXA POSTAL: 1302-6000-83-0017905488

XOAN PAULO II NOS SEUS 80 ANOS



Foto: Associated Press

O pasado 18 de maio o Vaticano celebraba con solemnidade os 80 anos do papa Xoán Paulo II. 80 cardeais, 300 arcebispos e bispos e unha impresionante marea branca de seica preto de seis mil curas, que concelebraron con el a Misa, aproveitando tal evento para facer o xubileo 2000 dos sacerdotes en Roma. O papa lembroulle-los seus máis de cincuenta anos de cura e os máis de vinte de papa, e díxolles que levaba a tódolos seus "irmáns de sacerdocio" no seu corazón. En resposta, o cardeal Darío Castrillón, prefecto da Congregación para o Clero, dixo no nome dos presentes: "Sentimos que nos guía un home de Deus, que conquistou o amor e o respecto máis aló de calquera barreira humana".

Sen dúbida este é un *papa dos records*: 13 encíclicas e preto dun cento de documentos maxisteriais, varios libros e numerosas entrevistas, centos de canonizacións, 92 viaxes fóra das fronteiras italianas, numerosos e significativos xestos políticos e ecuménicos... Todo isto, realizouno o papa Wojtyła convencido de que a Divina Providencia foi a que guiou os seus

pasos para que puidera "introducir á Igrexa e á Humanidade no Terceiro Milenio", como profetizara o seu amigo e primado polaco Stefan Wyszyński.

Pero esa pretendida *unanimidade* arredor deste Papa que rexeu con man de ferro os destinos da Igrexa nos últimos vinte anos, non é tal; e a contestación, máis clara ou máis velada, foi unha constante do seu pontificado. Un pontificado marcado polas contradicións do seu personalísimo talante, a un tempo *moderno* nuns aspectos (viaxes, xestos dignos dun gran líder actual no uso da imaxe e os *mass media*...), pero furibundamente antimoderno en todo o que non cadrara co que *el pensa*, convencido de que *é o pensamento da Igrexa*. Particularmente duro coa contestación interior de teólogos e laicado. O último anacronismo foi a beatificación dos pastoriños e a revelación do gardadísimo *segredo* de Fátima.

Con ocasión deste evento, pedíume *Irimia* que solicitara a opinión de amigos/as clérigos e leigos sobre o papa, e a miña caixa de correo electrónico recibiu algunhas substanciosas respos-

tas, das que extracto o fundamental. Son evidentemente parciais, pero con importantes puntos de coincidencia; xa se sabe que outros dirían cousas ben diferentes desde posturas máis conservadoras. Teño que engadir que os meus amigos teólogos non quixeron responder; máis por aburrimiento do tema que por outras razóns, como me comentou algún. "Que se vaia", resumía outro teólogo a súa opinión, *off the record*, sobre un pontificado que dura xa máis do que debiera e que encadeou moitas cousas na Igrexa.

DOUS LEIGOS E UN CLÉRIGO GALEGOS

Xulio Giz Ramil. O coñecido xornalista e animador cultural lucense escribe: "É difícil para un tibio vulgar ó Patriarca da Cristiandade con todo o peso que a figura ten de tradición e de pompa, pero tamén dunha indubidable modernidade, actualidade e cercanía; un Papa persoal e humano. Visto case "desde fora", pero mergullado en todo o meu labor entre xentes da Igrexa, paréceme observar que é un Papa prisioneiro da realidade do seu país e dos seus temores, que non quixo ou non soubo entrar fondamente na sociedade de hoxe: A muller na Igrexa, o papel dos cregos, o sexo... A Igrexa vai a remolque da sociedade. Este Papa vai a remolque da Igrexa".

Helena Villar Janeiro. Esta escritora, coñecida polo seu compromiso galeguista, pensa que Xoán Paulo II é "moi contradictorio": "Terribilmente conservador, deu pasiños novidosos no comportamento secular dunha Igrexa soberbia, como pedir perdón por algúns dos erros cometidos a través da historia. Achegouse algo ós tempos e pasou a ser un personaxe social que usa os medios de comunicación e se despraza polo mundo, pero mantendo un boato tras-

noitado que o separa demasiado dese rabaño que di servir. Por outro lado, a súa postura con relación á sexualidade está moi pouco en consonancia cos nosos días. E as opinións que ten vertido sobre as mulleres... son demasiado anacrónicas e deberan ser consideradas ofensivas para esa metade da humanidade que el debiera promocionar outorgándolle a dignidade que merece”.

Bernardo García Cendán. O cura e sociólogo ben coñecido das xentes de Irímia escribe: “Creo que Xoán Paulo II é un home de forte personalidade que entrou no Vaticano con ideas básicas claras do que quería facer. Interesantes, aínda que moi limitadas, cara a fóra da Institución. Moi discutibles cara a dentro, presididas polo obxectivo de reforzamento da burocracia, que sempre foi o medio de control máis propicio para conserva-lo poder. Moitas destas decisións foron negativas e ás veces crueis cos que trataban de deseñar unha Igrexa anovada nunha sociedade afrontada ó cambio social máis forte de toda a historia da humanidade. Si Weber chamou á burocracia “gaiola de ferro”, esta denominación resulta especialmente crítica cando se trata de erguer unha palabra viva no confuso balbordo dunha comunidade mundial que camiña sen saber a onde quere ir. Foi, efectivamente un papa “polaco”. Os horizontes máis lonxanos están sempre moi mediatizados polos pequenos horizontes da nosa primeira socialización. Sabía da importancia da xustiza social que na Polonia da súa formación chocou frontalmente coa liberdade, e os traballadores polacos loitaban pola liberdade cun rosario na man”.

UNHA PORTUGUESA E UN MADRI-LEÑO DE “SOMOS IGREXA”

Ana Vicente. Esta xornalista feminista e responsable de *Somos Igrexa* escribe: “João Paulo II é una personalidad extremadamente forte e determinada que obviamente está completa-

mente convicto das suas certezas. Temos que reconhecere que alguns dos seus gestos têm qualidade profética e exemplar... Contudo, como católica lamento as suas posições intransigentes e muito pouco teológicas face à escandalosa exclusão das mulheres do sacramento da ordem.... Lamento também profundamente o temor demonstrado por alguns sectores da hierarquia e pelo papa face à sexualidade, que borda o irracional... O amor que devemos a Jesus Cristo e ao próximo/a no se compadece com patéticos destas, enquanto o armamento é a maior indústria do mundo e continuamos a conviver com um número escandalosamente elevado de pobres... Desejaria que João Paulo II tivesse como prioridade a fidelidade aos evangelhos e não a preservação rígida de estruturas e de normas caducas...”.

A contestación foi unha constante do seu pontificado

Javier Malagón. Xornalista e coordinador de *Somos Iglesia*. “Como periodista y analista eclesial me llama la atención la amplia -y en general positiva- cobertura que los medios de comunicación de masas dispensan a este Papa... porque, paradójicamente, contrasta con el mucho menor apoyo que reciben sus obispos por los mismos medios de comunicación... Parece que la figura del Papa y sus mensajes son un componente funcional y recurrente en el repertorio de discursos institucionales de los que se hacen eco los *mass media*, directamente controlados por la alianza entre poderes políticos y capitales financieros. Diría que el reforzamiento de la figura papal ha caminado parejo a la pérdida de imagen y credibilidad de las estructuras intermedias



de la Iglesia. Juan Pablo II parece un Papa que cada vez más se sostiene sobre el poder que le conceden los medios y menos sobre el poder de su Iglesia (obispos, congregaciones, fieles...). La Iglesia católica ha ido perdiendo terreno en muchos ámbitos y se enfrenta a un futuro incierto, pero nuestras sociedades no pueden prescindir de instituciones productoras de sentido, y la Iglesia es una de las más importantes...debidamente controlada.

E UN PSIQUIATRA CRISTIÁN, PARA REMATAR

Javier Alvarez. É psiquiatra clínico e publicou unha tese co título *Mística y depresión* (Ed. Trotta). “No me atrevo a opinar sobre un personaje al que apenas conozco, me limitaré a dar tres o cuatro pinceladas. Se ha esforzado por la unión entre todos los credos y también por reparar errores históricos de la Iglesia; sin embargo creo que él mismo ha caído en otros: su incapacidad para concebir la sexualidad como un modo de comunicación entre las personas, le ha llevado a una postura extrema en cuanto a las medidas de control de la natalidad. En este aspecto, pienso que se opone al necesario devenir histórico de la humanidad. Comprometido en lo social, predica en cambio una moralidad formalista, rígida y fría. En sus actuaciones públicas lo encuentro excesivamente pendiente de los medios de comunicación, me gustaría verlo más hacia dentro”.

A INTOLERANCIA ANTIECUMÉNICA, CONTESTADA. UNHA AVALIACIÓN DA REPERCUSIÓN DO DOCUMENTO "DOMINUS IESUS"

A comezos de setembro o cardeal Joseph Ratzinger, Prefecto da Congregación para a Doutrina da Fe, publicou o documento "Dominus Iesus. Declaración sobre a unicidade e a universalidade salvífica de Xesús Cristo e da Igrexa". Causou rexeitamento por todo o mundo, dentro e de fóra do catolicismo, sobre todo por parte das igrexas protestantes, que se sentían atacadas. E non era para menos, xa que o texto vai na dirección contraria do rumbo ecuménico do Vaticano II. Afortunadamente, outro cardeal, Carlo Maria Martini, contestou a Ratzinger asegurando que "a posibilidade de lograr a plena salvación non é prerrogativa exclusiva de quen está dentro dunha igrexa".

Un documento plúmbeo con varios puntos polémicos

O documento de Ratzinger, ratificado por Xoán Paulo II, é un pesado texto de 36 páxinas, divididas en 23 puntos; algúns deles implican un paso atrás no ecumenismo, pechando o diálogo, volvendo á hexemonía católica. Ratzinger utiliza un ton agresivo contra as demais confesións, defendendo a pureza do dogma, abafado, segundo el, polas "teoloxías relativistas" que miran con indulxencia a tódalas relixións, convencidas de que "tanto vale unha coma outra".

A Igrexa non debe renunciar á Verdade -afirma Ratzinger- por defender unha "falsa tolerancia relixiosa". "A Igrexa de Cristo -di o documento- subsiste unicamente na Igrexa Católica" (n.16), única que ofrece salvación "completa e universal".

O texto fala positivamente das Igrexas ortodoxas que manteñen a Eucaristía e unha xerarquía similar á de Roma, pero exclúe os protestantes, centrados na figura de Cristo. Das confesións protestantes, di que "as Comunidades eclesiais que non conservaron o Episcopado válido e a xenuína e íntegra sustancia do misterio eucarístico, non son Igrexa en sentido propio" (n.17).

Fala de respecto polas outras relixións, pero alerta ós católicos contra as ideas relativistas que consideran "unha especie de fundamentalismo afirmar que existe unha verdade universal, e veno coma un atentado contra o espírito moderno, unha ameaza contra a tolerancia e a liberdade". Aínda recoñecendo que o Concilio falara da "gracia salvadora de Deus que chega ós non cristiáns", afirma Ratzinger que a Igrexa non pode ser considerada una vía de salvación "xunto ás outras relixións, que por iso serían equivalentes á Igrexa", cando a estas non corresponde "a orixe divina e a eficacia salvadora" (n.21).

As reaccións de xornais e revistas

Houbo críticas desde fóra e desde dentro da Igrexa católica. O propio Papa viuse obrigado a facer algunhas "precisións" ó documento, pero sen aportar nada importante.

Irimia falou do documento no seu editorial do número 587 e nun artigo de Bernardo García Cendán ("Unha aposta moi radical"), no que este recoñecía con humor que esta reacción xerárquica "resulta moi humana", porque "se os que pertencen a outras confesións, ou mesmo andando por

libre, tamén se poden salvar ¿para que termar dos mandados dunha Igrexa?

Vida Nueva, revista da Igrexa española, editorializou sobre a "inoportunidade" do documento e o freo que supón ó diálogo interreligioso, ao traballo misionero e á investigación teolóxica. O diario católico francés La Croix, máis duro, sinalou que "o absolutismo que se pecha sobre si mesmo pode facer máis dano que unha xusta relativización que permita abrirse ó outro". E no mundo máis laico, El País dedicoulle amplo espacio ó longo de varios días, con información e opinión, que os bispos consideraron "unha información sesgada".

As reaccións dos protestantes

O Consello Ecuménico das Igrexas, que agrupa a 337 igrexas protestantes, mostrou o seu malestar e recordoulle a Roma: "Qué traxedia se o testemuño do cristianismo fronte a un mundo torturado quedase escurecido polas proclamas das distintas igrexas sobre a súa autoridade e status, por moi importantes que sexan". O primado da Igrexa Anglicana, George Carey, manifestou: "A Igrexa Anglicana non acepta estes ataques, xa que comparte o mesmo Deus, e vén ser unha Igrexa



Católica e Apostólica, coma a romana". O presidente da poderosa Igrexa Evanxélica Alemana, Manfred Koch, afirmou que o documento "*ven negalo principio de paridade no diálogo ecuménico*". E o pastor Jean-Arnold Clermont, da Federación Protestante Francesa, apuntou: "*Contrasta coas invitacións á humildade e á apertura ós outros feitas pola Igrexa Católica durante o ano xubilar*".

As reaccións dentro da Igrexa católica

A primeira reacción foi a da **Conferencia Episcopal Brasileira**, a meirande do mundo católico: "*A Comissão Episcopal do Brasil deseja reafirmar o seu compromiso ecuménico. Manifesta a todos os cristiãos a estima da Igreja Católica que os reconece justificados pela fé e incorporados a Cristo e os abraça com fraterna reverência e amor... Acredita que o movimento ecuménico, surgido entre os irmãos e irmãs de outras igrejas para restaurar a unidade de todos os cristiãos, é uma obra do Espírito Santo...*".

Veiu logo un artigo de **Leonardo Boff**, titulado *Joseph Ratzinger: ¿exterminador do futuro? Sobre a "Dominus Iesus"*. O teólogo brasileiro, fai unha intelixente e durísima crítica: "*O cardeal J. Ratzinger bríndanos un documento doutrinario ... no que se expón cal é a visión que unha parte da Igrexa... ten da revelación... e do diálogo ecuménico e inter-relixioso... O futuro que presenta é aterrador, pero absolutamente coherente co sistema que a Igrexa xerárquica vaticana elaborou ó longo dos últimos séculos*".

O artigo está dividido en 4 puntos: 1) "*A inaudita agresividade dun cardeal tímido*", no que resume as afirmacións dicindo con humor: "*Cristo é o único camiño de salvación e a Igrexa ten a peaxe exclusiva*". 2) "*O capitalismo xerárquico romano*", no que afirma que este documento é tipicamente sectario e totalitario, pechado en si mesmo. No 3) "*Erros teolóxicos que fan inaceptable o documento vaticano*". Non anuncia a centralidade do amor, nin predica a importancia decisiva dos pobres. Ademais "*ofende ó Verbo que ilumina a todo ser humano que vén a este*

mundo (Xn 1,9)... blasfema do Espírito que sopra onde quere (Xn 3, 8)...

E, en fin, un coidado **documento asinado por 73 dos mellores teólogos** católicos do momento, no que se refuta o documento de Ratzinger. Afirman que o seu estilo parece "*máis próximo ao intransixente Syllabus de Pío IX, que ós documentos do Vaticano II*", e ten "*expresións certamente ofensivas para as persoas crentes de outras relixións*". Para eles, o cardeal Ratzinger "*mostra unha clara insensibilidade ante algúns dos logros acadados ao longo de varias décadas de actividade ecuménica, tanto no terreo doutrinal coma no pastoral*", ademais de ser sumamente inoportuno no contexto do xubileo 2000. Son teólogos de 15 países, tan coñecidos como Hans Küng, Leonardo Boff, Jon Sobrino, Ross Mary Radford-Ruether, Ana María Bidegain. E outros máis próximos como Castillo, Díaz-Alegría, Casiano Floristán, Forcano, Miret Magdalena, González-Faus, Gómez-Caffarena,... e Andrés Torres Queiruga.

O documento vaticano e o documento dos teólogos evidencian dúas teorías sobre a salvación. Estes rexeitan afirmacións do documento vaticano como que "*os non cristiáns obxectivamente atópanse nunha situación gravemente deficitaria se se compara coa de aqueles que, na Igrexa, teñen a plenitude dos medios salvadores*".

E velaquí o dilema fundamental: ¿Só "salva" a Igrexa católica? Cada vez máis xente pensamos que a Igrexa non ten a exclusiva. Máis aínda, Queiruga di rotundamente que a expresión "*fóra da Igrexa non hai salvación*" hoxe sería "monstruoso seguir dándoa por válida" e que cômpre un encontro respectuoso e un enriquecemento mutuo.

SPEEDWAY AT NAZARETH

"Despois de 2000 vén o 2001/ fomos outra volta para ser os novos campións/... E as carreiras eran campos de batalla/ e loitamos en tódolos camiños/... Estiven en Phoenix pola mañá e tiveron unha chamada que me espertou/ Ela veu sen avisar e púxome contra parede/ Eu conducín por Long Beach con tres vértebras rotas..."

Non sen dificultade -e ó remate coa axuda do amigo Coté, que se educou entre os ianquis- fun traducindo os versos dunha das cantigas de Mark Knopfler que me serviu como inusual título a este artigo: "Vía rápida a Nazaré". Corresponde ao seu último e recente álbum *"Sailing to Philadelphia"*. Mark Knopfler é un merecidamente coñecido músico que, co seu grupo *Dire Straits*, vendeu en pouco máis de dez anos 20 millóns de copias dos 8 únicos discos da banda, e algunhas máis doutras gravacións en solitario.

Poeta, pintor, mestre de escola... Mark Knopfler é un trovador do século XX, que agardamos o siga sendo no XXI; seguramente, como di en "Communiqué"-un dos primeiros discos de *Dire Straits*- "Pensa o que di e di o que pensa" (*Think what he say, say what he means*), cousa que non é habitual neste mundo mentireiro. Evidentemente, non fai falla que diga que eu tamén me conto entre o numeroso grupo que goza co seu xeito único de toca-la guitarra e coas súas cantigas.

Chamoume particularmente a atención esta cantiga do último

disco, que me trouxo amablemente un amigo moi novo do meu barrio ferrolán de San Paulo de Catabois, Marcos. Por formación, ou deformación... profesional, reparei de seguida no seu título: "Vía rápida a Nazaré", unha fermosa e movida balada.

Non é doado comprender de contado versos modernos cantados en inglés, co seu particular son, vocabulario de argot e xiros de dobre sentido... Na cantiga captábanse de seguida unha chea de nomes de cidades norteamericanas e algo sobre "crucificar"; o último verso falaba da vía rápida a Nazaré. Achegueime con interese á letra, pois non era a primeira vez que Mark Knopfler -un

O noso mundo impulsa a subir cada día na busca da "cualificación"

católico irlandés convencido- falaba de Xesús Cristo, da fe cristiá e dos valores humanos nos seus discos. E aquí o atopei de novo cantando á guerra sen cuartel e os paos da vida, a visita da morte, os camiños tolos que ten percorrido cos seus contemporáneos... pero no que el non perdeu o seu norte: Nazaré.

"...E fomos a Indianápolis en Maio/ onda o lugar no que se crucifica aos que non

mark knopfler sailing to philadelphia

aprenderon/ Subín a montaña para sacar a cualificación/ e percorrín tódolos camiños e tódalas voltas/ Pero no medio do camiño quedeime no que puidera ser/ un vello compañeiro bo coma a morte./ ... En New England morremos na merda (we died in the dirt)/ Pero eu non me trabuquei na vía rápida a Nazaré".

O noso mundo impulsa a subir cada día a montaña na busca da "cualificación", para trepar "sobre los pobres y mezquinos que no han sabido descollar" (Paco Ibáñez) e deixa os seus mortos ó pé do camiño. Ó remate da tola carreira "morremos na m.", con perdón. Pero este trovador dá gracias porque, ó remate, el, que se trabucou en tantos camiños, que recibiu tantos paos e mesmo rompeu o motor... no se trabucou no camiño dereito a Nazaré, aínda que moitos lle dixeran coma o do Evanxeo: "E de Nazaré pode saír algo bo?".




¿LE A IGREXA GALEGA?

Era a hora de empeza-la presentación dos libros, e estabamos na galería Sargadelos de Santiago Manolo Regal (que viña apurado de Lugo) e mais eu (que viña de Ferrol), as dúas persoas que ían presenta-los nosos libros e unha ducia escasa máis, sen conta-lo cámara da TVE-Galicia e o fotógrafo dun xornal galego.

Convocatoria frustrada

Isto acontecía o pasado 10 de xaneiro, e os libros que se presentaban eran o último de Manolo (*A partir de hoxe*) e o último meu (*Con cordas de tenrura*), magnífica e xenerosamente presentados polos nosos compañeiros de mesa.

Nas presentacións que fixeramos en Ferrol e A Coruña, o público fora un grupo bastante máis nutrido, polo que na presentación feita en Santiago, capital cultural, política, teolóxica e eclesiástica de Galicia, aquel número de persoas resultaba ridículo, con perdón dos presentes, e agradecendo a súa presenza. Particularmente, tendo en conta que, presuntamente, non eramos dúas persoas descoñecidas no mundo da Igrexa galega e no mundo editorial (levamos ambos máis de media ducia de libros saídos do prelo) e, ademais, dáse o caso de que libros relixiosos en



convocar máis xente, a golpe de teléfono ou carta. Con todo, chamadas houbóas e a galería parece que mandou as súas habituais invitacións, a prensa fixose eco do acto, aínda que discretamente... Seguramente, tamén, os moitos actos e reunións de cada xornada, sobre todo a coincidencia a esa última hora da tarde, haberían ter algo de culpa na escasa participación no acto. Haberá, ademais múltiples circunstancias persoais que escusen a ausencia.

Tolemia e escarnio

Pero, sendo sinceros, isto non resulta desculpa abonda. Todos sabemos moi ben que non, que as causas tamén van por outros camiños: Que hai pouco interese polos libros e lese moi pouco, particularmente libro relixioso, e moito menos os libros desa temática escritos en galego. Mesmo, moito menos do que é a realidade da minoritaria "Igrexa galega". E xa non digamos esa maioría de cristiáns de Galicia que manifestan un rexeitamento radical por todo o que estea escrito en galego e, para máis INRI, veña desa presunta "Igrexa heterodoxa". ¿Onde estaban os estudantes de teoloxía que

enchen as aulas do ITC, ou van á Escola de Teoloxía, etc.?

Con todo, o máis grave é que nin sequera os composteláns desa presunta Igrexa comprometida co galego, etc. estiveran alí presentes. Outros autores máis coñecidos como Torres Queiruga ou Chao Rego poderían falar tamén do escaso número de compradores e lectores dos seus libros en galego. Todo isto lévanos a plantear a cuestión que titula este artigo: ¿Le a Igrexa galega? ¿Para quen escribímolo-poucos que o facemos nela, con gran esforzo persoal e roubando horas ás nosas xornadas, ata caer rendidos enriba do teclado do ordenador en máis dunha ocasión? Supoño que é esta tamén a pregunta dos sufridos traballadores desta revista e doutras semellantes.

Non deixo de ter moi en conta que o obxectivo do noso traballo de reflexión e escrita non é ser un exitoso e aplaudido supervendas; como me recordaba un amigo: "Non é esa a nosa meta, que é necidade para os gregos, tolemia para os xudeus e escarnio para os galegos". Con todo, e sen o máis mínimo afán victimista, non deixa de ser unha vergoña o acontecido en Compostela o pasado 10 de Xaneiro.

hai pouco interese polos libros e lese moi pouco

galego só adoitan publicar outras tres ou catro persoas máis, ademais dos aquí aludidos.

Seguramente houbo problemas de convocatoria, tanto por parte dunha editorial (SEPT) que non se preocupa o máis mínimo da distribución das súas publicacións (nin sequera chegan como novidade a gran parte das librerías), como por parte da mesma galería na que se presentaban os libros, como por parte dos interesados, que non soubemos publicitarnos máis e

"THE BODY" ¿SE HAI ÓSOS NON HAI RESURRECCIÓN?

O título (O Corpo) e a mirada suxestiva de Antonio Banderas desde o cartel anunciador da película sitúan ó posible cliente da sala de cine ante nunha intencionada ambigüidade. Pero non vai esta película da erótica de tal ou cal "body" masculino ou feminino, senón de algo aparentemente tan pouco interesante para os habituais consumidores de cine como é a cuestión da resurrección de Xesús Cristo

O ARGUMENTO

Sen dúbida, a presenza dun galán de moda ten non pouco que ver co necesario gancho comercial que fai dun filme algo economicamente rendible. Por iso non me estrañou escoitalle a unha moza na sala: "Que bo está Banderas vestido de sotana".

The body, dirixida por Jonas McCord, está protagonizada polo coñecido actor español no papel dun xesuíta salvadoreño e antigo guerrilleiro (Matt Gutiérrez), e por Olivia Williams, unha arqueóloga xudía (Sharon), ademais da desacougante participación de Derek Jacobi, como un angustiado arqueólogo dominico, e outros coñecidos actores.

O argumento arrinca do descubrimento que fai a arqueóloga dunha tumba en Xerusalén, cun esqueleto que podería se-lo de Xesús Cristo (a época, a idade dos restos, o lugar, as feridas e a forma de morte semellan encaixar totalmente). Un alto funcionario israelita pon o feito en coñecemento do Vaticano co fin dunha chantaxe política, na que logo entrarán tamén os palestinos. Roma envía ó xesuíta a investigar; este atópase en Xerusalén co dominico que, cando intúe que o corpo atopado é o de Cristo, perde a fe e suicídase. A película desenvólvese dignamente; non aburre e ten un ritmo adecuado.

¿QUE PASARÍA SE CRISTO NON TIVERA RESUCITADO?

A película semella cuestiona-lo fundamento da fe cristiá: a resurrección de Cristo. ¿Que pasaría se Cristo non tivese resucitado? O



apóstolo Paulo díó tallantemente: "vana sería a nosa fe". Gutiérrez e o Vaticano, saben que ese é o miolo da fe cristiá; e pensan que se son os ósos de Xesús non hai resurrección: toda a fe cristiá caería por terra. Os católicos conservadores e os protestantes fun-

A película semella cuestiona-lo fundamento da fe cristiá: a resurrección de Cristo.

damentalistas saíron ó quite sobre o presunto ataque á fe cristiá que representa o filme, aínda que este deixe ver ó final que a tal tumba non era de Cristo, senón dun seguidor seu.

A película é coherente con este delineamento tradicional. Por outra banda, o xesuíta semella concluír que o importante non é se houbo resu-

rrECCIÓN ou non, senón a mensaxe moral do cristianismo, para colaborar na construción dun mundo con máis xustiza e amor.

Pero a teoloxía vai xa hoxe por outro camiño. A resurrección de Xesús Cristo -base, certamente, da experiencia cristiá, desde as primeiras comunidades ata hoxe- non depende de que poidan aparecer-los restos do crucificado (que non tiveron por que volatilizarse, nin "subir" a un ceo poboado por estrelas e astronautas...). A resurrección de Cristo é *fundamentalmente unha experiencia persoal de fe*. O "sepulcro baleiro" non proba nada, como ben dixeran xa os xudeus que non creron na resurrección de Cristo no seu tempo histórico.

Por iso Paulo, que non coñeceu fisicamente a Xesús de Nazaret, di terse "atopado con Cristo", e reivindica ese encontro coa mesma autenticidade có dos doce apóstolos e as demais testemuñas oculares. Por iso, os crentes en Xesús coma o Cristo Salvador, seguimos podendo afirmar tamén esa experiencia de encontro co Resucitado.

AS DISCORDANCIAS VATICANAS E O NOMEAMENTO DE WALTER KASPER, UNHA ESPERANZA PARA O ECUMENISMO

O coñecido bispo-teólogo alemán Walter Kasper, recentemente elevado á dignidade cardinalicia -como seica é o correcto dicir- vén de ser posto polo Vaticano como presidente do Consello Pontificio para a Unidade dos Cristiáns, sucedendo ó cardeal australiano Edward Cassidy. Este nomeamento fixo brillar unha raiola de esperanza en moitos católicos que en todo o mundo apostamos por un encontro ecuménico real de tódolos cristiáns.



UN TOQUE DE APERTURISMO

Máis aberto ca Ratzinger, Walter Kasper é un home moderadamente progresista. Foi adxunto de cátedra do polémico e expedientado Hans Küng, escritor prolífico que estudiamos con devoción e logo bispo de Stuttgart e secretario do Pontificio Consello para a Unidade dos Cristiáns. Actualmente está preto das teses aperturistas do tamén novo cardeal Karl Lehman e tan polemizado co Ratzinger. Mesmo nalgún titular de prensa lía-se: “O Papa nomea á fronte do ecumenismo a un cardeal anti-Ratzinger”. Non é tanto, pero agárdase que impulse o diálogo ecuménico despois da desfeita da *Dominus Iesus*; el mesmo solidarizouse coas críticas que se fixeron a este desafortunado documento.

Este nomeamento parece manifestar algo que é un segredo a voces: nin

sequera tódolos cardeais e altos cargos da curia vaticana pensan o mesmo en cuestións fundamentais. Os problemas dalgúns bispos alemáns e centroeuropeos co Vaticano nos últimos tempos son boa mostra diso. Hai tempo que a Igrexa católica deixou de ser unha institución caracterizada pola harmonía comunitaria e a submisión ás autoridades constituídas, se é que o foi realmente algunha vez... pois a historia da Igrexa manifesta o contrario desde o comezo. Sempre o Espírito soprou onde quixo e como quixo.

DISCORDANCIAS NO VATICANO

O prestixioso teólogo **José María González Ruiz** titulou un dos seus últimos artigos “Disenso en la curia vaticana”. Nel falaba en primeiro

González Ruiz falaba de Walter Kasper: “Foi e é un teólogo excelente, moi consecuente coas esixencias do Concilio Vaticano II”. Ó ser nomeado inesperadamente cardeal polo Papa, poderíase acabar co excelente teólogo e convertelo en simple funcionario eclesiástico; pero afortunadamente non foi así, tal como manifestou nunha entrevista o día seguinte do evento no coñecido diario alemán *Frankfurter Allgemeine Zeitung*.

O flamante cardeal reconece alí abertamente que as afirmacións de Ratzinger, de que as Igrexas nadas da Reforma non son Igrexas en sentido propio, produciron un profundo malestar. “Isto feriu os outros e fireme tamén a min, en canto que os meus amigos se senten feridos. Esta afirmación é deplorable porque é unha saída desgraciada e equívoca”. ¡Toma do frasco Ratzinger!

Nesa entrevista, o cardeal e agora presidente do Consello para a Unidade dos Cristiáns fai aínda unhas precisións verdadeiramente importantes: hoxe entendémo-la *ecumene* -ou *catolicidade*- non xa no senso da “*ecumene de regreso*”, segundo a que os outros deben “*converterse*” e “*facerse católicos*”. Mesmo isto foi xa expresamente abandonado polo Vaticano II. Hoxe considérase máis ben o ecumenismo como un *camión común*: todos deben converterse ó seguimento de Cristo, e en Cristo todos se atopan finalmente. O catolicismo deberá ser enriquecido polas moitísimas cousas que aprendemos os uns dos outros.

Hoxe considérase máis ben o ecumenismo como un camiño común.

lugar da tristura de moitos cristiáns pola “*parada cardinalicia*” ante o Papa de Roma, no encontro purpurado máis numeroso da historia; un desfile que a moitos dos da “*casa*” nos provocou un gran malestar. Pero logo

A IGREXA E O REINO DE DEUS NECEISTAN CURAS... NON CREGOS

Victorino Pérez Prieto

Hai quen di que tanto ten unha palabra ou outra, que o caso é a realidade, pero eu penso que as palabras reflicten xa unha concepción da realidade e comportan unha determinada actuación. Cando me chaman "crego", eu digo que prefero "cura", incluso máis que "sacerdote" ou mesmo "presbítero".

CURAS DIFERENTES

Cura porque expresa unha relación coas persoas: "curador", sandador do mal do corpo e do espírito. Crego, en troques, é o "clérigo", o que pertence ao estamento clerical, afastado, unha casta aparte. E sacerdote, pode lembrar o sacerdocio veterotestamentario, sacrificial e ritual, cunha entidade de seu, á parte da comunidade... por iso o Vaticano II preferiu a palabra máis neotestamentaria de *presbítero*. Ultimamente fálase de *ministerio ordenado*. Palabras máis precisas, pero máis frías tamén.

Xa hai anos que os curas están en crise. Alguén dixo que o tempo dos curas durou trinta séculos, desde Abraham ata 1960, e que en trinta anos está a desaparecer. Hoxe algúns pensan que sobra o ministerio ordenado, seica rémora para o porvir da Igrexa. Creio que a maioría pensamos que non; non só os sectores tradicionais ou os curas e teólogos que "defenden o seu", senón o pobo de Deus que xa non atura uns cregos funcionarios, presuntamente asexuados, reprimidos e autoritarios, un estamento exclusivo de varóns... pero que busca un cura diferente, crente, san e servidor gratuito, humilde curador, irmán/a entre os/as irmáns/ás...

Confeso que tería que pedir perdón por *cómo exerzo* e teño exercido o meu ministerio, pero non por *ser cura*, senón máis ben darlle grazas a Deus por selo. Despois de corenta e seis anos de cristián e vinte de cura, o máis importante para min é ser cristián: a paixón por ser discípulo de Xesús Cristo coa gran familia da Igrexa. Pero tamén, debo dicir que hoxe *son cristián, en concreto, sendo cura* nunhas comunidades. Canda

elas camiño coma irmán, pero tamén exercendo a responsabilidade encomendada e asumida de *anuncia-la Palabra*, celebra-la fe e presidir na caridade. Quizás non sexa innecesario precisar que *anuncia-la Palabra* non é "ceibar a miña parrafeada persoal", nin *presidir a Eucaristía* é "tomar un grolo cos amigos", senón mergullarme no misterio da presenza salvadora de Cristo Resucitado no medio da comunidade. Por iso, creo profundamente no valor dos sacramentos. E síntome *servidor* desa Palabra e *adorador* desa presenza liberadora na Igrexa, Igrexa da que Schillebeeckx dicía que, con todo, "é necesaria, porque sen a Igrexa o cristianismo sería un caos" (*Soy un teólogo feliz*).

UNHA GRACIA E UNHA TAREFA

A miña *identidade cristiá*, marcada polo meu ser cura, non a vivo coma un estigma social nun mundo secularizado, senón coma unha gracia, un regalo de Deus; do mesmo xeito que outros reciben outras, nin mellores nin peores, simplemente diferentes. Esa identidade véime de Xesús Cristo, a quen me sinto intimamente vencellado, e da Igrexa (*Ecclesia kiriou*, ou "Asemblea do Señor") na me sinto intimamente inmerso. Por iso, tento exercer o meu ministerio no nome de ambos. O meu ser cura non se reduce ó exercicio dunhas *funcións* na comunidade, senón que *conforma toda a miña vida de crente*.

Quen di que non necesita profetas, pastores ou mediadores, esquece os máis febles, e é un iluso *self made man*, autosuficiente, confiado nunha engañosa musculatura persoal, relixiosa ou moral. Cando na miña primeira parro-



quia, na Lagoa de tras da Corda, escoitei a un vello petrucio de Bocerrei dicirme -a min, un mocete de trinta anos escasos- "Vostede é aquí a nosa autoridade", eu cavilei que esa autoridade podía levarme a ser un novo cacique, ou a ser un *mediador*, acompañante na liberación co pobo que amaba. Paréceme que eles entenderon máis ben isto último, e iso marcou as nosas relacións.

Cura, pastor, profeta, mediador... tarefa de toda unha vida na que un é sempre aprendiz; pero a figura segue erguéndose aí valiosa e necesaria. Como necesaria é tamén a contestación nesta Igrexa polo mal que realiza o seu ministerio, pola represión, etc.. Con todo, como escribía K. Rahner hai xa tres décadas, "Debemos tentar unha contestación *máis vital que ideolóxica*...; menos resentida e máis chea de *esperanza*. Pois a esperanza pode constituí-lo sinal básico de que avanzamos no sentido de Deus" (*Sacerdotes ¿para que?*).